



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 133

**Sesión plenaria**  
23 de outubro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGBAkW8DOOX7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA (Continuación)

---

### Punto 5. Mocións

#### 5.4 57485 (10/MOC-000161)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 49605, publicada no BOPG nº 476, do 14.05.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

### Punto 6. Proposicións non de lei

#### 6.1 31104 (10/PNP-002308)

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

#### 6.2 46906 (10/PNP-003523)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

#### 6.3 53890 (10/PNP-003992)

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

#### 6.4 54399 (10/PNP-004024)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019



**6.5 56424 (10/PNP-004169)****Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

**6.6 56842 (10/PNP-004199)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis**

Sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o *brexit* nos ámbitos da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**6.7 56882 (10/PNP-004202)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a descontinuidade da produción na central térmica das Pontes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**6.8 56912 (10/PNP-004205)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**6.9 57089 (10/PNP-004219)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**Punto 7. Interpelacións****7.1 55463 (10/INT-001860)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



**7.2 56887 (10/INT-001915)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**7.3 56972 (10/INT-001923)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****8.1 57563 (10/POPX-000167)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os graves problemas que afronta Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

**8.2 57583 (10/POPX-000168)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a rectificación dos recortes e privatizacións que están a afectar a vida e a saúde das persoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

**8.3 57584 (10/POPX-000169)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

**Punto 9. Preguntas ao Goberno****9.1 57571 (10/PUP-000272)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millón de euros que adebeda a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

**9.2 57547 (10/PUP-000270)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Jove González, Xan Xosé**

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na resolución dos expedientes para a declaración como espazo natural de interese local das illas de San Pedro e o contorno da Torre de Hércules

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

### **9.3 54848 (10/PUP-000262)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

### **9.4 55814 (10/POP-006616)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da venda da sociedade Ferroatlántica SAU

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

### **9.5 56723 (10/PUP-000267)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

### **9.6 56927 (10/POP-006742)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das súas actuacións respecto da crise xerada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da central térmica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

### **9.7 57550 (10/PUP-000271)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do estaleiro Barreras de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

### **9.8 54101 (10/POP-006430)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



**9.9 56758 (10/POP-006721)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**9.10 52278 (10/POP-006098)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Quinteiro Araújo, Paula e Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ratios de persoal existentes nas residencias de persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 22.07.2019

**9.11 56000 (10/POP-006633)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Rodríguez Estévez, David e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para mellorar as cotas de participación feminina nas organizacións agrarias e gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os graves problemas que afronta Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a rectificación dos recortes e privatizacións que están a afectar a vida e a saúde das persoas. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 29.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 31.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 32.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 33.)



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 40.) *e Sra. Chao Pérez (GCE).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 44.) *e Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 46.)

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 48.)

### ***Votación das mocións***

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Julia Torregrosa Sañudo e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego: *rexeitado por 17 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Julia Torregrosa Sañudo e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego, agás o punto 1 xa votado: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación dos puntos 1 a 4 da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo: *aprobados por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo, agás os puntos 1 a 4, xa votados: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 52.)





Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo.** (Punto sexto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE).* (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 58.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 60.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 61.)

*A señora Quinteiro Araújo (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 64.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra.** (Punto sexto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 71.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 73.) e *Sr. Cal Ogando (GCE).* (Páx. 74.)

*O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 75.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe.** (Punto sexto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 78.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 81.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 85.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 86.)

*O señor Sánchez García (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 87.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 93.), *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)* (Páx. 95.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 97.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 98.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 100.)

### ***Debate acumulado de proposicións non de lei***

**Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia).** (Punto sexto da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes.** (Punto sexto da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposición non de lei.* (Páx. 102.)



Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 111.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 114.) e *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 120.) e *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 123.)

*O señor Casal Vidal (M)* (Páx. 125.), *o señor Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 127.) e *o señor Calvo Pouso (P)* (Páx. 129.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o *brexit* nos ámbitos da súa competencia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Porrit Lueiro (S)*. (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 134.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 136.), *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)* (Páx. 138.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 140.)

*Nova intervención da señora Porrit Lueiro (S)*. (Páx. 142.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabarl anunciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estevez (M)* (Páx. 146.), *Sr. Cal Ogando (GCE)* (Páx. 147.), *Sr. Pérez Seco (S)* (Páx.149.) e *Sr. Prado Patiño (P)*. (Páx. 151.)

*Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 152.)

***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 153.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 154.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 154.)

Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe: *rexeitados por 19 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 154.)

Votación do punto 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico: *rexeitado por 6 votos a favor, 51 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 155.)

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre a estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico: *rexeitado por 19 votos a favor, 51 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 155.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico, agás os puntos 3 e 4, xa votados: *rexeitada por 10 votos a favor, 51 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 156.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia): *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)



Votación do texto transaccionado do punto 4, apartados a) e b), da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes: *aprobado por 57 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 157.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes, agás o punto 4, apartados a) e b), xa votado: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 157.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia: *aprobado por 57 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 157.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o brexit nos ámbitos da súa competencia: *aprobada por 64 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 158.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabari anunciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia: *rexeitado por 19 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 158.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabari anunciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (GCE).* (Páx. 159.)



Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracóns Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 162.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (GCE)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracóns Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 168.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 170.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 178.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Vero e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 180.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 183.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 185.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 186.)

**Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millóns de euros que debe a Galicia.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 188.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 189.)

Réplica do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 190.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 190.)

**Pregunta de D. Xan Xosé Jove González, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na resolución dos expedientes para a declaración como espazo natural de interese local das illas de San Pedro e o contorno da Torre de Hércules.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jove González (GCE)*. (Páx. 191.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 193.)



Réplica do autor: *Sr. Jove González (GCE)*. (Páx. 194.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 195.)

**Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 197.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 198.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 199.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 200.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da venda da sociedade Ferroatlántica SAU.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 201.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 202.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 203.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 204.)

**Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 205.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 205.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 206.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 207.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das súas actuacións respecto da crise xerada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da central térmica.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 209.)



Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 210.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 211.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 211.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do estaleiro Barreras de Vigo.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 213.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 213.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 214.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 215.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 216.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 217.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 218.)

Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 219.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 220.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 221.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 222.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 223.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto das ratios de persoal existentes nas residencias de persoas maiores.** (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 224.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 225.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)*. (Páx. 226.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 227.)





**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para mellorar as cotas de participación feminina nas organizacións agrarias e gandeiras. (Punto noveno da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 228.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 229.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 230.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 231.)

*Remata a sesión ás oito e corenta e oito minutos do serán.*



*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión e facémolo co turno de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os graves problemas que afronta Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Señor Feijóo, ser a segunda comunidade autónoma que máis emprego destrúe do Estado nos últimos dez anos non se consegue por casualidade, é froito das súas políticas; 22.500 empregos industriais menos que en 2009, e subindo. As políticas do Partido Popular reducen o poder da xente e amplían os negocios dos amigos, e todo iso dende as institucións que deberan defender a xente. As privatizacións que lles entregan o poder ás multinacionais e a perda do poder público explican en gran medida moitos dos problemas que agora ocupan a actualidade económica deste país.

Vostedes, por exemplo, privatizaron Endesa, regalándolle un multimillonario negocio. Non é casualidade que o consello de administración desta empresa semelle unha executiva do Partido Popular. Vostede, nun escenario mundial de descarbonización, non plantexou un plan que blindase o futuro económico das Pontes e dos seus traballadores se a multinacional Enel decidía pechar. Deixou o futuro de centos de persoas en mans dunha empresa que só procura o seu beneficio. É cando menos irresponsable, traballou para Endesa pero non para os traballadores de Endesa.

A súa fusión e a privatización das caixas galegas feriu de gravidade a nosa economía, rematou en mans dun banqueiro venezolano, que enseguida fixo caixa, vendendo activos da carteira industrial que nalgún día atesouraron Caixanova e Caixa Galicia. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Chissst.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Daqueles pos estes lodos.

Abanca vendeu, por exemplo, as súas participacións en R a Euskaltel, que se fixo co control dunha empresa que recibiu millóns e millóns de diñeiro público. Agora, co centro de decisión lonxe de Galicia, as estratexias empresariais de Euskaltel poñen en perigo mil empregos nas auxiliares desta empresa en Galicia; e vostede, sen facer nada polos traballadores.

Igual que non fai nada polos traballadores de Isowat. Abanca tiña as hipotecas sobre os terreos e instalacións desta empresa en Medina del Campo e na Coruña. A Junta de Castela-



León chegou a un acordo cun investidor e con Abanca para darlles futuro aos traballadores; vostedes non fixeron nada. Son as mesmas caixas que lle outorgaron ao seu socio e compañeiro de campañas publicitarias García Costas 60 millóns en préstamos cando era conselleiro da Caixa, en condicións vantaxosas e nos peores anos da crise; ese militante destacado do Partido Popular que coa súa negligente xestión arruinou Barreras e ameaza dous mil empregos e varias auxiliares en Vigo. ¿Que me pode dicir de García Costas, señor Feijóo? ¿Como pode ser que agora paralice a compra de Barreras? Despois de todo o feito, pretende salvar antes o seu patrimonio que os postos de traballo. Penso que hoxe debería dicir aquí o que ten falado con el estes días.

Vostedes son inútiles como goberno para todos os traballadores de R, Isowat, Endesa, Vulcano ou Barreras, e responsables de decisións políticas que os levaron a esta situación. Vostedes non tiveron solucións para eles porque eles nunca se atoparon entre as súas prioridades. Vostedes traballaron para os poderosos, para as empresas que os financiaron e que ás veces os colocan nos consellos de administración. Señor Feijóo, ¿pensa gobernar algún día para a maioría dos galegos e das galegas? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede que imos facer para solucionar os problemas que xorden nalgunhas empresas de Galicia. Podería contestarlle ao finalizar este turno dicíndolle que o contrario de vostedes, porque vostedes o que queren é pechar as empresas de Galicia e o que queren é que se incrementen os parados da industria galega. Vostedes queren pechar As Pontes, vostedes queren pechar Meirama, vostedes queren pechar Ence, vostedes queren pechar Reganosa, etc., etc., etc. Polo tanto, o que imos facer é seguir traballando ao lado dos traballadores de Galicia.

Di vostede que se incrementa o paro, que é un disparate todo isto da nosa política económica. Ben, vinte e tres trimestres consecutivos crecendo a nosa economía por riba da economía española, na maioría dos casos, pode ser que lle pareza insuficiente. En todo caso, o paro en Galicia ten un mellor comportamento que no resto de España, e —soamente por darlle o dato— dende esta última lexislatura temos 46.000 parados menos que cando empezou a lexislatura e 61.000 afiliados máis.

Di vostede que estamos na segunda posición de destrución de emprego. Debe ser que vostede queda ancorado nos resumos de prensa que lle pasaron hai tempo.

Fala vostede de Endesa e di que foi privatizada polo PP; se vostedes nin recordan nin teñen coñecemento. Endesa foi regalada polo Partido Socialista á multinacional Enel, italiana, *(Murmurios.)* á multinacional Enel, italiana, polos seus socios do Partido Socialista Obreiro Español.



E fala vostede das caixas e de persoas que tiñan créditos coas caixas, con Caixanova. ¿Vostede non sabe que o Partido Socialista me montou a manifestación, en teórica defensa de Caixanova, sacou cen mil vigueses á rúa simplemente para mentirlles de forma continuada e constante e para manter unha caixa que non tiña viabilidade económica e, grazas a que este goberno se mantivo firme, hoxe hai unha empresa, unha entidade financeira ubicada en Galicia que preserva máis de 4.500 traballadores na comunidade autónoma? Exactamente como lle digo. O resto que imos facer é as políticas económicas distintas das que plantexan vostedes.

Pero, mire, para non entrar en liortas e para non entrar simplemente en titulares de prensa, nós acabamos de facer unha proposta moi concreta, por exemplo, para salvar cinco mil empregos na comunidade autónoma: as empresas electrointensivas. Acabamos de facer unha proposta dado que o Goberno de España nos mente. Mentiunos o señor Sánchez dicindo que ía presentar ese estatuto no mes de abril, ¡mentira! Méntenos a ministra de Industria vindo aquí dicir que a semana pasada xa presentaría o estatuto, ¡mentira! Nós acabamos de presentar unha proposta de estatuto de electrointensivas. Vostedes ¿apóiano ou non? ¿Vano incluír no seu programa electoral para as eleccións do 10 de novembro? ¿Si ou non?

Nós propoñemos unha serie de medidas moi claras e moi concretas: medidas de carácter fiscal, medidas de diminución de carga de peaxes, fomento da contratación a longo prazo da enerxía, e, ademais, medidas que benefician a baixada da electricidade para todos os consumidores. A proposta é: ¿vostedes están de acordo? ¿Si ou non? ¿Apoian a proposta deste estatuto de electrointensividade que propuxo o conselleiro de Economía, Industria e Emprego no día de onte? ¿Si ou non? Dígao, señor Sánchez. Se o demais é perder o tempo.

¿Apoia Podemos —ou como se chamen— a proposta que o Partido Popular de España vai introducir no seu programa electoral para garantir o prezo da luz entre 35 e 40 euros en favor das empresas electrointensivas, salvar Alcoa, que supón oito mil postos de traballo directos e indirectos, e salvar outros cinco mil postos de traballo das empresas electrointensivas en Galicia? ¿Si ou non? ¿Vai seguir vostede de socio do Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ou de socio dos traballadores? Nós, cos traballadores, señor Antón.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor Feijóo, ¿o contrario que nós pensan facer vostedes? Ben, pois facendo o contrario que nós, vostede destruíu 22.500 empregos na industria. Vostede acúsanos a nós de querer pechar empresas, pero con quen pechan é con vostede, señor Feijóo. Vostede non respecta os traballadores de Isowat, de R, de Vulcano, de Barreras..., porque



nunca nada di sobre o seu futuro. Pregunteille a segunda vez —no pleno pasado tamén—. Nada di de solucións para estas empresas, señor Feijóo.

Do señor García Costas tampouco quere falar. ¿Tan pronto se esquece dos amigos? Só serven para sacar fotos para facer campañas electorais, que cando veñen mal dadas vostede non dá a cara, e non di aquí o que fala con el para solucionar ou non solucionar, ou obstaculizar as solucións para as auxiliares de Vigo, señor Feijóo. ¿Non quere falar do señor García Costas?

Parece que tampouco quere falar de que foi vostede e é vostede responsable de que peche Isowat na Coruña, unha empresa integradora —a mellor do Estado español con carteira de pedidos— vítima da xestión negligente dun empresario, cuxos traballadores van quedar na rúa porque vostedes non lle deron as solucións que si lle deron, por exemplo, en Castela-León.

Señor Feijóo, os traballadores e as traballadoras de R e das súas auxiliares manifestáronse onte buscando solucións. Son vítimas tamén da súa fusión das caixas de aforros, que se lle entregaron a prezo de saldo a un banqueiro venezolano. Son responsabilidades súas, señor Feijóo.

En canto a Endesa, vostede di que vai facer o contrario que nós. Nós xa hai anos que dicíamos que había que facer un plan de futuro para As Pontes e a bisbarra para un eventual peche das centrais térmicas, que era o responsable. E vostede nada fixo diso e agora estamos en mans do que decida unha multinacional á que vostedes privilexiaron. Felipe González privatizou o 25 % de Endesa, señor Feijóo; o resto privatizouno o señor Aznar, sentando o señor Pizarro e o señor De Guindos no Consello de Administración de Endesa. E foron vostedes os que fixeron a Lei do sector eléctrico, que fixo de Endesa un negocio millonario, multimillonario, a custa de subir a factura da luz de todos os cidadáns.

Son vostedes responsables, as súas decisións fan que Galicia estea agora nunha crise industrial sen precedentes, con ameazas de despedimentos de miles de traballadores pola súa inoperancia. E non só pola súa inoperancia, porque vostede traballou para esas grandes empresas pero non para os traballadores desas empresas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez. Remate.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Sánchez, a súa proposta está publicada, a proposta era pechar a central térmica das Pontes. Pero non o dixoo o seu grupo, díxoo vostede.

Xa sei que no seu grupo teñen distintas opinións —non hai máis que velos—, pero é que foi vostede directamente o portavoz accidental dese grupo parlamentario, si: «É unha gran noticia pechar a central térmica das Pontes», señor Sánchez *dixit*, don Antón.



Mire, señor Sánchez, vostede sabe perfectamente que nos estamos reunindo cos sindicatos de Barreras, e, se non o sabe, é un indocumentado. E vostede sabe perfectamente que hai un conflito accionarial en Barreras, e xa salvamos unha vez Barreras no concurso que nos atopamos cando chegamos ao Goberno; e estamos á disposición de Barreras e do resto da industria naval galega, e, de feito, esa industria naval ten máis pedidos de Europa, despois de Holanda. Se hai un problema accionarial nunha compañía, supoño que a culpa non será do Goberno, senón que será responsabilidade directa dos accionistas.

Cando me fala vostede doutros plantexamentos, como Enel, pero ¿a quen quere enganar? ¿A quen quere enganar se o señor Solbes era conselleiro no Consello de Administración de Enel? ¿A quen quere enganar se vostedes son socios do Partido Socialista Obreiro Español en todas as actuacións e en todas as demarcacións —que lles deixan—?

Señor Sánchez, falar agora e vir aquí falseando os datos da industria... Mire, os salarios do sector industrial español que máis subiron nos últimos dez anos son os sectores industriais de Galicia; o 29 % subiu os salarios, namentres que na media de España foi un 16 %.

Dende o ano 2014, que foi o cumio da crise económica, en Galicia creamos 26.300 empregos no sector industrial. Fala vostede de que temos problemas nalgunhas empresas, non fala vostede de que temos neste momento 2.000 millóns de euros executándose nas ampliacións e incrementos de investimento na industria galega. PSA, 600 millóns; 20, Bentel; 75, Finsa; 23, Televés; Delta Vigo, 25; Boeing, Babcock e Indra, 50 millóns; 100 millóns, Estrella de Galicia; 100 millóns, Arbo, na PLISAN; 100 millóns no sector lácteo, Goodleit, en Curtis; 26 millóns en Coren; 129 millóns en Greenalia; Aluminios Cortizo, 56 millóns; 470 millóns de parques eólicos. 2.000 millóns de euros no sector industrial na comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

O problema que ten a comunidade autónoma, señoría, é o caos enerxético do Goberno socialista. *(Murmurios.)* ¿Por que non se apunta por unha vez a Galicia, dado que vostedes falan sempre de Galicia e lles importa nada Galicia? Vostedes están aquí exclusivamente para buscar un feixe de deputados en Madrid. Punto. *Fin de la cita. (Murmurios.)* Nunca lles importou Galicia e este partido defende Galicia e os seus traballadores, señoría, Galicia e os seus traballadores. *(Aplausos.)*

Nada me fala vostede do problema de Alcoa. Acabamos de traer a esta Cámara unha proposta que debería ser resolta por unanimidade no Parlamento galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Que ocorrería se, en vez do señor Sánchez, estivera o señor Rajoy no goberno en Moncloa? *(Murmurios.)* ¿Cre vostede que vostede mesmo non encabezaría todas as manifestacións a favor dos traballadores de Alcoa? *(Murmurios.)* ¿Onde está Esquerda en Común defendendo os traballadores de Alcoa? ¿Onde está Esquerda en Común defendendo os traballadores de Alcoa, señoría? *(Aplausos.)*



Estamos aquí cunha proposta razoada e razoable para defender os traballos de Alcoa. Quiten a careta dunha vez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Deixen de peregrinar ás sedes do Partido Socialista e defendan as fábricas e as industrias do país, señoría. Aí nos podemos encontrar, defendendo os traballadores, as industrias e as fábricas do país.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a rectificación dos recortes e privatizacións que están a afectar a vida e a saúde das persoas**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Señor Feijóo, preguntámoslle hoxe que máis ten que pasar para que rectifique a súa política sanitaria. En dous anos morreron dúas persoas agardando por un servizo de urxencias, e non estamos falando de números, son persoas con nomes e apelidos; son José Manuel Brey e Jesús Pérez García.

Por certo, quero aproveitar, xa que está hoxe aquí a familia, para darlle a benvida, dicirlle que a súa dor é a nosa dor e que estamos indignados porque nada disto tiña que ter pasado. *(Aplausos.)*

E non intente pechar un asunto tan grave dicíndonos que vai abrir unha investigación, como xa fixo hai un ano no caso da Estrada, e ninguén sabe nada desa investigación; é un expediente X e o retrato dun presidente que despreza as vítimas dos seus recortes.

O que ten que explicarnos é por que nun territorio de 1.700 quilómetros cadrados só había dúas ambulancias, e ningunha medicalizada. O que ten que explicarnos é por que, sabendo que no Deza demandan unha ambulancia con soporte vital desde hai anos, vostede fai un concurso no que ignora esta reclamación.

Asuma a súa responsabilidade, rectifique e, sobre todo, deixe de pensar que pode tapar a desfeita sanitaria con manipulación e propaganda, como acaba de facer outra vez cos orzamentos de 2020. Vostede presume de aumentar 120 millóns de euros en sanidade, pero oculta que 60 millóns van directamente para incrementar salarios e oculta que en atención primaria hai hoxe 142 millóns de euros menos dos que había cando chegou á Xunta. Presume de que vai crear 407 prazas, pero oculta que esas prazas xa existen, só que están cubertas en precario, e oculta que hai cinco mil vacantes máis no Sergas.



En sanidade, vostede só nos demostrou ser eficaz cando se trata de favorecer os negocios privados, como no caso de Povisa. Non o preocupa que a sanidade, a saúde de 135.000 galegos e galegas vai quedar en mans do grupo Ribera Salud, empresa salpicada por casos de corrupción e que naceu baixo a oleada privatizadora do Partido Popular en Valencia.

Non lle importa gastar 30 millóns de euros nunha reforma nos edificios de San Caetano, pero escatima 24 millóns de euros para facerse cun hospital como Povisa e rescatalo para o sector público. *(Aplausos.)*

O que nós lle pedimos, señor Feijóo, é que rectifique. E traemos propostas para mellorar a sanidade deste país. Hai que incrementar como mínimo en 140 millóns de euros os orzamentos de atención primaria para o ano 2020, hai que convocar as cinco mil prazas vacantes do Sergas, hai que rescatar Povisa para o sector público.

E pedímoslle tamén, polo mínimo de humanidade e de sensibilidade co que está pasando neste país, que non saia desta sesión plenaria sen comprometerse a que vai haber unha ambulancia medicalizada para Deza.

Señor Feijóo, nunca máis recortes que matan e, desde logo, díganos que máis ten que pasar para que rectifique unha política sanitaria que está poñendo en risco a vida das persoas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

O noso respecto á familia de Jesús, que se atopa entre nós nesta sesión.

Señora Pontón, sabe perfectamente vostede que a sanidade pública en Galicia é unha das mellores sanidades das rexións europeas. E sábeo perfectamente porque o din os galegos, e os galegos din que a valoración da asistencia sanitaria e, concretamente, da atención primaria está nos maiores índices de satisfacción dende que o Ministerio de Sanidade mide a través do Barómetro Sanitario do propio ministerio eses datos.

Sabe perfectamente que, por exemplo, en atención primaria estamos en valoración por riba do resto de España, en ingresos hospitalarios por riba do resto de España e en urxencias igualmente a valoración está por riba do resto de España.

Debería de sabelo, señora Pontón, porque cando vostedes gobernaban a sanidade galega non chegaba a unha valoración de 6 puntos e agora está nos 6,5.

Debería de saber vostede tamén —e non enganar a ninguén— que temos 2.300 persoas traballando máis no sistema sanitario público do que cando chegamos ao goberno no ano 2009,





a pesar da recesión económica e a pesar da crise e do burato de 2.000 millóns de euros que vostedes deixaron a deber nas arcas públicas.

Sabe vostede que neste momento temos un presuposto que supera en 500 millóns de euros, 500 millóns de euros, os que nos encontramos cando chegamos ao goberno —insisto— a pesar da crise. Sabe vostede que hoxe hai menos lista de espera cirúrxica que cando chegamos ao goberno e, do mesmo xeito, sabe vostede que estamos construíndo e finalizando os hospitais que cando chegamos ao goberno estaban nin sequera en proxecto.

Sabe vostede en consecuencia, señoría, que estamos mellorando a sanidade de forma continuada e constante, e, de feito, dos 300 millóns de euros que sobe o presuposto no ano 2020, 128 millóns de euros van destinados exclusivamente a sanidade. É dicir, de toda a capacidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o 40 % de toda esa capacidade adicámolo á sanidade pública. Isto supón crear 407 prazas con vocación de permanencia no Servizo Galego de Saúde, que, se as sumamos ás 2.300 que xa incrementamos, estaremos no ano 2020 con 2.700 profesionais máis en atención primaria e atención especializada que cando chegamos ao goberno.

Sabe vostede tamén perfectamente, señoría, que acabamos de licitar un concurso para as ambulancias; deberíao de saber, porque saíu no *Diario Oficial de Galicia* a súa licitación no mes de setembro. E sabe vostede, señoría, que non debería de facer demagogia nin sequera coa dor de ningún galego, e eu dende logo non a vou facer, o que vou facer é cumprir coa miña obriga.

En primeiro lugar, finalizar esa investigación e dar conta directamente aos familiares da mesma. En segundo lugar, dar conta a Galicia de que aquela noite no mesmo instante tiñamos a ambulancia de Lalín ocupada, a ambulancia de Silleda ocupada, a ambulancia do Carballiño ocupada, a ambulancia da Estrada ocupada, e, en consecuencia, todas as ambulancias perimetrais a Dozón estaban nese momento levando pacientes, algúns deles con urxencias vitais, ao resto dos hospitais de Galicia. Non debería de ocultar ese dato, porque me parece que ocultar ese dato é facerlles un dobre dano ás familias e un dobre dano á sanidade pública do noso país.

E por iso, como dende o mes de abril licitamos un novo servizo de ambulancias, quero dicirlles a vostedes e a todas as familias galegas que pasamos dun contrato das ambulancias de Galicia de 121 millóns de euros, que é o que tiñamos, a 185 millóns de euros; é dicir, incrementamos un 53 % o gasto en ambulancias na Comunidade Autónoma, 64 millóns de euros máis ao ano.

Dígame se nalgún momento da historia da Comunidade Autónoma houbo máis ambulancias funcionando...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...máis ambulancias levando e traendo pacientes, e dígame se nalgún momento da nosa historia houbo un presuposto maior para o 061 que agora.



Mire, señora Pontón, hai máis de mil traballadores no 061. Dicar que o 061 e a mobilización de ambulancias non está sendo o máis operativa e o máis eficaz posible é simplemente facer...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...unha demagogia impropia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...de calquera familia galega.

Todas as familias galegas teñen o meu respecto, señora Pontón, pero non as utilizarei xamais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, o certo é que a súa resposta o que nos deixa é moito máis preocupadas.

Non vai conseguir que calemos á hora de denunciar a súa desfeita sanitaria, e, desde logo, se para vostede demagogia é denunciar que os recortes matan, nós imos seguir denunciando, porque é moi grave (*Aplausos.*) o que está pasando neste momento no país.

Demagogia é dicir que se vai facer unha investigación, señor Feijóo. Díxonos exactamente o mesmo hai un ano, no caso do PAC da Estrada, e ninguén sabe nada desa investigación e ninguén asumiu ningunha responsabilidade. (*Aplausos.*) Iso si que é demagogia, señor Feijóo, e iso si que é xogar cos sentimentos das persoas e, sobre todo, coa dor de quen ve como alguén a quen quere morre nunhas circunstancias nas que non tiña que ter morto.

O que non nos aclara, señor Feijóo, é por que, habendo máis ambulancias no Deza, non hai máis ambulancias desde hai dez anos, a pesar de que se sabe que se necesitan máis recursos e que levan anos reclamando que haxa unha ambulancia medicalizada. ¿De verdade pode ser tan insensible para saír desta sesión parlamentaria sen comprometerse a que se vai solucionar xa ese asunto na comarca do Deza? Por favor, señor Feijóo, por unha vez abandone as frías estatísticas, por unha vez abandone a súa frialdade como presidente e comprométase con algo e déalles solucións aos problemas que ten a xente deste país. Porque parece que quen non se entera do que está pasando na sanidade é vostede ou quere facernos pasar por parvos á maioría da poboación.

Mire, queixas no CHUAC polos TAC de pacientes oncolóxicos pendentes. Un carballés tamén se queixa do atraso dos TAC oncolóxicos no Materno. O primeiro TAC para unha consulta



solicitouse en maio; déronllo para finais de xullo; chegou á consulta e nada; déronllo outro para finais de agosto; tampouco.

Temos máis datos. Vemos tamén como temos unhas cifras de eventualidade moito maiores das que vostede está recoñecendo, e ata o propio Consello de Contas, señor Feijóo, o deixou quedar como un mentiroso, porque vostede está dicindo que hai un 88 % de estabilidade no Sergas e o Consello de Contas rebáixallo ao 66 %. ¿Quen mente, señor Feijóo: vostede ou o Consello de Contas?

Pero mire, é mentira que os galegos e galegas estean valorando máis a sanidade. ¿Sabe que di ese barómetro do ministerio ao que vostede se refire? Que os galegos e galegas son os terceiros que peor valoran a súa sanidade pública; iso é o que di o barómetro. E recentemente coñeciamos unha enquisa que fixo un medio de comunicación deste país que di: «A maioría dos galegos ve peor a sanidade galega que hai catro anos». Isto é o que está pasando na sanidade pública...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e isto é o que opinan os galegos e as galegas.

Nós traémoslle propostas concretas, señor Feijóo: máis recursos para a atención primaria, porque ¿como pode seguir negando que hai un burato de 2.000 millóns de euros de recortes e que hoxe a atención primaria ten 142 millóns de euros menos? ¿Como pode seguir negando que hai cinco mil vacantes no Sergas que non convoca? ¿Como pode seguir negando que hai que rescatar a sanidade da área de Vigo das mans da privatización?

Desde logo, señor Feijóo, se non rectifica, os galegos e galegas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...vano rectificar a vostede nas urnas en canto convoque as eleccións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Siga vostede utilizando a sanidade pública para desprestixiar os seus profesionais e para facer unha demagogia falaz de recortes e de mortes; alá vostede e a súa conciencia, señora Pontón; alá vostede e a súa conciencia.

Fai vostede constante manipulación nesta Cámara e en materia de sanidade dunha forma específica. Iso si, despois plantexa vostede que o que hai que facer é que o novo Goberno de España ten que rectificar a sentenza do Tribunal Supremo; iso si. É vostede unha demócrata, señora Pontón, unha demócrata cunha demagogia impropia dunha parlamentaria do século



XXI. Manipula ata as estatísticas. Di que temos unha valoración da sanidade peor e resulta que a temos mellor en calquera parámetro que cando vostede apoiaba o «si» para apoiar o Goberno bipartito de forma permanente. Vostedes gastaban 500 millóns de euros menos en sanidade que nós. Vostedes tiñan 2.700 profesionais menos na sanidade pública que nós. Vostedes non investían en hospitais e había un baño para cada tres habitacións triplas en Ourense. Vostedes, señorías, miraban para outro lado cada vez que había un problema nos hospitais públicos do país. E ¿agora vénme aquí dar leccións sobre a defensa da sanidade pública, señora Pontón?

Mire, señora Pontón, con todos os respectos, acabamos —insisto— de licitar un novo contrato, pero non agora, senón no mes de abril, e ese novo contrato é un 64 % máis, e reitero: nunca houbo tantas ambulancias en Galicia como agora, nunca, nunca, señoría. Oito ambulancias máis de soporte vital avanzado, con enfermería, na Coruña, en Vigo, en Pontevedra e en Santiago, en Monforte e na comarca do Salnés; unha ambulancia asistencial con soporte básico no Carballiño; incremento dunha ambulancia de 24 horas no Courel e O Cebreiro. Señoría, teño que darlle unha mala noticia: haberá unha nova ambulancia no Deza, situada en Lalín. *(Aplausos.)* Seguro que é unha mala noticia para vostede, señoría, pero seguro que é unha boa noticia para a xente do Deza. Si, señoría, isto está adxudicado desde o mes de setembro. Por iso, debería cando menos informarse, documentarse e non vir aquí xogar coas familias e coa dor das familias. *(Murmurios.)*

Señora Pontón, deberíamos estar orgullosos do sistema sanitario, a pesar de que non chegamos a todas partes, en todas as aldeas e en todos os quilómetros do país. Pero, señora Pontón, ¿vostede pode garantir aos trinta e catro mil núcleos de poboación unha ambulancia en tempo real en cada minuto? *(Murmurios.)* *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Prado, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Se non sabe nin cantos núcleos de poboación temos ¿o BNG, como van gobernar o país, señoría? *(Risos.)*

Con 107 ambulancias asistenciais, 16 ambulancias en situación de soporte vital avanzado, 2 ambulancias convencionais, 2 helicópteros e 1 central de coordinación. ¿Hai algún 061 mellor na historia da Comunidade Autónoma que o de agora? ¿Saben cantos traballan no 061? Traballan 132 médicos, 101 enfermería, persoal non sanitario 43. ¿Sabe canto supón isto, máis as empresas de transporte, máis a central telefónica? Supón 1.372 persoas traballando 24 horas 365 días do ano a tres turnos, señoría. *(Aplausos.)* ¿De verdade que se pode seguir xogando coa sanidade e co 061?

Señoría, na loite lutuosa de Angrois e na noite disparatada do Marisquiño, aí estaba o 061. Aí non hai nada que dicir, ¿verdade, señora Pontón? Non. ¿Por que? Querían vostedes que funcionara mal o 061, ¿verdade que si? *(Murmurios.)*

Mire, señora Pontón, na última enquisa de satisfacción do 061, o 90,3 % dos galegos sobre cen valora positivamente o 061. É evidente que o 90 % dos galegos non estamos de acordo con vostede.



Á familia de Jesús...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...correspóndelle a explicación correcta que lle imos dar —non teña ningunha dúbida—, pero eu non podo garantir aquí o que vostede me pide, simplemente ¿por que? Porque o que vostede me pide é unha trágala mentirosa. E eu non podo, en defensa dos profesionais do 061 e en defensa do sistema sanitario público, vir aquí dicir mentiras aos profesionais, nin sequera a unha familia con dor. Non, non conte comigo para isto, señoría. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Se incrementamos un 60 % do contrato de ambulancias..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Remate, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...se temos máis ambulancias que nunca na nosa historia, non creo que sexa de recibo o que vostede vén dicir aquí, pero —reitero— alá vostede e a súa conciencia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, as súas intervencións nesta Cámara parlamentaria son dunha contundencia proporcional á súa falsidade, dunha contundencia proporcional á falla de realismo cando resposta as distintas preguntas desta oposición e de falla de respecto á vontade e á dimensión desta oposición por traer aquí os problemas de Galicia.

Mire, señor Feijóo, o 60,01 % das galegas e galegos queren hoxe un cambio de goberno á fronte da Xunta de Galicia. O 73,4 % da xente entre 18 e 29 anos en Galicia, a xente máis nova, o 73 % queren un novo Goberno á fronte da Xunta de Galicia. E iso é, señor Feijóo, porque vostede, que tanto fala de centralidade política, é un gobernante que está vivindo no coche oficial á marxe dos problemas deste país, que cando resposta nesta estratexia de cam-



pañña electoral con esa contundencia e falla de realidade, ao falar da industria ou ao falar da realidade da política sanitaria, está sendo un gobernante que non é sensible á realidade dun país que ten moitas dificultades. E claro que llo dicimos con toda contundencia. *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, hai uns días acaba de falecer unha persoa sen ambulancia en Dozón e vostede vén aquí facer un discurso xustificando en que as ambulancias están ocupadas a realidade desa dimensión; é dicir, que lles está dicindo ás galegas e aos galegos que se non hai médico nun PAC ou se non hai unha ambulancia é porque están ocupados. E vostede non ten solución para darlles ás galegas e aos galegos, que queremos unha sanidade pública do século XXI, unha resposta eficiente dende a política sanitaria.

Aínda non fixo rectificar ao seu alcalde de Sanxenxo, que onte dicía un exabrupto, unha falta de respecto a milleiros e milleiras de galegos, que saben que a sanidade galega non vai ben. E por moito que repita as súas mentiras non entran nunha realidade do país, porque todos vivimos na Galicia real mentres vostede segue vivindo, despois de vinte e cinco anos, na Galicia do coche oficial.

E quérolle dicir, señor Feijóo, que a centralidade é resolver os problemas do país, a centralidade é atender os problemas do país, tamén en política industrial, onde vostede ten unha falla de realismo absoluta.

Mire, señor Feijóo, vén repetir de forma continua que a fábrica de Alcoa-San Cibrao representa o 30 % do PIB da provincia de Lugo; aínda o dixo este domingo, de forma real. Non ten o máis mínimo rigor na realidade económica do país. *(Murmurios.)* Pregúntelle ao señor Puy canto representa; non representa, señor Feijóo, esa cifra. O problema, señor Feijóo, é que vostede, en canto amosa, está dicindo que non sabe distinguir entre un 4 % do PIB e un 30 %. E con esa realidade fai un discurso falaz.

E quérolle falar tamén de centralidade política, da centralidade que vostede perdeu dende que aplaude o xiro á ultradereita por parte do Partido Popular. *(Murmurios.)* Sei que non lles gusta. Señor Feijóo, mañá está Abascal en Vigo. Rachen os pactos contra a dereita. Recoñeza, señor Feijóo..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... que o Partido Popular botouse nunha estratexia de xiro ultracconservador no que vostede está moi cómodo, unha ultradereita que dirixe o Partido Popular e que se presenta ás vindeiras eleccións. Vostedes aquí falan de todo o que queren e cren que nós temos que seguir o guión que nos queren presentar.

Cando vostede fala de centralidade en Galicia, deixou a centralidade, porque non goberna respondendo aos problemas do país, e abandonou a centralidade, porque vostede está botado á ultradereita cos pactos do Partido Popular con Vox.

Moitas grazas, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.



Resposta do presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Moi ben, señor Caballero. A miña contundencia é inversamente proporcional á súa incontinencia. (*Aplausos.*)

Señor Caballero, como é lóxico, non sabemos de que me vén vostede falar aquí, como é habitual, porque normalmente ninguén sabe do que fala vostede. Iso si, fai moito ruído, fala dunha forma moi solemne.

Vén vostede falar de enquisas e di que o 60 % non sei que non sei canto. ¿A que enquisa se refire vostede, señoría? ¿Á enquisa de hai dez anos? ¿Á enquisa da *Voz de Galicia*? A da *Voz de Galicia* lémolala hai pouco tempo. Resulta que ao Partido Popular lle faltan dous escanos para a maioría absoluta. (*Murmurios.*) É unha pésima, sen dúbida, enquisa.

Vostede nunca sabe nin saberá o que é a maioría. Imaxine saber o que é a maioría absoluta. Iso sería algo sorprendente, ¿verdade que si, señor Caballero? Pero nós imos seguir traballando e, ben, efectivamente, centrándonos nos problemas do país. ¿Como nos centramos nos problemas do país? Pois en que Galicia non pare pola parálise e o bloqueo do Partido Socialista Obrero Español, que Galicia teña un goberno unido e non unha serie de coalicións electorais que cada unha van polo seu lado, ser capaces de gobernar sen caer en tentacións populistas nin rupturistas, é dicir, gobernar sen que nos quiten o sono e poder durmir tranquilo, e centrarnos en formar un goberno que teña como obxectivo os cidadáns.

Comprendo que para vostedes isto é ciencia ficción. Mire, vostedes non entenden a centralidade. ¿Por que? Porque simplemente non teñen un proxecto para o país. E vén aquí dar mitins; leva cinco xa. Podemos seguir, cada dous meses pode dar un mitin para catorce persoas, que son os seus deputados e deputadas. (*Aplausos.*) O resto da Cámara non ten moito interese en coñecer cales son as súas propostas.

Mire, señoría, como non hai proxecto, o programa electoral do Partido Socialista ten un obxectivo, —digamos— un slogan: sacar a Feijóo da Xunta de Galicia. E para iso, ben, non lles importa nada. Vostedes van gobernar con Podemos, con Esquerra Republicana, con Junts per Catalunya, con Bildu; exactamente, ¿con quen van gobernar en Madrid?

Hai pouco chamaban vostedes, o señor Sánchez dicía: o señor Torra é o Le Pen español. E agora resulta que vostedes gobernan en corenta e tres concellos en Cataluña co Le Pen español, e a Deputación de Barcelona co Le Pen español, o señor Torra. Señor Caballero, o problema que teñen vostedes é que non teñen ningunha credibilidade. Agora envólvense na bandeira de España nas eleccións para novembro e protexen os independentistas en Cataluña.

Vostedes aproveitan o Goberno para facer campaña electoral, a golpe de decreto, e Bruxelas dilles que van vostedes desviados tres veces no déficit público. Vostedes collen o diñeiro das



comunidades autónomas e financian os seus venres sociais e, ben, van máis ou menos aguantando.

Mire, señor Caballero, centralidade é non gobernar con Bildu. Centralidade é deixar que goberne a lista máis votada en Navarra e non gobernar con Bildu. Centralidade é non gobernar en corenta e tres concellos e na Deputación de Barcelona con Esquerra Republicana de Cataluña, coa CUP e con Junts per Catalunya. Iso é centralizar.

Señor Caballero, ¿vostede condena a declaración de autodeterminación que acaban de facer onte, unha vez máis, os seus socios de goberno en Cataluña? ¿Si ou non? Señor Caballero, ¿vostede pódenos acreditar na Cámara que o Partido Socialista vai romper todas as coalicións de goberno en corenta e tres concellos e na Deputación de Barcelona con Junts per Catalunya, Esquerra Republicana de Catalunya e a CUP? ¿Si ou non?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, con todos os respectos, os que gobernan con soberanistas, os que gobernan con populistas, os que gobernan con independentistas non poden dar ningunha lección de centralidade en Galicia. O centro en Galicia, a centralidade en Galicia, os problemas de Galicia, está nestas bancadas, señoría. Por iso Galicia nos deu ese centro, o centro da maioría dos votos para seguir gobernando.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, os resultados electorais están á vista, xa ven vostedes que conexión ten coa dimensión da Galicia urbana, en cantas cidades gobernan vostedes hoxe en Galicia.

E, cando falan de pactos, señor Feijóo, claro que me gusta que vostede presente aquí as súas cartas políticas con claridade. Porque vostede vén presentarse como un Gallardón que parece moi moderno, pero, igual que Gallardón, vostede representa a dereita reaccionaria en España e en Galicia. E quérollo dicir, señor Feijóo, porque, cando vostede pregunta con quen van gobernar, eu quérolles dicir con quen van vostedes gobernar. Porque, alí onde os números dan, vostedes sempre gobernan coa ultradereita, con Vox. Vox é o principal aliado do Partido Popular de Casado o tamén é o aliado do Partido Popular de Galicia, de Feijóo, que aplaudiu os pactos con Vox cando Vox lle deu a presidencia en Andalucía ao Partido Popular.

Claro que temos que plantexalo con claridade. E vostede vén plantexar aquí que o Partido Socialista goberna con independentistas. Pero, señor Feijóo, se toda España sabe que o Partido Socialista non pactou con independentistas, *(Murmurios.)* e mantivo en España unha





posición política de ser leal cun goberno para aplicar o 155 e agora para defender o réxime constitucional, e por iso hai eleccións, porque non houbo acordo cos independentistas.

Claro que vostede, señor Feijóo, o que debería facer é pedirlle desculpas á cidadanía, porque o Partido Popular durante moitos meses falaba de que en España ía haber un goberno Frankenstein, de que o Partido Socialista pactaría con calquera por ter o goberno e as súas mentiras quedaron diante da realidade como a falsidade que defende.

Señor Feijóo, claro que nós non defendemos o dereito á autodeterminación, porque cremos na soberanía de toda a cidadanía en España e o Goberno en España é o Goberno que demostra que dende a esquerda ocupamos a centralidade política, fronte a unha viraxe cara á ultradereita do Partido Popular.

Señor Feijóo, vólvolle dicir: vostede di con quen imos gobernar. Claro que a esquerda progresista en Galicia representa unha opción moito mellor que ese Partido Popular que vai pactar con Vox alí onde lle dean as contas. E mañá vai ter en Galicia, en Vigo, o seu aliado político, o líder da ultradereita Vox, o que lle dá os votos para gobernar onde os necesitan e onde vostede intentará ir cando non teñan maioría absoluta, sexa ou non candidato, para acadar gobernos. Iso é o que vostede reflicte na súa resposta. ¿Vaille dicir, señor Feijóo, mañá, ao líder do Partido Popular que rache todos os acordos con Vox para estar nunha política centrada ou vai seguir sendo o cómplice desa viraxe cara á ultradereita do Partido Popular?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero. *(Murmurios.)*

Peche da pregunta, presidente da Xunta, que é o que resposta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, señoría, señor Caballero, se vostede seguía con atención o que di Vox, non creo que se atrevera a dicir as simplemente frivolidades que vostede acostuma. Se hai algún político en España que é insultado por Vox directamente, son eu. Segundo Vox, son un nacionalista progre; *(Risos.)* segundo o BNG, son un centralista irredento. ¿Ve como non teñen razón os extremos, nin Vox nin o BNG? *(Aplausos.)* Somos un partido centrado, señoría, un partido centrado nos problemas de Galicia, señorías. *(Aplausos.)*

Vostede xa confunde as enquisas, os resultados electorais, ten un cacao mental... *(Risos.)* Nós gañamos na Coruña, gañamos en Ferrol, gañamos en Lugo, e non nos deixan gobernar, e resulta que perdemos. *(Murmurios.)* Gañamos en tres deputacións provinciais e non nos queren deixar gobernar, e resulta que perdemos. Cando gaña o PP, é que perde o PP, e cando gaña o PSOE e cando perde o PSOE, gaña o PSOE. Isto é un disparate impropio. Iso si, jeh!, non gobernan con ningún partido nacionalista.

Pero mire, non teño tempo, son corenta e tres. ¿Parécelle que empece polo principio? Polo <<b>>, Badalona. Polo <<c>>, Castelldefels, Calella, Cassà de la Selva, Cervera, Cuní, Les Fran-



queses del Vallès, Malgrat, Vilafranca del Penedès, Vila-seca, Viladecavalls, El Pont de Suert, Sant Cugat del Vallès, Abrera, Altafulla, Gavà, Castell-Platja d'Aro, Caldes d'Estrac. E acaba no <<t>>: Tordera. Corenta e tres concellos gobernando cos independentistas, e non gobernan cos independentistas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero, señor Caballero, é vostede un fenómeno da política, hai que recoñecerllo. Señor Caballero, mire, señoría (*Aplausos.*), xa sei que vostede se ri de todo. Rise de todos os traballadores do país. Acabo de facerlle ao seu socio unha proposta sobre Alcoa; vostede nin fala disto. Acabamos de presentar unha proposta para que poidamos ir ás eleccións sacando do debate político os cinco mil empregos das empresas electrointensivas e os empregos de Alcoa. ¿Vostede está de acordo en concretar no programa electoral do Partido Socialista unha proposta que soluciona e dá garantía a cinco mil empregos de empresas electrointensivas e Alcoa? ¿Si ou non, señor Caballero? ¿Vano introducir no seu programa electoral? ¿Si ou non? ¿Imos pactar durante estes días coa ministra de Industria, coa ministra de Transición ou quen vostede lle pete? ¿Si ou non, señor Caballero?

Isto é o que importa ao país, non importa que vostede faga propaganda doutros partidos políticos anunciando os seus mitins, señoría. (*Aplausos.*)

Comprendo perfectamente que a vostede lle vén moi ben que Vox saque moitos votos en Galicia; así intentarán seguir sendo vostedes a primeira forza política. Por iso fai de telonero no Parlamento de Galicia dun mitin ao que parecer ser que vai ir Vox. O único que falta nese mitin é vostede, (*Risos.*) señoría, para completar, exactamente, a proposta. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, a centralidade política, señor Caballero, non se pode confundir co centralismo. Vostede realmente parece un altavoz en *bluetooth* dende a rúa Ferraz; (*Murmurios.*) di o mesmo. ¿Que hai que facer en Alcoa? O que lle diga a ministra de turno. ¿O que hai que facer nas térmicas? Botarlle a culpa a Feijóo. ¿O que hai que facer en Ence? Dicir que Feijóo é un descarado e non quere protexer o medio ambiente. Pero ¿vostede ten algunha proposta concreta e propia? ¿A vostede realmente parécelle que o seu obxectivo é ser servil co Goberno de España e non servicial cos traballadores de Galicia?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu son servicial cos traballadores de Galicia e non son servil a ningún goberno de España, sexa quen sexa o Goberno de España. (*Aplausos.*)

Mire, eu propoñolle que na seguinte sesión de control...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...me fale vostede de que por que o BNG di que hai que anular a sentenza do Tribunal Supremo, e vostede segue gobernando con eles. E dígame vostede por que Anova e o BNG, aquí en Santiago, din que hai presos políticos nos cárceres españois e que hai que aprobar unha lei de amnistía, e segue gobernando con eles. (*Murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, o problema que ten o Partido Socialista Obreiro Español é que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...nunca foi tan servil aos intereses de Madrid e aos seus socios nacionalistas e soberanistas en Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*)

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Silencio, silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente, con base no artigo 76, porque é evidente, primeiro, que... (*Murmurios.*) Se podó falar, non sei.

**O señor PRESIDENTE:** Si.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, con base no artigo 76, porque é evidente que o presidente da Xunta na súa réplica, cando nós non tiñamos dereito a poder responder, fixo unhas valoracións que eu creo que son moi graves, que debe de rectificar e que deben de retirarse do *Diario de Sesións*, se el non as rectifica.

**O señor PRESIDENTE:** Non percibín eu iso.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Refírome a cando dixo —se non o observou, voulle facer eu un comentario— que o BNG quería que funcionara mal o 061 en traxedias como o de Angrois (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) É un auténtico disparate e unha auténtica barbaridade.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** En política, señor Feijóo, non vale todo. En política, señor Feijóo, non vale todo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, ¡silencio!, ¡silencio, por favor!

**A señora PONTÓN MONDELO:** E o único que demostra é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Xa está. Silencio, silencio, silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...a mala conciencia. Paréceme un auténtico despropósito. E, desde logo, o señor Feijóo...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, esa é unha... Señora Pontón, non.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E, desde logo, o señor Feijóo é un manipulador espléndido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Xa está, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Pero non imos calar ante afirmacións deste tipo...,

**O señor PRESIDENTE:** Xa está, señora Pontón. Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que degradan este grupo, que ten a súa opinión sobre todos os temas...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e que non acepta que nos dea leccións de democracia quen pacta con Vox. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, perdón, por favor. Eu sei distinguir e sei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, ¡por favor!, ¡por favor!, estou falando eu, estou falando eu.

Sei perfectamente distinguir como foi o debate e non procede, non procede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os tempos son para todos iguais. Señor Sánchez, cando queira, ensínolle como son os seus tempos e ensino os tempos tamén de todos os portavoces. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non, non, ¡coidado! Non, non.

Sobre esa cuestión, non corría présa que a puxeran agora sobre a mesa, ningunha.

Continuamos coas mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario Mixto.

*(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 57485 (10/MOC-000161).*



*Emenda de adición.*

*Débense engadir dous novos puntos:*

*«9. Recuperar a partida orzamentaria que tiñamos para a promoción de solo para actividades económicas en 2009 que se reduciu nun 85 %.*

*10. Vincular as axudas de solo empresarial a compromisos por parte das empresas referidos ao mantemento de emprego e condicións laborais das e dos traballadores».)*

*(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción, doc. nº 57485 (10/MOC-000161).*

*Emenda núm. 1, de substitución.*

*Débese substituír o texto do punto 7 polo seguinte:*

*«7º. Faga todas as actuacións necesarias para que non se poidan cambiar os usos dos terreos de Vulcano, que están en réxime de concesión, e instar ao Concello de Vigo e ao Goberno do Estado a actuar do mesmo xeito no que atinxa ás súas respectivas competencias».*

*Emenda núm. 2, de engádegas.*

*Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da moción:*

*«9º. Desenvolva un estudo socioeconómico, de comunicacións físicas e dixitais sobre os territorios nos que se asentan cada un dos parques empresariais de Galicia para determinar cal sería a súa máis adecuada especialización tanto produtiva como de servizos á industria que se pretende promocionar na zona.*

*10º. Desenvolva os ciclos formativos profesionais máis adecuados á especialización prioritaria determinada de cada parque nas zonas do seu contorno.*

*11º. Desenvolva un estudo dos perfís profesionais xa dispoñibles nas zonas onde se asentan os parques empresariais, para poder informar ás empresas das vantaxes de instalarse no mencionado parque.*

*12º. Desenvolver un plan de mellora da sustentabilidade dos parques industriais.*

*13º. Dar prioridade nos plans de incentivos á implantación da rede 5G a aqueles parques que máis necesiten esta tecnoloxía para poder implantar as fábricas, loxística, etc. 4.º.*

*14º. Iniciar os trámites para acadar a transferencia de todas as ofertas de solo industrial en Galicia en Xestur evitando as disfuncións actuais entre as súas promocións e as emprendidas polo Ministerio de Fomento. Trámites que deberían ter como obxectivo final a transferencia de “Suelo Empresarial del Atlántico” á Xunta de Galicia e a súa absorción por Xestur».)*



**O señor PRESIDENTE:** Espere a que haxa un pouco de tranquilidade, e, como non temos présa, porque é sesión continuada hoxe, podemos... Tranquila, tranquila, espere que haxa calma aquí.

Por favor, solicítase un pouco de calma para que poida intervir a señora Rodríguez Rumbo. Tranquilidade, quero dicir, tranquilidade, que non haxa barullo na área.

Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

É unha mágoa que moitos dos deputados e da xente que conforma o Goberno non queden para escoitar tamén algunhas das nosas intervencións.

Levamos tres anos desta décima lexislatura —señora Paula Prado, se quere saír, pois avisa o presidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ben—, tres anos de contos do Goberno galego. Hoxe voulles debullar o conto do solo empresarial de Galicia, un conto máis daqueles aos que nos teñen acostumados o Goberno do Partido Popular.

Mire, en 2016, a Consellería de Economía pon en funcionamento a Oficina Doing Bussines Galicia. En marzo de 2017 anuncian o nacemento do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia. En agosto de 2017 o IGVS encomenda á Sociedade de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A, a realización dos traballos para a posta en marcha e difusión do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia. En outubro de 2017 aproban a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, co obxecto do fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia que precisen o uso de solo empresarial, entre cuxos principios está racionalizar a oferta de solo empresarial e facilitar o acceso ao solo das iniciativas empresarias que o demanden; no seu artigo 12 tamén establece a creación do Censo de solo empresarial de Galicia. En outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinan un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia.

Pois en febreiro deste ano, é dicir, vinte e catro meses despois de publicitar o nacemento do Observatorio e de aprobar a Lei de emprendemento, anuncian que a Xunta elabora un censo para saber de canto solo industrial se dispón en Galicia.

En setembro deste ano, é dicir, hai un mes, e trinta meses despois do anuncio, o Goberno galego, a unha pregunta formulada polos socialistas, respóndenos que o Observatorio do Solo Empresarial está en fase de constitución e que no Consello da Xunta do 23 de maio de 2019 se autorizou a tramitación do anteproxecto do decreto polo que se regulará o Censo de solo empresarial de Galicia, que ten como finalidade coñecer o solo empresarial realmente dispoñible na nosa comunidade e o grao de ocupación das áreas empresariais, e que, ademais, ten como obxecto ser un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial.

É dicir, durante toda unha lexislatura a Xunta de Galicia do Partido Popular do señor Núñez Feijóo anúncianos o nacemento, dinos cales van ser as funcións, infórmanos da súa depen-



dencia orgánica, aproba unha lei que contén o anuncio, pero a realidade é que non teñen feito nada, salvo manter o conto permanente de que están a facer.

Así, mentres a Xunta de Galicia enreda con que fai, obriga os concellos que se queiran acoller á iniciativa Doing Business Galicia, que queiran ter unha discriminación positiva cun 20 % no baremo de puntuación en determinadas subvencións que son moi importantes para os concellos, que queren integrar o seu solo industrial no Observatorio do Solo Empresarial de Galicia e que queren entrar na marca territorial que actuará como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas a acometer reformas inmediatas. É dicir, os concellos teñen que aplicar unha simplificación administrativa e unha axilización de trámites; os concellos teñen que modificar o réxime xurídico para as súas licenzas de apertura e licenzas de obras municipais; os concellos teñen que modificar o seu réxime fiscal durante tres anos, con bonificacións que poden chegar ata o 95 % do IBI, do IAE e do ICIO; os concellos teñen que eliminar taxas pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalentes e pola apertura de establecementos, e os concellos teñen que fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial establecendo bonificacións. Xa que logo, a Xunta conta contos mentres obriga aos concellos a facer contas.

A propia Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no seu primeiro parágrafo, na exposición de motivos, recorda que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída, no artigo 30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica na nosa comunidade. E a continuación engade que no exercicio desta competencia exclusiva, a Xunta de Galicia manifesta a súa preocupación sobre o fomento da implantación no territorio galego das iniciativas empresariais, sen as cales non é posible o desenvolvemento económico, non é posible o crecemento da ocupación e non é posible o crecemento de emprego de calidade.

Os socialistas estamos totalmente de acordo con estas afirmacións contidas na motivación da lei, pero queremos recordarlle á Xunta de Galicia que só con anuncios non se transforma un país, (*Aplausos.*) que só con anuncios non se planifican os retos de futuro que temos que abordar como país.

Así, miren, señores e señoras do Partido Popular, mentres o Goberno galego nos segue a contar contos e non exercen as súas competencias, o número de sociedades que se constitúen en Galicia diminúe dende 2016 dunha maneira alarmante. No 2016 constituíanse en Galicia 4.571 empresas, e no 2018 constituíronse 4.062; é dicir, no 2018 constituíronse 509 empresas menos en Galicia.

A actividade en Galicia de empresas industriais con sede noutras comunidades autónomas, de 2016 a 2017 incrementouse en 1,4 puntos no importe neto da cifra de negocios, mentres que a actividade noutras comunidades autónomas das empresas industriais con sede en Galicia diminuíu en 1,2 puntos no importe neto da cifra de negocios.

Señores e señoras deputados, os dez anos do Goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, foron os dez anos de barbecho industrial do noso país. E esa ausencia de planificación espéranos nunha crúa realidade, que é a crise industrial que estamos a padecer hoxe na nosa



comunidade. Temos 97.000 habitantes menos; temos 240.000 persoas menores de 40 anos menos. Os ocupados na industria do segundo trimestre do 2019, respecto do segundo trimestre do ano 2009 —datos EPA—, son 20.600 ocupados menos en Galicia na industria. Temos que o índice de produción industrial, na media no que vai de ano en Galicia, ten a segunda peor evolución de todas as comunidades autónomas, cunha taxa anual negativa dun 6,2, mentres que para o conxunto do Estado crece nun 0,4. O volume exportado neste primeiro semestre do 2019, respecto do mesmo período do 2018, dinos que en Galicia diminuíu nun 10 %, mentres que para o conxunto do Estado incrementouse nun 1,7 %. E mentres seguen os contos, tampouco saen as contas da execución orzamentaria da Xunta de Galicia para probar aquilo que din pero que, realmente, non fan.

No programa 741A, apoio á modernización e internacionalización, do ano 2016 ao ano 2018, nos créditos iniciais para esta partida tiñan 305 millóns de euros, pero deses 305 millóns de euros deixan sen executar 130 millóns de euros. ¡Deixan sen executar 130 millóns de euros!

En investimentos en I+D+i, na partida 561A, Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, deixan sen executar nesta lexislatura 93,6 millóns dos 258 millóns de euros orzamentados para investigación, desenvolvemento e innovación. Cando ademais, no propio Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, o reto 3 dinos que hai que duplicar o gasto en I+D e elevar o 40 % do PIB ata o nivel de exportacións.

O volume efectivamente investido polo IGVS en solo industrial, no ano 2016 era arredor de 42 millóns de euros; no ano 2017 foi de 10 millóns de euros; e no ano 2018 foi de 870.000 euros; é dicir, un 98 % menos investido polo IGVS respecto do que se investiu no ano 2016.

A xestión da empresa pública Xestión do solo de Galicia, Xestur S.A., tampouco se pode considerar satisfactoria, posto que a cifra de negocios en venda de parcelas en solo empresarial, no ano 2017 representaba 27 millóns de euros, e no ano 2018, 15,7; é dicir, un 42 % menos que no 2017, cando o obxectivo para este ano 2018, segundo a propia memoria orzamentaria do Goberno, era acadar os 22,6 millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

Os investimentos tamén quedaron moi por debaixo das previsións realizadas. Así, no 2018, dos 17,5 millóns de euros que estaba previsto executar, só executaron 9,6 millóns de euros; é dicir, un 45 % por debaixo do crédito inicial. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas, señor presidente.





Dentro destas maravillosas enquisas que nos regala todos os mércores de pleno o señor Feijóo, imaxino que tamén terá algunha destas para o que é a política de solo empresarial e de parques empresariais. Cando a xente visite os parques empresariais da súa vila e os vexa vacíos ou semivacíos, é que está mal da vista, porque seguro que o señor Feijóo terá unha enquisa que diga que non hai onde meter empresas, ¡que está todo cheo!

Estamos de acordo na inmensa maioría das propostas que fai o Grupo Socialista na súa moción. Temos unha puntualización no punto 7 que despois lle comentarei. Pero o que se está plantexando na proposición non de lei é mellorar o que xa se está a facer e nalgúns casos completar cousas que non se están a facer, porque toda a xestión do solo industrial ten unha política de solo industrial do século XX, por ser optimista.

A realidade é que as políticas de solo industrial xa non van de infraestruturas físicas, senón que van doutras cousas en todos os países desenvolto. As tomas de decisión das empresas xa non van por metros cadrados, van por outras cousas. Por iso, na nosa emenda incidimos nos asuntos que as empresas demandan fundamentalmente para decidir a implantación nunha zona ou noutra.

Por tanto, plantexamos a especialización dos parques empresariais, e para iso hai que desenvolver estudos socioeconómicos de comunicacións físicas e dixitais sobre os territorios nos que se asenta cada un dos parques, para determinar cal sería a súa adecuada especialización, tanto produtiva como de servizos e industria, que se pretende promocionar na zona. Non se poden promocionar todos os parques industriais igual, dicindo metros cadrados, comunicacións viarias etc. Non, o futuro é o da especialización dos parques.

Despois, o asunto máis importante que buscan as empresas para tomar a decisión de implantación é a capacitación profesional na zona onde queren implantarse. Por iso, hai que desenvolver os ciclos formativos profesionais máis adecuados á especialización prioritaria determinada de cada parque nas zonas do seu contorno.

Despois, comunicar e publicitar as vantaxes competitivas das forzas de traballo nas zonas dos parques empresariais. Hai que ter estudos dos perfís profesionais xa dispoñibles nesas zonas onde se asentan os parques, para poder informar as empresas das vantaxes de instalarse no mencionado parque. Este é tamén outro dos elementos decisivos dunha empresa que queira instalarse e poñer en produción de maneira eficiente a súa iniciativa nunha zona concreta.

Tamén a sostibilidade. Hai que incrementar de maneira moi importante toda a sostibilidade dos parques industriais xa existentes, e para iso hai que desenvolver un plan de mellora en todos os aspectos medioambientais, porque iso tamén é cada vez máis prioritario para a toma de decisións de implantación para empresas con responsabilidade social corporativa neste eido, que cada vez son máis.

Ademáis das comunicacións físicas, que podemos dicir que son aceptables e non habería que gastar moito máis nelas, iso si hai que fixarse fundamentalmente nas comunicacións dixitais. Porque moitas das novas empresas que se van instalar non necesitan transportar gran-



des volumes de mercancías, o que necesitan transportar é un gran volume de datos. Entón, nese sentido, hai que dar prioridade nos plans de incentivos e implantación da rede 5G a aqueles parques que máis necesiten esta tecnoloxía para poder implantar as fábricas, a loxística e todo o resto de actividades 4.0.

Como vostedes saberán, o 5G é imprescindible para a Internet das Cousas, é imprescindible para poder desenvolver de verdade o 4.0 en moitas factorías. Na rede de banda larga non chega a rede física, porque a maioría dos equipamentos conectados á fábrica loxística e a todo o desenvolvemento industrial destas novas factorías está en movemento en moitas ocasións, por iso ten que ter unha rede sen cable 5G.

E despois unha cousa que xa levamos pedindo tres anos, creo que foi a miña primeira intervención neste Parlamento, que é a centralización e coordinación de toda a oferta en Galicia. Iniciar os trámites para que o Ministerio de Fomento traspase ás Xestur todos os parques industriais que teñen en Galicia a través de Suelo Empresarial del Atlántico, absorbelas nas Xestur e facer unha oferta totalmente integrada.

Por último, a proposta que queríamos modificar do seu punto 7. Non pode ser que, cando falan de Vulcano, vostedes falen só da Xunta de Galicia. Pensamos que o Concello de Vigo e o Goberno do Estado algo terán que dicir. Non fagan o mesmo que estamos a escoitar continuamente: exixirlles aos demais o que nós mesmos non estamos pensando facer. Nos terreos de Vulcano ten moito que dicir tamén o Concello de Vigo, ten moito que dicir o Goberno do Estado a través de Portos do Estado. Ou sexa que acepten esa modificación e insten as administracións gobernadas por vostedes para que os terreos de Vulcano non poidan cambiar de uso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Dende o Grupo Común da Esquerda imos apoiar a proposta do Partido Socialista, toda vez que apunta a varias medidas encamiñadas á reactivación industrial e empresarial do país, moitas tan básicas como a necesidade de publicar a información; peticións que unha pensa que non fai falla traer aquí, pero que a incomparencia do Goberno obriga a solicitar.

Aínda así, como saben, presentamos unha emenda que, na nosa opinión, apunta a dous asuntos complementarios e fundamentais cando falamos de solo empresarial, como é o da actuación da Administración ante a problemática de prezos moi elevados de solo empresarial, ou que non cumpren os requisitos que as empresas precisan, así como a necesaria vinculación de axudas empresarias a certos criterios que impidan que as empresas cobren as axudas e logo abandonen á súa sorte os traballadores e as traballadoras.



Este é un asunto fundamental, pois, como explicou a señora Rodríguez Rumbo, as sociedades galegas descendentes, os datos son negativos. Como vimos dicindo nos últimos meses, Galicia está atravesando unha crise industrial, un momento de crise industrial protagonizado por peches e deslocalizacións; unha crise que xa deixou tras de si 22.500 postos de emprego sen que o Goberno de Feijóo dera ningún síntoma de alarma.

Como é evidente, a situación crítica da industria é poliédrica, e como tal exige respostas complexas que atendan a todos os focos.

Hoxe, a proposta do Grupo Socialista lévanos a falar da situación do solo empresarial, un tema sobre o que xa alertamos en numerosas ocasións que tiña implicacións directas sobre a deslocalización de empresas situadas en Galicia cara a outros países ou outros territorios do Estado; un fenómeno agudizado durante a década de Feijóo ao que o Goberno galego non está a responder axeitadamente.

As estimacións realizadas sobre este proceso de deslocalización alertaron de que na última década se terían trasladado ao norte de Portugal máis de trescentas empresas situadas en Galicia, entre as que podemos sinalar o caso moi recente de Poligal e tantos casos recentes nos que o Goberno galego non fixo absolutamente nada. Tantos outros casos preocupantes de deslocalización de empresas galegas, ou situadas en Galicia, foron: Roypasa, Pavestone, Valver, Marsan, Rodman... e un longo etcétera.

De forma especial, as deslocalizacións afectaron a industria da automoción e as súas auxiliares, situadas xa moi próximas a Portugal, nomeadamente, moitos provedores de PSA.

As medidas impulsadas polo Goberno galego, centradas case en exclusiva na oferta de solo industrial e na rebaixa do prezo do metro cadrado, é evidente que non son suficientes, porque a problemática segue. Non o son porque a sangría non se detén e porque basta dar un paseo por moitos dos parques empresariais que hai neste país para ver auténticos ermos de formigón onde o único que crece é o plumón da palma, unha vexetación invasora que medra no abandono. E sobre isto si que o Goberno tivo que actuar.

Isto non pasa só por casualidade, nin pasa unicamente pola enorme competencia que exerce o terreo empresarial portugués. Non, é que o Goberno galego, alén de deixar sen execución partidas cruciais ano tras ano, alén de abandonar a industria galega á súa sorte, dedicouse a recortar recursos específicos para a promoción de solo para actividades económicas. Fíxense, o Programa 531A, que está destinado precisamente a isto, á promoción do solo para actividades económicas, no ano 2009 contaba con 20.760.000 euros; no ano 2019, 17.887.559 euros, a baixada xa fora tremenda; pero é que este ano ese suposto exercicio orzamentario marabilloso deixa a partida en 3.624.255 euros, é dicir, unha caída en termos reais de máis do 85 %.

Deses números estes lodos, por iso na nosa emenda solicitamos, en primeiro lugar, a recuperación da partida orzamentaria que tiñamos para a promoción de solo e para actividades económicas en 2009 —entendemos que é o mínimo poñer os recursos suficientes enriba da mesa—. E, en segundo lugar, plantexamos vincular as axudas de solo empresarial a com-



promisos por parte das empresas referidos ao mantemento do emprego e das condicións laborais das e dos traballadores.

Dende o Grupo Común da Esquerda reivindicamos a necesidade dunha actuación decidida por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria nesta materia. Que se poña alguén competente ao temón da industria galega para definir unha verdadeira política industrial da que carecemos neste momento. Nese senso, as axudas públicas son, dende logo, unha ferramenta fundamental que non cabe ser entendida como agasallos para os amigos, como soe utilizalos o Goberno galego, senón unha ferramenta económica fundamental para garantir futuro, emprego e dereitos no país. Por iso entendemos que as axudas deben estar condicionadas.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Bo día.

Estes días estaba lendo os orzamentos da Xunta e a verdade é que quedei preocupado cando cheguei ao capítulo aquel que poñía: «Néboa en Pedrafita, o continente illado». *(Risos.)* E isto non é un titular dunha serie de HBO, non é o título dunha novela, é o titular dun documento da Xunta de Galiza. Resulta que hai néboa en Pedrafita, o continente illado. A verdade é que á Xunta de Galiza fundíronselle os plomos cando tiveron que redactar este documento.

Estamos sen luces, señores do Partido Popular. Sen luces, nin longas nin curtas. Aquí o que se están acendendo, en todo caso, son as luces de emerxencia, as luces de alarma, no sector industrial. Porque estamos vendo o que está pasando no país, desde A Mariña ata Vigo e até Ourense, pasando por Ferrolterra, pola Coruña, pola Costa da Morte, que están convertendo o país nun auténtico páramo, nun ermo industrial con máis de 6.000 empregos en risco, e parece que a cousa non vai con vostedes, ¡a Xunta non ten nada que ver! Hai néboa en Pedrafita, esa é a conclusión da Xunta de Galiza.

O problema xa non é que non se creen novos empregos, o problema é que se están destruindo miles de postos de traballo no sector da industria e noutros sectores ¡e resulta que hai néboa en Pedrafita! Estamos diante dun asunto, dun problema, dramático, de emerxencia nacional, pola perda de peso da industria no PIB... *(Murmurios.) (Pausa.)* Xa advertía o CES, no Informe do ano 2018, que o obxectivo era chegar ao 20 % do peso da industria no PIB, e resulta que imos no sentido contrario, baixamos xa ao 16 %. Perdemos posicións tamén en comparación co norte de Portugal, que nos está gañando a batalla, estanos gañando a partida. Teñen unha porcentaxe do 28 % de emprego industrial fronte ao 17,4 % de Galiza, 11 puntos máis. Ou o problema da perda de competitividade de Galiza dentro das rexións da Unión Europea, onde baixamos do posto 181 ao 197. Estamos no furgón de cola.



Como estamos no furgón de cola tamén en materia de innovación, que é outro elemento clave para modificar as condicións e para impulsar a actividade económica tamén no sector industrial. E hai unha serie de factores que son determinantes para actuar en materia de política económica e en materia de política industrial. Un deles é, efectivamente, a oferta de solo empresarial e o prezo do solo empresarial; tamén as comunicacións, tanto materiais como inmateriais. E resulta que aí tamén nos está gañando a partida o norte de Portugal, cun desprazamento masivo, cunha deslocalización de empresas para esa rexión. Porque ademais nós temos paralizados proxectos que son estratéxicos en materia de solo, como pode ser a Plisán; paralizado ou cunha lentitude desesperante para as empresas, igual que pasa co porto seco de Monforte.

Outro elemento é o prezo da enerxía. Vostedes parece que acaban de descubrir que o prezo da enerxía é un factor determinante para o asentamento ou para a permanencia das empresas. Estiveron votando sistematicamente en contra das propostas que fixo o BNG nesta materia. E votaron en contra da tarifa eléctrica galega, que tamén sería un elemento determinante para modificar as condicións... (*Murmurios.*)

Outro elemento é a fiscalidade. ¿Sabe o que din as estatísticas? Galiza entre as comunidades pouco competitivas en impostos. Outro elemento é a propia política industrial. E aquí a competencia é do Goberno galego. Habería que dicir mellor a incompetencia é do Goberno galego, e basta con ver as cifras de Xestur. Nós non estamos de acordo, non pensamos que a solución sexa pasar as Xestur para a Consellería de Industria, porque esa non é a solución. A solución é que haxa un goberno que governe, que execute os orzamentos, e que non nos leve a cantidades ridículas como fixeron agora, precisamente, co presuposto de Xestur, que o baixan de 17 millóns a 3,6 millóns para o ano 2020. Esa é a súa política. ¡Bueno, non me estraña, se só executaron 870.000 euros no ano 2018, non me estraña que baixen os orzamentos!

O do observatorio xa é para nota, porque a proposta do PSOE pide que o observatorio faga unha serie de informes e unha serie de avaliacións. ¡Pero é que o observatorio non existe! O observatorio anunciouno a conselleira Ethel Vázquez, á que lle quitaron as competencias en materia de solo e de vivenda no 2017, en marzo, e está aínda pendente de crear. Entón, ¿como lle imos pedir que nos faga o informe se aínda non o crearon? O primeiro que tiñan que facer é crealo e despois xa falariamos. Pero con este ritmo que levan de execución, non o vemos por ningunha parte.

Polo tanto, o que lles pedimos é que deixen de botarlles a culpa aos demais, que deixen de facer o que saben facer tan ben, que é facer oposición. Facerlles oposición aos concellos, facerlles oposición ás deputacións, facerlles oposición aos grupos da oposición...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e póñanse dunha vez por todas a gobernar, señoras e señores do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.



Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías, bos días.

Señor presidente.

Señor Bará, por ser vostede o último que acaba de falar: a néboa —diría a súa portavoz— mata. E os veciños e veciñas de Pedrafita non se burlarían nunca do que vostede se burlou, *(Aplausos.)* ¡da néboa e dos investimentos para mellorar a súa calidade de vida! *(Aplausos.)* Iso é do que se burlou vostede.

Pero esa é a diferenza, esa é a diferenza entre uns e outros. *(Murmurios.)* Uns búrlanse dos problemas dos galegos e galegas, e outros traballamos para resolvelos. E o Goberno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por certo, señora Rumbo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* por certo, quero agradecer ao señor Caballero a súa presenza porque está batendo o récord de permanencia neste salón de plenos do señor Beiras, eu creo que anda por aí. O seu minuto eu creo que é un dos máis caros de todos os galegos e galegas, *(Aplausos.)* ou un dos mellor pagados. *(Aplausos.)* O Goberno está gobernando e vaise a gobernar. *(Aplausos.)* Está traballando. *(Risos.)* Ja, ja, ja... Ja, ja, ja, ¡teatro! ¡teatro nas bancadas, que é moito mellor! *(Murmurios.)* *(Risos.)*

Vamos falar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ao tema.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...da iniciativa.

**O señor PRESIDENTE:** Vamos ao tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. Ao tema.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Vamos falar... non, se eu só din resposta ao que aquí se comentou, nada máis.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Ao tema!

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Empezamos polo punto 7, do que falou o señor Casal algo, do punto 7 da súa moción. Que inste a Xunta... Grazas, señora Vilán, é moi amable vostede. Non quere escoitar, ¿verdade?, porque non interesa. *(Murmurios.)* ¡Non interesa, claro!... Que inste a Xunta para que faga todas as actuacións necesarias para que non se poidan cambiar os usos dos terreos de Vulcano, que están en réxime de concesión. Repito, en réxime de concesión. ¡vai nevar en Vigo! É dicir, os terreos en réxime de concesión, ¿de quen son propiedade? ¡Do Estado!, ¿verdade? *(Murmurios.)* ¿Quen goberna no Estado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ou quen está e fai que goberna no Estado? *(Murmurios.)* ¿Quen pode facer, propoñer e iniciar un expediente de modificación do uso do solo dun terreo? O pro-



pietario ou o concello, de acordo cos seus instrumentos de planificación. ¡Home!, a Xunta tamén pode, se é un tema de interese xeral, aplicando a lei, pero nun principio, o propietario ou o concello. E resulta que vostede insta a Xunta. Está ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Paréceme ben que os socialistas insten a Xunta. Dáme a sensación de que teñen medo de instar o señor Caballero senior. Entón, ¿que fan? Veñen e instan a Xunta para que a Xunta inste á súa vez o señor Caballero senior, o Concello de Vigo, e inste á súa vez o Estado. Dáme a sensación de que teñen medo... Pero se tan bo rollito teñen, ¿por que o sobriño non se dirixe directamente ao tío e acábase todo? (*Protestas.*) ¿Tan mal están na familia, señora Rumbo? Señores socialistas, ¿tan mal están na familia...?

**O señor PRESIDENTE:** ¡Non entre en problemas familiares, por favor! (*Murmurios.*)

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...Caballero que non...

**O señor PRESIDENTE:** Non, pero non entre en problemas familiares. ¡Vamos ao debate! (*Risos.*) (*Murmurios.*)

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente, ¡pídolle que lea o punto 7! (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Pero non entre nos problemas familiares. ¿A nós que nos importan os problemas familiares? Cada un que resolva os seus.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Entón... bueno, nos problemas familiares non quero...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Cada un que resolva os seus!

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...¡eles saberán os seus!

Ben, proseguimos. (*Murmurios.*)

Punto 8. Pide que pasemos... (*Murmurios.*) (*Pausa.*) ¿Que pasa?, ¡hai que escoitar, que ao mellor se aprende algo! (*Murmurios.*) Cambio de dependencia da xestión de solo empresarial. Voulles contar como utilizaban vostedes o solo empresarial. Nosoutros, desde logo, temos moi claro que a política empresarial e a xestión do solo debe desenvolverse desde a Consellería, que neste momento xa está aquí a de Ordenación do Territorio. Porque a implantación dun parque empresarial non é só por motivos empresariais, hai moitas máis circunstancias que inflúen nel. Ademais de factores da implantación empresarial —como digo— hai outros, como que buscan o equilibrio territorial, o impulso demográfico, criterios medioambientais, etc. Se cada ente desenvolvera o seu solo necesario, ¡imaxinen que galimatías habería! Eu entendo que a bancada socialista e a de esquerdas pidan iso. Podo enténdelo, porque iso é o típico de gobernos socialistas, gobernos fracturados, gobernos onde cada consellería —como era o caso do Bipartito, pero calquera outro goberno que teñan— defende intereses partidistas que son froito dun conglomerado inestable de partidos. Iso é o que fan vostedes.

E voulles poñer un exemplo do que facían en solo industrial —é importante, que ademais aquí se falou de Xestur—, é moi importante o que fixeron no Bipartito. Parque empresarial



das Gándaras, en Lugo, ano 2005. Un polígono do que se aproba no ano 2004 o Plan de sectorización, cun goberno da Xunta do Partido Popular e un concello gobernado polo Partido Socialista, onde se participaba conxuntamente. Vén o ano 2005 e fan unha modificación do Plan sectorial —Goberno bipartito—, e teñen distribuídas competencias en solo industrial da seguinte maneira: xestión de solo industrial, Consellería de Vivenda, BNG; ordenación do territorio, consellería PSOE; industria, consellería BNG. A propiedade dunha parte importante dos terreos era do Concello de Lugo, PSOE. ¿Que fan? Proposta do Concello: entrego unha permuta razoable...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...entrego eses terreos, e a cambio danme unhas parcelas resultantes. ¿Que fai a Xunta naquel momento? Di: Non, o Concello non pode ter nin un só metro cadrado. ¿Que facemos? ¡Home, pobres! Aos bancos, que son os voitres dos cartos de todos os traballadores, vámoslles pedir un crédito, pagamos a anualidade. Valoramos sobre 15 millóns de euros, pedimos un crédito a un banco —por suposto, non era un banco galego— e pagamos intereses cos cartos de todos os galegos. E o Concello non ten nin un só metro cadrado. Esa foi a política do Bipartito.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Castiñeira, terminou o seu tempo.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Remato, señor presidente.

Quérolles dicir que aos xestures, señor Bará —xa llo dixen máis veces—, deixáronos en quebra, cunha débeda de 284 millóns que equivale a máis de 3.000 vivendas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ese parque de vivenda pública que vostedes piden, que o deixaron en menos 3.000 vivendas coa débeda das xestures de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Mire, señor Castiñeira, aquí non vimos facer arranxos políticos, vimos facer política, non sei se o entende. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

De todas formas, paréceme estupenda a súa exposición porque, realmente, constata unha vez máis a inacción do Goberno do Partido Popular. Vostedes sempre se refiren ao Bipartito, ao goberno liderado por Emilio Pérez Touriño, pero esquecen que levan dez anos gobernando, ¡dez anos nos que non teñen feito nada!, ¡absolutamente nada! (*Aplausos.*) ¡Contarnos contos! Niso son uns especialistas, en contarnos contos.

Mire, vou seguir cos datos que estaba dando na miña primeira intervención. Vou acabar moi rápido, só me quedaba un. As contas do Igape. Os contos e as contas.





No apartado de transferencias e subvencións concedidas, resulta que no 2017 o Igape transfire 15,3 millóns de euros, e no 2018, 11,8; é dicir, 3,5 millóns de euros menos. En todos os datos que lle acabo de dar, a Xunta de Galicia cada vez aposta menos; menos, non máis.

Os socialistas consideramos que o apoio ao solo empresarial é fundamental para conformar o futuro dunha política industrial galega solvente e con novas alternativas. Entendemos que é necesaria e urxente —como xa se apuntou aquí tamén— a especialización dos parques empresariais, non deixar que neles sigan medrando toxos.

É totalmente imprescindible a capacitación profesional adaptada á demanda das empresas. Sabedes que hoxe en Galicia hai moitas empresas que non atopan man de obra especializada para poder incorporar nos postos de traballo.

A cobertura de banda larga hoxe en día, logo de dez anos de goberno do Partido Popular, segue sendo unha asignatura pendente dun tema que é fundamental para todas as empresas que se sitúan en parques empresariais. Tamén entendemos e solicitamos que a dependencia orgánica da xestión de todo o solo empresarial de Galicia, así como a xestión do solo de Galicia, Xestur S. A., debe estar radicada na Consellería de Economía, Emprego e Industria.

E mire, xa por último, señor do Partido Popular —perdón olvideime agora do seu apelido—, señor Castiñeira —grazas, señor presidente—... Señor Castiñeira, as declaracións do presidente da Autoridade Portuaria de Vigo —¿coñéceo, non?—, Enrique López Veiga, que ata onde eu sei é do Partido Popular, e nomeado polo Estado por proposta da Xunta de Galicia, manifestaba que o Porto de Vigo vai exercer o dereito de tanteo na subasta dos terreos privados nos que se atopa unha parte da factoría Vulcano. Gustaríanos saber se a Xunta de Galicia vai acometer todas as actuacións necesarias para que non se poidan cambiar os usos dos terreos de Vulcano que están en réxime de concesión.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas. Sobre as emendas, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Mire, hoxe traemos unha moción que debería ser respaldada por todos os grupos parlamentarios, na que solicitamos mínimos, mínimos, e que empecen a cumprir coas súas obrigas, que empecen a plasmar e a facer todo aquilo que prometen, que levan unha lexislatura, ata que parece que se vai poñer en funcionamento.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez.

¿Sobre as emendas?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Imos aceptar as emendas, tanto do Grupo Común da Esquerda como...

**O señor PRESIDENTE:** Acepta. Grazas, grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ¡Ah!, pois nada, de nada.

**O señor PRESIDENTE:** Grupo Común da Esquerda e Grupo Mixto. (Aplausos.)



Antes de proceder á votación, imos saudar os nosos invitados, alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do Centro Plurilingüe San Benito de Lérez, en Lérez, Pontevedra, que veñen acompañados dos seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Agora si, procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as mocións, neste caso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? Si. ¿Para que quere vostede a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Torregrosa, ¿foi vostede, non? ¿Acepta vostede a votación por puntos? *(Pausa.)* ¿Aceptaa? *(Asentimento.)*

Entón, ¿que puntos queren separar vostedes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, enténdinlles o primeiro punto por separado e o resto dos puntos xuntos. *(Murmurios.)* Manifestaran que vostede aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Entón, votamos o primeiro punto desta moción. Votamos.

*Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de Dª Julia Torregrosa Sañudo e Dª Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto de puntos desta moción. Votamos.

*Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de Dª Julia Torregrosa Sañudo e Dª Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego, agás o punto 1 xa votado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de dona Paula Quinteiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo



a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo.

Estaba pendente unha transacción. ¿Hai unha transacción? Se nola le, por favor.

*(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Coñécena todos os grupos? Perfecto.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ... [...] os puntos do 1 ao 4 e os outros...

**O señor PRESIDENTE:** Acepta a última votación por puntos. Votamos os catro primeiros puntos...

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** E o resto xunto.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos os catro primeiros puntos desta moción. Votamos.

*Votación dos puntos 1 a 4 da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da moción por 70 votos a favor.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos da moción. Votamos.

*(Prodúcense problemas co sistema de votación electrónica.)*

Ben, votamos a man alzada. Votamos a man alzada. Entón, estabamos votando o resto dos puntos da moción.

*Votación da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo, agás os puntos 1 a 4, xa votados.*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Votos a favor? (Reconto dos votos.) 32. ¿Votos en contra? (Reconto dos votos.) 38. En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Aceptábase o punto 5 como engádega do Grupo Mixto e o resto das emendas non se aceptaban. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! ¿Entón cambiou sobre a marcha? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? Eu entendinlle a vostede onte no debate que aceptaba o punto 5 como... ¿Cambiou? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Vale, pois votamos o que di a señora Prado. Votamos.

¿Si? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Acepta a votación por puntos? *(Negación.)* Non. Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa.*

¿Votos a favor? *(Reconto dos votos.)* 19. ¿Votos en contra? *(Reconto dos votos.)* 38. ¿Abstencións? *(Reconto dos votos.)* 13. En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Tiña eu aquí anotado que acepta as emendas do Grupo Común da Esquerda e do Grupo Mixto.

*(O señor Castiñeira Broz pide a palabra.)*

¿Para que pide a palabra, señor Castiñeira? *(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Acepta vostede...? *(Negación.)* Non.

Votamos tal como está a proposta.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia.*

¿Votos a favor? *(Reconto dos votos.)* 32. ¿Votos en contra? *(Reconto dos votos.)* 38. En consecuencia, queda rexeitada esta moción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Remataron as votacións. Poden abrir as portas.

Pasamos ao punto sexto, que é de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe**



**realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Común da Esquerda e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 31104)*

*Emenda de Adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:*

*«3.-En consonancia coas reivindicacións dos pensionistas das ultimas semanas, demandar do Goberno do Estado a derogación do factor de sostibilidade e o índice de revalorización das pensións.*

*4.-Exixir do Goberno central o establecemento por lei dun mecanismo de revalorización das pensións que asegure a súa actualización, cando menos o IPC».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 31104)*

*Emenda de Adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:*

*«1 bis.- Cara a acadar máis e mellores salarios para saír da crise, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para establecer un plan de loita contra a fraude laboral en colaboración coa Inspección de Traballo co obxectivo de impedir que contratos que debían ser indefinidos, se realicen como temporais».*

*Emenda de Modificación.*

*Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«2.- Solicitar ao Goberno central, en consonancia co avanzado no Pacto de Toledo, que se proceda a unha reordenación dos gastos da Seguridade Social cara a sanear o seu déficit, priorizando o pago das pensións e camiñando cara á eliminación das bonificacións ás cotizacións e ás denominadas tarifas planas, que pasarían a ser, no seu caso, financiadas a través dos Presupostos Xerais do Estado».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Quinteiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vai mirar o presidente a ver se pode abrir as portas. (*Murmurios.*)

Creo que funciona o micrófono. Silencio, que empezamos. O micrófono funciona, o tempo non, así que iremos avisando dende a Mesa.

Cando queira.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Como dicía, traemos unha iniciativa para falar do sistema público de pensións porque as pensións supoñen para moitas familias do noso país o seu sustento principal, arredor do 25 % da poboación galega é pensionista, pero, por desgraza, levan moitos anos vendo como cada vez foron perdendo poder adquisitivo. De feito, se botamos unha ollada aos datos, resulta moi alarmante comprobar que as pensións galegas son as segundas máis baixas do conxunto do Estado español. E esta realidade, que é moi alarmante, fai que moitas persoas non poidan chegar a ter un mínimo de ingresos suficiente para cubrir as necesidades máis básicas.

En setembro deste mesmo ano, a pensión media galega situábase en 848 euros, cifra que, obviamente, é baixa, pero trala cal se agochan realidades aínda máis preocupantes, porque se botamos unha ollada ás cifras, por exemplo, das pensións de viuvez, vemos como a media é de 601 euros, ou como a pensión media do réxime de autónomos é tan só de 597 euros mensuais. E tras estas cifras atópanse persoas que non poden pagar as condicións mínimas: a vivenda, a comida, as facturas, porque hai moitos fogares galegos que se sustentan unicamente con este ingreso, que é tremendamente baixo, e non só unha persoa, senón varias persoas da unidade familiar.

Como en todos os ámbitos da vida, tamén nas pensións a desigualdade de xénero está moi presente. De feito, nos últimos anos a fenda de xénero das pensións, lonxe de diminuír, cada vez vai en aumento.

As mulleres cobramos, de media, un 45 % menos que os homes nas pensións, o que fai que as mulleres galegas estean percibindo 4.000 euros menos ao ano que os homes, datos que son gravísimos e que teñen causas políticas, teñen causa nas decisións políticas que se tomaron nos últimos anos.

Porque as políticas de austeridade son políticas machistas. Porque a causa de que as mulleres teñamos estas pensións tremendamente máis baixas que os homes é porque o emprego das mulleres continúa a ter moitísimos peores salarios e, sobre todo, porque as administracións se desentenden de todo o traballo de coidados. Que se privatizen escolas de 0 a 3 anos, que non haxa prazas suficientes en centros de día e en residencias de maiores, que non se cumpra a Lei de dependencia, fai que sexan as mulleres as que teñan que encargarse de maneira gratuíta de todo este traballo de coidados. Por iso digo que rematar coa fenda das pensións é rematar coa fenda de xénero que hai no traballo e tamén rematar con esta falsa división do traballo chamado produtivo e reprodutivo.



Como dicía, as contías actuais das pensións están condenando á precariedade a moitas persoas do noso país, e que esteamos nesta situación tamén se debe ás decisións políticas dos últimos anos. As dúas últimas grandes reformas do sistema da Seguridade Social, a Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións, e a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre a actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, conteñen aspectos moi lesivos —levan os pensionistas pondo enriba da mesa cales son estes aspectos tan lesivos— que urxe, na nosa opinión, derrogar.

Pero, se falamos de pensións, tamén temos que falar de emprego, por iso, as dúas últimas reformas laborais tamén son causa directa desta situación. Cada vez que temos un debate sobre o sistema público de pensións, cada vez que un debate se coloca na axenda mediática, o problema é que o marco no que se establece o debate se manipula de maneira interesada. De repente, aparecen con forza mensaxes que falan de que a inviabilidade do sistema público de pensións, unha cuestión meramente técnica, se debe simplemente a que o aumento da esperanza de vida e a falta de aumento das cotizacións sexan elementos neutrais, que non dependen da vontade política de ningún goberno. Pero isto é totalmente falso, porque hai dous modelos: con un, é posible mellorar o sistema público de pensións; co outro, que é o actual, obviamente non se pode mellorar nin manter.

Dun lado, atópase —como dicía— quen aprobou estas dúas últimas grandes reformas laborais, estas dúas últimas grandes reformas do sistema da Seguridade Social, que simplemente deron un paso máis na precarización e na privatización de todos os servizos públicos. Do outro, atopámonos as que defendemos o público, entendendo que a única maneira de defender o público é defendendo un modelo de redistribución da riqueza moito máis xusto. Porque recursos si que hai, pero o problema é que cada vez están peor repartidos; cada vez a xente pobre é máis pobre e cada vez a xente máis rica acumula cantidades máis millonarias. Por iso —como dicía—, non compramos este esquema excesivamente simplista, que nos fala de que o único problema do sistema público das pensións é o alongamento da vida e a redución do volume de persoas en idade de traballar. Isto é certo, obviamente é certo, pero hai alternativas a pesar de ter este marco.

Como dicía, se falamos de pensións, temos que falar de emprego, porque o mercado laboral dos últimos anos se caracteriza por ser un mercado laboral tremendamente precario, cunha redución de salarios moi importante, coa aparición de novas figuras que condenan á explotación, aínda máis, aos traballadores e traballadoras, como poden ser os falsos autónomos e o emprego temporal. Obviamente, con este mercado laboral, con traballadoras e traballadores pobres, non se pode financiar o chamado Estado do benestar, pero hai, como dicía, outras alternativas, que son mellorar o mercado laboral, mellorar os salarios e rematar coa precariedade.

Porque a pesar de que si é certo que existe un déficit entre ingresos por cotización e pago das pensións e outras prestacións ao seu cargo, este déficit non se debe a un exceso do gasto, senón a unha insuficiencia dos ingresos, e aí é onde nós entendemos que temos que centrarnos. Falar de pensións é falar, en realidade, de moito máis que unicamente das pensións.



A mal chamada crise económica, a pesar dos discursos que se nos venden ultimamente de que xa saímos da crise económica e que xa todo vai ben, para o único que serviu foi para aumentar as desigualdades sociais, para acelerar as políticas de austeridade, que foron privatizando todos os espazos públicos, todos os servizos públicos, e para que as clases traballadoras tiveran, en definitiva, moito peores condicións de vida.

Aquí temos que escoitar sempre que a realidade do Partido Popular é que todo vai moito mellor, que estamos nunha fase alcista e que todo vai ben, que a crise xa se superou, pero a realidade é que máis de medio millón de galegos e galegas, ¡máis de medio millón!, un 18 % da poboación, viven por baixo do limiar da pobreza. E non só hai esta, que é a máis extrema, senón que a xente que non está por debaixo do limiar da pobreza dificilmente pode chegar a fin de mes cos salarios que hai. Hai moitos traballadores e traballadoras pobres, hai moita xente que ten que ter dous empregos, e incluso tres empregos, para poder asumir un salario co que manter as mínimas condicións. E, obviamente, a menor emprego, peores cotizacións, a peores salarios, obviamente, menores cotizacións. Como digo, a pesar do que nos contan, a realidade é que se botamos unha ollada ás cifras, os ingresos por cotizacións no ano 2013 eran moito máis elevados que os que temos na actualidade.

Nós quixemos traer esta iniciativa facéndonos eco das mobilizacións dos pensionistas do pasado día 16, mobilizacións que levan anos exixindo que se remate coa precariedade actual que teñen. Cremos que urxe que este Parlamento adopte un compromiso firme na defensa do sistema público de pensións, pero un compromiso firme, que vaia moito máis alá da declaración de intencións. Porque, realmente, se se quere defender o sistema público de pensións, o que hai que facer é un cambio radical nas políticas públicas dos últimos anos.

Defender o sistema público das pensións supón un cambio de todo o que se leva facendo nos últimos anos, supón derrogar as reformas laborais e os aspectos máis lesivos destas reformas do sistema da Seguridade Social. Falar en Galicia das pensións é falar do futuro, en xeral, do país, porque son moitísimas as familias que dependen unicamente das pensións. É unha cuestión central para os galegos e para as galegas.

Por iso, hoxe pedimos o apoio a esta iniciativa. Entendemos que debería ser apoiada amplamente. Pero se o Partido Popular e o Partido Socialista votan a favor desta iniciativa, tamén estarán verbalizando que fan unha emenda á totalidade de todas as políticas públicas que levaron adiante nos últimos anos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todos e a todas.





En relación coa proposición non de lei presentada sobre salarios e bases de cotización, que di que a Seguridade Social presenta un déficit de ingresos por cotizacións e pagos de pensións debida a unha insuficiencia de ingresos, estamos de acordo cos datos expostos na moción e coa necesidade de mudar as políticas de precariedade do Partido Popular. Temos que incidir en dúas medidas que implantou o Goberno de Pedro Sánchez cando se aumentou o salario mínimo interprofesional e a repercusión que tivo nas bases de cotización.

O Goberno de España aprobou, mediante real decreto, o incremento do 22,3 % do salario mínimo interprofesional, a maior subida en catro décadas. O citado incremento aumenta o nivel de vida das persoas peor retribuídas, como mulleres e xoves, e fomenta un crecemento salarial máis dinámico, en liña coas recomendacións internacionais e co incremento mínimo do convenio pactado polos interlocutores sociais no IV Acordo para o emprego e a negociación colectiva.

A alza do salario mínimo interprofesional —a maior das últimas décadas, como dicía— contribúe a garantir a sostibilidade do sistema da Seguridade Social. Reduce, ademais, a brecha salarial por xénero, afectando a un 56,7 % das mulleres fronte ao 43 % dos homes, e, en consecuencia, a brecha de xénero en pensións.

A subida do salario mínimo favoreceu o aumento dos ingresos por cotizacións da Seguridade Social do 8 % nos tres primeiros meses deste ano, mellorando a calidade de vida e a capacidade de consumo dos traballadores e das traballadoras.

Dixo o Partido Popular que esta medida ía destruír emprego e que ía acabar co país. Sen embargo, o que sucedeu foi un aumento de afiliacións na Seguridade Social de arredor dun 2 %. Os sectores en Galicia que foron máis beneficiados por esta medida do Goberno de Pedro Sánchez foron o comercio, a hostalería e os servizos.

A favor deste incremento, manifestouse o coordinador do Foro económico de Galicia, o señor don Fernando González Laxe, expresidente da Xunta de Galicia, que explicou que no primeiro trimestre a economía galega mostraba menos dinamismo que a española, alertando dun cambio de comportamento, cun forte descenso das exportacións. Sen embargo —dicía—, é a demanda interna a que sobe o PIB, grazas —segundo Laxe— ao maior consumo dos fogares promovido, entre outras cuestións, polo aumento do salario mínimo interprofesional.

Noutra orde de cousas, temos que incidir tamén na loita contra a fraude laboral, en colaboración coa Inspección de traballo, co obxecto de impedir que contratos que deberían ser indefinidos se realicen como temporais. Non só a ilicitude destes comportamentos é o que resulta preocupante, senón o prexuízo directo que está a producir nas persoas traballadoras que o sofren, que lles impón unha excesiva rotación de contratos de moi curta duración, impedindo o desenvolvemento da carreira profesional, como acontece cos contratos do Sergas, dos que tanto se fala neste Parlamento.

Está claro que a temporalidade é causa de desigualdade. A igualdade, ademais, vén recoñecida, como sabemos, no artigo 15 do Estatuto, que recolle igualdade de retribucións en contratos temporais e indefinidos, pero todos coñecemos casos nos que un contrato temporal



non percibe complementos que si percibe un traballador indefinido. A secuencia continuada de contratos supón tamén unha minoración da cotización á Seguridade Social por estes acontecementos que dicíamos, de pagar menos complementos.

Hai que resaltar outra medida do Goberno de Pedro Sánchez, que é a obrigaón de establecer o rexistro de xornada, que directamente aumentou as cotizacións da Seguridade Social porque agora as empresas teñen obrigaón non só de rexistrar as horas que se producen como exceso da xornada normal, senón toda a xornada de traballo; acontecendo que foi unha medida que produciu esa subida nas cotizacións dos traballadores e, por suposto, que vai beneficiar —como dicía a compañeira que me precedía no uso da palabra— as pensións.

Por iso, pedimos que, para acadar máis e mellores salarios para saír da crise, o Parlamento galego insta a Xunta para establecer un plan —xa termino— de loita contra a fraude laboral en colaboración coa Inspección de Traballo, co obxectivo de impedir que contratos que deberían ser indefinidos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...se realicen como temporais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días a todas e a todos.

Señorías, a Seguridade Social é talvez a institución central do Estado de benestar porque soporta as continxencias da cidadanía traballadora ao longo de toda a súa vida, desde o apoio ás prestación por nacemento, a continxencia por doenzas ou accidentes durante toda a vida laboral, as incapacidades e as pensións por xubilación. É, pois, o instrumento de solidariedade básico das clases traballadoras, o instrumento de solidariedade por excelencia ao longo da historia, e ao longo da historia, tamén, do Estado español dende hai máis dun século.

A Seguridade Social nútrese das achegas xeradas polas rendas do traballo, polo esforzo da cotización a consecuencia dese traballo, e sofre, polo tanto, os balanceos en función dos períodos económicos en canto estes afectan ao emprego. Canto máis emprego e mellores salarios, máis cotizacións e mellor saúde da caixa da Seguridade Social.

Sucede, sen embargo, que tras a última recesión económica, que tivo orixe financeira, non tivo orixe na conflitividade das relacións laborais, houbo unhas reformas laborais que foron consecuencia non da conflitividade laboral, nin das relacións laborais, senón dunha crise financeira. Polo tanto, sen relación causal entre unha cousa e a outra, pagaron as clases traballadoras, coa precarización que levaron as reformas laborais, esa recesión económica que tiña unha orixe financeira.



Unhas reformas laborais consecuencia de dúas políticas, de dúas reformas, levadas a cabo polo Partido Socialista primeiro e polo Partido Popular despois, que sumiron o mercado de traballo na actual e absoluta precariedade, creando unha sorte de ditadura da precariedade laboral. Precariedade laboral caracterizada, en primeiro lugar, pola temporalidade desde o ano 2014; unha temporalidade que no caso das mulleres acada un 80 %, son elas as que sofren esa temporalidade.

Uns baixos salarios, ese drama de traballar e non saír de pobres no que está unha parte significativa da poboación do noso país. Un 40 % reconece nas enquisas oficiais dificultades para chegar a final de mes; e segundo datos da Valedoría do Pobo, 160.000 fogares galegos quedaron excluídos da tarifa do último recurso estando dentro, como saben, polas dificultades administrativas para acceder a ela, e dámos idea xa soamente ese dato, incontestable e oficial, da situación que se vive en moitos fogares do noso país.

Un tempo parcial que acada, no caso feminino, o 80 % desde o ano 2014, coa consolidación da fenda salarial de xénero do 29 %, onde a conciliación supón, directamente, a renuncia laboral e recae sobre as mulleres nun 95 %.

Este é o panorama que nos deixan as reformas laborais. Se o PSOE —digo particularmente porque son emendantes e acaban de facer un discurso neste sentido— quere reverter realmente a situación e aumentar a calidade de vida, o primeiro que teñen que facer é comprometerse incondicionalmente coa derogación das dúas reformas laborais —e non dos aspectos máis lesivos, senón integramente das reformas laborais—, para acabar coa precariedade laboral neste momento e para acabar co desapoderamento que sufriron os sindicatos para defender as condicións colectivas de traballo como consecuencia destas reformas, e tamén de paso, aínda que non forma parte das reformas pero incide de forma directa e moi negativa no mercado de traballo, ilegalizar as empresas multiservizos, que son verdadeiras traficantes de man de obra escrava.

En Galicia vivimos, como consecuencia desta situación, unha verdadeira emerxencia social. A precariedade supón enganar a poboación, moitas veces, coas grandes cifras que nos poñen na tele, facendo pasar un gran número de ocupados por unha situación de emprego idílica. A ocupación con este tipo de traballos implica pouca cotización, porque desde a última recesión económica se produciu unha perda importante de horas de traballo, unha perda importante de horas de cotización, unha perda importante de masa de cotización por eses baixos salarios, todo o cal contribúe eficazmente a adelgazar a contabilidade da Seguridade Social.

A pregunta é se está en risco o sistema. O sistema está en risco, pero non porque os traballadores e traballadoras non fagan a súa parte. Os traballadores e traballadoras poñen a mao de obra para traballar, e traballan, pero os que non cumpren son aqueles que teñen uns beneficios exacerbados polo traballo que fan os traballadores e as traballadoras; é dicir, o Goberno e as grandes corporacións non fan a súa parte do traballo.

Nós pensamos que non é xusto que para disparar o beneficio empresarial se precaricen as traballadoras e traballadores e, aínda por riba, teña un efecto secundario —que é secundario



pero que é principal—, que é o desmantelamento económico da Seguridade Social, co que o neoliberalismo está especialmente contento. ¿Por que? Pois porque a desprotección social dun desmantelamento da Seguridade Social levaría á conversión do maior valor dos traballadores, que é a súa man de obra, en simple man de obra escrava, sen institucións de protección fronte ás continxencias da vida.

Por iso...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—remato xa— apoiamos esta proposición non de lei, porque entendemos que é positivo buscar a ocasión de xerar oportunidades de emprego, é necesario desterrar as medidas de fomento do emprego da mochila da Seguridade Social, e, polo tanto, medidas como as que se expoñen na proposición, como tarifas planas e bonificacións non deben prexudicar o conxunto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...da clase traballadora e deben recaer sobre o conxunto, o esforzo orzamentario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Eu quero empezar dicindo que as pensións son un dereito conquistado polo movemento obreiro con sangue, suor e bágoas. Non é nada concedido, non é froito de ningún pacto social acadado nos despachos, senón que é froito da mobilización e da loita constante da clase traballadora, (*Aplausos.*) e como tal conquista, está sendo obxecto de ataques desde hai tempo.

O ataque ao sistema de pensións vén de lonxe, e desde hai anos veñen prognosticando a súa creba, a súa insostibilidade, a dificultade de poder facer fronte ao orzamento que isto significa. Necesitan atemorizar a poboación en xeral, a opinión pública, presentándoas como inviables, para así ir facendo as reformas constantes que foron facendo, agochándose detrás desa teórica imposibilidade porque cada vez vivimos máis, porque cada vez hai que pagar máis pensións.

Reformas que foron totalmente na dirección de ir reducindo o importe desas pensións, un roubo descarado á clase traballadora, ás pensións actuais, mais dentro de todas esas reformas está implícita a rebaixa dos salarios, co cal tamén se está facendo un roubo ás pensións futuras, porque serán máis baixas.



Eu teño que lembrar que a reforma de 2011, imposta polo PSOE, aumentou a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos; incrementou o cálculo das pensións de 15 a 25 anos; introduciu o factor de sostibilidade; é dicir, elementos na deterioración sen paliativos das pensións. E logo a reforma de 2013, do Partido Popular, eliminou a actualización conforme ao IPC e entraron a saco na caixa das pensións; é dicir, todas elas medidas para ir dificultando as pensións e xustificar eses recortes permanentes.

No caso de Galiza, esta situación aínda é máis mesquiña, por así dicilo, porque temos os salarios máis baixos, co cal temos as pensións máis baixas do Estado español, só por detrás de Extremadura. A pensión media en Galiza é 150 euros máis baixa da media do Estado español, nunhas pensións que en moitos casos non chegan aos 600 euros ou rozan os 600 euros, como son as pensións de viuvez ou as pensións dos autónomos, o que demostra, evidentemente, unha perda de capacidade adquisitiva dos pensionistas e das pensionistas do noso país, e temos tamén que lembrar que en moitos fogares de Galiza é o único ingreso que entra.

Podemos falar, efectivamente, da fenda de xénero, que en Galiza se sitúa no 36 % menos. As mulleres pensionistas en Galiza que cobran unha pensión, cobran un 36 % de media menos que as pensións dos homes. Unha pensionista galega cobra sobre 357 euros menos ao mes que os homes, o que significa 5.000 euros ao ano. A min paréceme unha cifra realmente escalofriante. ¿Isto por que é? Porque traballamos máis a tempo parcial, non por escolla, senón porque son os únicos empregos que se lle ofrecen ás mulleres, porque temos máis temporalidade; porque o traballo das mulleres concéntrase nos traballos con menos ingresos, o 37 % do salario das mulleres non chega ao salario mínimo interprofesional, co cal, logo, as pensións dan este resultado: unhas pensións realmente de miseria.

En resumo, no BNG tamén nos temos ocupado e preocupado por esta cuestión, e tamén en moitas ocasións neste Parlamento. Son necesarias medidas que vaian totalmente na dirección contraria á que están indo.

Imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o Grupo Común da Esquerda porque, evidentemente, estamos de acordo con derrogar todas estas medidas: o factor de sostibilidade, que significa que máis anos menos pensión, e, desde logo, á parte de publicitar unha serie de medidas que non están permitindo a recuperación da perda de poder adquisitivo durante todos estes anos acumulados, hai que actualizalas, hai que reverter todas estas medidas que fan que en xeral os pensionistas, pero en particular os pensionistas de Galiza, estean nunhas condicións que non lles permiten levar a cabo unha vida digna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.



Estamos ante unha iniciativa que ten como obxectivo meterlle o dedo no ollo ao Partido Socialista unha vez máis. Efectivamente, o Partido Socialista tivo un cambio de discurso nesta materia cando decidiu posicionarse de forma distinta con respecto á derogación da reforma laboral que tanto reivindicaban cando estaban na oposición e da que se olvidaron unha vez que chegaron ao palacio da Moncloa. Aí están as declaracións na prensa de distintos cargos do Partido Socialista, que agora se abrazan á reforma laboral aprobada polo Partido Popular para facer fronte á crise.

É innegable que a reforma laboral do Partido Popular permitiu crear 2.700.000 postos de traballo, a razón de 500.000 empregos cada ano, e é evidente que a inestabilidade política que preconiza o Partido Socialista e o señor Pedro Sánchez devén sempre en desaceleración económica e en crise.

Sorprende que as Mareas de Podemos traian esta iniciativa, cando no pleno de hai quince días aprobabamos por unanimidade unha declaración institucional en defensa do sistema público de pensións, na que falabamos de incorporar o IPC como criterio principal, como criterio troncal, de revalorización das pensións.

O sistema nacional de pensións é unha das patas do noso Estado de benestar; un sistema contributivo e un sistema solidario que leva décadas en funcionamento; un sistema que é patrimonio de todos e que ninguén se pode apropiarse del; un sistema que ten grandes retos por diante, claro que si, e non asumilos é negar a realidade.

Temos un gran reto, que é o aumento da esperanza de vida, afortunadamente, no noso país. Iso supón que vai haber que pagarles a pensión aos nosos xubilados durante máis anos e que temos, necesariamente, a necesidade de incrementar o número de cotizantes para aumentar os ingresos do sistema. Hai que aumentar os ingresos para que o sistema sexa sostible, sexa viable.

O certo é que o sistema se puxo en risco no ano 2011, cando gobernaba o Partido Socialista. E ¿por que? Porque o Partido Socialista, neses anos de grave crise económica nos que nada fixo, permitiu que o paro se incrementase no noso país ata a destrución de tres millóns de postos de traballo. Os socialistas deixaron máis de cinco millóns de parados no noso país, e iso desequilibrou o sistema da Seguridade Social, desequilibrou o sistema de pensións.

A sustentabilidade da Seguridade Social e das pensións é unha cuestión crucial para o noso Estado do benestar. Sabemos que hai partidos que viven de intentar desprestixiar os nosos servizos públicos, pero temos un sistema de pensións que é un dos máis avanzados do mundo, un dos máis avanzados de Europa.

Desde o convencemento de que non todo debe formar parte do debate partidista, no ano 1995 púxose en marcha o denominado Pacto de Toledo, para tratar, precisamente, estas cuestións e consensuar as reformas que fagan viable este sistema.

Lamentablemente, hoxe veñen aquí cunha proposta, e veñen con esta proposta porque hai eleccións dentro de vinte días. Veñen con esta proposta porque vostedes e o seu partido, non



sei se segue sendo o seu partido, se son as Mareas de Podemos ou non o son, pero o partido irmán levantouse do Pacto de Toledo na última xuntanza e rebentou as negociacións para darlle continuidade a todo isto.

Mire, ¿que herdanza recibimos do Partido Socialista dos anos de Rodríguez Zapatero? Pensións conxeladas, iso fixo o seu socio; un sistema en números *rojos*, deixaron o país ao borde do rescate; e o que fixeron foi destruír millóns de postos de traballo. ¡Claro que o sistema se atopaba nunha situación de difícil sostibilidade!

¿Que fixemos nós? Nós, dende logo, nin conxelamos nin recortamos as pensións; evitamos o rescate, e, evitando o rescate de España, o que conseguimos é que no sistema de pensións nacional non pasase o mesmo que aconteceu noutros países como Grecia, Irlanda ou Portugal, que viron reducidas as pensións arredor dun 40 %.

Hoxe, grazas a estas medidas, en España hai máis pensións, hoxe hai un 8 % máis de pensións que no ano 2007, e hoxe hai pensións máis altas; máis pensións e máis altas. Hoxe aténdese a máis pensionistas que nunca, e nós podemos dicir que dende o ano 2007 o gasto en pensións contributivas se incrementou nun 53 %, pasando de 79.000 millóns no ano 2007 a 122.000 millóns no ano 2017. Utilizo os datos do 2017 porque son os datos da iniciativa plantexada polas Mareas de Podemos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Polo tanto, a herdanza recibida foi pensións conxeladas, esa é a realidade.

No período de Goberno do Partido Popular, as pensións revalorizáronse, a través do noso índice de revalorización, igual que o incremento do IPC, exactamente o mesmo, ¡exactamente o mesmo! Agora sorprende ver os señores do Partido Socialista reivindicar a última subida das pensións, ¿saben por que? Porque esa subida das pensións estaba nos orzamentos xerais do Estado que deixou aprobada o Goberno de Mariano Rajoy.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Rematou o seu tempo-

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Dende logo, nós temos un compromiso coa sostibilidade do sistema, a nós preocúpannos as pensións do noso país, pero tamén nos preocupan as pensións dos nosos fillos e dos nosos netos.

Creo que introducir este debate logo de aprobar unha declaración institucional no último pleno, cando estamos ás portas dunhas eleccións xerais, o único que busca é rapiñarlle un puñado de votos ao Partido Socialista, que eses si que conxelaron as pensións no noso país. O único partido, lástima, o Partido Socialista Obreiro e Español. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado. Rematou o seu tempo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.



**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas.

Aceptamos a emenda, que non o dixen antes, do Partido Socialista á nosa proposición non de lei, e a verdade sorpréndenos o discurso que levou aquí o Partido Popular. É verdade que o Partido Socialista —e nós tamén o temos dito— tivo cambios na súa posición, pero o Partido Popular, sinceramente, non queda moi atrás, porque foron os que mentres gobernaron foron directamente contra o sistema público de pensións, porque as reformas que aprobaron, conxuntamente, o único para o que serviron foi para precarizar máis o mercado laboral, para que as pensionistas teñan máis dificultades e máis precariedade, esa é a realidade.

Utilizan sempre o mesmo argumento: hai que aumentar o número de cotizantes. ¿E por que non fala de que o que hai que aumentar tamén son as cotizacións? Porque non serve de nada crear emprego cunhas condicións laborais de miseria. O que hai que crear é emprego de calidade, e o emprego creado nos últimos anos, grazas ás últimas reformas laborais, é precario, con salarios de miseria. Moita xente ten que traballar en varios empregos para ter un salario mínimo co que pagar a vivenda, as facturas, as cuestións máis básicas. Entón, hai que aumentar o número de cotizantes, pero sobre todo tamén hai que aumentar as contías das cotizacións, porque a peores salarios, obviamente —como dixen antes—, peores cotizacións.

Os únicos que utilizan as pensións e o sistema público de pensións para facer electoralismo son vostedes, ¡os únicos! E se non lles parece importante traer unha iniciativa cando os pensionistas están na rúa, cando levan anos reivindicando... Nós levamos moito tempo defendendo o mesmo, ¡o mesmo!

O Partido Popular e o Partido Socialista teñen moitas contradicións entre o que dixeron facer, entre o que din defender, entre o que aproban, incluso, en declaracións institucionais., ¡Ogallá decidan cambiar de rumbo radicalmente do que teñen feito nos últimos anos, en todos os anos de goberno! ¡Ogallá! Nós sumámonos, e alegrarémonos se defenden a partir de agora o sistema público de pensións. Pero a día de hoxe, ata o momento, o único que fixeron coas súas posicións políticas e coas súas reformas foi empeoralo, esa é a realidade. E ás contradicións entre o que din defender e fan, pois non lles gana ninguén.

Nin unha palabra dixo o señor Tellado de que cada vez hai máis pensionistas. E ¿por que non fala da contía das pensións? ¿Por que non fala de que cada vez, obviamente, hai máis persoas maiores en idade de cobrar unha pensión? ¿Por que non fala de que Galicia é a segunda comunidade con peores pensións de todo o Estado español? ¿Non lle parece absolutamente nada preocupante que esteamos á cola de pensións? Non lle parece tampouco nada preocupante, e todo é marabilloso, a pesar de que as mulleres pensionistas cobremos 4.000 euros menos de media anual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Iso parécelles marabilloso!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Iso é verdade. Cando é do outro lado, sempre se chama á orde e sempre se manda calar. Cando é da bancada do partido Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. (*Murmurios.*) Véxoo oportuno. Vamos chamar á orde a todos os que interrompan. Eu falo para todos. Empezamos a partir de agora.





**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** O que pasa é que sempre se empeza cando é do outro lado.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Eu acepto. A min parécese estupendo. A todo o que interrompa, chamámolo á orde. A ver cantos rematan o pleno.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Eu penso que hoxe ninguén o interrompeu, señor Tellado.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, silencio. ¡Silencio! ¿Imos empezar agora ou empezamos dentro dun pouco? ¡Silencio!

Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Remato. Non me quedou moi claro o que vai a facer o Partido Popular, pero, fagan o que fagan, o que está claro é que co seu discurso non teñen ningunha vontade de cambiar a medio prazo as políticas que defenden. O único que defenden é o sistema privado, privatizar absolutamente todos os servizos públicos: empeorar o emprego, crear máis e máis precariedade cada día, ningún tipo de vontade de rematar coa fenda de xénero que existe en todos os ámbitos da nosa vida, e de maneira especialmente importante nas pensións. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46906).*

*Emenda de modificación.*

*O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*<<1) En relación coas peaxes da AP-9:*

*a) O establecemento nas peaxes da AP-9 dun desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, tanto en días laborais como festivos.*



*b) A asunción con cargo aos seus orzamentos, da maneira plurianual que se determine, o financiamento das obras de ampliación da capacidade da AP-9, evitando así a suba anual acumulativa das peaxes do 1 % durante vinte anos recollidas no Protocolo asinado pola entón ministra de Fomento Ana Pastor e Audasa o 26 de decembro de 2012».*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 6º, que terá o seguinte contido:*

*«6º. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que estableza nas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57 e AG-55 un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, tanto en días laborais como festivos».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Antes do desenvolvemento dos detalles desta PNL, permítanme facer un plan de reflexións xerais que teñen que ver con ela.

En primeiro lugar, quero deixar claro que este grupo parlamentario trae unha proposición non de lei que pide o mesmo que se negociou co Goberno de Mariano Rajoy en marzo do 2018 e que se ía executar cos orzamentos de 2018, aprobados tamén co Goberno de Mariano Rajoy, pero unha infame moción de censura levou a Pedro Sánchez ao Goberno e, por desgraza para Galicia, eses investimentos previstos no orzamento do 2018 quedaron anulados.

Estas demandas podían executarse porque había orzamentos, estaban acordadas, e ademais porque as pode facer un Goberno en funcións ou sen funcións. Son dezaoto meses sen facerse.

Segunda reflexión. Estamos no Grupo Parlamentario Popular profundamente preocupados co incumprimento reiterado que o Goberno presidido por Pedro Sánchez ten con Galicia en investimentos que son especialmente importantes para Galicia. Falamos xa neste pleno en materia enerxética e de emprego. Alcoa ou As Pontes necesitan certezas dun Estatuto de electrointensivas xa e necesitan certezas en medidas fiscais xa, non máis paos nas rodas.

Tamén levamos meses escoitando escusas e mentiras por parte do Goberno Socialista en Madrid no relativo aos pagos das entregas a conta, pero o certo é que a día de hoxe non se pagou un só euro dos 700 millóns de euros que lle deben a Galicia. Moita propaganda electoralista, mediática, pero, pagos na conta de Galicia, ¡cero euros deses 700 millóns!

Tamén preocupados polos temas de investimentos e incumprimentos reiterados en temas de infraestruturas, por non falar do AVE, obra estratéxica. Cando chegou ao goberno Pedro



Sánchez, hai dezaseis meses, dixo que os prazos comprometidos por Mariano Rajoy eran posibles e se podían facer. Hai dezaioito meses dicía que era posible ter rematadas as obras do AVE a finais do 2019, e en probas, con todas as medidas de seguridade, no 2020. Pois temos que escoitar estes días ao Delegado do Goberno falando do 2021, incumprindo as súas propias promesas, o que hai dezaseis ou dezasete meses dicían que era posible cumprir.

Tamén con outras licitacións, como o enlace orbital en Santiago, a variante exterior de Ourense, a estación intermodal ferroviaria da Coruña, todo con fotos, dicindo que se ía licitar desde abril, porque claro, había elección en abril, pero seguimos sen elas, a pesar de que están orzamentadas por Mariano Rajoy e a pesar de que era posible executalas nestes dezaseis meses.

Por suposto tamén, incumprimentos na AP-9, como no resto das cousas que levamos falado. Xa o outro día levamos á Comisión 2ª —o meu compañeiro Alberto Pazos— a supresión da eliminación das peaxes de Redondela que estaban comprometidas e as obras compensatorias, que para máis... Xa non sei como cualificalo. Xa dicía o outro día o señor Pazos que estas non as ten nin que pagar o Goberno, son obras compensatorias que ten que pagar Audasa, o único que hai que facer é exixirlle á concesionaria Audasa que as faga, en nin iso, ¡nin iso! Tamén están recollidas nesta proposición non de lei. En calquera caso, esperamos que tamén se aprrobe por unanimidade, como se fixo o xoves pasado.

No 2017 creouse unha comisión de seguimento entre a Xunta de Galicia e o Ministerio para o seguimento da AP-9. Xa sei que non lles gusta que o recorde e que falemos disto, ¡xa sei que non lles gusta!, pero xa tivo catro encontros esta comisión e importantes avances para Galicia. Non lles gusta que o recorde, pero un principal é que tiñamos un acordo do Bipartito, de Touriño con Zapatero, que pagabamos os galegos a bonificación das peaxes dunha obra de Fomento: 400 millóns de euros, ata finais da concesión, no tramo A Coruña-A Barcala e O Morrazo-Vigo. Pois iso evitouse agora, e paga integramente esa bonificación o Goberno central. Estas son as cousas que esa comisión, da que non lles gusta falar, foi acordando.

Na última, co señor Pedro Sánchez, o 13 de novembro, plantexóuselle tamén a necesidade de suavizar esas subidas extraordinarias das peaxes previstas por unha obras que se cargan a peaxes en vez de aos orzamentos. Unhas peticións que facemos nesta proposición non de lei que entendemos que non son desproporcionadas, nin nada que non se estea dando a outras comunidades autónomas por este Goberno de Pedro Sánchez. Nin tampouco é esta a proposición non de lei para pedir a transferencia da AP-9, que xa se pediu, e xa votamos tres veces co voto maioritario do grupo maioritario do Partido Popular. Senón que lles pedimos uns primeiros pasos para a rebaixa de peaxes, pedimos unhas bonificacións realistas e posibles, xa acadadas e orzamentadas, e pedimos que se cumpra coas obras que xa estaban acordadas, proxectos feitos, e nalgún caso xa aprobada a licitación por parte do Goberno. Que se execute iso. Non pedimos grandes cousas, senón o que xa está comprometido.

Obras como a de Alfonso Molina na Coruña, como o enlace orbital en Santiago, que nas últimas eleccións, en abril, tiveron o descaro de aprobar a autorización da licitación, e seis meses despois, non sei cantos meses levamos con ela aprobada, o único que hai que facer é mandalo ao BOE, e non o fixeron. E orzamentada no 2018 por Rajoy, 20,8 millóns de euros.



O nó de bombeiros en Pontevedra, as obras compensatorias de Chapela das que falabamos antes, a integración urbana en Vigo ou a liberalización comprometida de peaxes entre Rondonela-Vigo, son cousas xa negociadas, xa pedidas, xa orzamentadas, que incluimos e que queremos recordar, porque levamos dezaseis meses esperando por elas. E, como non, que esas obras non se fagan repercutindo en subas de peaxes para os usuarios. Porque, mentres noutras autoestradas están baixando esas peaxes, nós tivemos que empezar a pagar ese fatídico acordo —sei que non lles gusta que o recorde—, aquel decreto de Zapatero e Blanco, corenta e oito horas antes das eleccións, que cargaba as obras de ampliación de Rande e da circunvalación de Santiago ás peaxes, que foi o que se acordou en 2011. Non dixeron como se ían pagar. Dicían que iso o explicarían despois das eleccións. ¡Claro, era á conta das peaxes!

En calquera caso, ao voceiro socialista gústalle recordarme que no 2013 houbo un segundo decreto, que era unha addenda para unhas bonificacións para ir de volta. Pero permítame, señor voceiro socialista, que lle traia e lle recorde tamén un terceiro decreto (*O señor Fernández Prado amósalle un documento á Cámara.*) que é do 29 de outubro de 2018 —hai nada—, firmado polo señor José Luis Ábalos Meco, que non fala do decreto do 2013. Di: «Modificación e addenda do Real decreto de 2011». ¿Sabe cantas veces fala do decreto do 2011 este decreto de hai uns meses? Seis veces. ¿Sabe cantas veces fala do decreto —do que fala vostede— de Ana Pastor? Cero. ¿Por que? Porque non ten nada que ver. O decreto de verdade foi o que fixo Blanco, e o que permite cobrar esas peaxes está firmado por Ábalos e por Zapatero, e é de outubro do ano pasado.

Dígolle máis. O último que fixo o goberno socialista de Zapatero foi aprobar o pago das obras contra as peaxes, e o primeiro que fixo o goberno de Pedro Sánchez foi autorizar o cobro. Porque nos sete anos de goberno de Mariano Rajoy non pagamos esas peaxes. Si foi este decreto de outubro de 2018 o que permitiu que se empezasen a pagar esas obras, e por iso tivemos un aumento de case seis puntos en catro meses, porque se confirmou o que xa Blanco planificara e que concretou o señor Ábalos. Mentres tanto, baixan e rescatan as autoestradas noutras comunidades, baixan as peaxes noutras autoestradas, bonifican esas autoestradas. E nós temos que seguir pedindo o que xa estaba orzado.

Falaba antes o meu secretario xeral e voceiro, e comentaba o cambio de postura. Quero recordarlles que hai nada, cando estaban na oposición en Madrid, dicía Gonzalo Caballero —26 de outubro— (*O señor Fernández Prado amósalle un documento a Cámara.*): «Estas subidas non se deben de pagar coas peaxes, hai que facelas por mecanismos presupostarios». Aquí o teñen, do 26 de outubro. E uns meses máis tarde, o 5 de xaneiro (*O señor Fernández Prado amosa outro documento.*), o señor Leiceaga dicía: «*Estos están lejos de la realidad con el peaje de la AP-9, e insistimos a Fomento que asuma el coste de las obras para que no repercuta en los usuarios, que se puede hacer presupuestariamente*». Uns meses despois xa vemos que se cargan ás peaxes.

¿Que é o que pedimos? Vostedes rinse habitualmente das rebaixas das peaxes da Xunta de Galicia, rinse e fan burla. Pero, polo menos, ¡que fixeran iso!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Fagan iso nas estatais. O único que lles pedimos é que sigan o exemplo do que está facendo a Xunta de Galicia, que é —a vostedes pareceralles pouco ou moito— rebaixar as peaxes e bonificalas para os usuarios. É isto o que pedimos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...que faga igualmente o Goberno de Madrid.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández Prado, ¿sabe o que é infame?, ¿sabe o que foi infame? A sentenza da Gürtel, que foi o que provocou a moción de censura. *(Murmurios.)* ¡Iso si foi infame para a democracia deste país! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ¿Xa entrou en vigor, señor presidente, a amoestación en cada intervención allea ao que se está a falar neste pleno ou pode seguir con normalidade?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Eu creo que pode vostede continuar...

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Agradézollo.

*(O señor presidente, Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** En todo caso, con eses fantásticos orzamentos do ano 2018 é certo que vostedes poden dicir que o ían solucionar todo; no fin de contas, como non houbo que executalos na súa totalidade, pois contemplaban todo. ¿Incluso contemplaban a eliminación da peaxe Vigo-Redondela? Non, porque como dixo o señor Pazos na Comisión 4ª a semana pasada, o propio ministro —nun alarde de sinceridade— dixo que ía ser complicado proceder a esa redución dentro do contexto económico e orzamentario que había. Esa é a realidade.

Pero, miren, ¿saben cal é o pecado orixinal de toda esta situación? A privatización da AP-9 ata o ano 2048. E practicamente a totalidade das actuacións que teñen que ver con estas peaxes teñen un responsable no Goberno, que é o Partido Popular. En primeiro lugar, houbo unha supresión da rebaixa do 7 %, levada a cabo polo ministro Montoro, mediante a aprobación do Real decreto lei 20/2012. Despois aumentouse o IVE do 18 % ao 21 %, tamén no ano 2012. É certo que houbo un real decreto no ano 2013 con ese convenio que fixera un goberno socialista, pero é que despois foi ratificado por un convenio asinado xa por un goberno



do Partido Popular no ano 2012. É dicir, que foron basicamente os gobernos centrais do Partido Popular os que decidiron as subas extraordinarias das tarifas da AP-9, esas polas que, na actualidade, o Partido Popular tanto se escandaliza.

Agora resulta que, oito anos despois de que asinase ese novo convenio a ministra Pastor, descubriron o que se chamaba a «letra pequena» do convenio. Calou durante os sete anos do goberno de Rajoy. Vostede falou de fotos. Recordará vostede a foto da inauguración da ponte de Rande cando aínda non estaba concluída para —digamos— publicitar, naquel momento, unha obra que estaba sen rematar. E vostedes falan de fotos. ¡Teñen moita tendencia neste pleno a falar de fotos!

Pero o goberno de Mariano Rajoy aprobou e concretou os mecanismos para a ampliación con Audasa, tal e como se pode comprobar nese protocolo asinado no mes de decembro de 2012 pola ministra Ana Pastor e a empresa concesionaria. Daquela estaban moi contentos tanto no Goberno do Estado como no Goberno da Xunta de Galicia. O Goberno do Estado dicía —na nota de prensa— que «a partir deste protocolo se tramitarán senllos convenios para o desenvolvemento dunha serie de obras e para a rebaixa da peaxe, e que, en virtude deste acordo, a sociedade concesionaria realizará coa máxima dilixencia as actuacións para iniciar as obras de ampliación da AP-9 en Santiago de Compostela e no contorno de Rande previstas no anterior convenio». Naquel momento, o señor Hernández, hoxe presidente do Consello Económico e Social, dicía que ese protocolo do 2012 asinado pola ministra Pastor era o froito dun traballo intenso desde había un ano por parte da ministra de Fomento e explicaba que o obxectivo era mellorar o real decreto da etapa final do Goberno Socialista, que incluía as ampliacións de Rande e a circunvalación de Santiago. Resulta máis que evidente que para mellorar é preciso cambiar o anterior convenio. Pero estou convencido de que vostede leu o convenio que asinou a ministra Pastor e sabe perfectamente o que di tamén nesa letra pequena, é dicir, ese novo protocolo entre a sociedade concesionaria e o Ministerio de Fomento que adaptaba en maior medida as futuras demandas de transporte de todo o corredor ás necesidades dos usuarios. E, en desenvolvemento dese protocolo, dicían que «hoxe xa non falamos de palabras nin de manifestacións, estamos falando de feitos».

Señor Fernández Prado, dicía o señor presidente da Xunta que o Goberno da Xunta de Galicia adoptaba unha posición de servizo, non servil. ¿Cal era a posición que adoptaran vostedes antes con respecto ao Goberno? Pois, voullo dicir. No ano 2017 vostedes votaron en contra dunha proposición non de lei deste partido na que pediamos que se recuperara a redución de tarifas que suprimiu o Real decreto lei 20/2012 e que se asumiran con cargo aos orzamentos as obras de ampliación da capacidade da AP-9. E vostedes votaron en contra porque nese momento gobernaba no Estado o señor Mariano Rajoy. Tamén votaron en contra dunha proposición non de lei que tamén fixo este grupo na que se pedía o 50 % da redución das viaxes tamén nas autoestradas de titularidade autonómica.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Remato, señor presidente.

De aí o contido da nosa emenda. E estou practicamente convencido de que vostedes van apoiála...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...porque vostedes si que son de manter un criterio de forma constante ao longo do tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días de novo.

Señor Fernández Prado, permítame, ao fío das súas reflexións, trasladarlle dúas.

Fala da infame moción de censura, que é un mecanismo constitucional do artigo 113. E, dado que esa moción de censura tivo como desencadeante unha sentenza, a famosa sentenza do caso Gürtel, gustaríame que cualificase esa sentenza aquí cando teña a oportunidade de pechar a súa intervención. Dígoo por enriquecernos todos a nivel lingüístico.

En segundo lugar, tamén fixo un comentario previo sobre o financiamento, sobre os cartos que non viñan e o uso electoralista. Nós, hai xa dous meses, propuxémoslles un debate monográfico nesta Cámara sobre ese tema, para un pronunciamento parlamentario e incluso para que todos achegásemos solucións; solucións que non fosen de parte ou que non fosen parches e que solucionasen definitivamente esa cuestión. Nós, por exemplo, propuxemos — e está pendente de que estea dispoñible para tratar nesta Cámara— a modificación da lei do Goberno, para que, en situacións como a presente, non haxa problemas de financiamento. Queremos saber se é que vostedes viven máis cómodos no vitimismo electoralista e —polo tanto— prefiren deixar as cousas así ou se realmente teñen vontade política de traelo á Cámara para solucionalo agora e para sempre. Entón, se iso é así —xa que fai a reflexión—, pois pode contar con nós; se non, evidentemente, non.

E por seguir cos comentarios de texto da súa proposición, comeza vostede dicindo na exposición de motivos que a autoestrada da AP-9 é unha autoestrada de peaxe de 217 quilómetros de lonxitude, integrada na Rede de estradas do Estado. Esta autoestrada, de titularidade estatal, abarca unha parte moi importante do territorio galego e é a vía vertebradora do país e tal... Moi ben, mire, con esas afirmacións estamos de acordo, á parte de que vostede ten coñecementos técnicos en materia de ordenación do territorio, pero explíqueme, na quenda de peche, por que o Partido Popular aprobou unha lei de estradas do Estado —no Goberno da era Rajoy— que contiña, como anexo segundo desa Lei de estradas do Estado, a construción dunha autovía denominada A-57, co nome de «Autovía do Atlántico» e cun trazado entre A Coruña e O Porriño. Explíqueme por que. Porque, se xa temos esta AP-9 con estas características, ¿para que necesitamos unha autovía en paralelo? Claro, entón díganos o porqué. ¿Sabe o que pasa? A A-57... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdoe?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Non, non! Continúe.



**O señor VILLARES NAVEIRA:** A A-57, na súa construción, no seu desenvolvemento pleno, trazará unha liña en paralelo a esta AP-9 cun custo aproximado de entre 1.200 e 1.500 millóns de euros. ¿Non é un pouco de despilfarro para os tempos que corren —ou para calquera tempo, pero sobre todo para os tempos que corren—? Gustaríame, xa que fai esta definición, que aproveitase o peche —xa que estamos falando de infraestruturas, e de infraestruturas vertebradoras— para dicir cal é a utilidade desa infraestrutura.

No terceiro parágrafo fala vostede, como gran mérito do Partido Popular, da comisión de seguimento da AP-9. A comisión de seguimento —queremos lembralo aquí tamén— é un testemuño indeleble dunha vergoña, a vergoña de que o Partido Popular se negase nin sequer a debater —xa non a aprobar, senón a debater— no Congreso dos Deputados na anterior lexislatura a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, que era reclamada de forma unánime por este Parlamento. Esta situación de veto —e de voto, que contou co voto favorable deses doce deputados e deputadas do Partido Popular— é o que xustifica que, en vez dunha transferencia, teñamos unha «comisionciña», cando o que tiñamos que ter é a transferencia. E hoxe, se acaso, esta demanda que vostede pon aquí na parte dispositiva a quen lla teríamos que dirixir non sería ao Goberno do Estado senón ao Goberno da Comunidade Autónoma, titular unha vez que se producise esa transferencia. Eu pregúntome —e quero que vostede conteste— por que razón temos que estar contentos cunha comisión cando realmente é consecuencia do veto ao traspaso decidido unanimemente por esta Cámara. E pregunto se, en termos democráticos, en termos de descentralización do Estado e en termos de consolidación do noso autogoberno, non sería algo mellor a transferencia que non esa comisión que vostedes veñen aquí agora a reivindicar, ¿non? Ou sexa, reivindicana cando o que deberían reivindicar é o levantamento dese veto e, polo tanto, a transferencia.

Na parte dispositiva fíalle vostede a súa petición ao Goberno do Estado. Podíamos estarlla pedindo á Comunidade Autónoma. Podía o PP estar pedindo ao Goberno da Xunta de Galicia que fixera isto mesmo. Pero, para iso, faría falta ter a competencia. E non temos a competencia porque vostedes a vetaron. ¡Home!, pois situemos ben o debate.

O outro día dixen na Comisión que, efectivamente, este era un dos clásicos populares do Partido Popular, ¿non?, cando non gobernan no Estado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—si— con esta cantilena.

En canto ao financiamento das obras do seguinte punto da parte dispositiva, o mesmo conto. Podíasele exixir ao Goberno da Xunta de Galicia que exixise de Audasa iso se tivéssemos a transferencia, e non a temos; non a temos porque vostedes votaron en contra. Logo, ¿de que estamos falando aquí?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato xa. Nada, moitas grazas.





**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Nós votaremos a favor da proposta porque estamos de acordo con ela; pensamos que é insuficiente, pero estamos de acordo con ela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Fernández Prado, fixo vostede un exercicio de memoria pero fixo un exercicio de memoria selectiva. A vostede esquecéronlle moitas cousas polo camiño porque a historia da AP-9 —non nos cansaremos de repetilo— é a historia dunha grande estafa que é responsabilidade compartida dos dous partidos maioritarios, pero principalmente do Partido Popular. ¿Ou vostede non lembra que foi o Partido Popular quen, no ano 2000, privatizou Audasa? O señor Aznar. ¿E vostede non lembra que foi o Partido Popular, tamén o señor Aznar no ano 2003, o que ampliou a concesión ata o ano 2048, vinte e cinco anos máis, estando de conselleiro de Obras Públicas do Goberno galego o señor Feijóo, que dixo «amén»? Esa parte da historia a vostede non... ¡aí está a raíz do problema!, a raíz de que teñamos que estar vinte e cinco anos máis pagando unhas peaxes abusivas mentres outras estradas desta mesma xeración, como a estrada entre Burgos e Armiñón ou a A-7, entre Tarragona e Alacant, van quedar... Ben, a de Burgos xa quedou libre de peaxe e a de Alacant-Tarragona vai ser gratuíta o ano que vén. Esa é a cuestión: vostedes estiveron favorecendo sistematicamente a concesionaria e son cómplices de todas as decisións, —igual que cando lle tocou ao Partido Socialista— de todos eses abusos, de todas esas prebendas á concesionaria.

E tamén son vostedes responsables dunha grande aldraxe a este país e a este parlamento como foi que se aprobase aquí, ata en tres ocasións neste mandato, a transferencia da AP-9 e que vostedes impedisen a tramitación por parte do Parlamento do Estado. É responsabilidade do Partido Popular. E aínda veñen aquí darnos leccións de historia. Pois tomen nota da historia e da súa responsabilidade. A realidade é que a concesionaria foi favorecida polos gobernos de turno, por un e por outro; e aí está o tesouro de Rande, efectivamente, o gran negocio multimillonario que lle vai permitir recadar ata 2048 —dino as contas da propia empresa—, nada máis e nada menos que 14.556 millóns de euros, dos cales un terzo serán beneficios. E por iso recada máis de corenta millóns cada ano a empresa concesionaria, grazas a estas prebendas e estes privilexios, aprobadas polo Goberno socialista en 2011 con ese convenio que asinou o señor Pepe Blanco e ratificadas, punto por punto, pola señora Ana Pastor o ano seguinte, cando asinou un protocolo e despois o conseguente convenio, ratificado polo Partido Popular.

E a vostedes, ¡claro!, parécelles tan mal ese convenio pero, cando estaban gobernando, resulta que foron alí facerse as fotos da primeira pedra da ampliación da ponte de Rande, da ampliación da autoestrada en Santiago. E tiveron moita présa tamén para abrir ao tráfico no último



día do ano do 2017 a ponte de Rande, precisamente para que Audasa puidese cobrar a suba da peaxe, que despois lle aprobou o Partido Socialista. Ese foi o papel do Partido Popular.

E que veñan agora exixir a gratuidade entre Redondela e Vigo está moi ben, pero puideron facelo cando gobernaron, porque a señora Pastor aprobou un convenio no ano 2013. ¿Por que non incluíu aí a gratuidade entre Redondela e Vigo? Porque ademais —léolle un titular de prensa—: «O Partido Popular de Galicia vota en contra de suprimir a peaxe en Redondela». Historia tamén. Isto foi o 9 de marzo de 2012 neste parlamento por unha proposta do BNG, que o Partido Popular votou en contra no 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e no 2017 gobernando o Partido Popular ... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** ... e non quitaron a peaxe de Redondela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Entón, ¿de quen é a responsabilidade desta situación? Polo tanto, non veñan aquí dar leccións de nada, non veñan dar leccións de nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Di o señor Fernández Prado que tomemos exemplo do que está facendo a Xunta de Galicia nestas ocasións, e permítanos que non asumamos ese exemplo porque vostedes non son exemplo absolutamente de nada. O seu exemplo é eliminar as peaxes entre as doce e as seis horas da mañá, que saben que é unha política de maquillaxe que non solventa ningunha problemática e non dinamiza de ningunha maneira o desenvolvemento económico e social; só serve para facer propaganda. O exemplo da Xunta de Galicia é propoñer que a peaxe que se elimina en Redondela a paguen o resto de usuarias en vez de Audasa. Esa é a posición que vostedes defenden e que a nós non nos parece correcta, xa que cremos que debería ir da conta de Audasa. O exemplo da Xunta de Galicia é que no día de hoxe segue a peaxe de Redondela, non mudaron absolutamente nada. E o exemplo da Xunta de Galicia é votar a transferencia aquí neste parlamento, bloquear a transferencia en Madrid e saír nos medios de comunicación dicir que o Ministerio de Fomento se porta moi ben con Galicia e que todo está moi ben. Ese é o exemplo que vén dando o Partido Popular nesta cuestión. Polo tanto, entendan que nós non respaldemos a súa propaganda, o seu exemplo de propaganda, e que defendamos que se busquen solucións reais dos problemas da cidadanía.

Falaba o señor Tellado de que a nosa iniciativa das pensións, que era electoralista cando neste momento sabemos a problemática que hai coas pensións, que están as pensionistas



mobilizándose nas rúas, pero o señor Tellado entende que cunha declaración institucional está absolutamente todo resolto e que non é traer unha iniciativa electoralista. ¡Pois xa me dirá vostede o que é esta iniciativa, señor Fernández Prado, se isto non é unha iniciativa electoralista! Hai unhas eleccións dentro de nada, non sabemos o goberno que se vai conformar —agardemos evidentemente que non estean vostedes—, pero no caso de que estean vostedes, ¿despois que van facer? ¿Van agocharse como fixeron sempre que estaba gobernando o Partido Popular no Congreso? E dirán que non pasa nada e que está todo ben aínda que non fagan absolutamente nada de todo isto, como estiveron facendo durante os seis anos que gobernou Rajoy no Congreso; estiveron aquí caladiños, servís, sen exixir absolutamente ningunha destas medidas.

Evidentemente que hai que facer xustiza coa cidadanía diante da estafa da AP-9. Evidentemente que a cidadanía de Chapela e de Teis sofre un agravio comparativo. E claro que levan moitísimos anos ninguneados pola administración, no último ano, no anterior, no anterior, no anterior e no anterior, durante todos os anos de Mariano Rajoy estaban nesta mesma situación, exactamente nesta mesma. Dende logo que é unha inxustiza absoluta o que vostedes fixeron con ela e, evidentemente, hai que solventalo. Pero hai que solventalo cando goberna o PSOE, pero tamén cando goberna o Partido Popular, exactamente igual. Hai que solventalo da mesma maneira, e vostedes nin o solventaron nin o exixiron, nin o solventaron nin o exixiron cando vostedes gobernaban no Congreso e gobernaban tamén aquí na Xunta. Por iso é que lles temos que recriminar a súa actitude hipócrita que «onde dixen digo, digo Diego», e nunha ocasión votan unha cousa, noutra ocasión votan outra, nunha ocasión recriminan ao goberno e noutra ocasión agóchanse e din que o Goberno central se porta fantásticamente ben. Son vostedes o partido propaganda, ¡nada novo!, son como a leña verde, todo é fume, nada detrás. Detrás o único que hai é abandono absoluto de todas as responsabilidades e defensa dos poderosos. Esa é a realidade que hai detrás da propaganda, iso é o que agochan vostedes detrás de toda esta pirotecnia e esta propaganda.

A veciñanza de Chapela leva, efectivamente, moitísimos anos agardando por estas medidas que vostedes non foron quen de solventar. Gustaríame, señor Fernández Prado, se na súa réplica nos pode explicar, se para vostedes é todo isto tan importante, por que non o fixeron durante os anos que gobernou Rajoy no Estado e vostedes gobernaban aquí. Pois se pode explicar por que non foron capaces de facelo en seis anos, se foi incapacidade ou se é que nese momento tiñan outra posición, pois tamén estaría ben que nolo dixera.

Tamén queremos que nos aclare se vostedes, efectivamente, defenderon que a eliminación da peaxe de Redondela vai a cargo dos usuarios e usuarias, é dicir, a cargo de toda a cidadanía de Galicia, e non a cargo dos enormes beneficios de Audasa, porque, no día de hoxe, aínda non nos aclararon nesa comisión de seguimento —que tan ben lles parece— cal é a posición que defendeu a Xunta de Galicia aí, nun exercicio mínimo de transparencia, para saber que é o que estaba defendendo o Goberno galego; se o goberno defendeu isto ou defendeu outra cuestión. Porque, evidentemente, a conta de Audasa é unha auténtica infamia, ¡iso si é unha auténtica infamia!: máis de corenta millóns de euros ao ano de beneficio por unha xestión que poden realizar nenos e nenas de primaria; se é facilísimo, se é moi sinxelo de xestionar a autoestrada AP-9. Pero hai unha xente que se está embolsando en beneficios máis de corenta millóns de euros dos galegos e das galegas con esta xestión, despois da privatización de Aznar, do regalo de Aznar que hipotecou o futuro dos galegos e das galegas.



E para rematar, dicir que o importante nesta cuestión é recuperar a AP-9 para o público,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CAL OGANDO:** ...non se xustifica que siga privatizada e que nos siga custando todos estes cartos aos galegos e ás galegas. Polo tanto, hai que defender...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**O señor CAL OGANDO:** ...a reconversión para o público e a transferencia para Galicia da AP-9, que ese é o tema central e importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal.

Para a quenda de peche ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Señor Álvarez, sei que é difícil o papelón, sei que ten que ter poucos argumentos para que un representante do partido con máis condenados por corrupción xustifique unha moción de censura cos independentistas nunha sentenza de corrupción cando teñen centos e centos... se fose por iso o partido que ten os dous ex-presidentes sentados no *banquillo* cos eres, o partido que hoxe mesmo... Pode escoller o día que queira, (*Murmurios.*) hoxe mesmo (*O señor Fernández Prado amósalle un documento á Cámara.*) un millón de vacinas fantasmas en Andalucía, ¡un millón!...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. Perdón, perdón, señor... Perdón.

¿Seguimos co acordo, non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pediuno vostede cando estaba aquí; entón, seguimos co acordo. Por favor. Non, seguimos co acordo. Ata agora estiveron todos calados, imos seguir así, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Creo que o que dixen é todo verdade. O partido con máis condenados, o Partido Socialista; o partido cos presidentes sentados no *banquillo*, o Partido Socialista; co que aparecen un millón de vacinas fantasmas hoxe en Andalucía, creo que é co Partido Socialista. (*Murmurios.*) Poucos argumentos ten que ter para xustificar unha moción de censura cos independentistas con estes argumentos. (*Aplausos.*)

En calquera caso, menten, menten moito. O que dixo o ministro foi que se ía facer a bonificación da peaxe Redondela-Vigo, do sistema que fose, pero que se ía facer.

E, segundo, din: sumas extraordinarias. Comprometeunas en 2011 o Goberno socialista e autorizounas para cobrar Pedro Sánchez hai uns meses. E déixolle ese decreto ao presidente para que figure, por se acaso non o leu.



En calquera caso, non enganen a xente... —tamén vai por vostede, señor Bará— ...cando votamos no 2012 nós presentamos unha emenda que recollía expresamente a gratuidade; o que pasa é que non recollía os outros puntos que vostedes metían nese *batiburrillo*, nesa moción, e por iso tivemos que votar en contra.

Señor Villares, se temos que cualificar sentenzas ao mellor podemos empezar pola do *procés*. Vostede como maxistrado pode comentar algo cos seus compañeiros de grupo. Nós as sentenzas acatámolas e respectámolas, punto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, claro, eu creo que é o mesmo caso, porque toda a esquerda xustifica a moción de censura cos independentistas nun relato e non estamos máis que no relato. É unha xustificación para botar do goberno ao Partido Popular e poñerse o señor Sánchez, que era o único que lle importa no mundo, e o demais son escusas baratas.

Por certo, se ten tanto interese en que lle explique o da A-57, case mellor deixo iso para os de Pontevedra. O señor Bará... —agora que piden o voto para o BNG— ...pode explicarlles se o voto en Madrid que piden para o BNG é para facer a A-57 ou non. Os pontevedreses que queren a A-57 saben que é mellor votar o PP, xa que así si que van ter a A-57, porque ademais é unha nova infraestrutura. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Por certo —remato xa—, foi que me...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non, xa está descontado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Señor Cal, claro que se fixeron obras, fíxose o colexio en Chapelá —pode ir velo—, poder ir ver as obras da Fortaleza (de Rande), pode ir ver os asfaltados... pero hai obras que hai que facer despois de acabar as obras, e hai que seguir facendo. É iso o único que ten que facer o Goberno socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas..

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...é coller o teléfono e pedirlle ao señor Sánchez que presione...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...a concesionaria e que non lle pague se non fai esas obras.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Sobre a emenda... ¿A emenda acéptaa?

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Non ten que pagalas, ten que pedir que se fagan.

A emenda non podemos aceptala porque é un lavado de cara. (*Aplausos*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa está. Grazas.



**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. nº 53890)

*Emenda de engádega.*

*Débense engadir no punto 1 apartado c) da parte resolutiva da proposta os seguintes puntos:*

*«vii.- Todas as declaracións de utilidade pública para a instalación de parques eólicos non implicarán de maneira automática a posibilidade da expropiación forzosa. Para poder levala a cabo deberán cumprirse as condicións e os intereses sociais seguintes:*

*a) Dar cumprimento aos apartados III; IV; VIII e IX deste punto da PNL.*

*b) Ter firmado un acordo de aluguer, como mínimo nas condicións marcadas no apartado IX, cos propietarios de como mínimo o 70 % da superficie afectada polo parque. En caso de propietarios descoñecidos ou ilocalizables, esta porcentaxe poderá baixar ao 50 %.*

*viii.- Todos os proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo terán a obriga de colaborar na creación de Comunidades Enerxéticas Locais de distribución e comercialización de enerxía eléctrica nos Concellos onde estarán instalados, ofrecéndolles a posibilidade de mercar mediante PPA'S un mínimo do 15 % dos kwh producidos ao ano por un prezo taxado anual un 40 % inferior á media do Pool Eléctrico do ano anterior.*

*ix.- Todos os proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo terán a obriga de alugar, impedíndose a venda, os terreos afectados polo parque por un prezo mínimo anual de 5 €/kw instalado, repartíndose ese importe proporcionalmente entre todos os m<sup>2</sup> afectados. Esta cantidade verase incrementada nun 20 % por cada 500 h. de funcionamento, estimadas polas medidas anemométricas da localización que figurarán no proxecto ou polas efectivas do ano anterior, que excedan as 3.500 horas de funcionamento anuais. Estas cantidades revalorizaranse ou devaluaránse anualmente en función da variación do prezo medio do Pool do ano anterior».)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 53890)

*Emenda de adición.*



No punto 1) a) despois de «colectivos», engadir: «sindicais».

*Emenda de adición.*

No punto 1) c) iv ao final, engadir: «garantindo a obxectividade e transparencia no reparto».

*Emenda de adición.*

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

«4.) Demandar do Goberno do Estado español a modificación urxente da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico de cara a suprimir os artigos 16.4 e 17.6 referentes aos tributos propios das Comunidades autónomas por supoñer unha inxerencia na elaboración da política enerxética e fiscal galega e introducir o risco de que o Canon eólico e outros gravames acaben repercutindo novamente na factura dos galegos e galegas».)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SANCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Antes de nada, quería comunicarlle ao Partido Popular que, se poden, avisen á Consellería de Industria, á Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de que teñen que executar o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e paralizar as obras na serra de Oribio, que xa foi hai dous días e onte aínda seguían as máquinas facendo dano, e xa bastante dano fixeron coa súa cacicada. Polo tanto, trasládenllo, por favor, a ver se lle fan máis caso que a nós.

Presentamos hoxe unha proposición non de lei para propoñer un cambio que cremos necesario e que xa chega tarde. O cambio de Goberno e a crise económica provocaron despois de 2009 que se paralizase o sector eólico case totalmente ata o 2017-2018. Foi un conxunto de situacións, a inseguridade xurídica provocada por decisións do Goberno Feijóo, provocada por decisións do Goberno de Rajoy e o Ministro Soria, e despois tamén pola falla de financiamento dos promotores para acometer eses parques eólicos.

O modelo proposto polo Partido Popular, que é acoutado a determinadas empresas, non tiña as condicións para desenvolverse, pero nós xa dixemos que si había as condicións para mudar o modelo e desenvolver outro tipo de instalacións eólicas, para camiñar cara á pequena produción, a xeración distribuída e unha participación social maior.

Galiza conta cunhas condicións moi grandes e moi boas para desenvolver un modelo enerxético democratizado, en mans da xente, e con todo o respecto á paisaxe, ao patrimonio, ao medio ambiente e ás persoas.

Galiza xa non é a mesma, en termos enerxéticos, que nos anos noventa. Non precisa unha política desarrollista que teña como obxectivo implantar eólicos si ou si. Precisa ter un plan para un desenvolvemento moito menos agresivo cos valores culturais ambientais e con



moito maior retorno social, e planificar tamén a industria asociada para o desenvolvemento de tecnoloxía propia, para crear unha industria con maior calidade no emprego e con maior emprego, e debe ser elaborado de xeito participativo.

Ese foi o debate que non abriu o Goberno do señor Feijóo e non abriu o Partido Popular porque non interesa que a xente se faga co negocio enerxético que hoxe teñen tres ou catro empresas. Polo tanto, non podemos seguir con esta carreira de inzar o país con eólicos dun xeito no que se producen fortes impactos e os beneficios voan fóra de Galicia. Este é o modelo que dá beneficiosa ás eléctricas, aos bancos, aos fondos voitre que participan —como saía hai pouco nos datos do IGE— nun 90 % no capital destes investimentos.

Nos anos de parálise non se abriu este debate —como dicía— porque estaban interesados en manter este couto pechado para as empresas de sempre. O que nós pedimos nesta iniciativa, que é só unha modificación parcial, que non o é todo, que non é a solución definitiva, non é nada revolucionario, ao contrario, o que demandamos é o modelo que propugna a Directiva europea 72/2009, que, como explicamos na iniciativa, defende priorizar as enerxías renovables fronte ás non renovables, liberdade de mercado, libre establecemento para produtores.

Agardo que cos supostos liberais non teña eu que defender a posición liberalizadora para que todo o mundo poida producir enerxía eólica ou calquera outra enerxía.

Condicionabilidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado, primas ou axudas á previa ineficacia do mercado libre para acadar os obxectivos propostos.

A mellora tecnolóxica posibilita que hoxe en día se vaia cara á liberalización, sempre tendo en conta os criterios ambientais, paisaxísticos ou patrimoniais, e non siga no modelo da autorización. E prioridade das plantas de produción de pequeno tamaño e de xeración distribuída. Isto está extraído exactamente da Directiva europea. Acceso universal ás redes de distribución e transporte. Transparencia nos procesos de asignación de axudas etc. E nos países onde así se aplica esta directiva tradúcese en presenza masiva de paneis solares nos tellados de naves industriais e vivendas, presenza de aeroxeradores pequenos en granxas e fábricas, eliminación da enerxía nuclear, preferencia de subministración por moitos e pequenos produtores en lugar duns poucos e grandes. E preferencia —como dicía— pola xeración distribuída. E tamén facilitar o acceso e tramitación das pequenas instalacións, outro dos principios da directiva.

Está en marcha en Europa unha nova reforma que afonda moito máis neste camiño, para o que habería que estar preparados. O obxectivo é que empresas e vivendas, a ser posibles todas, produzan a súa enerxía e melloren a súa eficiencia enerxética. Por iso, nós cremos que ese é o modelo de interese xeral, o modelo sostible e o modelo viable. Viable polas características dun país cunha poboación diseminada, cunha rede eléctrica igualmente estendida. E necesario, por ser imprescindible para o cambio do modelo enerxético que nos impoñen as circunstancias, para reducir a dependencia enerxética en Galicia. Por moito que se repitan mentiras, non se convarten en verdade. Galicia non é excedentaria en enerxía. Galicia ten que importar moita enerxía primaria que non é capaz de producir aquí.





Ademais, sería un modelo que xeraría rendas no rural, que axudaría a fixar poboación no rural, que axudaría á xente que aínda vive hoxe en día no rural.

Que a partir de recursos naturais non privados, do territorio de todas as galegas e galegos, e con leis feitas en parlamentos que supostamente defenden o interese xeral, se acabe obtendo un negocio copado no 90 % por empresas e capital estranxeiro, só se explica pola utilización espuria destas institucións, facendo políticas en contra da maioría.

Facendo un plan sectorial eólico novo non se muda complemente o modelo, xa que habería que mudar a lei, como propuxemos nas reformas da Lei de fomento de iniciativas empresariais. Pero si axudaría, e si é urxente mudalo, porque a situación mudou moito dende a súa última modificación no ano 2002. Os aeroxeradores non son os mesmos, a lexislación ambiental non é a mesma e a sensibilización da sociedade co medio ambiente e o patrimonio non é a mesma. Por iso, para comezar a cambiar o modelo por outro máis democratizado e respectuoso co país, propoñemos elaborar un novo plan sectorial eólico de Galicia baixo as seguintes premisas: abrir un procedemento de participación social para elaborar dito plan. Durante un período non inferior a seis meses, a Xunta de Galicia establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos etc., para obter propostas tendentes á elaboración dun borrador do plan. E unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xera poidan presentar alegacións. É un plan sectorial que se elabora con base nos principios que xa enumerei na miña exposición: moito máis respecto polo país, moito menos desarrollista e con moito maior retorno social, e moito máis leal ao que son as directivas europeas de renovables. E mentres non se aprobe ese plan sectorial eólico, blindar determinadas zonas que vimos denunciando que non se blindan porque a Xunta de Galicia non fixo o seu traballo. É máis, para axudar a que se consolidara a oleada de parques eólicos destas empresas que se están instalando nestes momentos en Galicia, a Xunta de Galicia atrasou a proposta de ampliación da Rede Natura e atrasou a aprobación das directrices da paisaxe que prometera para 2017. Foi un exercicio máis de complicidade con este negocio.

Polo tanto, cremos que hai que establecer zonas de exclusión que moi verosimilmente puideran estar dentro desas propostas de ampliación da Rede Natura ou desas zonas valiosas a nivel paisaxístico. Polo tanto, este é un cambio de modelo que precisa o país, que precisa o interese xeral, para rematar co modelo do espolio do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día de novo.

O Partido Popular non para de falar de que esta é a lexislatura do rural. Pero agora nas desgravacións fiscais meten como rural, para poder comprar unha vivenda, O Grove e Sanxenxo; por aí se compran moitas vivendas rurais, parece ser. Se de verdade pensaran no rural, miren



como son as zonas con rural desenvolvido, con rural rico, en toda Europa. Están baseadas na agrogandería ecolóxica fundamentalmente, pero tamén nas enerxías alternativas. Pero claro, nas enerxías alternativas en mans da xente, non en mans de catro empresas de amigos do Partido Popular, como, por exemplo, o caso flagrante da empresa que leva a concesión no Iribio, que aí seguen, non fan caso. De momento, a Xunta de Galicia —levan dous días despois da sentenza— non fixo nada.

Cambiar o Plan sectorial eólico de Galicia é un dos elementos fundamentais para fixar poboación no rural, para incrementar as rendas tanto das persoas como das comunidades e das comunidades de montes, que poderían mellorar moitísimo, a partir deses ingresos, a explotación de todos os territorios que controlan.

Non pode seguir a situación actual. A situación actual é que alguén ben relacionado encarga un proxecto dun plan eólico onde lle dá a gana, moitas veces a unha enxeñeira de Madrid, que o outro día me enterei, cobran 2.500 euros e nin sequera van por alí, miran un plano topográfico, poñen alí as bandeiras, chega, preséntao na Xunta, pon a bandeira no monte e esa concesión é para eles para sempre, como o caso do Iribio, que levan con el desde hai quince anos e non fixeron nada, porque o que querían era revendela. Ao final, como non había maneira e conseguiron os cartos, porque agora é moitísimo máis negocio aínda, puxéronse a desenvolvelo de maneira irregular, como di agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non vou repetir todo o que dixo o señor Sánchez porque estamos de acordo en todo, imos completar o asunto co que vai na nosa emenda.

Un dos asuntos fundamentais é a declaración de utilidade pública, que de maneira automática implica a expropiación forzosa. Iso ten que rematar de maneira inmediata. Pódese dar declaración de utilidade pública pero sen implicar de maneira automática a expropiación. E para poder levala a cabo, deberían cumprirse condicións de intereses sociais moi determinados e que nós concretamos na nosa emenda. Por exemplo, que se facilite dar prioridade aos proxectos que faciliten a participación pública e o retorno social dos beneficios para a comunidade. Porque din, ¿por que a xente non quere os eólicos? E ¿para que os vai querer? O único que hai é inconvenientes, non hai ningún retorno.

Despois plantexamos tamén que os concesionarios da explotación teñan firmado como mínimo un acordo de alugamento, impedindo totalmente a venda dos terreos, co 70 % da superficie afectada polo parque. E, en caso de que haxa propietarios descoñecidos ou ilocalizables, que esta porcentaxe puidera baixar ao 50 %.

Despois, que todos os proxectos de iniciativa privada ou non, dedicados ao autoconsumo, teñan a obriga de colaborar na creación de comunidades enerxéticas locais —iso é o que se fai en Alemaña e o que se fai en Dinamarca— de distribución e comercialización de enerxía eléctrica nos concellos onde estean instalados, ofrecéndolles a posibilidade de mercar mediante PPA, ou sexa, venda directa bilateral, un mínimo do 15 % dos quilovatios/hora producidos ao ano, cun prezo taxado anual un 40 % inferior ao do pool eléctrico do ano anterior. Tamén todos os proxectos de iniciativa privada non dedicados a autoconsumo terán a obriga



de alugar, impedíndose a venda dos terreos, por un prezo mínimo anual de 5 euros/quilovatio instalado. Esta debía ser a recomendación que a Xunta debería facer en todas as concesións que se puideran conceder, repartíndose o importe total do parque entre os metros cadrados afectados. Esta cantidade, ademais, debería verse incrementada nun 20 % por cada 500 horas de funcionamento estimadas polas horas de funcionamento do ano anterior ou polas medidas anemométricas dos estudos que se fagan.

Todos os parques eólicos de máis de 3.000 horas de uso anual son rendibles. ¿Que pasa? Que é mellor poñelo nun sitio de 4.500 ou de 6.000, aínda que sexa destruíndo patrimonio ou destruíndo as posibilidades de desenvolvemento turístico.

Eólicos si, pero nin en calquera lugar nin para calquera. Esa é a proposta de En Marea.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Falamos do sector eólico, de algo moi importante para o noso país, e non podemos facelo sen recordar a década de fracaso que levamos co Goberno de Núñez Feijóo neste aspecto, porque habería que abordar dúas cuestións antes de falar do futuro.

Primeiro, cuantificar. Cuantificar canto custou xa a este país a negligencia eólica que por sectarismo político practicaron desde o Partido Popular. (*Aplausos.*) Dálles a risa, ¡dálles a risa! ¡Éche unha risa, si! Éche unha risa pero hai que facer memoria, señorías do Partido Popular, porque comezaron mal vostedes. (*Aplausos.*) Comezaron mal o seu goberno, si, porque por unha cruzada demagóxica e sectaria paralizaron un concurso eólico revolucionario. E a historia tería sido diferente para este país se o deixasen avanzar, señorías do Partido Popular, porque en 2009 a eólica galega liderou a produción do Estado desta forma de xeración, e tiña case 3.000 megavatios instalados, superada só por pouco por Castela-A Mancha, e vostedes ao que nos levaron foi a unha parálise, señorías. Anos despois, Galiza está en terceira posición, con Andalucía pisándolle os talóns, pero xa temos estado en cuarta posición grazas á súa negligente xestión. No pasado 2017 caemos do podio, quero recordarlles.

En todo caso, poden pintalo como queiran, pero as cifras e os datos están aí, e podemos ver como nunha década instalaron menos de 500 megavatios. Poden falar aquí das promesas do.... Si, fan xestos... Miren, vaian á memoria da Asociación Eólica Galega ou do Estado e míreno. Saben perfectamente que, ademais, fracasaron coa súa lei de implantación empresarial. ¡Alá van dous anos de lei de depredación! E o propio sector quéixase. Asociacións do sector eólico reúnense connosco para queixarse de que non avanzaron os trámites ordinarios de xestión e de que, realmente, non están a servir para iso.



Por non falar do que nos ten custado. Porque, claro, bracean, xesticulan, enfádanse moito, pero é que miren, ¡máis de tres millóns dos orzamentos de 2017 foron para sentenzas xudiciais contra decisións do Goberno da Xunta de Galiza! (*Aplausos.*)

Xa non é que non avancemos con vostedes, é que nos levan para atrás, a destinar cartos públicos que non nos sobran para as súas chapuzas, chapuza permanente na planificación e no lexislativo. Saían antes no debate as directrices da paisaxe. ¿En que cabeza colle que un goberno que ten as directrices da paisaxe sen aprobar, aprobe unha lei de patrimonio natural antes? ¡Que credibilidade! Así teñen que coller e vir coa Lei de acompañamento e modificala en menos de seis meses da súa aprobación. Esa é a xestión e o rigor do Partido Popular.

En todo caso, volvo á parte da exposición do señor Sánchez respecto da crítica. Entendemos tamén, como presenta a súa moción, que é hora de falar do futuro, é hora de falar de que queremos facer co modelo eólico. Nós entendemos que cómpre un cambio de rumbo urxente diante das actuacións que están a levar dende o Goberno do Partido Popular. E para nós hai algo que é importante, e é que haxa outro tipo de planificación.

Nós compartimos boa parte da moción. Presentamos algunha emenda de engadido e de matiz, pero entendemos que é fundamental desenvolver ese novo plan sectorial eólico; que Galiza conte, ademais, cun amplo consenso coas asociacións do sector, si, pero tamén coa veciñanza, coas organizacións rurais, sindicais e un longo etcétera; que haxa un informe do Consello Económico e Social preceptivo, que haxa tempo para as alegacións, que haxa planificación, e evitar os problemas que está a haber hoxe en día en moitas partes do noso país. Porque vostedes veñen aquí encherse a boca de que, ¡claro!, a oposición xera alarmismo, a oposición é antieólico, igual que a oposición é antiminaría. Non, o que é é anti forma de proceder do Partido Popular, e son vostedes os que están a danar o sector cando obran desta maneira, con falta de transparencia, con falta de asesoramento público e un longo etcétera. Así temos moitas plataformas neste país que están a defender esa idea tan básica que nos compartimos, de que eólico si, pero non así, señorías do Partido Popular.

Necesitamos que fagan menos abrazos a Iberdrola e máis pensar en modelos alternativos. (*Aplausos.*) Para iso, nós, desde logo, tamén estamos de acordo en que hai que facer un cambio de rumbo que teña a protección do medio como unha prioridade, que teña tamén plans de compensación para o territorio e que teñan tamén —hai que dicilo— participación pública. Foi un erro que vostedes renunciaran á participación pública, porque ata a cambiaron por un canon que só vale para engordar os orzamentos da Xunta de Galicia e para caciquear cos concellos, (*Aplausos.*) e ese erro histórico estámolo a pagar na factura dos galegos e as galegas. Este ano imos pagar 38 millóns de euros máis todos e todas polo seu fiasco, por cambiar un modelo de participación pública que ía ser exitoso por unha trapallada de canon eólico que nin sequera é considerado pola propia xustiza como un tributo ambiental.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Galiza liderou a finais do século pasado a implantación de enerxía eléctrica na Península Ibérica, tanto cuantitativamente, cos primeiros parques eólicos que se implantaban, como cualitativamente, ao ser a primeira comunidade autónoma en potencia instalada, o que supuxo un amplo recoñecemento internacional do noso *know how*, así como o desenvolvemento dun sector estratéxico para a nosa industria.

O desenvolvemento das tecnoloxías renovables son tecnoloxías sostibles, pero tamén son tecnoloxías sostidas, posto que xeran postos de traballo cualificados, tanto na operación como no mantemento.

A anulación do concurso eólico do Goberno de Emilio Pérez Touriño foi unha das primeiras batallas do Partido Popular na campaña das autonómicas de 2009, encabezadas polo señor Núñez Feijóo —non lle dea á cabeza porque é a verdade—, facendo un enorme ruído mediático —tal e como nos teñen acostumados, por outra parte— e sen ter en conta as advertencias sobre a inseguridade xurídica que suporía tal anulación: a posibilidade de demandas e indemnizacións millonarias, a perda de millóns de euros de investimento no noso país e a perda de liderar o sector. Pero ao señor Núñez Feijóo deulle igual e tirou cara adiante.

Así, moitas das empresas beneficiarias reclamaron indemnizacións, e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaminou que tiñan dereito a facelo. Logo de anularse aquela repartición de megavatios, cobrarían polos gastos de tramitación e deseño daqueles parques que nunca chegaron a confirmarse, e foron gañando xuízos ata sumar millóns de euros de compensación que tivo que pagar a Xunta de Galicia; é dicir, tivemos que pagar todos e todas as galegas.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou legal o procedemento de regulación do sector levado a cabo polo Executivo presidido por Emilio Pérez Touriño, e o mesmo órgano declarou ilegal a anulación feita do concurso do Bipartito, nunha sentenza ratificada logo polo propio Supremo.

Así, en dez anos de Goberno do Partido Popular, do señor Núñez Feijóo, perdéronse máis do 80 % de empregos no eólico en Galicia, ademais de perder o liderado nos muíños de vento. É dicir, grazas á decisión e á campaña electoral do señor Núñez Feijóo do ano 2009, paralizouse no noso país o desenvolvemento do sector eólico en Galicia, no que poderíamos seguir sendo líderes.

Miren, a enerxía eólica na súa condición de renovable, é dicir, na súa condición de enerxía procedente dunha fonte inagotable, e en atención ao seu carácter de limpa por non producir efectos contaminantes á atmosfera, é un activo que debe ser impulsado dende os poderes públicos. Pero isto non significa que a súa implantación sexa totalmente inocua, posto que estas instalacións de aeroxeradores supoñen servidumes, cargas para o contorno, para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se sitúan; un impacto visual e un ruído producido por eses aeroxeradores, e un impacto tamén polas infraestruturas que requiren, como son os camiños de acceso e as liñas de evacuación, polo que, unha vez máis, a poten-



ciación dun sector empresarial que xera riqueza e emprego na nosa economía ten que ir acompañado por beneficios de índole social para a poboación onde se asentan estes parques que compensen parte dos impactos causados no seu contorno.

Por iso, os socialistas estamos de acordo en que se debe abordar á maior brevidade posible un novo plan sectorial eólico de Galicia. Cabe recordar que na actualidade o que está é do ano 1997. Pero un plan ten que ser participativo, no que se teña consultado ao sector, ás administracións locais, ás universidades, ás asociacións con incidencia nas materias e ao CES. Aberto a toda a cidadanía, para que poida alegar aquelas consideracións que estimen oportunas. Polo tanto, un novo modelo que respecte os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais; que contemple un retorno social da explotación dos recursos mediante compensacións a favor das áreas nas que se asentan os parques; que contemple tamén compensacións para os propietarios dos terreos afectados; que fomente a xeración distribuída e o autoconsumo; e que contemple a participación pública da Administración autonómica e dos concellos.

Nós imos votar a favor desta PNL, aínda que imos pedir unha votación por puntos, posto que no primeiro punto estamos totalmente de acordo, pero no segundo entendemos que introducir ese prazo nos levaría a unha temporalidade duns dous anos e que sería bastante discutible en canto á súa seguridade xurídica.

Pola miña banda, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Rodríguez Rumbo e señores da oposición, ¿saben por que se paralizou a instalación de enerxías renovables, non aquí en Galicia, senón en toda España?, ¿saben por que? Porque vostedes conseguiron xerar un déficit de tarifa, señoría, de 30.000 millóns de euros que seguimos pagando hoxe, durante 25 anos. Ese foi o motivo principal polo que se paralizaron as enerxías renovables: primas inadecuadas en momentos onde cada megavatio custaba arredor de 500 euros. Por favor, señora Rodríguez Rumbo, eu agradezo que vostede veña aquí e teña que defender o papel, pero non é así, mire, non é así.

Señor Sánchez, a verdade é que vostedes, a antiga Marea ou o Grupo Común da Esquerda, propoñan unha modificación sobre o sector eólico ten guasa, porque vostedes non queren que se instalen eólicos en Galicia. A calquera parque que se intente instalar aquí, unha plataforma. Non queren que se instalen. ¡É que é de coña, de verdade! Perdón pola palabra.

Xa sei que está exaltado pola suspensión do parque da Serra do Iribio, ese parque que vostedes autorizaron en 2007, señoría. Eu, a verdade, creo que se lles olvida. Decía vostede en



plenos pasados que cando se lle aprobou a declaración ambiental en 2005 xa era Rede Natura. Mentira, señor Sánchez, esa é unha falsidade e vostede sábeo. Díxoo aquí en plenos pasados. Non era Rede Natura naquel momento, por iso vostedes lle deron en 2007 a autorización a ese parque, entendo, porque, se non, sería moito máis grave.

Mire, o parque eólico da serra do Iribio é un proxecto autorizado no 2007 polo Bipartito que conta cunha autorización administrativa, outorgada e non caducada, que a Xunta non pode contravir. A Xunta en todo momento, señorías, está vixiante co cumprimento de todos os requirimentos establecidos, tanto na declaración de impacto ambiental como nas propias resolucións administrativas. (*Fortes murmurios.*) Señor presidente, é imposible falar así. E está tramitando o proxecto con todo o rigor e con todas as garantías xurídicas, ambientais e urbanísticas. Ese é o único obxectivo.

A Xunta, señorías, nestes intres está estudando e avaliando o auto, antes de tomar ningunha decisión definitiva. E, por suposto, señor Sánchez, xa se lle comunicou á empresa construtora.

Miren, señorías, Galicia aposta de forma clara polas enerxías renovables, e en concreto pola enerxía eólica, xa que está xogando un papel destacado na creación de riqueza e de emprego.

Todos sabemos aquí, señorías, cal é o seu modelo enerxético, que é pechar empresas. Que peche Alcoa, que pechen As Pontes... Que se instalen eólicos por cooperativas, di. Entón os eólicos, a ver, teñen impacto ambiental, se os instalan as cooperativas, valen; se os instalan empresas privadas, non valen. Señor Sánchez, é que non son serios, de verdade, presentan unha iniciativa cargada de incoherencias. Din aquí que non cumprimos coas directivas europeas, e, entre outras cousas, avoga pola liberdade de mercado. Vostede vén aquí e con base en ningún criterio rexeita proxectos.

Vostedes son os que non queren cumprir a lei, señor Sánchez. Vostedes queren prohibir calquera proxecto, aínda que cumpra a lei, porque non lles gustan, porque os instalan empresas privadas. Pero ¡menuda animadversión teñen coas empresas privadas, é insostible!

Mire, nós aceptamos este auto, claro que o aceptamos, non facemos como vostedes, que non aceptan as sentenzas. Esta é unha suspensión cautelar, pero é que vostedes non aceptan as sentenzas. Vostedes, señor Sánchez e señores do BNG, póñense á fronte das pancartas para reivindicar que hai presos políticos e que saian. Non aceptan a sentenza do *procés*, señoría. (*Murmurios.*) ¡Por favor! Nós si respectamos as sentenzas, señor Sánchez. (*Aplausos.*)

Presentan unha proposta aquí alabando a xestión enerxética doutros países, como Dinamarca ou Alemaña. ¡É que sempre o de fóra é mellor! Vostede non dá os datos, pero llos vou dar eu. Galicia é a segunda comunidade con máis potencia renovable instalada de toda España. O 66 % da enerxía xerada en Galicia é de orixe renovable, e o 86 % da enerxía consumida tamén, moi por riba dos obxectivos europeos, señor Sánchez. Iso é o que se lle olvidou dicir. Se se quere fixar na transición enerxética alemá, mire como fan alí a transición enerxética das centrais térmicas. Non as queren pechar xa, teñen un longo prazo para pechalas. Fíxese niso.



Se quere, recordamos aquel nefasto concurso eólico, porque aquí eu non vin falar do concurso eólico do Bipartito, pero sacárono vostedes. Mire, voulle dicir as sentenzas que anulon o seu concurso eólico.

A resolución dos parques eólicos singulares de 2007, 300 megavatios; anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O concurso eólico de 2006, 2.325 megavatios. E o concurso de parques eólicos e empresariais do 2006, por 565 megavatios, señorías. Por non falar do que pasaba entre o presidente Touriño e o vicepresidente, que ata en dúas ocasións —dito polo seu presidente, señora Rodríguez Rumbo, que agora non está— ía cesar o conselleiro de Industria pola deslealdade que facía con todo isto, señorías.

Miren, eu non ía falar disto, pero é que, ¡claro!, nos provocan así... Neste momento, na nosa comunidade, pese a quen lle pese —e a vostedes pésalles moito—, estanse instalando vinte parques eólicos, cunha potencia de 480 megavatios e cun investimento de 564 millóns de euros.

Señorías, o desenvolvemento das enerxías limpas pasa, indubidablemente, polo cumprimento da legalidade e de todas as garantías por parte dos proxectos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Insisto, a Xunta non outorgará ningún permiso eólico que non logre unha absoluta compatibilidade ambiental e unha total integración territorial e social. Esa é a nosa postura, que dificilmente, señor Sánchez, coincidirá coa súa, e por todo isto imos votar en contra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señora Nóvoa, fan todo con todas as garantías, por iso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia suspendeu provisionalmente, que non cautelarmente, ata que se actualizase a declaración de impacto ambiental, que era do 2005. Sabe o que significa iso, ¿verdade? Que vostedes meteron con calzador unha declaración de impacto ambiental obsoleta e que, cando se actualice a día de hoxe, vai facer inviable o parque da serra do Oribio. E que se xustifique a prevalencia deste uso sobre outros usos. Xa veremos, xa veremos como remata iso. Xa avisei disto, polo tanto, xa veremos.

A cacicada que vostedes fixeron no Iribio é moi paradigmática de como vostedes actuaron en todo país co eólico, facéndolles favores aos amigos. Nós si que apostamos polas renovables, iso non significa que creamos que non hai que facer as cousas como as están facendo vostedes, utilizar un recurso que é de todos, o vento, o territorio, para facer millónarios a uns cantos, moitos deles estranxeiros.

Vostede é evidente que non comparte o meu modelo. Vostede aposta por un modelo colonial, é evidente. Eu dixen, non estamos nos noventa, non é o momento dunha expansión incon-





trolada dos eólicos. É o momento de ir cara outro modelo de desenvolvemento da industria, de desenvolvemento da tecnoloxía que se utiliza.

Mire, imos ver o modelo de países que eu creo que están máis avanzados que o noso. Euskadi, Iberdrola, ¿sabe cantos megavatios ten Iberdrola instalados en Galicia? Ten 2.199 megavatios. ¿Sabe cantos megavatios ten Iberdrola instalados en Euskadi? Ten 268, ¡268! E non teñen centrais térmicas. Non teñen centrais térmicas porque decidiron pechar a última no 2014, cun plan de recolocación e de alternativas industriais na mesma comarca. Sen ningún tipo de drama, porque as cousas cambian, e o secreto non é aferrarse ao pasado, senón ter gobernos que sexan capaces de preparar os países para ese cambios. Iso é o que pasa con vostedes.

Entón, ¿vostede que prefire?, ¿unha empresa como Iberdrola, que ten os traballos de calidade en Euskadi para desenvolver a tecnoloxía que se aplica en Galicia, en Latinoamérica etc. ou ter que soportar aquí os impactos dunhas instalacións sen obter ningún tipo de beneficio? Iso é o que estamos plantexando nós aquí.

Eu non falo de que en Europa sexan mellores ou peores, ou de que en Euskadi sexan peores ou mellores, agora ben, o que hai que ver é como se desenvolveu o eólico neses países que eu citei e como se desenvolveu en Galicia.

Claro que participa a xente, ¡claro que participa! E vostede dicía: ¿se participa a xente o impacto é menor? Pois ás veces si, ás veces si. Si, pode ler algún estudo que di que o impacto paisaxístico duns eólicos que pertencen á xente non é o mesmo...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...que os eólicos que pertencen a uns que lles veñen roubar, porque é algo subxectivo. Polo tanto, claro que si, ¡claro que si! Ben, xa remato.

Polo tanto, o seu modelo está claro: seguir saqueando o país, seguir saqueando o país. O noso modelo é tratar de que este recurso sirva para crear riqueza neste país.

E sobre as emendas, aceptámolas todas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿As dúas? Hai dúas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Espero que esa non presentación de emendas sexa un síntoma de que vai haber unanimidade respecto desta iniciativa que traemos dende o Bloque Nacionalista Galego, que busca basicamente dúas cuestións que nos parecen relevantes e que ademais nos parecen inaprazables. Primeiro, dar unha resposta contundente ao Estado, reclamando dunha vez por todas, por vía xudicial, ata o último euro do que lle deben a Galiza. Porque é certo que 300 millóns de euros son menos que 700 millóns de euros, pero é unha contía importante, e é, sobre todo, unha cuestión de dignidade como país, e en termos concretos pode supoñer, por poñer un exemplo, a partida enteira da sección 32 de promoción de emprego e institucións do mercado de traballo, para que nos fagamos unha idea do que significan estas contías das que estamos a falar.

En segundo lugar, buscamos tamén abrir a porta, unha vez máis, a poñer solución a problemas que son estruturais, problemas de fondo, pois é preciso tamén poñer negro sobre branco que o problema que vivimos nestes meses non foi o síntoma só da irrelevancia e da pouca utilidade para este país das forzas estatais cando se trata de defender os nosos intereses, senón que é tamén síntoma dun problema estrutural, do problema que temos da mala relación económica co Estado, e síntoma de algo que é tamén difícil de resolver, pero que confío que resolveremos nos próximos meses, que é a falta de peso político que ten o Goberno da Xunta de Galiza nestes momentos no Estado, e tamén a súa falta de contundencia.

Como saben as súas señorías —porque é preciso tamén repasar como chegamos a este punto—, onte a Deputación Permanente do Congreso das e dos Deputados daba luz verde ao desbloqueo de nada máis e nada menos que 4.862 millóns de euros para as comunidades autónomas e de case 1.000 para as entidades locais. Para que nos fagamos unha idea, iso é basicamente a metade do orzamento da Xunta de Galiza, polo tanto, é unha cantidade que para o Estado non é o non vai máis, pero que, dende logo, para os demais é importante e significativa.

É importante recordar a cadea de feitos ou a cadea de incompetencias que nos levaron tamén a esta situación. Chegamos a este punto cunha resolución que desde o BNG nos parece que é parcial e que é insatisfactoria, despois dun longo vodevil entre a Xunta de Galiza e o Estado, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, que hai que repasar brevemente para sinalar algunhas incoherencias que nos parece que non habería que volver repetir, porque o certo é que o Estado non é inocente, pero, desde logo, o historial da Xunta de Galiza tamén deixa bastante que desexar respecto desta cuestión.

Se repasamos iso que se denomina maldita hemeroteca, podemos recordar como no ano 2016, por exemplo, cando gobernaba no Estado o señor Mariano Rajoy, M. Rajoy, sendo Montoro ministro, non se facilitaba o teito de gasto nin as cifras de entregas a conta de moitas comunidades. Non o facía porque non había orzamentos, porque estaban en minoría despois das eleccións de xuño do 2016 e porque tamén estaban a empregar esta cuestión como unha chantaxe. Curiosamente, o destino quixo que á que daquela era conselleira en Andalucía e agora ministra lle parecía un escándalo. Despois non tiveron reparo en facer o mesmo cando lles tocou a eles, pero tamén hai que recordar que daquela a Xunta de Galiza, en plena



campaña electoral das eleccións galegas, o que practicaba era *a procesión dos caladiños*, non se lles escoitaba protestar, non se lles escoitaba poñer esta cuestión na axenda mediática.

Unha vez máis, vemos que en realidade hai bastantes puntos en común entre ambos discursos. Pero, desde logo, tamén hai que recoñecer que nos últimos meses os acontecementos que viñan desde o Goberno central —temos que dicilo con toda franqueza— eran bastante esperpénticos. Cando preguntamos na Comisión 3ª sobre esta cuestión ao director xeral, fixemos a broma de que parecía que tiñan un infiltrado do Partido Popular no ministerio, pero o certo é que, vistas as cuestións que foron acontecendo, parecía realmente iso, porque o certo é que o Partido Socialista lle poñía bastante fácil ao Partido Popular de Galiza poder protestar.

En todo caso, durante estes meses de vodevil, se viamos ocorrencias dende o Goberno central, tamén viamos ocorrencias dende a Xunta de Galiza, porque o certo é que había un mandato unánime deste Parlamento de reclamar esa contía dos 700 millóns de euros. Nós, nese aspecto, concordabamos co que dicían dende as filas do Partido Popular en moitos aspectos, pero non, dende logo, coa súa estratexia, que ademais foi fallida, porque a estas alturas, varios meses despois, non temos todas as contías que se lle deben a Galiza, e iso é así porque basicamente se dedicaron a facer dúas cousas: ademais de electoralismo, choromicar polas esquinas e non dar pasos en firme para ser tomados en serio por parte do Goberno central.

Hoxe nós o que propoñemos é un paso en firme para iso, porque, desde logo, encargar á altura de setembro aínda un informe xurídico aos servizos da Xunta de Galiza para despois gardalo nun caixón, non parece ser a forma máis efectiva de que nos tomaran en serio, señores do Partido Popular. Polo tanto, xa que está ese traballo feito, pois nós propoñémoslles dar un paso adiante máis, petar na mesa, e, desde logo, establecer as medidas xudiciais oportunas para que isto se resolva.

Desde logo, a nós parécenos que sería un paso adiante porque neste tempo uns esperaban a chegada das eleccións para poder facer campaña electoral con isto, porque logo ao final a resolución non parecía tan complicada, non tiveron que descubrir a pólvora nin tiveron que inventar nada do outro mundo, e outros agardaban tamén a chegada da cita das urnas para continuar tendo un argumento enriba da mesa e mentres non falar doutros problemas dos galegos e galegas.

Nese tempo, desde logo, tamén vimos todo tipo de innovacións por parte da Xunta de Galiza; mesmo o señor presidente da Xunta de Galiza afirmou nesta cámara nunha resposta dunha pregunta ao presidente que elaborara un decreto lei —que non lle chegaba o seu traballo como presidente da Xunta de Galiza e púxose a elaborar un decreto lei—. Desde logo, por parte do BNG solicitámolo polo artigo 9 e aínda estamos esperando, pero, en todo caso, entendemos que esa estratexia epistolar co Estado está fracasada e que hai que dar un paso adiante.

E preguntámonos: ¿por que non presentar ese recurso xudicial? A verdade é que temos unha sospeita, ou máis ben dúas: dunha banda, pois imaxinamos que igual non lle deron permiso en Madrid e igual levantaron o teléfono e o señor Casado díxolles que isto tamén era unha



carallada e que entón que mellor que non foran aos tribunais; ou igual dálles medo, que non vaia ser que teñan que nalgún momento presidir o Goberno do Estado —agardemos que non— e que entón xa teñan que desdicirse das súas propias palabras cando sexan os seus quen lle tomen o pelo desta maneira a este país outra vez, como xa fixeron.

Pero tamén temos a sospeita de que igual non están tan convencidos de ter a razón en todos os aspectos, por exemplo, en concreto, con esa contía que presuntamente imos recibir por ter sido alumnos avantaxados de Montoro e da doutrina do déficit. Porque —témolo dito aquí noutras ocasións— realmente iso foi unha estratexia do Goberno Rajoy única e exclusivamente para que os seus baróns cumpridores non se alporizaran. Pero sabemos que realmente non hai consistencia no marco legal nin político para que vaiamos recibir iso, e entón o saldo é bastante negativo. Tivemos que apertar o cinto e ser nós desde aquí os que arriqueceramos ese déficit do Estado dunha maneira absolutamente inxusta, e, desde logo, agora non imos recibir nada a cambio, cando o que temos son eses elementos recortados nos nosos servizos públicos, como quedou sobradamente exemplificado co asunto da sanidade no debate que tivemos hoxe pola mañá.

En todo caso, nós queremos apuntar hoxe tamén con esta iniciativa unha cuestión de fondo, porque ao final esta polémica dos 700 millóns, aínda que acabe ben no menor tempo posible, non resolve os problemas de fondo. Non resolve cuestións de fondo como é ese sistema de financiamento absolutamente inxusto co noso país. Temos que recordar aquí unha vez máis que esa reforma está pendente desde 2014 e non só o Partido Popular de Galiza e a Xunta de Galiza non tivo a máis mínima présa, senón que foi Feijóo quen aceptou o marco de financiamento que temos vixente e que regula estas entregas a conta.

Polo tanto, a pregunta que temos que facernos é: con outro sistema de financiamento, ¿teríamos este problema?, e a resposta é «non». E temos outros exemplos. Non vemos as e os navarros preocupados, por exemplo, por esta cuestión das entregas a conta, porque non teñen este problema, porque teñen outra relación económica co Estado. Polo tanto, nós entendemos que, con independencia deste agravio concreto, hai cuestións que debater e poñer enriba da mesa, como é o sistema de financiamento e como é dar por superado ese marco de déficit.

E a pregunta que deixamos enriba da mesa é: ás portas dunha crise económica outra vez, con sinais de ralentización da economía moi graves, ¿imos permitir sermos nós outra vez quen nos apertemos o cinto mentres outros o levan sobradamente folgados? Desde logo, pensamos que non.

Polo tanto, hoxe propoñemos unha serie de cuestións claras que serían positivas para o noso país. En primeiro lugar, establecer esas medidas desde o ámbito legal para reclamar todo o que é deste país, facelo de forma contundente e enviarlle unha mensaxe ao Goberno de Madrid de que, pase quen pase por alí, a este país non se lle toma o pelo. E, en segundo lugar, exixir tamén outro tipo de débedas que hai co noso país, como eses 688 millóns en materia de dependencia, ese plan de investimentos pendente respecto das infraestruturas, e tamén dar un paso adiante na derogación desa normativa de estabilidade financeira e negociar esoutro sistema de financiamento no que, desde logo, nós desde o Bloque Nacionalista Ga-



lego seguimos a insistir: defendemos unha facenda galega. Ofrecemos no pasado debate do estado da nación a posibilidade de abrir nesta cámara unha ponencia para falar disto, e o grupo maioritario non quixo. Esperamos que entón con esta iniciativa pois se poida abrir outro punto de partida para non estar aquí...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...pasada a campaña electoral, outra vez cos mesmos problemas, porque as causas seguirán sendo as mesmas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bo día de novo, señorías.

Con relación a este tema, desde En Marea xa denunciámos en numerosas ocasións o uso partidario que se estaba facendo do problema do financiamento das comunidades autónomas en situacións de gobernos en funcións. Diciámolo do Partido Socialista co uso indebido que estivo facendo durante este tempo, que se revela no feito do que agora se acaba de dar conta, da aprobación desa libranza a apenas tres semanas dun proceso electoral. É un uso indebido que se fixo ademais dos instrumentos, para empezar da propia Avogacía do Estado, á que primeiro se lle puxo en boca dela unhas palabras que eran palabras de supostos informes orais, que logo houbo que traducir por escrito para facer negro sobre branco esa afirmación, á que despois se lle pediu unha rectificación para poder despois facer esta libranza con carácter electoral, unha vez que se confirmou que había repetición electoral. Polo tanto, un uso absolutamente espurio das institucións do Estado e un uso electoralista absolutamente indebido —na nosa opinión— dos recursos económicos que son necesarios para que funcione o Estado. Porque a Comunidade Autónoma ten asumidos ámbitos competenciais que fan que o Estado de benestar se libre principalmente polas prestacións que emanan da Comunidade Autónoma como consecuencia tamén dun sistema de financiamento complexo, como corresponde ao Estado federal no que vivimos.

Unha situación electoralista que foi acompañada por un Partido Popular, que se acorda de Santa Bárbara cando trona, e que asume esta posición agora e se esquecía completamente no ano 2018 cando Montoro estaba na mesma situación na que estaba agora o Goberno do Partido Socialista. Polo tanto, un intercambio de roles, un intercambio de papeis, simplemente para amosar dúas cousas: un uso electoralista e non vontade de amañar a situación.

Nós pensamos que esta situación require unha solución estrutural, e estrutural significa que non dependa do caso concreto e para a situación concreta e en función de cal sexa a corrección de forzas en cada momento, senón que sexa para sempre, e non despolitizada pero si non partidizada, é dicir, á marxe de cal sexa o partido concreto que estea gobernando; é dicir, unha solución definitiva.



A situación actual que vivimos no Estado é cada vez máis frecuente no último quinquenio na política española, e, se vemos como son as tendencias da política europea, vemos que vai ser o que pase nos vindeiros anos. Acabaron os escenarios bipartidistas, hai un escenario de multipartidismo e onde iso ten que ser acompañado cunha cultura de pacto que ata o de agora parece que aínda non está suficientemente asentada, polo menos na política española, para estes efectos. E, polo tanto, progresar cara a iso requirirá no curto prazo e no medio prazo seguramente períodos máis ou menos dilatados de gobernos en funcións. Polo tanto, se hai un problema de funcionamento constitucional, porque unha situación de goberno en funcións impide o fluxo normal de financiamento para que o Estado actúe con normalidade e poida desenvolver as súas prestacións recoñecidas constitucionalmente con normalidade, o que haberá que facer será reformas de carácter legal para evitar que isto pase.

Por esa razón, En Marea puxo enriba da mesa no debate político unha proposta que para nós ten carácter definitivo, que é a modificación da lei do Goberno do Estado para que nas facultades dun goberno en funcións poida dar resposta a este tipo de situacións, para que non quede a cuestión simplemente en función do cálculo electoralista de se vai haber repetición electoral ou non ou de como se vai resolver, ou as ameazas, as presións ou as chantaxes — chamémolo así tamén polo seu nome— para que se constitúan gobernos ou maiorías baixo esta ameaza.

Ben, para sacar todo iso do debate partidario o que é necesario é unha reforma estrutural, porque o Estado das autonomías é un Estado que funciona así estruturalmente e a autonomía non pode quedar supeditada a que non exista o Goberno central ou a que este goberno estea en funcións. Porque o funcionamento da normalidade do Estado das autonomías non pode vir condicionado por iso tampouco a nivel económico, porque detrás do nivel económico está o nivel da garantía do Estado prestacional e do Estado social.

Por esa razón nós reivindicamos dúas cousas. En primeiro lugar, unha posición política de país. Por iso pedímoslle á maioría popular que convocase un pleno extraordinario e monográfico para poder fixar unha posición —nós apoiariamos esa convocatoria— onde cadaquén puidese achegar unha proposta e que se puidese fixar posición non netamente de goberno, porque isto non é un problema de goberno, é un problema de conxunto de funcionamento da Autonomía e, polo tanto, require unha posición de país. E, en segundo lugar, a nosa solución política, que é a dunha reforma legal definitiva.

Nós pensamos que acudir ao recurso xudicial pode valer de dúas maneiras. En primeiro lugar, para chamar a atención politicamente e, no mellor dos casos, para solucionar este caso, pero non solucionaría os casos do futuro. Por iso nós imos máis alá e propoñemos esa reforma que xa estamos tramitando nesta cámara.

Nós, en todo caso, apoiaremos esta proposta. Tamén o punto segundo, no que ten que ver coa negociación das mellores condicións do noso financiamento. Tamén o punto terceiro, no que ten que ver co valor político, aínda sabendo que o Goberno non ten competencia nin para derrogar a normativa sobre a estabilidade financeira nin moito menos o Goberno para derrogar unha reforma constitucional que tivo lugar no ano 2011, pero como posición política si que o apoiamos. E, finalmente, con relación ao modelo de financiamento que propoñen



no apartado cuarto, colan polo medio o tema do concerto económico e podemos estar de acordo en moitas das cousas que se formulan neste punto cuarto, aínda que discrepamos concretamente no tema do convenio. E, polo tanto, pediríámoslle a votación por puntos para poder significarnos á parte neste apartado concreto con relación aos demais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e todas.

Señorías, despois de que o Consello de Ministros do pasado 11 de outubro aprobase a liberación das entregas a conta do sistema de financiamento autonómico pendentes de entregar ás comunidades autónomas, a iniciativa que hoxe presenta o BNG neste parlamento podería parecer extemporánea. Pero non o é de todo, porque a liberación das entregas a conta non resolve o problema de fondo.

A incapacidade política do Goberno central para aprobar uns orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 puxo de manifesto un problema de deseño que xa viñan denunciando os estudosos do sistema de financiamento dende hai moito tempo: a escasa transparencia do sistema no cálculo dalgunha das súas variables de actualización e sobre todo a falla de automatismo nesas actualizacións. Non pode ser que o esquema institucional do financiamento das administracións que xestionan a maior parte dos servizos que se prestan directamente á cidadanía dependa da aritmética parlamentaria para poder aprobar orzamentos nun momento dado.

As propias contradicións do Goberno central neste tema, o seu cambio de posición sobre a marcha no que atinxe á liberación das entregas a conta ante a presión das comunidades autónomas, pon de manifesto a necesidade de reformar o sistema para dotalo de maior transparencia e máis estabilidade.

Tras o Real decreto 13/2019, do 11 de outubro, que permite o pago de 334 millóns das cantidades do sistema de financiamento adebedadas a Galicia, este importe non coincide evidentemente coas reclamacións da totalidade das cantidades que reclama o Goberno galego. Dunha parte, nesa diferenza hai 200 millóns de euros, segundo os cálculos do propio Goberno da Xunta, que teñen que ver co problema xerado polo anterior Goberno do PP coa modificación do Regulamento do IVE no ano 2017. A outra parte, 170 millóns de euros, o premio da austeridade que reclama agora o Goberno de Feijóo por ter sido o campión dos recortes durante os peores momentos da crise.

Non sei se a vía xudicial proposta polo BNG sería a máis efectiva para reclamar estas diferenzas. Algunhas comunidades como Cataluña así xa o fixeron. Pola nosa banda, cremos



máis ben que sería máis razoable procurar un consenso no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, que ten esta finalidade e que é onde se deben resolver as diferenzas sobre o sistema de financiamento. Estamos convencidos de que nese foro se atopará unha solución no problema do IVE de 2017.

Diferente é o caso do premio de austeridade, xa que, entre outras cousas, porque non forma parte de ningunha regra establecida no sistema de financiamento, máis alá dun acordo verbal, dunha promesa non cuantificada do Ministerio de Facenda do señor Montoro co presidente da Xunta.

Dende o noso grupo, o Grupo Común da Esquerda, levamos tempo reclamando a derogación do entramado normativo institucional deseñado para impoñer e perpetuar a opción ideolóxica de austericidio, elevado ao rango de principio constitucional coa modificación exprés do artigo 135 da Constitución española por acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista, para priorizar o pagamento da débeda por enriba de calquera outro servizo público ou necesidade social.

A Lei de estabilidade orzamentaria, os mecanismos do teito de gasto e a regra de gasto, deseñados para reducir o peso do sector público na economía, non serviron máis que para establecer o camiño dos recortes e para trasladar o custo da crise aos traballadores e ás traballadoras, en xeral ás persoas con menos recursos e máis dependentes dos sistemas públicos e protección social.

Tamén coincidimos na necesidade de mellorar o financiamento da Lei de dependencia, absolutamente insuficiente para cubrir as necesidades reais dunha poboación cada vez máis avellentada.

Por certo, quero lembrar aquí, xa que estamos, que a Xunta está tardando nalgúns casos máis de dous anos en avaliar o recoñecemento e grao de dependencia das persoas que o solicitan.

Por suposto, reclamamos no primeiro punto unha repartición máis equilibrada territorialmente dos investimentos do Estado, tanto na fase de elaboración dos orzamentos como na fase de execución.

Tamén pensamos que é necesario frear a caída progresiva que vén experimentando o Fondo de Compensación Interterritorial nos últimos anos, que prexudica particularmente o noso país.

Terceiro. A reforma do sistema de financiamento autonómico é imprescindible e urxente.

E, para rematar, quero lembrar que, logo do debate do estado da Autonomía, este parlamento aprobou unha proposta de resolución do Grupo Común da Esquerda que, ademais de instar o Goberno da Xunta a pedir a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas para resolver o tema das cantidades adebedadas a Galicia e tamén o establecemento dun mecanismo automático de actualización do sistema de liqui-





dación das entregas a conta non dependente da vontade do Goberno central, dicíamos que este debe ser o primeiro paso da modificación urxente do vixente sistema de financiamento autonómico, reclamando un novo sistema que garanta a suficiencia financeira de Galicia, un maior grao de autonomía financeira, maior capacidade normativa sobre os tributos cedidos e o cumprimento do principio de lealdade institucional.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días a todos e a todas.

Pois eu vou —cordialmente— discrepar da iniciativa do BNG e tamén dalgunhas das intervencións que me precederon. Efectivamente, díxose que era parcialmente extemporánea. Eu estou de acordo, sobre todo no que se refire ás entregas a conta. Tarde, pero acaba de ser solucionado polo Congreso dos Deputados, que validou o decreto aínda no día de onte. Por tanto, nos próximos días chegarán ás arcas da Xunta estes recursos. Pero, no que queda, permítanme que me refira fundamentalmente á reclamación do IVE, pois o que se pide non é congruente coa situación actual, non porque non deba resolverse esa situación, senón porque xustamente o que motiva a situación é o cumprimento das normas legais existentes. Entón, non podemos pedir por vía xudicial que se incumpran as normas legais. Isto non ten absolutamente ningún sentido. E, como se acaba de lembrar, ¿de onde procede isto? Pois que sen modificar o sistema de financiamento autonómico do ano 2009, si se modifica, mediante dous reais decretos no 2016 e despois no 2017, sendo o señor Montoro ministro e o señor Rajoy presidente, o sistema de liquidación do IVE, introducindo o sistema de información inmediata, que facilitou as cousas a moitas empresas, pero acabou provocando, por un cambio no momento que teñen as empresas para a súa liquidación, que un dos meses se pasara ao ano seguinte e, por tanto, no ano 2017 en vez de doce meses temos once e na liquidación de 2017, que é en 2019, en vez de doce meses temos once. A partir dese ano despois se regulariza, pero isto é froito dunha modificación legal e, por tanto, non podemos pedir xudicialmente que se incumpra algo que está previsto legalmente. O que hai é que modificar estas leis, que era o que procedía facer ao ministerio a través dos orzamentos da Xunta, modificando estes reais decretos, e, posteriormente, tería que facer unha excepción no sistema de financiamento autonómico, que xa non foi necesaria porque os orzamentos non foron aprobados.

Por certo, no momento en que o señor Montoro plantea estes decretos, o Consello de Estado fixo un informe favorable a esa modificación; é o presidente o señor Romay Beccaría. Se eu fose do PP, nestes momentos diría: ¡Oh, o señor Romay Beccaría! Non, non, seguro que tamén fixo ben o seu traballo. O que non o fixo tan ben xa foi a Xunta de Galicia, porque naquel momento non alegou, alegou sobre algún aspecto técnico do decreto de 2017 en relación co imposto de transmisións patrimoniais pero non sobre este. Entón, o Partido Popular en Madrid crea o problema, logo vota en contra dos orzamentos para 2019, que permitirían empezar a resolver o problema, e agora, extemporaneamente tamén, dous anos despois, pois plantea unha ofensiva contra esta situación. Pois a cuestión é un pouco sorprendente.



En relación cos outros aspectos do BNG, como teño dous minutos, permítanme simplemente dicir que é o programa máximo do BNG. Eu enténdoo, pero nós non podemos compartilo. Nós sabemos que a pertenza á Unión Europea é un gran valor que ten Galicia, significa desde hai moitos anos catrocentos ou quíntos millóns de euros, significa tamén estabilidade, baixos tipos de xuro e moitas outras cousas, á parte do que significa en termos de impulso para a lexislación, por exemplo en relación co cambio climático. Pero iso tamén ten obrigas e as obrigas é portarnos ben financeiramente. É dicir, non podemos incorrer en déficit e logo pedir que nos rescaten, non podemos ter unha débeda excesiva e logo pedir que nos rescaten, temos que someternos a unha disciplina. ¿Que esta disciplina pode mellorarse? Si, eu lévoa defendido aquí desde hai moito tempo, pero pode mellorarse, non pode laminarse.

E, desde logo, algo parecido en relación co concerto económico. O concerto económico, señora Presas, aplicado a Galicia, faría que seguiríamos sendo dependentes de inxección de fondos procedentes do Goberno central, porque, a diferenza do que sucede no País Vasco ou en Navarra, nós teríamos un cupo positivo que tería que ser entregado polo Estado central. Seguiríamos tendo esa dependencia financeira igual e, en caso de que se xeneralizase, pois teríamos un grave quebranto nas nosas arcas públicas.

O sistema actual corresponde non só aos nosos intereses e aos nosos valores. Nós preferimos unha solidariedade común compartida, como a que temos hoxe, igualitaria, que non un sistema que provocaría máis desigualdade, sería máis insolidario, pero si, permitiríanos ter moita máis autonomía, si, pero eu creo que non corresponde tampouco ao que queren a maioría dos galegos.

Neste sentido, con cordialidade, nós imos votar en contra desta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Eu tamén vou falar con cordialidade e tamén vou votar que non. *(Risos.) (Aplausos.)*

Na exposición de motivos da proposición non de lei eu coincido con dúas cousas que di o Bloque. A primeira é que, efectivamente, a inestabilidade política de Madrid está trasladando problemas a Galicia. Por certo, explíquelles despois ao seu compañeiro que iso é o que quere dicir, precisamente, unha metáfora, non sei se moi afortunada, da néboa en Pedrafita.

En segundo lugar, eu estou de acordo en que sería bo que houberse unanimidade. Eu estou satisfeito só parcialmente porque, como sabe, este tema debatémolo en xullo, o día 9, e conseguimos a unanimidade agás o Partido Socialista, que se abstivo nesta cuestión.

Estou en desacordo, pola contra, o Grupo Popular está en desacordo coa valoración que fan vostedes do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e, por



suposto, tamén estou en desacordo co que vostedes din da estabilidade. E vou argumentalo cos catro puntos que vostede nos trae hoxe na proposición non de lei, á inversa.

Primeiro, sobre o concerto. O réxime foral. Xa se lle dixo por parte do portavoz socialista, eu suscribo o que el dixo, e recordarlle que nós estamos en contra non só porque é contrario aos intereses de Galicia e non a cantidade, que persoalmente acepto como boa, a dos mil millóns, no traballo que fixeron os profesores Lago Peñas e Fernández Leiceaga. Pero hai un motivo máis de fondo, que ten que ver co que son os procesos fiscais. Os procesos fiscais, que xeran desigualdades e inequidades, teñen lugar nun momento moi marcado concreto, que ten lugar nun espazo xeográfico. E a doutrina da teoría económica da facenda pública de toda a vida leva dicindo que é nese ámbito onde funciona o mercado que xera as inequidades onde se deben de corrixir a través dun sistema fiscal redistributivo tanto pola vía do ingreso como pola vía do gasto. Polo tanto, a concepción propia do que é un sistema nunha economía social de mercado obriga a que a redistribución se faga nesa escala, na escala española, que é a de economía na que estamos inseridos. Pero incluso eu iría máis: pediría máis redistribución tamén a escala europea, xusto ao contrario do que significa un sistema como o que vostedes demandan.

Nós certamente non estamos a favor de que os ricos saquen partido disto. A comunidade que máis se beneficiaría coa súa proposta é Madrid, moito máis que o País Vasco e que Navarra, e, desde logo, nós estamos en contra de que se rompa con este principio de solidariedade e de equidade, beneficie a Madrid ou beneficie o País Vasco desde logo. E, desde logo, tamén estamos en contra, precisamente por iso, de todos eses movementos de comunidades autónomas ricas que buscan independencia entre outras cousas para apropiarse co dividendo común que xera un mercado moito máis amplo.

O punto terceiro fala da estabilidade. Eu tamén estou a favor da estabilidade, porque está conseguindo que países que tiñan moitos problemas, entre eles España, que chegou cun 11 % de déficit público e coa posibilidade de que se lle pechasen os mercados. Entón, aí si que teríamos a necesidade de facer recortes descomunais, porque ademais está funcionando. A esquerda soe poñer como exemplo do bo funcionamento a economía portuguesa, precisamente unha das economías rescatadas e que é posta en Europa como exemplo de bo discípulo no cumprimento das normativas de estabilidade fiscal.

Polo tanto, eu creo que tamén é unha mala idea o de facer esas reformas que vostedes propoñen.

Sobre o tema dos investimentos, eu só quixera dicir que é a primeira vez que un goberno asume o cambio de goberno e reconece que as obras están funcionando cos investimentos previstos, nomeadamente as do AVE. Polo tanto, é posible que haxa atraso na execución deses orzamentos, pero iso non quere dicir que se lle deba o que non se executou nun exercicio, pero si no seguinte, á comunidade autónoma.

Finalmente, as entregas a conta. Chegan tarde —aquí se dixo— e chegan incompletas. Fáltannos 170 millóns das compensacións e, sobre todo, os 200 do IVE. A ministra díxolle ao conselleiro que as metera nos orzamentos en xullo do ano 2018 porque ía arranxar ese pro-



blema xerado por unha modificación do sistema do pago do IVE. En xullo do 2019 informa Airef que non o vai facer e que iso implica un 0,2 % de mellora no cumprimento dos obxectivos de déficit por parte do Estado e, polo tanto, un problema do 0,2 % do déficit para as comunidades autónomas neste mesmo exercicio. Hoxe vemos a prensa, que di como está cumprindo o Goberno socialista os obxectivos de déficit e comprendemos por que están a facer isto. O que pasa é que non o compartimos. Estannos privando de capacidade de gasto no benestar a cambio de incumprir un *poquito* menos os obxectivos de déficit.

E vostede presenta a posibilidade de facer un recurso. Dixérono en canto Cataluña o presentou. Se nós tiveramos feito o mesmo, resultaría que agora estaríamos retirando o recurso ou pedindo unha modificación do mesmo, porque resulta que xa se pagou unha parte desa débeda. Polo tanto, non tería moito sentido.

En segundo lugar, o exercicio non ten rematado. Polo tanto, seguir presionando politicamente ten sentido mentres non remate o exercicio. Non se descarta que se presente o recurso, pero é certamente moito máis rápido, como acabamos de ver coas entregas a conta, se finalmente se paga ás comunidades autónomas o que se lles debe, no caso de Galicia 200 millóns do IVE.

Finalmente, eu quero simplemente dicir que é bo nestas cuestións por coherencia. Non se lles debe a participación no IVE só ás comunidades autónomas, tamén se lles debe aos concellos e ás deputacións. Ata onde eu sei, o Bloque goberna algunhas deputacións e algúns concellos en Galicia e, ata onde eu sei, ningún deles presentou un recurso para que as entregas a conta, a participación no IVE que se lles debe aos concellos tamén, lles sexa pagada. Polo tanto, eu pediría un pouco de coherencia tamén neste sentido. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Eu quero rematar, señor presidente, simplemente cunha cuestión. No debate do estado da Autonomía eu dixen que un dos problemas que había de non cumprir a normativa e de non entregar as entregas a conta que se adebedaban levaba a darlles ás a aqueles que queren quebrar o sistema. Hoxe temos un exemplo.

Eu creo que, con todos estes motivos, abonda para que o Grupo Popular vote que non a esta proposición non de lei.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Como cuestión previa, menos mal, señor Puy. Eu tiña fe en que vostede lera os orzamentos da Xunta de Galicia, porque eu saíra un momento fóra, pero seica cando o meu compañeiro



Bará mencionou esa néboa en Pedrafita, aquí se armou un cirio pola súa bancada como se viñeramos de declarar a independencia; entón, en fin, menos mal que alguén desa bancada leu os orzamentos. En todo caso, o problema é que precisamente vostedes, con esa metáfora de continente illado, parece que nos queren levar a outro lado. En todo caso, diso haberemos de falar estas semanas.

Aquí parece que imos ver esa gran coalición que non lle gusta ao señor Casado, pero parece que chegaron a un punto de consenso grazas ao Bloque Nacionalista Galego no sentido da votación entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

Nós, desde logo, podemos entender algunhas discrepancias, algúns matices. Tamén se poderían ter presentado emendas a respecto de puntos particulares e non houbo esa vontade por parte dos dous grupos negacionistas. Si que facilitaremos, por suposto, a votación por puntos para os demais grupos. Pero, desde logo, nós o que non compartimos é que a estratexia ten que ser non moverse, que é un pouco o que se está a poñer enriba da mesa coas cuestións que saíron aquí. E repasarei brevemente algunhas.

Saíu reiteradamente a cuestión da efectividade da denuncia. Para nós está unha cuestión moi sinxela. É como cando no teu traballo non che pagan o salario. O primeiro día irás falar co teu xefe para pedirlo amablemente; o segundo igual tamén; pero igual o terceiro xa vas dar un golpe enriba da mesa e presentar unha denuncia; é moi probable que che acabe pagando antes de que esa denuncia prospere. Pois iso é un pouco o que nós poñemos enriba da mesa: enviarlle ao Goberno central, estea quen estea a partir do 10 de novembro, un sinal claro de que a este país non se lle toma o pelo, e non caben demagoxias como as que se fixeron aquí cos concellos e as deputacións. Pois, se queren, convidamos os concellos e as deputacións a sumarse a esa denuncia xudicial da Xunta de Galiza, pero, ¡home!, vexa as cifras antes.

Sabe vostede que lles debe o Estado a todos os concellos e deputacións do Estado case a mesma contía que nos debe a nós. Entón, non estamos a falar do mesmo grao de gravidade. En todo caso, cando se pon iso enriba da mesa, como pasou na Deputación de Ourense, nós votamos favorablemente a que se reivindique por suposto tamén esa débeda coas entidades locais, non temos ningún tipo de problema.

Tamén se falou de que era unha cuestión parcialmente extemporánea, por parte de varios voceiros. ¡Home!, non sei. Eu xa sei que está todo o mundo en campaña e que hai quen ten na cabeza Madrid antes que Galiza, pero dicir no Parlamento galego que cando se deben recursos a esta comunidade parcialmente é extemporáneo a nós si que nos parece, máis que extemporáneo, un pouco desenfocado, e, desde logo, nós entendemos que, en canto non estean retribuídas todas esas contías á nosa comunidade, pois, por suposto, todas as alternativas que se poidan explorar, do político ao xudicial, están plenamente vixentes.

Finalmente —que quedo sen tempo—, respecto do concerto económico, témolo debatido en moitas ocasións. Somos conscientes das diferenzas políticas e de que a nosa neste momento non é a posición maioritaria, pero, en todo caso, discutámolo, fagamos unha emenda *in voce*, retomemos esa proposta que facía o BNG no debate do estado da nación de sentarse e dis-



cutila polo miúdo, porque, claro, o problema é que igual, se abrimos ese marco, se nos sentamos e se nos poñemos a discutir en miúdo, non queda ese argumento de que non temos razón, unha réplica de medio minuto, e vemos as cifras polo miúdo e vemos que igual hai máis razón da que se pensa. E, polo tanto, nós estamos dispostos a traballar nese foro e estamos dispostos tamén —e son conscientes todos por responsabilidade política— a que, con independencia de que se avance nesa proposta ou non, cando teñamos que debater como país tamén que melloras caberían incluso dentro do marco do réxime común nós farémolo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...porque temos esa lealdade, esa seriedade co país. A cuestión é se os demais están dispostos tamén a mover o seu marco e a debater propostas en serio para este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Debate acumulado de proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Debatemos agora, de xeito acumulado, tres proposicións non de lei. Unha corresponde ao Grupo Parlamentario Mixto, outra corresponde ao Grupo Parlamentario Socialista e outra ao Grupo Parlamentario Popular.

**Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia)**

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes**

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas. Hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego á do Grupo Parlamentario Socialista. Hai emendas do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego á proposición do Grupo Parlamentario Popular. E hai emendas do Grupo Socialista, Mixto e do Bloque Nacionalista Galego e tamén unha autoemenda á do Grupo Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 56424 [10/PNP-004169].*



Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

«4. Impulsar unha mesa de traballo nas Pontes participada polos axentes sociais, políticos, a empresa, o goberno central e a propia Xunta de Galiza no que se aborde e planifique a resposta a esta situación e se deseñe o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona.

5. Demandar a negociación directa de Galiza daquelas cuestións que afecten ao noso país no ámbito estatal e internacional e particularmente:

a) Demandar por todas as vías posibles -tamén xudicial- que se compense a Galiza a débeda histórica contraída polos sucesivos incumprimentos dos Plans Carbón e pola súa exclusión a partir do 2012 até a actualidade, incluíndo Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o período 2019-2027 e en todos aqueles mecanismos que se determinen.

b) Esixir a inclusión de Galiza no plan denominado Green and fair new deal que está a deseñar a Unión Europea para compensar os territorios que perdan emprego e actividade na aplicación do proceso de descarbonización enerxética».)

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. nº 56882 (10/PNP-004202).

Emenda de supresión.

Débense suprimir os puntos 4.a) e 4.b) da parte resolutiva.

Emenda de engádegas.

Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei:

«6.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular.

7.- Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

8.- Promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica.

Os proxectos que hasta este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar



*de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc. Os proxectos que hasta este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc.*

*Os axentes económicos non buscan nestes momentos lugares con polígonos industriais, se non lugares con traballadores moi ben formados e cun alto nivel de produtividade. E tamén con infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido.*

*9.- Desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa. Isto atraería a empresas destes sectores a instalarse nestas comarcas.*

*10.- Promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non voltar ao monocultivo industrial.*

*11.- Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas. Desta maneira desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombeiras pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable. Cremos que se fixo un bo traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado á natureza e ao turismo. traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado á natureza e ao turismo.*

*12.- Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalista.*

*13.- Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóbil formarse neste centro. E por suposto rexeitar proxectos que non vaian nesta liña de futuro e que só presenten proxectos oportunistas ante os posibles incentivos.*

*14.- Política de incentivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministración de enerxía eléctrica. Isto posibilitaría t en toda Galicia.*

*Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama.*

*15.- Creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe.*





16.- Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes.

17.- Instar aos Concellos de As Pontes e Cerceda a dar exemplo, desenvolvendo políticas de compras verdes que ademais prime a produción local.

18.- Poñer en marcha de inmediato, en canto esté constituído o Goberno do Estado, os traballos de recuperación ambiental das Rías do Burgo e de Pontevedra. O transporte dos centos de miles de lodos tóxicos a planta de Sogaris en As Somozas, para a súa inertización podería dar traballo aos transportistas de As Pontes por un período de mais dun ano. En paralelo se desenvolverá e financiará un plan urxente para abrir a posibilidade a estes transportistas de diversificar as súas posibilidades de traballo nun sector de forte demanda.

19.- Desenvolver todas as accións propias nos orzamentos da Xunta de Galicia, e instar ao Goberno do Estado nas que sexan da súa competencia, así como as actuacións ante a UE, para acadar a Financiación de todas estas iniciativas enumeradas anteriormente:

A. Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy.

B. Execución das novas partidas previstas na disposición adicional centésimo oitava dos orzamentos de 2018, aínda en vigor.

C. Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO<sub>2</sub> como contrapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora.

D. Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama.

E. Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

F. Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

G. Desenvolver dentro das súas competencias tributarias, e instar ao Goberno a desenvolver unha nova Fiscalidade ecolóxica».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 56882 [10/PNP-004202.



### Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

6. Impulsar unha mesa de traballo nas Pontes participada polos axentes sociais, políticos, a empresa, o goberno central e a propia Xunta de Galiza no que se aborde e planifique a resposta a esta situación e se deseñe o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona.

7. Demandar a negociación directa de Galiza daquelas cuestións que afecten ao noso país no ámbito estatal e internacional e particularmente:

a) demandar por todas as vías posibles -tamén xudicial- que se compense a Galiza a débeda histórica contraída polos sucesivos incumprimentos dos Plans Carbón e pola súa exclusión a partir do 2012 até a actualidade, incluíndo Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o período 2019-2027 e en todos aqueles mecanismos que se determinen.

b) Esixir a inclusión de Galiza no plan denominado Green and fair new deal que está a deseñar a Unión Europea para compensar os territorios que perdan emprego e actividade na aplicación do proceso de descarbonización enerxética».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004219), doc. 57089.

### Emenda de modificación.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España, no marco da reforma da política enerxética, a toma das medidas necesarias para garantir, seguindo as recomendacións xa aprobadas polo Parlamento de Galicia, o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez no horizonte establecido polo Plan Nacional Integrado da Enerxía e o Clima, así como que proceda á negociación urxente dun convenio de colaboración para a posta en marcha da Estratexia de Transición Xusta en Galicia, como xa está a facer na maioría das comunidades autónomas e que inclúa a Galicia nas axudas europeas par as zonas mineiras afectadas pola transición enerxética».)

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. nº 57089 (10/PNP-004219).

### Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva da iniciativa pola seguinte:

«1.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o “Mapa da Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)”, baixo a dirección e coordinación das Universidades galegas coa



participación de todos os colectivos implicados: Xunta de Galicia; Goberno do Estado; Concellos; empresas, sindicatos; asociacións cidadáns e ecoloxistas; etc.

2.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo, en paralelo ao “CLEW-Galicia”, para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado Mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortegal e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas.

En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha. En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha.

3.- Instar a Xunta de Galicia a pedir aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

5.- Instar a Xunta de Galicia a pedir aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava, e que non foi executada.

6.- Instar a Xunta de Galicia a pedir ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizadas polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

7.- Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

8.- Instar a Xunta de Galicia a pedir a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables



*e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.*

*9.- Promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica.*

*Os proxectos que hasta este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc.*

*Os axentes económicos non buscan nestes momentos lugares con polígonos industriais, senón lugares con traballadores moi ben formados e cun alto nivel de produtividade. E tamén con infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido. xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido.*

*10.- Desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa. Isto atraería a empresas destes sectores a instalarse nestas comarcas.*

*11.- Promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non voltar ao monocultivo industrial.*

*12.- Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica. Desta maneira desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombres pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable. Cremos que se fixo un bo traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado á natureza e ao turismo.*

*13.- Creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalistas. Asociado ao mesmo estaría o centro de teste de nova tecnoloxía renovable.*

*14.- Creación dun Centro de Eco-Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóbiles e outros sectores verdes. Ligado ao centro de formación profesional especializado nestes sectores. Isto atraería a empresas de outras autonomías e fomentaría que leven aos seus técnicos a formarse neste centro. E por suposto rexeitar proxectos que non vaian nesta liña e que só presenten proxectos oportunistas ante os posibles incentivos.*

*15.- Desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética de vivendas para conseguir aforros en calefacción e iluminación, co obxectivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando*



polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministración de enerxía eléctrica. Isto posibilitaría tamén a creación dun novo tipo de emprego especializado na auditoría enerxética e o teste de medidas de eficiencia que despois se poderían implantar en toda Galicia.

Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama. Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama.

16.- Creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe.

17.- Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes.

18.- Instar a Xunta de Galicia a pedir aos Concellos de As Pontes e Cerceda a dar exemplo, desenvolvendo políticas de compras verdes que ademais prime a produción local.

19.- Poñer en marcha de inmediato, en canto esté constituído o Goberno do Estado, os traballos de recuperación ambiental das Rías do Burgo e de Pontevedra. O transporte dos centos de miles de lodos tóxicos a planta de Sogaris en As Somozas, para a súa inertización podería dar traballo aos transportistas de As Pontes por un período de mais dun ano. En paralelo se desenvolverá e financiará un plan urxente para abrir a posibilidade a estes transportistas de diversificar as súas posibilidades de traballo nun sector de forte demanda.

20.- Desenvolver todas as accións propias nos orzamentos da Xunta de Galicia, e instar ao Goberno do Estado nas que sexan da súa competencia, así como as actuacións ante a UE, para acadar a Financiación de todas estas iniciativas enumeradas anteriormente:

A. Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy. A. Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy.

B. Execución das novas partidas previstas na disposición adicional centésimo oitava dos orzamentos de 2018, aínda en vigor.

C. Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO<sub>2</sub> como contrapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora.

D. Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama.

E. Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías



renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

F. Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios aca- dados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que de- desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

G. Desenvolver dentro das súas competencias tributarias, e instar ao Goberno do Estado a desenvolver dunha nova Fiscalidade ecolóxica».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 57089 [10/PNP-004219].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Esixir do goberno do Estado que rectifique a súa política enerxética e tome as medidas necesarias, particularmente as solicitadas por este Parlamento o 11 de setembro, que permitan desenvolver unha transición xusta para Galiza tomando as medidas necesarias, incluíndo a Galiza nos recursos estatais e demandando a súa inclusión nas axudas europeas, particularmente:

a) Demandar por todas as vías posibles -tamén xudicial- que se compense a Galiza a débeda histórica contraída polos sucesivos incumprimentos dos Plans Carbón e pola súa exclusión a partir do 2012 até a actualidade, incluíndo Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transi- ción xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o pe- ríodo 2019-2027 e en todos aqueles mecanismos que se determinen.

b) Esixir a inclusión de Galiza no plan denominado Green and fair new deal que está a deseñar a Unión Europea para compensar os territorios que perdan emprego e actividade na aplicación do pro- ceso de descarbonización enerxética.

2. Impulsar unha mesa de traballo nas Pontes participada polos axentes sociais, políticos, a empresa, o goberno central e a propia Xunta de Galiza no que se aborde e planifique a resposta a esta situación e se deseñe o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado Diego Calvo Pouso, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. 57089 (10/PNP-004219).

Emenda de engádegas.



*Débase engadir ao texto da parte resolutiva o que segue a continuación:*

*«Asemade, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite que desde o Ministerio de Transición Enerxética se realicen as xestións oportunas para incluír a Galicia na ‘Platform on Coal and Carbon-Intensive Regions’ e no Equipo País, xa que a nosa Comunidade cumpre claramente os requisitos esixidos para ser membro de ambas».)*

**O señor PRESIDENTE:** En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Acumúlanse estas propostas aínda que o obxectivo é case contraditorio. O Partido Popular plantexa seguir queimando carbón; o Partido Socialista di: imos seguir queimando carbón unha temporada; e nós plantexamos xusto todo o contrario; entón, claro, ao mellor a acumulación non ten moito sentido.

As políticas que está levando a cabo a Xunta de Galicia e que se revelan claramente na súa iniciativa son dunha absoluta irresponsabilidade fronte á emerxencia climática global e, sobre todo —e isto é máis grave—, enganar a cidadanía, porque o futuro de Galicia non está en queimar carbón de Indonesia ou de Sudáfrica, o futuro está na transición ecolóxica e enerxética, e iso é unha evidencia que parece mentira que a estas alturas haxa xente que o queira ocultar.

E parece que aquí, nas propostas, o único que hai detrás é defender intereses das grandes eléctricas, porque despois lles vou contar o que quere dicir o que plantexa o Partido Popular. E aquí no que hai que pensar é máis na cidadanía das Pontes, de Cerceda, de Meirama e das comarcas afectadas e de toda Galicia e tamén —¡como non!— nos nosos fillos e tamén nos nosos netos e nos bisnetos. Niso é no que haberíamos que pensar. Porque as propostas de dar incentivos fiscais a Endesa por contaminar, que é o que se plantexa ao quitar o céntimo verde —que, ademais, non arregla nada; supón dous euros e pico por megavatio; iso non lle arregla o problema a Enel nin a Endesa—, ademais, vai en contra de todas as liñas de traballo e iniciativas que vai poñer en marcha a Unión Europea e que xa están poñendo en marcha a maioría dos países europeos.

Despois, pagarlle incentivos por capacidade, é dicir, pagarlle a Endesa por estar parada. ¿Cantos anos vai estar parada pagándolle e en que beneficia eses traballadores de Endesa, en que beneficia os traballadores das auxiliares —pois se a central está parada non hai nada que manter— e en que beneficia os transportistas —pois se a central está parada non hai carbón que transportar—?

E despois a cousa foi derivando, empezaron as ocorrencias, a da biomasa forestal ou os residuos da aceituna. E vaiamos á realidade. Esas son ocorrencias, e todo o mundo xa o sabe, os mesmos que hai un mes o dicían agora xa din que iso é inviable.

Ben, pois o que plantexa o Partido Popular e o que plantexa parcialmente o Partido Socialista de que que siga funcionando a central chámase dunha maneira: chámase entre 80 e 150 millóns de euros ao ano a pagar a Endesa para que manteña ao redor de cen días de explotación



ao ano, 3.500 xigavatios/hora, é dicir, pagar a Endesa 150 millóns de euros ao ano para funcionar menos dun terzo do ano. Esa é a alternativa. Nós pensamos que eses 150 millóns de euros ao ano poderían ter moito mellor destino.

Despois fálase tamén —porque falar é moi fácil— dunha referencia, encontraron unha referencia. Hai unha central térmica británica de carbón, a de Drax, que se transformou, pero, claro, xa hai sete anos, a biomasa. ¿Saben canto paga o Estado británico por que esa central estea funcionando? Porque, claro, alí teñen un problema que nós non temos; aquí temos 100.000 megavatios instalados cando se necesitan 40.000 na maior punta, ou sexa, hai capacidade máis que de sobra sobre todo en ciclos combinados de gas; alí non, alí a central tiña que traballar. Entón, ¿saben como se chama que funcione esta central, igual que pasaría nas Pontes? Chámanse 2,5 millóns de euros diarios que o Goberno británico paga á eléctrica que explota a central de Drax e, ademais, despois de subvencionar os 800 millóns de euros que custou transformar as caldeiras desa central.

Que As Pontes funcione con biomasa suporía queimar entre 7 e 10 millóns de toneladas ao ano de biomasa. Se fixeramos isto, en catro anos deforestamos totalmente Galicia. Ou sexa, dígoo para que se vexa o nivel de ocorrencia.

Unha central como a de Drax, ademais deste inmenso custo público e medioambiental, ten un futuro moi curto, salvo que se permita deforestar medio mundo, porque xa remataron con todo o que podían pillar en Gran Bretaña, agora están deforestando, parece ser, todo o Estado de Virxinia, que é de alí de onde lles mandan os pellets; agora van pasar a Sudáfrica. Como siga funcionando moito, non vai quedar nin o Amazonas.

E xa digo: ¿non será mellor gastar todos estes cartos en futuro de verdade para As Pontes, pero comezando xa de inmediato, porque é posible? Non é a medio prazo, é xa. E isto si que non son ocorrencias.

Toda a quilométrica emenda que presentei tanto á proposta do Partido Popular como á do Partido Socialista non é unha ocorrencia, é o que se fixo, exactamente igual —non inventei nada, non é nada creativo—, nunha rexión de Francia similar totalmente ás Pontes. Ben, pois despois de seis anos implantando todas estas políticas, neste momento teñen tres veces máis empregos, moito máis cualificados e moito máis pagados. Pois aí está a proba, e todo con axudas europeas, axudas do Estado francés.

Por iso, hai que potenciar todas as vías para conseguir ese financiamento que vai ser masivo para a transición ecolóxica e para dinamizar as comarcas afectadas negativamente, transformando esta ameaza nunha grande oportunidade de futuro. E iso comeza o 1 de xaneiro do 2021, queda moi pouco.

Por iso hai que comezar xa, e o primeiro é planificar o que se debe facer. E ¿que están facendo xa vinte e oito rexións europeas? Xa levan niso dous anos. Pois desenvolver o que se chaman os mapas de transición sostible, os CLEW (por clima, terra, enerxía e auga, nas súas iniciais en inglés). E son documentos moi transversais, non é só transición enerxética, non é só transición ecolóxica, é analizar todas as actividades humanas, xa sexan industriais, extrac-





tivas, agrogandeiras, pesqueiras, urbanas, etc., que poidan afectar o medio ambiente e posteriormente desenvolver estratexias para facer todas esas actividades máis sostibles.

Ou sexa, que as axudas non serían só para ver que alternativa enerxética se lle daría á central das Pontes, serían alternativas para mellorar a sustentabilidade da ría de Ferrol, para que toda a produción agrogandeira fora ecolóxica, para toda aquela actividade humana que afecta o medio ambiente, que é practicamente toda: o transporte, a mobilidade, etc. Pois todo é susceptible de ter axudas. Iso si, hai que telo ben catalogado, hai que ver que índice de afectación á sustentabilidade teñen cada unha das actividades, e todo iso leva tempo.

Leva tempo, pero non leva tanto tempo. A maioría dos plans que se fixeron no resto de rexións europeas desenvolvéronse nun ano, e incluso eu teño xa un sitio en que custou menos que unha actuación da París de Noia ou da Panorama nunha festa. Dígoo porque hai alcaldes aos que lles gusta máis gastar nestas cousas que en facer mapas de transición nos seus concellos.

Por iso, pensamos que hai que empezar a traballar xa, xa e xa, en nove meses. Os maiores expertos que hai en Europa en mapas de transición sostible, que están na Universidade de Santiago de Compostela, están traballando en varias rexións de Europa e en varias rexións de Sudamérica. Sei que vostedes xa contactaron con eles. Anímoos a incidir niso, anímoos a poñelo en marcha de maneira moi importante.

Primeiro habería que facer o marco xeral, que sería o mapa de transición sostible de Galicia, e a partir de aí poñer en marcha dous plans piloto, que, polas informacións que teño, se poderían desenvolver en nove meses, tanto para a macrocomarca de Ferrolterra, As Pontes, Eume e Ortegal como para a de Cerceda, Ordes, Terras de Melide e Arzúa.

Xa digo: en todas estas macrocomarcas hai moitísimas actividades de proximidade, de desenvolvemento dos valores propios. Todo isto vai saír nestes mapas e en nove meses poderíamolo coñecer e saber cales son as posibles solucións e cantos cartos farían falta para desenvolvelo.

Pensamos que con eses 150 millóns, e con moitísimo menos, se podería desenvolver todo isto, e iso é o que garantiría o futuro destas comarcas, e posteriormente, por un efecto de capilaridade, o resto de comarcas galegas, todo o país galego. Galicia podería ser líder neste tema no Estado español e podería tamén acadar a maior parte dos orzamentos que irán ligados á lei de transición sostible que seguro que o ano que vén terá que aprobarse no Estado español.

Temos que ser líderes e por iso hai que traballar xa. E, para traballar xa, hai que dotar orzamentariamente. Non son moitos cartos desenvolver estes mapas. Non digo dedicarlle o que lle dedicaron nalgunha pequena rexión europea, os 30.000 euros que me dixeron que lles custaran. Aquí haberá que dotar máis orzamento, pero orzamento totalmente accesible, asumible. Por iso, esperemos que nos orzamentos da Xunta de 2020 estea contemplado para que xa nun mes se poida estar traballando neste asunto, e cando empece a nova lexislatura, co novo goberno que estea na Xunta de Galicia, se poida implementar todo o que nestes meses poidamos traballar.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día de novo.

Eu, antes de nada, quero manifestar a nosa preocupación e a nosa empatía cos traballadores, coas empresas auxiliares, cos seus empregados e cos transportistas da comarca das Pontes que están afectados polo peche empresarial desta central térmica de Endesa.

Diante disto hai dúas actitudes. Hai unha actitude de intentar explotar electoralmente o problema. Eu creo que diagnosticándoo mal, situando a responsabilidade onde non está e orientado as accións nunha dirección que a nós non nos parece a dirección correcta. Parécenos unha dirección equivocada, porque o problema non está —como se ten dito por activa e por pasiva— nunha decisión do Goberno de España. Eu non vin ningunha lei, ningún decreto, ningunha orde, pola que se decidira pechar a central térmica das Pontes. E, se a hai, que me digan cal é. Iberdrola pechou as súas centrais no ano 2017 —goberno de Rajoy—; Naturgy pechou as súas centrais con posterioridade, primeiro acordándoo co goberno de Rajoy e executándoo xa sendo presidente Pedro Sánchez. Hai tres centrais que van continuar a partir do 2020 —Los Barrios, Aboño e Soto de la Ribera— neste mesmo marco que temos hoxe porque as empresas así o deciden. E, ademais, o Plan nacional integrado de enerxía e clima, que está en tramitación, contemplaba a continuidade do carbón ata, como mínimo, 2030; e aínda unha continuidade residual de 1.300 megavatios como un elemento de regulación do sector enerxético a partir dese momento.

Quero dicir que o peche anticipado desta central vai en contra dos plans que ten o Ministerio, vai en contra dos plans que tiña o Ministerio. Créalle un problema ao Ministerio. A empresa non é que tivera autorización para seguir, senón que ía seguir, quixo seguir ata hai un momento. E, a partir de hai escasamente meses, tomou a decisión de parar, unha decisión empresarial, seguramente porque ten expectativas de grandes perdas e porque a continuidade ten custos indirectos de reputación importantes tamén, porque os fondos de investimentos cada vez son máis activistas en materia medioambiental, o cal vai facilitar a estratexia de descarbonización.

Quero dicir que é a empresa a que toma a decisión dun xeito abrupto, dun xeito súbito, despois de investir case 200 millóns de euros non na adecuación ao carbón, senón para reducir outras emisións tamén contaminantes e que eran obrigadas para poder continuar. Toma esa decisión.

E teño que dicir tamén con claridade que para nós o carbón non é o futuro, non é o futuro, pode ser unha solución transitoria. Antes criticábaseme que na nosa proposta nós permitiamos a continuidade da central. Porque nós queremos que haxa unha transición. E transición non significa pechar a porta, tirar a chave e esquecerse, senón que ten que haber unha transición e, por tanto, aínda non sendo futuro, temos que ir a un plan que permita reducir



substancialmente a emisión de CO<sub>2</sub> pero ao mesmo tempo garantir a oferta de enerxía. E iso, que está na previsión do Ministerio, levaba ás centrais térmicas de carbón, entre elas a das Pontes, a operar ata o ano 2030.

Pero teñen que comprometerse tamén cunha solución para o carbón, porque a nós preocupanos o cambio climático e sabemos que a descarbonización progresiva é un dos principais instrumentos para loitar contra o cambio climático.

Eu creo que hai que abandonar estratexias partidistas, sumarse a unha estratexia social e política de ampla base que procure un futuro para As Pontes pero que vaia máis alá do carbón importado e que transforme esa comarca nun exemplo de economía sostible. E aí necesitamos a Xunta de Galicia, necesitamos a Xunta de Galicia para dotar con recursos unha política de compensación. Nós pedímoslle que cree un fondo complementario —ou doutras administracións, da europea e central— e que iso teña reflexo nos orzamentos do ano 2020. Esperemos que iso sexa así despois da tramitación dos orzamentos. Necesitamos a Xunta de Galicia, porque é a súa competencia, para impulsar unha política de fomento industrial e de activación do emprendemento máis intensa e dirixida a esa comarca, e tamén necesitamos a Xunta de Galicia para organizar alternativas.

¿Os lodos da depuradora son unha alternativa? Explorémolo. ¿Os residuos agrarios?, ¿a biomasa?, ¿todas elas?, ¿o gas?... Non o sei. Son alternativas que están funcionando con moitos problemas, é verdade, noutras centrais térmicas en transición. Pero temos que probalas, e para iso necesitamos tamén a Xunta de Galicia, a súa implicación, entre outras cousas porque ten competencias en todas estas materias. E a nosa posición de fondo é que hai que buscar alternativas, solucións compensatorias, hai que buscar as dúas cousas para garantir un futuro.

¿Por que a empresa decide pechar antes do que estaba previsto? Pois porque, froito dos acordos internacionais, hai unha aceleración en todo o mundo dos plans de descarbonización. E todo o mundo quere dicir non só a Unión Europea, senón tamén, por exemplo, China, que está organizando o seu mercado de dereitos de emisión para que empece a funcionar rapidamente. E o principal instrumento é xustamente ese mercado de dereitos de emisión. A Unión Europea reformou ese mercado no ano 2017. ¿Saben vostedes quen estaba de comisario de medio ambiente? O señor Arias Cañete. E eu non vou dicir, como diría o Partido Popular se estivera na miña posición, que foi o Partido Popular na Comisión Europea. Non, Arias Cañete actuou como comisario europeo facendo o que tiña que facer, que era regular doutra maneira os dereitos de emisión. E, como froito desa regulación, ao reducirse a oferta elévase o prezo. E o prezo pasou de 5 euros por quilo de CO<sub>2</sub> —perdón, por tonelada de CO<sub>2</sub>— a 25 ou 26 euros. E a previsión é que vaia subindo ata os 30, ou incluso, segundo algunhas estimacións, ata os 40 euros por tonelada. E isto fai que algunhas empresas, que estaban dispostas noutro contexto a seguir operando, pois decidan botar o peche. Iso sucede non só en España, sucede en Portugal, en Francia xa sucedeu, sucede en Italia, sucede noutros países europeos, incluso en Alemaña —aínda que van deixar, como en España, algunhas centrais térmicas operativas en todo caso con lignito do propio país—.

Pero, como se recordaba antes, a planta das Pontes necesita aproximadamente 8 millóns de toneladas en dereitos de emisión, que significa un custo aproximado de 200 millóns de



euros, sendo 150 millóns máis do que estaba previsto no momento no que fixo os plans de continuidade. E é posible que, se se cumpren as previsións coas que tamén está traballando seguramente a empresa, isto se eleve por encima dos 300 ou 350 millóns de euros que tería que asumir a empresa; e, se non, tería que asumilos alguén.

Pero hai un segundo elemento que tamén forza á empresa, que é a baixada progresiva dos prezos da enerxía. En contra do que se dixo aquí esta mañá, levan un ano baixando. E isto é malo para o carbón, é malo para a produción de enerxía por carbón, porque entran menos días na produción e, polo tanto, hai menos posibilidade para a empresa de rendibilizar os seus investimentos, incluso da compra de dereitos de emisión. E, por tanto, con estas condicións, a empresa decide pechar; cando, ademais, o carbón ten custos, en termos de reputación para a empresa, cada vez máis importantes.

E nós ¿que propoñemos? Pois facemos unha proposta aberta, propoñemos negociar coa empresa a continuidade da central operativa para dar tempo a que se faga esa transición xusta dentro do previsto no Plan nacional de enerxía e clima, como antes dicía. Porque este é o marco no que debemos movernos. Queremos que se busquen alternativas ao carbón e que dea tempo tamén para buscar esas alternativas. Eu xa sei do fracaso de experiencias dalgunha central térmica en Portugal. Pero probemos outras cousas. Hai algunha en España que vai seguir funcionando tendo carbón e gas como complemento. Busquemos a ver se hai algunha alternativa posible. E, se non a hai, pois haberá que facer outra cousa.

Queremos que se busquen, coa empresa, solucións compensatorias para os traballadores, para os autónomos dependentes, para as auxiliares, porque a empresa leva moitos anos de presenza nesa comarca, leva gañando moitos euros grazas á explotación dos recursos, grazas á produción de enerxía e á contaminación que xerou durante este tempo. Cremos que ten unha responsabilidade e que hai que exixirlle esa responsabilidade. Porque estamos a favor dunha transición xusta, non queremos deixar ninguén atrás. Ao fondo europeo ao que se fai referencia — non só na nosa iniciativa, senón tamén na iniciativa do Partido Popular — cremos que é correcto que Galicia se incorpore, o que pasa é que tampouco podemos contar posicións que non son reais. A Platform for Coal and Carbon-intensive Regions ten pechada esta segunda fase á incorporación das rexións intensivas en carbón. Nunha primeira fase son só as rexións mineiras, e está pechado desde que en España o señor Álvaro Nadal o organizou no ano 2016-2017 e despois o ministerio socialista o puxo en marcha, efectivamente. Pero non contemos isto, porque, se se len os documentos que están asociados, indicarán como só nunha segunda fase podería entrar Galicia. E a nós parécenos ben. Debe recibir compensacións. Teñen que colaborar todas as administracións.

En terceiro lugar, queremos que se impulsen alternativas para a industrialización da comarca, co apoio da empresa ou sen ela, e que se busquen tamén solucións para aqueles que están máis desguarnecidos de todos os que eu falaba antes. E ten que ser a Xunta de Galicia e o Ministerio, apostando polas enerxías renovables, apostando polo I+D+i ligado ás enerxías renovables, claro que si.

Por tanto, vemos a descarbonización como unha oportunidade. Cremos que non podemos ir en contra dos criterios da Unión Europea, non podemos pelexar contra as estratexias que



van intentar reducir as consecuencias do cambio climático. Estamos a favor da idea da transición e estamos a favor de sumar, de establecer un consenso no que poidamos estar todos. Pero cremos que a Xunta de Galicia debe ter presenza nese consenso e esperamos que haxa un compromiso para poñer enriba da mesa os recursos e as ideas que ata agora non escoitamos para dar unha solución a isto...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...nin recursos nin ideas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Calvo Pouso.

**O señor CALVO POUSO:** Moi bos días, presidente, señorías. Tamén co ton de cordialidade que se instaurou nas últimas iniciativas, intentarei eu explicar a nosa postura.

Miren, hai pouco máis dun ano neste mesmo Parlamento tiven a oportunidade de debater unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular. Naquel caso existía a preocupación porque a central de Meirama acababa de anunciar o seu peche. Había preocupación para moita xente, pero non tanta para os outros grupos. Basta ver o número de iniciativas rexistradas sobre Meirama para comprobar que non era un tema que preocupara enormemente aos deputados dos grupos que están na oposición.

Pero eu, para preparar esta iniciativa, lino o *Diario de Sesións*. A verdade é que está moi ben. Nese *Diario de Sesións* a señora Presas dicía que o Goberno non fixera, como goberno, o que debería para que Meirama, que é o caso que está en perigo, fixera os deberes como As Pontes, que está a cumprir. A do señor Losada Álvarez foi unha intervención moi atropelada e permítame que non quite ningunha conclusión. E o señor Casal —que naquel momento estaba noutro grupo— dicía que nós o que queríamos era regalarlle 20 millóns de euros de todos os galegos e españois a Naturgy, posto que Endesa xa estaba facendo os traballos na central para adaptar a central ás exixencias de emisión.

¡Home!, lino varias veces, e eu o que conclúo —como estou seguro que a maior parte das súas señorías— é que As Pontes non preocupaba, que As Pontes estaba a cumprir e todo ía ben, todo ía ben. O que preocupaba era Naturgy. Son palabras de vostedes, non son miñas.

Naquela mesma intervención dicía que o que preocupaba tamén era As Pontes. É máis, fíxense vostedes o que é a cousa, a casualidade, que eu lles dicía e lles recomendaba a algúns partidos que lle preguntaran a algún ex-parlamentario do Bloque Nacionalista Galego das Pontes, que neste mesmo Pleno veu defender unha iniciativa lexislativa popular en nome da CIG, para que lles contara a verdade e que vostedes aquí soberan do que estabamos a falar.

Pero, bueno, isto é o que hai e isto é o que pasa. E empezo por aquí porque me gustaría poñer en contexto cal é a postura de todos os grupos. Nós non vimos aquí dicir que o carbón ten



que seguir indefinidamente, señor Casal. Non é certo, non é certo. O que dicimos é que a proposta que está enriba da mesa nin é transición nin é xusta, que é unha diferenza moi grande. Nós a semana pasada —algún deputado deste grupo parlamentario, o señor Tellado e mais eu, deputados tamén nacionais en Madrid, e estaba a señora Presas tamén— estivemos en Madrid con todos os traballadores e con moitísimos alcaldes que se acercaron a Madrid para ter unha reunión cos grupos parlamentarios e, diante do Congreso dos Deputados, dicir cal era a postura dese gabinete de crise que se chama «Comité de crise, grupo de traballo por unha transición xusta». Esta xente leu alí un manifesto, que dicía textualmente: «É necesario que Endesa se comprometa» —esta parte é importante e nós estamos de acordo, eh!— «e que desde as administracións públicas se artellen os mecanismos necesarios que garantan a continuidade da explotación da central térmica nun período temporal que permita unha transición enerxética xusta».

Eu apóioo e este grupo tamén. ¿Vostedes? ¿O resto? Porque despois de rexistrar este manifesto houbo reunións cos grupos parlamentarios. Reuníronse co Grupo Parlamentario Socialista, co Grupo Parlamentario de Ciudadanos, co Grupo Parlamentario de Unidas Podemos e co Grupo Parlamentario do Partido Popular. Todos os grupos dixeron na reunión, ás dúas reclamacións que facía este comité, que se comprometían.

¿Saben vostedes cales eran as reclamacións? Seguramente non o saben, non o saben. Porque a primeira é que hai que pedirlle ao Goberno que se mantéña en funcionamento a central mentres non se buscan solucións alternativas. Non para sempre, señor Pancho Casal. Non pedimos que se mantéña o funcionamento da central indefinidamente co carbón. Non, non é certo. Non veña aquí a intentar enredar o debate. Non, non se pedía iso. Pídese que, mentres non haxa solucións, se mantéña o funcionamento. O Grupo de Unidas Podemos —que xa sei que non é o seu, pero é o doutros grupos que están aquí— dixo que si, o Grupo Socialista dixo que si, o Grupo de Ciudadanos dixo que si e o Grupo Popular dixo que si.

Había outra reclamación, que era participar nas bases se se establecía un plan de axudas para a comarca. Quería participar a comarca na elaboración das bases para que tivesen en conta cales eran as características locais da comarca. Tamén dixemos que si.

Ben, pois a nosa proposta hoxe vén disto. Non vén de intentar enredar. Eu podo enredar o que sexa —podíamos empezar pola ministra, e agora direi algunhas cousas que si que creo que son necesarias, coa máxima cordialidade—, pero non se trata diso, trátase de dicir: ¡Oia!, nós o que queremos é que, mentres non haxa unha solución, poida seguir traballando a central. Porque dicía o señor Leiceaga que, máis alá do ano 2030, ten que seguir a produción térmica por seguridade do sistema. Claro que ten que seguir, o problema —e esa é unha das bases nas que se centra a empresa para anunciar ese peche repentino, que dicía o señor Leiceaga— é que no plan no que está traballando o Goberno, nese Plan integral de enerxía e clima, se fixa que no ano 2030 a central das Pontes non ten posibilidade de existir. É máis, dise que vai haber 1.300 megavatios para aguantar do sistema. ¿E saben a quen corresponden eses 1.300 megavatios que identifica o Partido Socialista nese plan? A Galicia non, corresponden a outra central. ¡Oia!, ¿por que non pode tamén estar a central das Pontes aguantando do sistema nacional, cando leva tantos e tantos anos producindo, para que o sistema siga funcionando? (Aplausos.) ¿Por que non pode estar?



Por iso todas as iniciativas o Partido Socialista sempre as quere enmarcar dentro deste plan, porque nese plan ponse con nomes e apelidos quen vai poder continuar máis aló do 2030. Eu non pido que teña que seguir máis aló do 2030. É máis, sabemos que máis aló do 2030 ten que haber algunha central para garantir o sistema, porque, se non, isto podería caer. E iso creo que o comparten todos.

Pero As Pontes ten dereito a poder estar aí máis aló do ano 2030. ¿Por que agora no ano 2019 o Goberno Socialista nese plan lle pon nome e apelidos e selecciona unha central, que non é a das Pontes? Pois, casualmente, por iso Endesa toma determinadas decisións, que loxicamente aínda encima veñen polos problemas da evolución do prezo da emisión do CO2. Pero ¿cren vostedes que unha empresa como Endesa, cando fixo un investimento de 200 millóns de euros nas Pontes, non sabía que os prezos de emisión do CO2 se estaban reformando na Unión Europea e cal ía ser a evolución nos próximos anos? ¿Vostedes cren que non o sabía? Porque era rendible, porque co que non contaba era con ter un goberno socialista que lles puxera un cerre anticipado cando na Unión Europea está ata o ano 2050, señor Leiceaga. (Aplausos.) Por iso fixo o investimento, por iso fixo o investimento e por iso seguiu adiante. Pero está claro que iso non é o que contaban desa. E iso non é o que se conta aquí, ou o que se conta na metade ou na maior parte das intervencións que hai.

Miren, nós non pretendemos vir aquí a sacarlle as cores a ninguén nin as incongruencias, nin a dicir o que se dicía hai un ano e que agora resulta que se di o contrario neste mesmo Pleno. E son as mesmas persoas, non é que sexan doutra lexislatura. Non, non, son as mesmas persoas. O que pretendemos é dicir: Oia, ¿estamos, ao final, de acordo —si ou non— en que siga funcionando mentres non hai alternativa —repito, mentres non hai alternativa—? Non estamos poñendo o ano. Se é canto antes, mellor, señor Casal. Pero mentres, porque así si asegurariamos... Di vostede: ¿Para que vale? Pois para que os camioneiros sigan trasladando o carbón dende o porto de Ferrol ata As Pontes, para que a xente que traballa na central das Pontes siga traballando, e para que as empresas auxiliares sigan traballando.

Adicionalmente, oia, podemos buscar outras alternativas. Vostede citou varias, poderémolas discutir. Pero, mentres tanto, máis aló de decembro podemos seguir traballando. ¿Estamos ou non estamos de acordo?

E insisto, porque o outro día nos grupos parlamentarios dicían que si. Pero ¿que ocorre? Cando levamos mocións aos concellos, resulta que normalmente os alcaldes se poñen ao lado dos veciños. Entón, cando está alí o veciño presionando... Fíxese, os concelleiros do Partido Socialista nas Somozas dixeron o outro día —aprobarono no pleno— que, se non se inicia a central inmediatamente, dimita a ministra. Claro, cada un aperta onde aperta, e isto, como aperta nas Pontes, non aperta en Madrid. Pero nós somos de aquí, de Galicia, e algúns somos da comarca das Pontes, que nos aperta, e bastante. Porque se nalgún sitio sabemos o que é unha reconversión é en Ferrolterra. Se nalgún sitio sabemos o que é un plan e outro plan e unha ZUR e unha ZID somos os de Ferrolterra. Hai deputados que crecemos no medio deses plans e no medio dos carteis, e sabemos o que significan. E por iso estamos preocupados.

Por iso a nosa iniciativa era moi sinxela. ¡Oia!, ¿estamos de acordo? Si. Segundo, hai que unirse —en colaboración co Ministerio, loxicamente—, firmar un convenio, que con Galicia



non se tiña —e non era o que dicía vostede—, un convenio para seguir traballando e tres que nos inclúan na plataforma esta que dicía vostede. Estamos de acordo. Se estamos de acordo é moi sinxelo, de verdade, é o máis sinxelo.

Non intentemos trasladar iniciativas quilométricas —dicía o señor Casal—, non intentemos enmarcar todo dentro de determinados nomes que ninguén sabe o que son, pero que, cando un bucea —como dicía o señor Leiceaga— se dá conta de que o futuro o Partido Socialista o tiña marcado. Tíña marcado para as centrais e non o tiña marcado, casualmente, para a central das Pontes, que a abocaba a un cerre. E por iso Endesa se anticipa e cerra.

E unha cousa máis: Endesa é unha empresa que está nun mercado regulado, non é unha empresa que está no mercado libre. Cando unha empresa, nun mercado regulado, quere cerrar, ten que ser aceptado polo Goberno. E, polo tanto, hai moitas formas para que o Goberno interveña, hai moitos mecanismos fiscais que poñer enriba da mesa, e pódense facer. Fíxese vostede, esta mesma semana, ou a semana pasada, no Consello de Ministros aprobouse un real decreto lei para axudar os afectados por Thomas Cook —e véxoo necesario—, máis de 700 millóns de euros que puña o Goberno enriba da mesa dada a situación de emerxencia que tiñan os afectados. Fale vostede cos afectados das Pontes, a ver se están nunha situación de emerxencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Grupos non proponentes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

¿Canto tempo necesita?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Por necesitar, necesitaba moito tempo. Pero a próxima vez que teñamos que ir a Madrid vou no coche co señor Calvo e, ademais de saír no *selfie*, podemos discutir un pouco máis de vagar sobre este tema. (*Murmurios.*) Non se alporicen, señores do Partido Popular. Imos ao tema.

Señor Calvo, comezaba vostede facendo un pouco de memoria sobre aquela iniciativa que debatíamos sobre Meirama. Eu vouno facer tamén, porque vostede seleccionou o que lle apetecía. Efectivamente, daquela falabamos de Meirama, falabamos de Meirama porque anunciou Naturgy que pecharía, porque estaban —non recordo exactamente se esa mesma semana ou a anterior— os traballadores e traballadoras pechados no concello. E nese momento nós o que dicíamos é que a urxencia era Meirama, que a urxencia era Meirama e que vostedes tiñan que dar explicacións; explicacións de fotos coma esta (*A señora Presas Bergantiños amosa unha foto desde a tribuna de oradores.*), na que estaban vostedes coa dirección de Meirama asegurando que se farían os investimentos que nese momento xa se estaban a facer na central térmica das Pontes. Vostedes non quixeron dar explicacións disto.

Pero falabamos de moitas cousas máis, porque nesa iniciativa, nunha emenda que vostedes rexeitaron —e non foi a primeira vez que rexeitaron iso, non era a primeira e non foi a úl-





tima—, o BNG falaba doutra cousa. Falaba da necesaria transición enerxética e de que había que ter unha mesa galega para debater, para exixir, para anticiparse. E vostedes non quixeron, e iso di moito de vostedes. Porque, tal e como lles dicía o outro día o señor Conde, chegaron a este punto cos deberes sen facer.

Pero se quere falar do *Diario de Sesións*, podemos ir máis atrás. Eu non estaba, pero a señora Pontón —que llo recordan moito— estaba neste Parlamento. Eu teño ensinado un *Diario de Sesións* do 2013 na Comisión 6ª de Industria, onde o BNG o que di é: «Responsabilidade, e poñámonos a traballar, non teñamos en 2020 un horizonte de peche mentres as empresas non fixeron os deberes en materia de emisións ambientais os anos anteriores e estamos chupando os galegos e galegas a merda que botan ao aire». (*Aplausos.*)

Iso era o que dicíamos. Non é a primeira vez, nin no 2016, nin no 2017, nin no 2018, nin no 2019, que se fala desta cuestión neste Parlamento. E non é a primeira vez que desde o BNG se pide responsabilidade e traballo conxunto con todos os axentes, señor Calvo.

Pero a cuestión é que vostedes seguiron coa mesma actitude. ¡Home!, debatemos neste Parlamento unhas directrices enerxéticas que despois tivemos que estar case ano e medio perdíndoas por escrito; que ao final eran tres páxinas, tres páxinas, nas que ignoraban completamente o problema das térmicas. Eses son os deberes que vostedes non fixeron. Entón hai cuestións que nós lle reivindicamos ao Goberno central, efectivamente. Pero tamén lles temos que reivindicar a vostedes, se non fixeron os seus deberes antes, que os fagan. E ímolo seguir facendo.

No anterior debate orzamentario, por exemplo, tamén puñamos enriba da mesa unha e outra vez desde o BNG por que o Goberno da Xunta de Galiza calaba mentres de novo se excluía dos fondos do carbón a Galiza. Tivo que ser o BNG quen trouxo unha iniciativa a este Parlamento para que se votara a petición de inclusión no plan actual. Efectivamente, tivo que ser o BNG, non foron vostedes. É máis, vostedes do que votaron en contra foi de avaliar tamén o que nos deben os gobernos anteriores do Partido Popular.

Pero houbo máis oportunidades perdidas, porque aquí debatemos unha proposición de lei de reforma do sector eléctrico, onde si o BNG falaba da tarifa eléctrica galega e dos descontos necesarios en peaxes para a industria e para os domésticos. Vostedes votaron en contra. E agora, onte, saíu o señor Francisco Conde dicindo que exixía rebaixas nas peaxes de transporte para o sector industrial. ¡Benvido! O seguinte será que asuma que hai que reivindicar unha tarifa eléctrica galega.

Pero a cuestión é que esa proposición de lei do BNG tiña unha disposición adicional que centraba precisamente o asunto na cuestión das térmicas. E vostedes tamén decidiron ignorar ese problema.

Polo tanto, aquí hai responsabilidades por parte de moitas persoas, e por parte de moitas entidades políticas. Pero, desde logo, a responsabilidade de quen goberna pois é bastante evidente, señor Calvo.



Vou ir resumindo, porque ao final está aquí o señor Santalices recortándome o tema. Entón, tal e como falabamos no pasado pleno, nós entendemos que hai que facer un pouco de memoria histórica, e saber como chegamos aquí, como ben resume este titular: «*As Pontes e San Cibrao, del INI de Franco a los regalos de Aznar*». Un problema fundamental é que vostedes avanzaron na privatización do sector enerxético. E un dos principais problemas que temos é que a día de hoxe Endesa é unha empresa pública, si, pero italiana. E ao Estado italiano impórtalle un pito o que pase nas Pontes. (*Aplausos.*) Ese é o problema que temos.

E vostedes seguen, erre que erre, renunciando á participación no sector eléctrico, como fixeron onte. Eu sei que lle teñen moita querencia ao meu compañeiro Fernando Branco. Eu tamén. Moito o mentan cando non está, pero cando está non lle fan caso, e, polo tanto, a ver se rectifican un pouco e se tamén, traballando en pé de igualdade nesa mesa nas Pontes, se avanza e se escoita o que teñen que dicir todos os axentes.

Miren, aquí desgraciadamente hai que repartir para o Estado e hai que repartir para a Xunta de Galiza. Eu vou quedar cunhas palabras non do compañeiro Fernando Branco, que xa o teño citado moito nesta Cámara, senón doutro sindicalista das Pontes, de Fermín Paz Lamigueiro, que dicía o outro día nun artigo de opinión: «O prioritario hoxe é ter claro o comportamento das elites políticas no asunto, nomeadamente PP e PSOE, como responsables tanto no Goberno da Xunta como no do Estado. Miraremos quen manda de verdade e veremos se unha vez máis estamos diante das posibles alianzas e contubernios. Máis que coherencia nos decididores, eu vexo oportunismo político». Polo tanto, nós ao que os convidamos é a que cambien de folla de ruta, a que realmente se priorice unha saída xusta para este país. Nós estamos dispostos a sentarnos con quen faga falta, a debater as alternativas que faga falta, pero asumamos que hai unha decisión empresarial que parece moi difícil revogar. Entón pensemos en gañar tempo —niso estamos de acordo—, pero pensemos tamén na xeración de alternativas. E nese sentido nós cremos que hai algo clave: ten que haber unha mesa galega de traballo. Entón —insistimos— a Xunta de Galiza, o señor Conde, ten que liderar esa mesa. Teñen que sentarse no territorio cos axentes sociais, sindicais e políticos galegos, coa colaboración tamén do Goberno central, que é fundamental que estea aí, e con todo o asesoramento técnico que sexa necesario, con todos os instrumentos que a Xunta de Galiza poida poñer da súa banda. Pero esa mesa de traballo ten que funcionar, ten que funcionar de forma inmediata e ten que ser exixente, con independencia do que pase o próximo 10 de novembro. Esa é a cuestión central que nós queremos poñer enriba da mesa e por riba dos reproches que podemos facer, que desgraciadamente son longos e tendidos.

E hai unha cuestión colateral a este aspecto que comentaba da mesa, que é que sexamos todos e todas exixentes cos fondos que ten que ter Galiza para este camiño. Porque non é indiferente o punto de chegada que temos despois de que o señor Rajoy sucesivamente recortara o Plan carbón, despois de que o Goberno central nos expulsara do Plan carbón, despois de saquear o noso carbón autóctono e tendo aínda comarcas carboeiras en transición. Polo tanto, hai que exixir a débeda do pasado e exixir tamén que cara ao futuro nós temos que estar aí, ¡claro que si! E hai que exixilo con contundencia no Estado e exixilo con contundencia tamén no ámbito europeo. Porque está moi ben querer ter unha produción máis limpa, pero está moito mellor querer ter iso, querer ter unha transición xusta e que non se lle tome o pelo a este país. Nesa dinámica estamos desde o BNG e nesa dinámica imos tender



a man a quen haxa que tendela, ao Goberno da Xunta, ao Goberno do Estado ou a quen faga falta, como se temos que sentar na mesma mesa de negociación co mesmo diaño. Pero, desde logo, o que queremos é un pouco de seriedade, porque cando acabe a campaña o 10 de novembro o problema — «el dinosaurio», como diría o escritor— vai seguir aí. E, polo tanto, temos que ver os problemas con perspectiva.

E niso concordamos con moitas das cuestións que se poñen enriba da mesa e presentamos unhas emendas para adicionar contido. Desde logo, tamén hai que dicir que hai moitas máis alternativas nas propostas do Grupo Mixto e do Grupo Socialista que na máis sintética e elaborada proposta do Partido Popular. Pero, desde logo, por riba do xogo político nós entendemos que nesta cuestión temos que aspirar a ter unha posición de país. E aínda que sobrada conta hai de que temos unha visión diferente de como chegamos aquí e de cales son as responsabilidades compartidas...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...o que está claro é que temos tamén toda a vontade de seguir para adiante buscando unha alternativa en conxunto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, o negacionismo trumpista do Partido Popular fai que, nunha iniciativa sobre unha central que emite o 30 % dos gases de efecto invernadoiro de Galicia, nin se mentase esa cuestión, nun contexto mundial e europeo de descarbonización, coma se non tivese importancia. Ben, xa se ve cales son as súas influencias.

Despois, outra cuestión: o que hai que salvar é a xente, hai que loitar contra o cambio climático e hai que salvar a xente, non a Endesa nin a central en si, hai que salvar a xente.

Despois, se queren facer un debate honesto e serio deixen de dicir mentiras, falemos en serio. Deixen de dicir mentiras, mentiras para tapar a súa acción de goberno irresponsable nos últimos anos. Vostedes xa sabían que Meirama ía pechar. Non teñen preparado nada para unha transición. Vostedes agora falan de transición das Pontes cando non teñen nada preparado para esa transición, non teñen un plan de futuro feito, non teñen nin sequera expectativas de poder facelo. E iso é unha irresponsabilidade enorme. Non sei se a empresa Endesa sabía a reforma do 2017 dos mercados de emisión de CO<sub>2</sub>. Agora ben, a Xunta de Galicia non o debía de saber, non se debeu de enterar de que os prezos das emisións do CO<sub>2</sub> ían subir, porque o obxectivo da reforma era precisamente ese. Porque ata entón, dende o 2005, o mecanismo non foi eficiente para desincentivar a produción con carbón, e fíxose a reforma para incentivar o abandono do carbón. E entón temos que, desde agosto de 2017, cando custaban eses dereitos 6,08 euros por tonelada, pasamos á actualidade a 24 euros a tonelada, o que significa, nunha instalación que emite 7 millóns de toneladas, aproximada-



mente, de media, máis de 100 millóns de euros de diferenza de custos de produción. Foi unha das razóns que dixo a empresa para pechar. Non, non dixo nada do Goberno, de ningunha decisión do Goberno.

O Goberno de Pedro Sánchez tivo a mesma irresponsabilidade que teñen vostedes: non ter preparada a transición, non ter preparado nada para darlle certeza á xente que está agora en situacións moi difíciles e das que vostedes non falan nunca, como os camioneiros, que teñen unha situación máis difícil que a propia Endesa, que vai saír de aquí en canoa, coma sempre, e que vostedes aínda queren beneficiala máis.

Despois, outra das razóns que esgrimiu a empresa foi a suba das *commodities*, do carbón. O carbón medrou dende o 2017, cando custaba 88 euros a tonelada no mercado mundial, a 107 a finais de 2018. Endesa-As Pontes importa 4 millóns de toneladas anuais. Isto significa uns 80 millóns de diferenza anuais. Entón, mentira primeira: non hai decisión do Goberno, hai un contexto que empuxa as empresas a pechar as térmicas —e non é só no Estado español, é en toda Europa—. E non ten por que ser unha mala noticia se hai gobernos detrás que preparan esa transición. Xa dixemos que en Baleares o Goberno fixo un acordo a tres bandas: coa empresa, con Endesa, co Estado e co Goberno autonómico balear para facer un plan de futuro no que se recolocaron todos os traballadores, onde hai garantías de recolocación. En 2014 fíxoo o Goberno vasco. E é unha boa noticia, porque o mundo cambia, os métodos de produción cambian. O que hai que facer é estar adaptados para eses cambios.

E nós dicimos que si, que unha central que emite o 30 % de gases de efecto invernadoiro de toda Galicia pois, evidentemente, non podía estar sen ese plan de transición. E xa o dixemos —ninguén nos pode acusar de que non o dixemos— no 2013 e no 2014 presentando iniciativas para iso. E dicían: Non, é que vostedes queren pechar a central. Non, desde que vostedes a privatizaron é unha decisión da empresa, non é nosa. Nós o que cremos é que hai que estar preparados para o peche e exixirlle a Endesa o cumprimento de todas as directivas europeas, ata o último céntimo.

Mentira é dicir que, se pecha, Galicia deixará de ser excedentaria. Mentira é dicir que a única alternativa que lle queda ás Pontes é que a central siga funcionando. É mentira. E aí digo: ¿como queren que siga funcionando?, ¿cantos millóns lle queren dar a Endesa para que siga funcionando? Contabilicemos. Endesa di que pecha porque hai unha suba dos dereitos de emisión do CO<sub>2</sub> e do carbón, que eu cifro nuns 180-200 millóns de euros. ¿Canto estamos dispostos a pagarlle? Sentémonos, que diga a empresa canto, ¿100 millóns?, ¿150 millóns? ¿Ímolos investir en que siga queimando carbón ou imos investir 100 ou 150 millóns en darlle un futuro á xente das Pontes e en resolver o problema dos camioneiros das Pontes? Iso é o que hai que dicir aquí se se fala en serio.

¡Claro que non se pode deixar! Quen deixou na estacada a xente foron vostedes, que non fixeron nada, que non actuaron como Goberno. Endesa, Iberdrola e Naturgy planifican e prevén máis ca vostedes, que son o Goberno galego. ¡Eles prevén, eles planifican! E vostedes van sacar a foto, facer publicidade e propaganda, e tratar de sacar réditos electorais, que é o único que fixeron. Iso si, moi duros cos demais, con Endesa non. Con Endesa, que fixo un enorme negocio —que o propio Martín Villa dixo que o despegue de Endesa se cimentou en



Galicia, nas Pontes—, vostedes son moi suaviños, ¿verdade? Non lle exixen tanto. Ao contrario, queren darlle 50, 100 ou 150 millóns dos impostos, ou da factura eléctrica de todos os cidadáns. E iso, ademais, incrementaría o prezo da enerxía eléctrica, que despois piden rebaixar para as industrias electrointensivas ou, bueno, para as persoas das casas. É un sentido, é un auténtico sentido. Ou o sentido é seguir apostado, á parte, por un modelo obsoleto —que xa nin funciona— de encherlle os petos ao oligopolio eléctrico. Non, para falar en serio falen dun plan de futuro que blinde a xente, os traballadores e que xere unha nova economía en Galicia e na comarca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Sánchez.

Réplica.

Rolda de peche dos grupos autores da proposición non de lei.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Dá gusto falar a estas horas. Non sei se será pola fame, pero hai unha *pax romana* aquí... (*Risos.*) Dá gusto falar a estas horas, de verdade. Vamos manter isto de non comer...

**O señor PRESIDENTE:** Si, si, eu xa non como para estar tranquilo.

**O señor CASAL VIDAL:** Señor Calvo, non lle dea a volta ao que eu dixen sobre Meirama. Eu o que denunciaba era que vostedes pediran que se lle deran 20 millóns a Naturgy por algo que Endesa estaba pagando cos seus propios medios. Iso non quere dicir que eu dixera que non había problemas en Endesa. Non, o que dicía era que non era asumible darlle 20 millóns de euros. Iso pódoo demostrar porque —poden seguir mirando o diario das comisións— o 13 de setembro de 2018 presentei unha proposición de lei relativa ás actuacións da Xunta de Galicia para prever e paliar os posibles efectos da transición enerxética sobre os concellos das Pontes e Cerceda-Meirama —hai exactamente un ano e uns días—.

E di que non piden para sempre. Bueno, pedir que funcione ata o ano 2045 —como piden na súa PNL—, para min, polo menos, é para sempre; ao mellor para outros non é para sempre. Pero trinta anos, para min, polo menos, é para sempre. (*Murmurios.*)

Endesa evidentemente si coñecía o risco de incremento dos dereitos de CO<sub>2</sub>. ¡Claro que o coñecía, e máis que de sobra! Pero este tipo de empresas especulativas tamén xogan, tamén apostan. E no outro lado das porcentaxes de «canto podemos gañar», de «canto podemos perder», tamén metía o do que hoxe se está falando aquí: o que podería sacar por estar parada —ao mellor o que sacaba por estar parada pois xa lle compensaba ata o ano 2030, por exemplo— ou os incentivos que vostedes agora están dispostos a pagarlle por funcionar. Porque, claro, dise que funcione. ¡Pedimos que funcione! Pero é que isto non é «pedimos que funcione». Hai que dicir como se chama ese «pedimos que funcione». «Pedimos que funcione» pode custar entre 100 e 150 millóns de euros ao ano.



E o tema é: ¿hai alternativas a iso? Porque o outro que se plantexa é esa reserva de 1.300 megavattios para carbón no ano 2030. ¡Iso é un brinde ao sol! Se agora non é rendible xa, coa mellora previsible das tecnoloxías de produción renovable e sobre todo co que vai ser o almacenamento masivo de enerxía eléctrica, tanto en centrais reversibles como en baterías, vai producir que o respaldo sexa por outros medios moito máis eficaces, moito máis rápidos. Por exemplo, todas as centrais eólicas que se están montando en Dinamarca, en Noruega, en Suecia e en Finlandia teñen xa que ter unha batería ao lado para acumular unha parte importante da enerxía que producen. ¿Por que? Precisamente para substituír as centrais de gas, ou incluso as centrais de carbón, para ser respaldo do sistema.

Paréceme perfecto que pidan alternativas inmediatas. Na nosa proposta están, pero vóllelas concretar un pouco máis.

Os transportistas. Que os transportistas poidan reciclarse tería un custo en axudas de arredor dos 1,5 millóns de euros ao ano, 1,5 millóns de euros. Vaíamos descontando dos 150 millóns que lle imos pagar a Endesa. Porque é unha contradición. Eles non teñen traballo e, en cambio, o presidente da Federación de Transportistas de Galicia di que en Galicia faltan 1.500 camioneiros e que teñen que vir doutras autonomías ou de Portugal. Ben, pois iso quere dicir que traballo hai, é evidente. Amazon acaba de abrir un almacén en Vigo, e iso cada vez vai ir a máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É que non o digo eu, dío o presidente da Federación de Transportistas! Faltan 1.500. Ben, pois deamos esas axudas para que un día poidan ir cunha carga coas góndolas que teñen agora e que outro día poidan transportar calquera outra cousa. Non, se xa sei que é mellor darlle 150 millóns de euros a Endesa que axudar os transportistas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Empresas auxiliares. Están na miña proposta: plan de eficiencia enerxética piloto na zona das Pontes para adecuar á eficiencia enerxética a 500 vivendas ao ano. Iso tería un custo de 10 millóns de euros ao ano, que, coa participación proporcional dos propietarios das vivendas, podería baixar á metade se se lles financia a longo prazo, e que ademais lles sairía ao final gratis polo aforro enerxético que van ter.

Xa sei que todo isto lles parecen milongas, pero isto é o que se está facendo en moitos sitios de Europa. Pero a vostedes iso non lles interesa, prefiren darlle os 150 millóns de euros a Endesa.

E, miren, levo só once e medio, aínda me sobran 130. Ademais, Endesa debería participar en todo isto —como vostedes mesmo solicitaron— e colaborar en todas as iniciativas. Planteixelles vinte iniciativas. Poden ir tachando as que queiran. Ningunha é unha ocorrencia, as vinte son as que se desenvolveron en Nord-Calais, Francia, e están sendo un éxito todas. Pero vostedes poden tachar, poden tachar.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**O señor CASAL VIDAL:** Outra proposta rápida: desenvolver un parque natural de ecoturismo nas escombreyas das Pontes. Están xa preparadas perfectamente para poder poñerse en servizo en seis meses. Poderíanse crear polo menos cen postos de traballo, cun investimento mínimo. *(Murmurios.)* Ben, pois tachen iso tamén. Tampouco lles interesa.



Sobre as emendas...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda, é unha emenda do BNG.

**O señor CASAL VIDAL:** Si, a emenda ímola aceptar.

**O señor PRESIDENTE:** Acéptaa.

**O señor CASAL VIDAL:** E mantemos as emendas que plantexamos, por suposto, ao resto de grupos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Se aquí hai *pax romana*, vostede será o emperador. (*Risos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non imos facer chiste con iso. Sei eu ben quen é o emperador, pero está fóra de aquí. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Moi rapidamente. Por unha parte, hai que dicir que no de Meirama vostede non dixo o que nós votamos. Nós votamos a favor da súa iniciativa; entre outras cousas porque tiñamos un compromiso co comité de empresa — neste caso presidido pola CIG, creo lembrar—. A pesar de todo, tiñamos un compromiso con eles para facer o posible para que puidera haber eses investimentos que permitisen a continuidade.

Nós cremos que ese empeño en adxudicarlle ao Ministerio a responsabilidade non ten moito sentido porque nos leva nunha dirección incorrecta. O Ministerio ten que ser un aliado, ten que ser un aliado. Porque, mire, eu collín aquí unha referencia de *El periódico de la energía*, dun analista que se chama Javier Jiménez, e mire o que di. «*Los analistas coinciden en que los proyectos del Ministerio contemplan que siga habiendo megavatios de carbón hasta el 2030. Sin embargo, no parece fácil por la decisión de las empresas*». E empeza a explicalo a continuación. O Ministerio ten que ser un aliado, fagámolo aliado; máis, se queren vostedes, máis. Pero eu creo que tamén temos que facer máis aliada a Xunta de Galicia.

A min chámame a atención que, despois da campaña ben montada en termos políticos antes dunhas eleccións, en relación con este tema non teñamos aínda, non exista nos orzamentos do ano 2020, unha partida ben nutrida para promover todas estas cuestións que di o señor Pancho Casal, ou outras que se nos poidan suscitar desde distintos ámbitos — polo menos para estudalas—. Sería razoable.

Eu vexo que o señor Feijóo vai ás Pontes, que se reúne co alcalde, que se reúne co presidente de Endesa, e sae criticando ao Ministerio pero non sae dicindo: Eu vou intentar facer isto. E a un presidente da Xunta temos que exixirlle tamén que nos diga cal vai ser o plan



de acción. Tamén ao Ministerio, tamén ao Ministerio, jeh! De feito, vostede sabe que nós queremos apoiar a súa proposta, o único que lle dicimos é que, en vez do ano 2045, pode haber outras referencias. Propuxémoslle o Plan nacional integrado de enerxía e clima, pero non ten por que ser iso. O que vostede dixo dun período temporal que permita unha transición enerxética xusta tamén nos vale, porque nós queremos comprometer o Ministerio —que é a súa proposta— pero dicimos ao mesmo tempo que se comprometan outras administracións.

E tampouco é certo, tampouco é certo —debería retiralo—, que no Plan nacional integrado de enerxía e clima se faga ningunha referencia específica que diga: As Pontes ten que pechar, queremos facer isto con Almería. Entre outras razóns porque, sobre isto que di vostede dos 1.300 megavatios, a única central de todas as que van estar operativas que supera os 1.300 megavatios é xustamente As Pontes. A de Almería non chega, jeh! Claro, cando se fala de 1.300, se a de Almería non chega —que son 1.100—, está claro que esta non pode ser. En todo caso, mire, é indiferente, porque se chegamos con Endesa ata 2030 funcionando —co menor carbón posible pero funcionando— sería un éxito abrumador. E isto é o que temos que intentar entre todos: facer que siga funcionando —a ser posible, con canto menos carbón, mellor— e que permita unha transición enerxética xusta para accións complementarias, para promover prioritariamente cuestións que teñan que ver co medio ambiente. E isto é en realidade o que nós propoñemos.

En relación coas emendas, propúxenlles aos grupos —xa a coñecen todos, incluso o Partido Popular— unha proposta de transacción que incorpora, de forma non tan prolixa, moitas das ideas que expresou o señor Pancho Casal, que incorpora tamén a referencia ao uso dos fondos do Plan Miner, que propoñía antes a portavoz do BNG, así como outras ideas, como esta mesa de traballo na que deben estar todas as administracións e que debería servir para incentivar —digamos— unha acción decidida positiva en favor desa comarca. E eu creo que, sobre esta base, a nosa proposta espero que poida ter un apoio maioritario. En canto á súa —xa digo—, con ese pequeno cambio ou cunha formulación parecida, nós estaríamos dispostos a apoiala, porque cremos que o mellor que pode ocorrer é que haxa un amplo consenso político e social —xa o hai nas Pontes e eu creo que xa o hai en Galicia— a favor de darlle unha alternativa a esa comarca.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe, non o escoitei. Estaba falando por teléfono. ¿Falou algo das emendas?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Aceptounas?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Non. Dixen que lles propuxen aos grupos unha proposta de transacción que coñecen xa todos os grupos.

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben.





**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** E propóñolle ao Partido Popular unha transacción entre a súa proposta e a nosa emenda.

**O señor PRESIDENTE:** Desculpe, e grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Calvo.

**O señor CALVO POUZO:** Grazas, presidente.

Señor Sánchez, había unha cousa que o PP non sabía e o Goberno tampouco: que o Partido Socialista ía nomear unha activista como ministra de Transición Enerxética. Nós non o sabiamos e supoño que o Partido Socialista igual tampouco. E iso cambiou, non vou dicir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, as regras tamén, cambiou as regras de xogo, ou, polo menos, cambiou os marcos do terreo de xogo, iso cambiou bastante.

Señora Presas, o outro día en Madrid a CIG estaba alí na reunión cos grupos parlamentarios; o BNG tamén, a través do alcalde de San Sadurniño. Dixeron que si, e nós hoxe traemos unha iniciativa que vostede cualifica como sinxela porque o que queremos é que quede clara cal é a postura e facilitarlles o voto a aqueles que votan distinto en distintos sitios, facilitar o voto e que nos quede claro onde estamos todos. Por iso é sinxela. Podémola estender e facela quilométrica, como outras. Pero seguro que, se a facemos quilométrica, haberá algún punto no que non imos estar de acordo. Polo tanto, para intentar ter unha unanimidade imos presentar unha iniciativa sinxela.

Señor Casal, o *Diario de Sesións* téñoa aí. Repasei agora a intervención e di o que di. Non sei o que quería dicir, pero o que di está claro que o di. É máis, tamén lle critica ao Bloque que apoiara a nosa iniciativa sobre Meirama. Ben, joia!, non sei, pero está aí.

Eu voulle dicir unha cousa. Eu creime no medio de varios camións porque na miña casa había unha empresa de materiais de construción, e entón estou moi acostumado a andar aí no medio. Os camións que utilizan os transportistas de carbón non son góndolas. Góndolas son as que levan outros vehículos enriba —escavadoras e cousas destas—. O que utilizan son bañeiras que levan vinte e pico toneladas —vinte e catro ou vinte e cinco, normalmente— e non valen, nin de broma, para trasladar nada de paquetería ou cousas destas. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A cabeza si, a cabeza vale, pero o outro non. Supoño que estarán máis pensadas o resto de propostas; porque, se non, eu, que tiña esperanza de poder chegar a un acordo con vostede nalgún punto, empezo a dudar e vou ter que revisar todas e cada unha das aportacións. Porque, se seguen por aí, estamos fastidiados. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Pero, mire, señor Sánchez, eu creo que, efectivamente, o que importan son as persoas —estou de acordo con vostede—, non é a empresa. A finalidade última é que a partir de decembro deste ano poidan seguir cobrando un salario e poidan vivir dun salario dignamente. O que non queremos é que haxa prexubilados, o que non queremos é que se lle pague á xente por estar na casa. Diso en Ferrol e en toda a comarca estamos cansados, estamos cansados porque esa sociedade non é o modelo de sociedade que nós queremos. E iso é o que se desprende moitas veces de moitas planificacións ou propostas que fan algúns partidos.



O outro día no Parlamento o grupo de Unidas Podemos estaba de acordo. É máis, a señora Díaz e o señor da Coruña baixaron alí a facerse a foto ao lado da manifestación. Eu, cando os vin, sorprendinme, porque dixen: ¡Pero se estes queren que cerre Endesa!, ¿que fan aquí? Pero estaban alí, e despois na reunión co grupo parlamentario dixeron que estaban de acordo con estas propostas. Como son sinxelas, nós tamén esperamos que vostedes hoxe voten a favor.

E, señor Leiceaga, di vostede que nós temos que conseguir que o Ministerio sexa un aliado. Estou totalmente de acordo, totalmente de acordo. ¿Onde o firmamos? Podémolo firmar inmediatamente. Creo que, dende que houbo o cambio de goberno, se intentou facer en moitísimas ocasións. Fíxese, onte a Xunta de Galicia presentou unha iniciativa para intentar que outra empresa con problemas teña solución, como é Alcoa, porque despois de varias semanas o Ministerio non di absolutamente nada, non di absolutamente nada. Non, equivocócome, veu facer unha visita a Alcoa e díxolles que tiña a solución pero que non a ensinaba porque estábamos en campaña. Entón vostede dime: Hai que ter no Ministerio un aliado. Pois é difícil con eses prolegómenos confiar nun ministerio. (*Aplausos.*) ¡É moi difícil, señor Leiceaga!, sobre todo cando sabemos que o propio Ministerio lle pedía a Endesa que non fixera pública esta decisión ata despois do 10 de novembro. Co cal, agora dime: Temos que ter no Ministerio un aliado. Estou de acordo, estou de acordo, pero comprenderá que temos que ter algo máis que boas palabras por parte dun voceiro do Grupo Socialista. E no Ministerio, señor Leiceaga, non atopamos absolutamente nada.

Di vostede na súa iniciativa —xa remato— que insta a facer un plan de transición industrial de Galicia e que, ademais, ten que vir ao Parlamento para que sexa amplamente referendado. ¡*Caray!*, é xusto o que non fixo o Goberno co seu Plan nacional integrado de enerxía e clima. Ese plan non pasou polo Congreso e non pasou por ningún lado. É máis, unha das críticas que lle fai Bruxelas a ese plan, á parte de chegar fóra de tempo e de que as alegacións non tiveron tempo para facerse realmente, é que non se conta coas rexións. É unha das críticas que lle fai Bruxelas. E agora vostede di que a Xunta de Galicia faga o seu e que ademais o traia ao Parlamento. Non, se na Xunta de Galicia xa estamos traballando, e por iso tampouco imos aceptar a iniciativa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor CALVO POUSO:** ...—xa remato— ás emendas...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Ningunha?

**O señor CALVO POUSO:** Déixeme aclarar. Na nosa temos a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que non aceptamos. A do señor Casal tampouco, porque é quilométrica e entón levaríanos moito tempo. Xa a debateremos con máis tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Só queda a do PSOE.

**O señor CALVO POUSO:** E coa do Grupo Socialista intentaremos chegar a un acordo.

Grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o *brexit* nos ámbitos da súa competencia**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Porrit.

**A señora PORRRIT LUEIRO:** Presidente, señorías.

Non sei se dicir bo día ou boa tarde.

O pasado xoves 17 anunciábase o segundo pacto alcanzado entre Londres e Bruxelas sobre a saída do Reino Unido da Unión Europea, que parecía permitir a consumación do *brexit* o 31 de outubro; un acordo que trouxo unha relativa tranquilidade porque o risco dunha ruptura sen un acordo parecía afastarse polo momento.

Pero na sesión extraordinaria da Cámara dos Comúns, celebrada o supersábado 19, nin sequera se someteu a votación o acordo alcanzado, véndose obrigado o primeiro ministro Boris Johnson, quen sempre apostara pola retirada o 31 de outubro con ou sen acordo, a solicitar a Bruxelas a terceira prórroga.

Onte, Boris Johnson fracasaba novamente, rexeitando a Cámara dos Comúns o calendario para o *brexit*. Agora é a Unión Europea quen ten que posicionarse sobre a prórroga, quedando no aire a data da saída. E mentres que o Parlamento británico parece apostar por un *brexit* con acordo, Boris Johnson manifestaba onte: o Goberno ten que asumir que o único camiño responsable é acelerar os nosos plans para un resultado sen acordo.

Polo tanto, estamos na mesma situación de incerteza, volvemos ao punto de saída, despois de máis de tres anos desde aquel 29 de marzo de 2017 no que o Reino Unido notificou ao Consello Europeo a súa intención de retirarse da Unión europea e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, de conformidade co artigo 50 do Tratado da Unión Europea.

Nesta situación, especialmente despois das declaracións do primeiro ministro, hai dous posibles escenarios: unha saída do Reino Unido sen acordo, ratificando o acordo de retirada; ou unha saída sen acordo, unha saída abrupta, que provoca a incerteza e os interrogantes sobre o que sucederá —agora xa non sabemos a partir de cando— nas relacións entre a cidadanía e as empresas españolas e o Reino Unido, así como entre a cidadanía e as empresas británicas e España.

Ante esta continua posibilidade real de retirada do Reino Unido da Unión Europea sen alcanzar o acordo do artigo 50 do Tratado da Unión Europea, a Comisión Europea leva tempo traballando nesa posible saída e propuxo unha serie de medidas de preparación e plans de



continxencia, co obxectivo de minimizar o impacto dunha saída desordenada, facilitando a necesaria adaptación do marco xurídico da Unión Europea.

O Goberno de España tamén puxo en marcha medidas de continxencia dirixidas a salvaguardar os intereses da cidadanía española e británica e a preservar as relacións económicas en curso entre España e Reino Unido. Na nosa proposta, vén relatada unha serie de órganos que forman parte do sistema de coordinación interministerial e autonómico.

En xaneiro, presentouse ao Consello de Ministros un informe sobre a planificación de continxencias para a saída do Reino Unido sen acordo, incluíndo as tres liñas básicas de planificación: o regulamento, o loxístico e a comunicación, e por iso adoptáronse medidas normativas.

O 1 de marzo aprobábase o Real decreto-lei 5/2019, coa finalidade de recoller as medidas de adaptación do ordenamento xurídico español para afrontar as consecuencias dunha retirada do Reino Unido da Unión Europea sen acordo, medidas que teñen un dobre obxectivo: preservar os intereses dos cidadáns españois e británicos e garantir os intereses económicos de España e o normal desenvolvemento.

Medidas loxísticas, porque é necesario dotar de recursos materiais e persoais que permitan reforzar os servizos que se van ver afectados pola retirada da Unión Europea.

O Real decreto 47/2019 aprobou unha oferta extraordinaria de emprego público, 1.735 persoas, e tamén medidas de comunicación. En xaneiro, lanzouse a pestaña *brexit* na páxina web da Moncloa. Algunhas comunidades tamén puxeron en marcha plans de continxencia contra o *brexit*; Cataluña, Andalucía e Murcia dispoñen destes plans. E a propia delegación do Goberno en Galicia tamén puxo en marcha unha comisión especial para o *brexit*. Unha das medidas foi a elaboración dun informe da situación dos diferentes departamentos dependentes da delegación do Goberno. Este informe elaborouse co obxectivo de resumir as principais incidencias que provocaría un *brexit* sen acordo nos distintos organismos da Administración xeral do Estado con competencias na Comunidade Autónoma de Galicia e tamén de coñecer as actuacións que está a realizar e está preparando a Xunta de Galicia para tal efecto.

Para iso, solicitouse información aos principais actores. Polo que respecta aos organismos dependentes da Administración xeral do Estado, falouse coa dirección territorial de Comercio, co departamento de aduanas, área de sanidade e política social, agricultura e pesca, traballo e inmigración, industria e enerxía, area de alta educación, e todos estes organismos manifestan que están preparados para un *brexit* sen acordo, podendo relatar as medidas adoptadas.

Conclúe o informe que, polo que respecta as actuacións da Xunta de Galicia en relación co *brexit*, case todos os interlocutores informan que descoñecen as actuacións que está a realizar a Xunta de Galicia en materia do *brexit*, máis alá da creación dunha serie de informes, de grupos de traballo e do Foro galego do *brexit*.

Pois ben, a nosa impresión respecto do que está a facer o Goberno galego en relación co *brexit* é a mesma que a destes interlocutores: descoñecemento. Para ser xustos, temos que



recoñecer que coñecemos algunhas cousas. Na páxina web da Fundación Galicia Europa atopamos o Foro galego do *brexít*. Na páxina web da Xunta de Galicia atopamos o Diagnóstico *brexít*, unha ferramenta de avaliación do impacto do *brexít* na que as empresas galegas poden facer unha enquisa. E tamén atopamos 22 páxinas de publicidade, máis de 219 resultados simplemente de noticias.

Coñecemos a creación de dous grupos de traballo: o grupo de traballo específico dentro da Comisión do Arco Atlántico, Grupo operativo *brexít*; coñecémolo pero non temos información da súa actividade. E tamén o grupo de traballo interdepartamental, de recente creación, Grupo de traballo *brexít*. E temos coñecemento de varios informes, algúns en materia de pesca, dada a importancia deste sector.

Antes de nada, quería amosar a miña tristura polo falecemento esta noite dun mariñeiro de 24 anos en Ons.

Respecto destes estudos, a opinión xurídica sobre a retirada do Reino Unido, as posibles consecuencias do ano 2016, o impacto económico, pero como estamos nesta área de cordialidade, queríame centrar no informe e análise sobre o impacto do *brexít* en Galicia do 2017, elaborado pola Xunta de Galicia e a Fundación Galicia Europa, informe que foi enviado ao Parlamento de Galicia en decembro de 2017 para cumprir o acordo plenario do 21 de febreiro de 2017, dez meses, un longo embarazo.

Este informe, que vou ler expresamente, no seu punto 10 dicía: «Impacto institucional e revisión normativa. Aínda que é cedo para establecer as consecuencias que o *brexít* pode supoñer en termos económicos, legais ou de libre circulación para todos os actores implicados, si se poden apuntar efectos que poden derivarse desta nova situación». Pois ben, xa pasaron dous anos e xa non é cedo, as medidas tiñan que ser para antonte, non para mañá. (*Aplausos.*)

O apartado de conclusións e recomendacións di expresamente: «Cómpre traballar e posicionarse nos seguintes eidos. Con carácter periódico, a Xunta de Galicia analizará as consecuencias do *brexít* en cada área de actuación e porá en práctica ou instará a quen competa a adopción de medidas legislativas, administrativas ou de calquera índole para paliar ditas consecuencias, incluíndo o desenvolvemento de acordos bilaterais no Reino Unido por parte do Reino de España.

Segundo punto. En coordinación coas negociacións que leve a cabo o Reino de España, Galicia deberá determinar a súa posición negociadora respecto de cada unha das políticas da Unión Europea.

Terceiro punto. Considérase o reforzo dos servizos de apoio á empresa, cidadáns, traballadores e demais colectivos afectados polo *brexít* para reducir o impacto e contribuír a adaptarse a nova situación.

En 2018 crearase un foro».

Eu non vou dicir que menten, pero, desde logo, podó afirmar que non cumpren o que din os seus propios informes. E isto é precisamente o que lles estamos pedindo. Efectivamente,



cómpre poñerse a traballar, pero xa. Estamos pedindo que sigan as recomendacións dos seus propio informes e que adopten xa, en colaboración co Goberno central, medidas concretas.

Tamén nos gustaría que..

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**A señora PORRIT LUEIRO:** ...nos informen aos deputados e deputadas desta Cámara. Envólvanse vostedes nesa bandeira da Unión Europea, nesa bandeira de España, e traballemos conxuntamente para sacar adiante unha boa saída para os galegos, as galegas e as empresas da nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Porrit.

Por parte do Grupo Mixto, ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boa tarde, señorías.

Señores do Partido Popular, envólvanse na bandeira pero non demasiado, non sexa que despois non poidan ver ou non poidan respirar.

Nós imos apoiar esta proposta, parécenos que é moi aberta. Dentro dos recados que se lle encomendan á comunidade autónoma dentro do conxunto de tarefas que facer despois de que o Reino Unido abandone a Unión Europea —está ben todo o que se dixo—, nós pensamos que debe incorporarse, porque se fai na exposición de motivos unha alusión ao tema da cidadanía moi moi moi de pasada, e promoverse que se fale diso.

¿Por que chegamos a esta situación? ¿Por que o Reino Unido se foi da Unión Europea e por que hai movementos que detestan a Unión Europea? ¿Por que hai masas importantes de poboación que, sentíndose europeístas, sen embargo, rexeitan unhas institucións como as da Unión Europea? ¿Por que pasa iso?

Era unha boa oportunidade para abrir esa reflexión. Na opinión de algúns que cremos firmemente nun espazo europeo de traballo, de colaboración, de cooperación, nun espazo europeo social, vimos con moita zozobra como esa construción dunha Europa antisocial, antidemocrática, que vivía de costas ás persoas para vivir unicamente a favor das grandes empresas, das multinacionais, onde as únicas liberdades que se proclamaron foron fundamentalmente a liberdade de circulación da man de obra para a Unión Europea na busca de abaratamento dos custos laborais para as grandes empresas, a libre circulación de capitais e a libre circulación das mercadorías, obviando o resto de liberdades das que nos temos dotado, non soamente nas lexislacións estatais, senón tamén nos textos internacionais, empezando pola Declaración universal dos dereitos humanos de 1948, os pactos civís e políticos dos anos sesenta etc., que parecía que na construción europea eran completamente secundarios, pois iso deu lugar a que moita xente mirase con desconfianza a construción do espazo europeo. Eran



liberdades máis propias do neoliberalismo, que estaba ocupado simplemente por esa construción máis centrada no económico, máis centrada nas empresas que nas persoas.

Voulles poñer un exemplo. Non teño moito tempo. Cando foi aquel famoso debate que rematou nun referendo sobre a suposta constitución europea —que non era tal constitución, era un simple tratado internacional—, contraponíanse dereitos desa carta de dereitos fundamentais aos dereitos das propias lexislacións estatais.

No artigo 35 da Constitución española recoñécese o dereito ao traballo e o deber de traballar de todos os cidadáns do Estado español; o dereito ao traballo. Pola contra, no Tratado da Unión Europea, nesa suposta carta de dereitos fundamentais, o que se recoñecía era o dereito a buscar traballo por toda a Unión Europea, iso si. Polo tanto, había un cambio de paradigma; un empobrecemento dos dereitos que xa foran recoñecidos anteriormente nas lexislacións estatais; unha regresión, incluso, no que era o paradigma do que se podía esperar dunha carta de dereitos fundamentais, que, desde logo, era algo que deterioraba a materialidade xurídica do que fora avanzando o conxunto civilizado europeo.

Nós pensamos que foi unha perda de oportunidades, en termos de dereitos sociais, non ter construído unha Unión Europea que reforzase as cartas de dereitos estatais en clave social e en clave de liberdades individuais etc. Non me vale que se diga que existe un tribunal de dereitos humanos, que, como saben, é unha estrutura que está á parte da estrutura da Unión Europea.

Con relación aos servizos, os distintos estados teñen distinto nivel da cobertura dos seus servizos públicos con empresas públicas, que algunhas actuaban en réxime de monopolio, outras en concorrencia co sector privado, e as directivas e directrices de liberalización de servizos deron na privatización dos servizos públicos, que aquí deron lugar a un fenómeno estendido de privatización asociada ao fenómeno da corrupción, a unha deterioración dos servizos, moitas veces a un aproveitamento para o saqueo do público a costa de empresas con máis ou menos conivencia en relación co poder público, e, polo tanto, á asociación entre a incorporación das propias directivas e do propio acervo comunitario en relación cunha deterioración da calidade de vida e da calidade dos servizos públicos no Estado e no noso país. Ben, isto é o que trouxo unha forma de entender a Unión Europea.

Nós pensamos que hai formas alternativas e formas mellores de entender a Unión Europea: unha construción social de Europa na que poidamos cooperar para ter, entre todos e todas, maiores oportunidades de vivir mellor todos e todas, non soamente as grandes empresas; non soamente as liberdades que teñen que ver coa cuestión económica, porque, cando se fai así, despois a fenomenoloxía que vivimos, incluso contemporánea, queda en evidencia.

Quero recordar tamén unha cousa. Estamos moi preocupados agora por saber por que se vai o Reino Unido. Cando ameazaban con botar a Grecia non había esa preocupación, porque non nos ía a economía niso, aínda que as persoas dun lado e doutro, neste proceso e no proceso do *brexit*, quedaban igualmente comprometidas, incluso máis as persoas que pertencían á comunidade política grega.

Isto tamén me leva a outra reflexión...



**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...ao déficit de construción democrática da Unión Europea.

Criticouse e séguese criticando como, a pesar das numerosas reformas, o Parlamento Europeo segue sendo a institución que menos pinta nesa construción complexa da unión. E tan pouca importancia ten a construción democrática que, ao longo de toda a existencia da Unión Europea, dos distintos tratados coa distinta morfoloxía —remato xa, señor presidente—, nunca houbo vontade nin sequera de facer un apartado de como se podía abandonar a Unión Europea. E como iso non se regulou, agora estamos pagando as consecuencias.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Villares

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato xa, señora presidenta. Perdón, pensei que estaba o señor Santalices.

Porque cando foi do *brexit*, ameazábase a Grecia coa súa expulsión sen ningún tipo de procedemento, sen ningún tipo de garantías, sen ningún tipo de contexto procedemental para facelo cun mínimo de seguridade. Iso é o mesmo que vivimos agora, e todo iso se podería ter evitado cunha previsión máis acabada de como se quería construír politicamente Europa. Na nosa opinión, dunha forma social, non dunha forma antisocial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Villares.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Nós imos discrepar con esta *pax romana*. A referencia á *pax romana* parécenos moi acaída porque, realmente, xa naquel momento a Gallaecia era unha colonia, xa había un imperio, o emperador ou emperatriz non estaba aquí, neste parlamento, senón que estaba en Roma, e tiña aquí os seus delegados que lle facían o traballo, como pasa agora cos delegados do imperio madrileño ou do imperio bruxelense. Polo tanto, a historia dános moitas leccións e neste tema tamén nos ensina moitas cousas.

Neste tema do *brexit*, o Goberno da Xunta podemos dicir que está «a velas vir». Poderíamos poñerlle aquel título de «Deus nos colla confesados», porque a Xunta fai informes, fai estudos, ten un grupo de traballo interdepartamental sobre o *brexit* e resulta que a única medida que se lle ocorreu ao Goberno galego foi o cheque *brexit*. Había o cheque bebé e agora hai o cheque *brexit*, que aprobaron supostamente —anunciárono polo menos— o 8 de outubro, con axudas ás empresas que precisen asesoramento. Moito non é, realmente non é moito.

¿Que pasa aquí? O que pasa é que teñen as mans atadas, non teñen ningunha capacidade de decidir, de intervir, de actuar, de propoñer nada respecto da posición do Estado, da posición





de Europa, nesta materia. Entón, co que andan é con panos quentes, con medidas paliativas, pero con ningunha medida propositiva ou proactiva.

A cuestión de fondo é —como na época romana— a dependencia, a subordinación de Galiza fronte a poderes externos e o feito de non ter capacidade de decisión. Niso consiste a soberanía, precisamente, en ter poder, en poder intervir e decidir naquelas cuestións que nos afectan. E a historia da integración de Galiza na Unión Europea tamén nos dá moitas leccións disto.

Daquela era a Comunidade Económica Europea, agora un dos sectores máis afectados é o sector da pesca. ¿Sabem cal era e cal segue sendo a principal demanda do sector pesqueiro galego? Que Galiza sexa declarada rexión europea altamente dependente da pesca. E non pode ser. ¿Por que? Porque en Madrid non ven esta necesidade, e menos en Bruxelas. Vostedes converteron a pesca galega e a Galiza en altamente dependente de Madrid e de Bruxelas, esta é a súa posición.

E claro, tamén o di o sector pesqueiro. Resulta que Galiza ten barcos, ten capacidade para pescar, pero ten unhas cotas que lle impiden pescar nos caladoiros europeos. Resulta que hai países que teñen cota pesqueira pero non teñen barcos para pescar, e non lles deixan aos armadores galegos, aos empresarios galegos, comprar esa cota pesqueira. Así é como nos trata a Unión Europea, con *brexít* ou sen *brexít*; con *brexít* aínda vai ser peor, posiblemente.

Diante disto, o que temos é a parálise, a parálise institucional instalada no Goberno do Estado por esta situación, que xa sabemos que é responsabilidade de todos os partidos políticos do Estado, dun e doutro signo, e a irrelevancia política da Xunta de Galiza, que non pinta nada nesta situación.

O señor Feijóo intentou sacar a cabeza con aquilo de propoñer unha gran coalición. A solución era a gran coalición entre o Partido Popular e o Partido Socialista, esta era a proposta do señor Feijóo, e resulta que o señor Casado lle dixo que eran caralladas, que se deixase de caralladas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non foi así? Foi parecido. Non sei se dixo caralladas ou que foi. ¡Deixémonos de caralladas! Dixo que estivera aquí e que aprendera unha palabra galega, ¡deixémonos de caralladas! De trapalladas ou de caralladas, vén sendo o mesmo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Entón, ¿cal é o debate de fondo? O debate de fondo é a profunda crise da Unión Europea, unha crise política, unha crise económica, unha crise social, unha crise tamén de dereitos e unha crise ética. E o *brexít* é unha consecuencia desa crise. Mire, dillo claramente aquí unha intelectual galega, Teresa Barro, nun escrito que publicou na prensa: «Os países que integran a Unión Europea renunciaron á soberanía e son provincias dun imperio», como era Gallaecia e como somos agora tamén. «Os habitantes do Reino Unido decidiron por maioría que queren a soberanía do seu país e a independencia, acontece o que acontecer...»

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**O señor BARÁ TORRES:** ...como cando unha persoa prefere a independencia a estar amarrada». Iso é o significa o *brexít*.



E diante disto, ¿cal é a realidade? Pois que nin Xunta de Galiza nin Goberno do Estado están actuando, porque non teñen moita capacidade de actuación, porque nin sequera saben o que vai pasar e porque, ademais, o Goberno do Estado...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...a única preocupación que tivo ao longo de todo este tempo, ¿saben cal foi? A principal preocupación do Goberno do Estado — sería igual estando un ou outro — foi Xibraltar. O que lle preocupaba era Xibraltar...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...non a pesca, a automoción, o téxtil galego, ningún sector produtivo galego. Así que nada de *pax romana*, defendamos os nosos dereitos, defendamos os nosos sectores produtivos, fronte a esta Unión Europea que nos machaca, que non conta con nós...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Remate, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que non defende os intereses deste país. Nin a Unión Europea nin os que a representan no Estado español e en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Grazas, presidenta.

Grazas, señorías.

Un terzo do balance comercial positivo en Galicia corresponde ao tráfico comercial co Reino Unido, uns 1.300 millóns de euros no último ano. Polo tanto, todo o que aconteza respecto da posible saída abrupta, un *brexit* duro, do Reino Unido da Unión Europea suporá en Galicia un enorme risco de carácter económico para o que cómpre estar preparados, fundamentalmente nos sectores máis implicados comercialmente, como a pesca, o téxtil e a automoción.

Sabemos que o 31 do presente mes remata o prazo. Parece ser que agora pode aprazarse ata fin de ano, pero tamén parece que isto que acabo de dicir sobre a importancia que vai ter na economía galega é un tema que a Xunta non comparte, porque, fronte á necesidade de articular e prever os posibles escenarios, como outros grandes retos que afronta o país, como a demografía, o desemprego, a situación da industria... a Xunta decidiu facer do método Rajoy o seu *modus operandi*; é dicir, esperar a ver que pasa, non facer nada, non articular nada, non facer medidas, nin proxectos, nin plans, nin ningún protocolo para poder afrontar os diferentes escenarios con garantías.



Nós, por iso, sumámonos á idea de que non é que sexa urxente, é que xa pasou e rematou a data lóxica de que a Xunta tivera, verdadeiramente, unha solución. Non só plans, informes e análises previas, senón algún tipo de acción.

En primeiro lugar, parécenos que cómpre articular posibles solucións para a frota galega afectada. Máis de 150 barcos faenan hoxe nas augas británicas e poden atoparse o vindeiro mes, ou dentro de tres meses, sen a posibilidade de faenar en caladoiros históricos para a nosa frota, e, por tanto, cun risco enorme de desemprego e desguace de embarcacións galegas.

En segundo lugar, un plan de continxencia que tiña que estar feito onte xa, e que outras comunidades autónomas que si fixeron os seus deberes xa teñen feito.

¿Hoxe que temos aquí? Temos unha web na que podemos entrar. Esta web pode enviarnos directamente, ben a un protocolo da Unión Europea, ben a un protocolo do ministerio, pero creo que quedarnos no tema de sempre: temos un plan, temos un estudo, temos un informe, e só deixar unha páxina web que, verdadeiramente, non leva a ningunha parte, que é meramente informativa, na situación na que estamos hoxe, é un pouco o que demostra a situación de descontrol e falta de responsabilidade que ten este Goberno co seu país.

A Xunta nesa páxina ofrece —como xa dixen— informes de diferentes estudos. Este estudo, curiosamente, un informe sobre a situación da economía galega, di textualmente na web que Galicia non se atopa entre as rexións europeas máis afectadas. Mil trescentos millóns non parecen nada para a Xunta, parece ser que non é importante para a economía galega. Entón, podemos referenciarlos, tampouco solucións, senón simplemente a información que poden aportarnos outras webs. ¿Verdadeiramente pensan que o *brexit* non é importante para Galicia? Se o pensan, díganos, e deixen pasar a outros que poidan cumprir esas obrigas que teñen vostede e o seu Goberno.

E se non, a brincadeira do cheque bebé, que é o primeiro que se lles vén á cabeza para solucionar, por exemplo, o grave problema demográfico que temos en Galicia. Entón, ¿por que non un cheque *brexit* para solucionar o grave problema do *brexit*, en lugar de ter, verdadeiramente, un plan organizado por sectores? Porque, entre outras cousas, temos —e así o expresamos nos orzamentos— a situación de moitísimos galegos e galegas, que están agora mesmo traballando no Reino Unido, que non saben que vai ser deles e que vai facer o seu país —neste caso Galiza— para podelos axudar nesta conxuntura.

Entón, pedímoslles de verdade que sexan serios, asuman as responsabilidades que teñen coas galegas e cos galegos, deixen de facer estudos, foros e webs, e conclúan un programa de medidas de continxencia, con orzamentos específicos, ante a inminente saída do Reino Unido da Unión Europea.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Torregrosa.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Pazos Couñago.



**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, vanme permitir que empece, como me invitaban, metaforicamente. Si, ímonos envolver na bandeira de Europa, ímonos envolver na bandeira de España e ímonos envolver —nunca nos esquecemos— na bandeira galega. E dígolle máis, señor Bará, postos a envolvernos, incluso nos envolveríamos na bandeira do imperio romano, ese que nos deixou un legado importantísimo, entre outras cousas, tan importante como deixarnos a nosa lingua, esa que vostedes abrazan con tanto fervor a pesar da súa orixe imperialista. Hai que ter visión a máis longo prazo, señor Bará. (*Aplausos.*)

Eu agradezo a oportunidade que se me dá de explicar e poñer en valor as medidas que tomou o Goberno galego encamiñadas a paliar —e quero deixar isto ben claro, a paliar— as consecuencias dun posible e indesexado *brexit* sen acordo. E digo paliar porque, evidentemente, resultaría imposible neutralizar completamente as consecuencias de tamaño dislate.

Señora Torregrosa, decidimos que nos iamos ocupar nós, o Partido Popular; parécenos que era mellor iso que non irnos e deixarnos pasar. Iso fixeron outros, e como consecuencia diso, hoxe temos un Goberno de España en funcións en plena tormenta do *brexit*. Esa irresponsabilidade nunca a cometería un goberno do Partido Popular, ¡nunca!

A nós preocúpanos este tema, tanto nos preocupa que a primeira iniciativa que se trouxo a este Parlamento sobre o *brexit*, tróuxoa o Partido Popular.

Febreiro de 2017. O noso portavoz, o señor Puy, solicitaba un informe sobre o impacto e consecuencias do *brexit*. A partir de aí, implementáronse moitas medidas, vostedes mencionaron algunha: o foro galego, a plataforma dixital de asesoramento a empresas, a creación do grupo interdepartamental, que xa lle anuncio que ten medidas preparadas para o caso de que se chegue a ese momento indesexado do *brexit* duro. Medidas que, evidentemente, se teñen que anunciar en función de como se avance nos acontecementos; isto parece bastante razoable.

Ademais, tomáronse outras medidas que vostedes non mencionaron. Por exemplo, en materia de asesoramento, efectivamente, á parte do informe do CES, solicitáronse varios informes do grupo do Instituto Salvador de Madariaga sobre o impacto do *brexit* en distintos acordos, e un da Universidade de Santiago de Compostela. Efectivamente, para afrontar unha situación hai que ter informes e un diagnóstico axeitado para dar coas receitas axeitadas.

En materia de apoio, tanto a persoas como a empresas, púxose a andar a Oficina de asesoramento de empresas na oficina do Igape no Reino Unido, para asesorar as empresas alí instaladas, e tamén se ampliaron as competencias para prestar asesoramento aos cidadáns galegos que se atopan no Reino Unido.

Impulsouse, efectivamente, o cheque *brexit*, que vai permitir que as empresas galegas afronten nunha mellor situación unha posible saída abrupta e as consecuencias que esta tería.

E tamén traballamos profusamente na búsqueda de alianzas internacionais. Dúas das máis importantes declaracións institucionais que tiveron lugar con relación ao *brexit* foron a de



Cardiff e a de Santiago. Nas dúas estivo Galicia. Unha delas leva o nome dunha cidade, da capital galega, mire vostede se lle damos importancia. Mire vostede se fomos relevantes, que Galicia foi a única comunidade autónoma española invitada polo Comité das Rexións para amosar a súa opinión sobre o *brexit*. ¿De verdade se pode dicir que isto se relaciona cunha posición de irrelevancia? Nós cremos que non. Ademais, organizouse o acto da alianza pesqueira europea xa no 2017, no que se debateu sobre as consecuencias da saída do Reino Unido. Tamén se acolleu a reunión EUFA no 2018 para poñer en común a información de interese e sumar argumentos para a defensa do mar nas negociacións do *brexit*.

Pero o Grupo Parlamentario Popular está totalmente de acordo na necesidade dunha boa coordinación entre o Goberno autonómico e o estatal, por iso, xa intentou manter unha interlocución fluída con ese Goberno a través do seu delegado en Galicia, e creo que o estamos a facer razoablemente.

É certo que nun primeiro momento o delegado esqueceu invitar a Xunta a formar parte do grupo de traballo para o *brexit* en Galicia, como esquecera anteriormente, en dúas ocasións, invitar a Xunta a formar parte da Mesa contra a violencia de xénero, pero solventouse, solventouse.

A Xunta solicitou a incorporación a ese grupo, e, a partir dese momento, esa colaboración está dando froitos. Propostas de real decreto, solicitudes de actuacións, de compensacións, a solicitude de apoio a unha liña de ferri dobre, tanto a Vigo como á Coruña, dende Irlanda. En fin, creo que o estamos facendo razoablemente ben feito. Eu diría que a interlocución entre o Goberno e a Xunta é bastante mellor que a interlocución entre os membros do Partido Socialista. Porque eu entendo que poñan en cuestión o que eu digo, pero mire: «*El Gobierno y la Comunidad Autónoma han hecho sus deberes ante el brexit*». Asegura o señor Losada, o seu Delegado do Goberno en Galicia. Home, non se fiará de min, pero do señor Losada si, e é o propio señor Losada o que lle garante que Galicia está preparada para afrontar un *brexit* duro.

Mire, eu penso que todos desexamos que esta semana o Parlamento británico dea luz verde a un acordo para unha saída negociada do Reino Unido da Unión Europea e se minimicen así os efectos dun erro histórico. Preguntábase algún dos meus antecesores froito de que. Froito do populismo, nada máis, froito do populismo. Pero se non é así, se non se chega a ese acordo, teñan a completa seguridade de que atoparán á Xunta de Galicia preparada para minimizar os perniciosos efectos dun *brexit* abrupto. Eu creo que ninguén razoable pode simpatizar co *brexit*, ninguén en Galicia, o único grupo que o fixo aquí foi o Bloque Nacionalista Galego.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** É normal, o Bloque pretende para Galicia o mesmo que pretendían os defensores do *brexit*. Non é máis que conseguir maior soberanía, aínda que sexa a cambio dunha maior pobreza dos cidadáns do seu país. Resulta lamentable.

Recapaciten e, dende logo, fagan o que imos facer nós, que é apoiar esta iniciativa, porque, efectivamente, coincidimos en que hai que facer as cousas de común acordo.

Máis nada. Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Porrit.

**A señora PORRIT LUEIRO:** Grazas, señor presidente.

Señor Villares, efectivamente, facemos unha proposta aberta porque aspiramos a que se acepte por unanimidade, como se ten feito nas comisións. A nós tamén nos preocupa especialmente o que pase coa cidadanía, porque a maioría das empresas están preparadas, e as institucións tamén.

Señor Bará, eu, que son funcionaria de Aduanas, cando imos a Europa negociar o tema da pesca non saben nin o que é unha batea nin o que é un barco. Practicamente temos máis portos en Galicia que en Holanda, que teñen dous.

Señor Pazos, non falei da bandeira galega porque presumo que neste Parlamento xa todos estamos envoltos nela, (*Aplausos.*) polo tanto, non é preciso reincidir sobre o tema. Eu non sei se vostede me escoita ou me escucha, pero fixen mención expresamente aos diversos estudos que ten preparado a Xunta de Galicia, entre eles o do CES. ¡Vale, eu non sabía que aquí ía de quen presentou máis iniciativas! Teño aquí unha relación de todas as iniciativas presentadas polo meu grupo. Efectivamente, unha das iniciativas que se debateu na Cámara, e que deu lugar ao informe ao que fixen referencia, foi unha iniciativa do Partido Popular, pero, entre a longa lista que teño, vou facer referencia simplemente a dúas.

Unha proposición da Comisión 3ª, debatida o 15 de xaneiro do 2018, do Grupo do Partido Socialista, un texto aprobado por unanimidade das 12 deputadas e deputados da mesma, que di: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar para o seu debate na Cámara, antes da fin do 2018, a posición da Xunta de Galicia nos eidos identificados como prioritarios no seu documento de análise do impacto do *brexit*».

Outra proposición non de lei, presentada tamén polo meu grupo e debatida na Comisión 6ª celebrada o 22 de xaneiro, texto aprobado novamente por unanimidade: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un diagnóstico transversal, centrado sobre todo nas pemes, que abranga os ámbitos financeiros, laborais e de innovación sobre os impactos que o *brexit* terá na actividade empresarial de Galicia.

2. Desenvolver unha campaña informativa sobre as consecuencias da saída do Reino Unido, dirixida especialmente ás pemes, na que se informará sobre medidas e plans de continxencia, dependendo do sector ao que pertencen.

3. Establecer liñas específicas de colaboración co Goberno de España á hora de desenvolver esta iniciativa».

Xa sei que vostedes son moi traballadores, pero no meu grupo e no resto de grupos da Cámara penso que tamén se traballa, (*Aplausos.*) e o que lles estamos pedindo é que cumpran os acordos acadados. Estamos á espera de que nos fagan partícipes deses traballos, desas iniciativas e de todo o que están a facer vostedes.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Porrit.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

O pasado día 1 de outubro, inesperadamente, a Consellería de Medio Ambiente anuncia que vai declarar unha emerxencia cinexética en catro zonas do país que abranguen trinta e tres concellos. Un feito insólito pero previsto no propio Regulamento de caza do ano 2001. E veláí que o día 2 de outubro o *Diario Oficial de Galicia* publica a resolución de Patrimonio Natural na que se determinan as épocas hábiles de caza, que recolle todas as modificacións legais necesarias para declarar esta emerxencia cinexética.

Esta declaración conleva unha serie de medidas que, dende o BNG, consideramos fóra de lugar. Trátase de medidas de altísimo risco para a poboación humana. Xa non se trata de batidas cun mínimo de oito compoñentes debidamente organizadas, non. Pero aínda quedaban flocos, porque a improvisación éles o que ten, e así, na Lei de acompañamento dos orzamentos para 2020 vanse permitir modalidades exclusivas de caza menor que, trasladadas á caza maior, se convarten en modalidades perigosísimas para os cazadores e para a xente que fai vida e traballa ao aire libre no rural.

A munición usada nesta caza e as armas de alta potencia e alcance multiplican o risco e as alarmas. (*Murmurios.*) Porque, señorías, no noso rural queda pouca pero aínda hai xente, e ademais recibimos visitas de amantes do sendeirismo, das castañas, dos cogomelos, da natureza en xeral, ademais dos que traballan na madeira, na agricultura e na gandería. ¿Ven vostedes o perigo? Un perdigonazo manca, pero unha bala pode matar.

Ademais, carga de responsabilidades os tecores, tecores cinexéticos. Poña por caso a responsabilidade nos posibles accidentes de tráfico ocasionados por especies de caza maior ao se multiplicaren os días de caza. Tamén ampliando os custos de vixilancia, amén de non dar solución real ao problema do xabaril, dos danos que este causa na agricultura e da ameaza que potencialmente representa para a sanidade da poboación porcina, doméstica e industrial, como vector transmisor da peste porcina africana.



A inacción e a desidia mostradas ao longo destes anos no tratamento do problema contrastan coa présa que lles entrou aos responsables políticos do Partido Popular neste último ano, digamos que abondoso en períodos electorais.

No 2016 sacaron a última orde de axudas á prevención e danos producidos polo xabaril. Nós presentabamos propostas baseadas nas abondosas queixas e no malestar da xente, e o PP negaba, ¡negaba! Chegouse a dicir no 2017... (*Murmurios.*) Grazas, grazas polo silencio. Pola atención non, pero polo silencio si.

Nós presentabamos propostas baseadas nas abondosas queixas e no malestar da xente, e o PP negaba. Chegouse a dicir no 2017 desde a Consellería, en sede parlamentaria, que deixaran de sacar as axudas porque non había reclamacións dabondo, e que o problema non era tal. E, por tanto, botaban abaixo —iso si, con aires de suficiencia— as iniciativas que este grupo presentaba demandando axudas aos danos e tamén un plan de xestión serio.

Isto último do plan de xestión producíalles ese sorriso prepotente, como afirmando que eran finezas de universitarios *ecolohistas*, ¡nin caso! Para eles a solución estaba clara, escopeta e lazo. Pero a poboación medraba, e multiplicábanse os danos e as presencias.

O 2019, ano bielectoral que logo foi tri, tráenos unha intensificación das batidas de caza e unha orde de axudas insultante. Esta orde pon de manifesto o descoñecemento do problema de parte de quen a confeccionou. ¿Recordan? Xa se falou aquí. Entre outros despropósitos, exclúe cultivos esenciais das axudas e inclúe outros que non teñen ningunha relevancia neste noso país. Semellaba que as eleccións ían poñer un chisco de cordura a esta sucesión de desatinos, pero non, porque o verán traía outra sorpresa.

Agora o Partido Popular falaba da elaboración de censos por comarcas, e tamén da necesidade dun plan de xestión. ¿Viñéralles o sentidiño coas eleccións? ¡Xa, xa! Seguindo a liña do PP de «eu non fun», trataban de lles pasar o problema ao Goberno do Estado, agora que o problema engordara e engordara. Fácil, ¿non si?

As competencias son do Goberno galego, pero podendo sacudir as pulgas a outras administracións, se cola, desculpo a miña incompetencia e a miña preguiza. E mentres, o porco fozando, os cultivos estragados e o PP xustificando con batidas —as máis delas inoperantes— a xestión dunha especie que precisa de rigor e planificación seria.

E nestas, móstrase a grande idea. A alguén, nun esforzo sobrehumano, ilumínaselle o cerebro e, ¡zas!, a declaración de emerxencia cinexética aparece como fórmula máxica, superando todas as posibilidades na sucesión de despropósitos. Non hai plan de xestión da especie, non hai censo por comarcas, non hai protocolos nin medidas de bioseguridade; só caza, caza, e máis caza. E propaganda, tentando agacharse tamén nunha suposta presión dos ecoloxistas.

E desde o primeiro momento da declaración de emerxencia, ata os mesmos cazadores a cualifican de irresponsabilidade pola falta de medidas de seguridade. No monte e nos cultivos, mesmo no inverno, hai xente traballando; haille xente apañando cogomelos, castañas, practicando sendeirismo, ciclismo. Xente, persoas e tamén fauna que desde xa, e ata marzo, co-





rren perigo na súa integridade física e mesmo na súa vida. Rifles, balas, miras telescópicas, batidas non organizadas como marcaba a lei, esperas erráticas diurnas e nocturnas, modalidades propias da caza menor e individuais para presas de caza maior, gandeiros armados; medidas todas elas de dubidosa legalidade.

En conxunto, un acúmulo de ocorrencias que denota —e é obriga dicilo así— que na Consellería de Medio Ambiente non saben moi ben de que vai o asunto. Unha vez máis, a lei do mínimo esforzo que vén practicando o Goberno galego desde hai xa anos. Pasar a outros o peso da xestión do problema, incluídas as cargas económicas, porque nunha nova mostra de irresponsabilidade política botan todo o peso nos tecores, mesmo os danos dos accidentes automobilísticos provocados polo porco bravo, que a partir de agora se incrementarán, pois todos os días poderían ser de caza, se así se solicita, e, por tanto, de movemento desesperado das piaras e dos exemplares solitarios. Nada, nada, vén na lei, é legal, je xa está! Si, pero é unha barbaridade. «Están tolos estes romanos» —diría Obélix—.

A declaración de emerxencia cinexética só debería sustentarse en datos de partida elementais, é dicir, a partir de estimas de poboación obtidas con métodos técnicos contrastados, de demostrarse a súa suposta sobreabundancia. ¿De onde parten os datos poboacionais con que declaran as zonas con maior incidencia? ¿¡Ah!? A resposta é que a información que vostedes empregan non a cren nin os seus propios técnicos. Procede tan só do número de avisos deixados nun teléfono no que ninguén cre, metodoloxía científica de última hora, ou da cifra de 200.000 botada nunha arroutada por unha organización agraria. Aquí todo vale.

Medidas de bioseguridade. Mover a carne dos exemplares cobrados é un risco maior ca o movemento dos exemplares vivos, señorías, porque a peste porcina está chamando á porta e non perdoa. E o porcino galego ten peso e importancia, e haberá que deseñar protocolos, haberá que anticiparse ao problema.

A conclusión, diante de tanta improvisación, é doada. Vostedes non teñen intención de solucionar o problema, son uns incompetentes ou uns preguiceiros, ou ambas as dúas cousas. ¡Deixen de botarlle a culpa ao veciño e móvanse! ¡Usen as competencias que nos corresponden e póñanse a traballar! E se non saben facelo, pois consulten ou dimitan, que tamén sería unha solución.

Porque, ¿saben?, o enfrontamento entre gandeiros e tecores nalgunhas zonas deste país xa está servido —lean os xornais hoxe—. ¿Pensan pescar neste río revoltos? ¡Tanto lles ten! Ademais de incompetentes, tamén irresponsables. ¿Tomaron en conta o alcance da bala saída do cano dun rifle, señor Vega? ¿Toma en conta o alcance dunha bala saída do cano dun rifle? ¿O dano que pode causar a bala perdida? ¿Que seguridade ofrece que haxa gandeiros cazando ao salto ou en espera en lugares do monte inconcretos, sen sinalizar e advertir, durante calquera día da semana? ¿A inseguridade que imos sentir a xente que vivimos no campo durante este período, tanto de día como de noite? Vostedes semella que chaman polos accidentes, e isto, de prosperar, pode acabar mal. ¡Déixense de lerias!

Miren, propoñémoslles o acordo de retirar estas medidas e de facer un plan de xestión en serio, de poñerse as pilas e tomarse en serio este problema, que é un problema, e non teñen



máis que consultar á xente do rural. Pero consulten tamén aos cazadores, que seica ultimamente están bastante cabreados con vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Dicíao Mini, o xabaril leva anos sendo un problema moi grave para as colleitas do noso país e para toda a seguridade viaria. No ano pasado, ano 2018, foi o responsable de preto de 1.200 accidentes de tráfico e causou danos económicos inxentes que afectaron, sobre todo, ás colleitas de millo e pataca. O abandono do monte está facendo que desborde o seu propio hábitat natural, de tal xeito que incljuso os atopamos, nalgúns casos, camiñando polas rúas dalgunha cidade.

No ano 2018 a Xunta de Galicia recibiu 1.335 avisos por danos causados por xabarís, case catro ao día; e aumentou a cifra respecto do ano 2017 en 265 avisos. Os principais prexudicados pola actividade do xabaril son as labregas e son as gandeiras, que, ademais de sufrir os ataques dos animais nas súas colleitas, tamén padecen a incompetencia do Goberno da Xunta na xestión deste bicho.

Con data 9 de outubro do ano 2019, o DOG publicou catro resolucións do 27 de setembro, das xefaturas territoriais, da Consellería de Medio Ambiente, e a declaración de emerxencia cinexética, que afecta a 33 concellos da Galiza.

Onte neste Parlamento —igual que o resto de grupos parlamentarios— reunímonos coa Unión de asociacións titulares de tecores de Galiza, Unitega, que nos trasladaron a súa inconformidade coas medidas da Xunta de Galiza que autorizan as batidas de caza indiscriminadas, e agradecéronnos que se solicitara neste Parlamento, xunto co Bloque Nacionalista Galego, esa Comisión non permanente de estudo sobre a problemática do xabaril. E mostráronse preocupados. A Unión de asociacións titulares de tecores de Galiza mostráronse preocupados porque as consecuencias derivadas destas medidas supoñen un risco moi alto sobre a seguridade das persoas que transiten polas superficies do monte afectadas, case 500.000; así como outro tipo de actividades recreativas ou incluso da circulación viaria.

Son moitos os expertos que ven na xustificación desta declaración un suposto de incumprimento da normativa específica. Así, a dita declaración susténtase sobre a base de que as poboacións de xabarís veñen experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio, así como que estas poboacións poden ser un elemento perturbador importante de certas comunidades de flora e fauna. ¿Quen exerceu presión para que vostedes sacaran tal medida? ¿Ou foi —que tamén pode ser— unha estratexia comunicativa do Goberno do



Partido Popular ante a incompetencia de xestionar debidamente este problema? ¿Onde están os estudos científicos sobre os datos demográficos do xabaril? ¡No os teñen! Ou, ¿onde están os informes técnicos que recomendan tal medida? Tampouco existen. Vostedes declaran a dita emerxencia ante a incapacidade da propia Xunta de xestionar un problema, así como de xestionar axudas adecuadas para paliar os danos producidos polo xabaril.

¿E por que digo isto das axudas? Os beneficiarios e beneficiarias noutras convocatorias comezan a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas. A resolución deixa, no mellor dos casos, dez días naturais para facer os trámites necesarios; na práctica, con fins de semana por medio, con festivos de por medio, os gandeiros e gandeiras dispuxeron de seis días hábiles para mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a dita axuda. Esta situación non é unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo, e hai dous anos aconteceu exactamente o mesmo.

Distintos colectivos, asociacións gandeiras e sindicatos agrarios tiveron xuntanzas e presentaron propostas para mellorar a xestión de axudas, tanto na forma como no fondo. O resultado estamos a velo hoxe: ¡non foi ningún! E esta mala planificación, así como o atraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre gandeiros e gandeiras e cronifica un problema, que é o da convivencia coa fauna salvaxe, do que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna. De aí que o Goberno improvise con esta medida, unha medida desesperada que pode traer detrás de si terribles consecuencias, como dixo Mini.

Pide aquí o BNG retirar ou suspender calquera acción conducente á aprobación de xeito inmediato da declaración de emerxencia cinexética feita sobre o porco bravo nas catro zonas e as medidas vencelladas a ela. Señores do Partido Popular, voten a favor antes de que haxa unha desgraza. (*Murmurios.*) Señores e señoras, o día que haxa unha desgraza, vostedes van ser os responsables.

Pide o Bloque Nacionalista Galego nesta iniciativa recuperar o alento polo esforzo e despois elaborar un plan de xestión desta especie. Aproben tamén este punto. Pero, jollo!, non fagan como co Plan de xestión do lobo, que o teñen aí aparcado e limítanse vostedes a promocionar batidas na televisión pública, outra vez máis, sen ningún informe técnico que as avale.

Aproben a Comisión non permanente de estudo sobre a problemática do xabaril solicitada neste Parlamento, xa que só así poderemos comezar a atallar dunha forma responsable este problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Común da Esquerda, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.



Boa tarde a todos e a todas outra vez. Grazas.

Nós imos apoiar, loxicamente, esta iniciativa que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego, porque é evidente que o Partido Popular non só é responsable desta situación polas súas políticas de desleixo no que ten que ver coa conservación da biodiversidade e o equilibrio ecosistémico e da defensa, pola contra, de actividades extractivas que están esquilmando o noso territorio, senón que ademais —como se demostra con esta ocorrencia que acaban de ter— é evidente que non saben nin por onde comezar para poder solventar esta problemática, que están dando paos de cego con ocorrencias sen ningún tipo de análise previa, sen ningún tipo de informe que dea conta de cal é a situación da poboación, de cales son as mellores posibilidades, sen absolutamente ningún tipo de estudo, ningún tipo de informe, para poder facer esta actuación. Pero o máis preocupante desta nova ocorrencia do Partido Popular é que o fan poñendo en risco a vida da xente.

Con esta ocorrencia, a Xunta amósase totalmente incapaz de xestionar este problema e descarga, neste caso, a responsabilidade nos particulares. Entendan a broma de mal gusto que supón que teñan que ser particulares os que se encarguen de poñer freo á súa desfeita. A broma de mal gusto que supón que actúen cando a situación xa é insostible e cando os danos xa son enormes, porque isto non comezou hoxe.

A vostedes sempre lles pasa o mesmo, deixan a gobernabilidade do país en mans privadas, e cando colapsa o modelo, botan balóns fóra e descargan a responsabilidade, neste caso, nos particulares, que son os que teñen que saír a solventar o problema —que non o van solventar desta maneira, pero, segundo vostedes, sairían a solventar o problema—, ou descárgana nos concellos ou noutros gobernos, como se vostedes pasasen por aquí. Vostedes non están capacitados nin para gobernar unha asociación veciñal, señores e señoras do Partido Popular.

Isto que está acontecendo coa xestión da auga, isto que está acontecendo coa xestión do monte, vostedes están derivando a responsabilidade da gobernabilidade ás empresas privadas, e así nos vai. E preguntámonos nós: con esta ocorrencia, ¿que ocorre naqueles lugares onde os particulares decidan non saír a cazar xabarís? ¿Que pasa? Aí non se solventa o problema. ¿Aí teñen algunha solución vostedes? Vostedes permiten que os particulares saian a cazar, ¿e se non saen a cazar? Como xa comentou o voceiro do BNG, moitos cazadores están en contra desta medida. ¿Onde non actúan non se actúa? Déixase que siga o problema cara adiante porque vostedes non teñen ningunha solución con impulso dende a Xunta de Galicia.

Miren, hai opinións dispares sobre cal é a situación. Hai disparidade de opinións sobre se hai máis sobrepoboación ou menos sobrepoboación, ou se é unha cuestión máis de desprazamento da especie ou de menos. É evidente que fai falta unha análise seria, en profundidade, onde estean todos os actores implicados nesta cuestión, por iso, é fundamental impulsar esta comisión, na que estean todos os sectores, para ver cales poden ser as mellores solucións, e deixarse de ocorrencias que poñen en risco a vida da xente.

Parece que é bastante claro, tamén neste caso, que outra vez o abandono do monte é a causa principal desta situación. Pero non o dicimos nós, a propia directora xeral de Patrimonio



Natural, a señora Belén Docampo, recoñeceu que as zonas de maleza son idóneas para a cría e asentamento descontrolado de xabarís, pois atopan refuxio e, en ocasións, están preto das zonas de produción agrícolas ou urbanas, o que propicia a súa incursión na procura de alimento. Este é un recoñecemento implícito do seu fracaso nas políticas de xestión forestal e de uso do monte. ¿E que fan a cambio? Na súa práctica habitual e reiterada, botar balóns fóra. Botarlles a culpa a todos, excepto a vostedes, e descargar a responsabilidade, neste caso, nos particulares.

Pero nós si imos asumir a nosa responsabilidade como oposición e recordámoslles que é un auténtico suicidio deixar as políticas forestais ao ditado dos *lobbys* empresariais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Perdón, pensei que rematara.

**O señor CAL OGANDO:** Vostedes nesta ocasión lanzaron as políticas do *far west*. Vostedes din: primeiro disparo e despois pregunto, para controlar as masas poboacionais.

Vostedes teñen que entender que os períodos de sobrepoboación ou desprazamento son unha mostra clara do seu desgoverno, un fracaso das políticas ambientais do seu goberno, e teñen que entender as funcións ecosistémicas do monte. Non é simplemente un almacén de monte, vento e minerais para as súas empresas amigas que veñen esquilmar o territorio, o monte ten funcións ecosistémicas, ademais doutras posibilidades que ecomicamente tamén son moi interesantes para Galicia. Así que deixen de levar solucións *far west*, de primeiro disparo e despois pregunto, póñanse as pilas e impulsen unha comisión para poder poñer solución a isto, como dicía o señor Rodríguez, e agardemos que non haxan ningunha desgraza, a ver despois vostedes como reaccionan.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Hoxe falamos outra vez do problema que está xerando o xabaril, polo tanto, falamos dun problema que, sobre todo aos nosos gandeiros e agricultores, lles produce un carácter de estabilidade negativa, uns efectos xa de sobra coñecidos por todos, polo que o rural e o urbano galego están a constatar o fracaso total do actual sistema de xestión da poboación de xabarís, que na actualidade está descontrolada.

O que acaba de facer a Xunta de Galicia para intentar controlar estas poboacións é publicar unha resolución, como ben se dixo antes, no *Diario Oficial de Galicia*.



Dende a oposición, nin unha nin dúas veces, vimos advertindo neste Parlamento desta superpoboación descontrolada do xabaril. E, por fin, con esta publicación, a Xunta recoñece que realmente existe un problema co xabaril en Galicia.

A xestión da fauna salvaxe depende directamente da Xunta de Galicia, máis concretamente da Consellería de Medio Ambiente. Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que esta medida non solucionará o problema, unha medida que lles exige unha gran responsabilidade aos cazadores e tamén pon en perigo a calquera persoa que se atope desfrutando dalgunha actividade pola zona onde se atopen estes cazadores.

Esta medida entendemos que é unha primeira intención dende a Xunta de Galicia, pero dende aquí tamén lle queremos dicir á Consellería de Medio Ambiente que este tipo de medidas deberán ser pactadas entre os representantes dos agricultores, dos gandeiros, dos cazadores e a Administración, co fin de buscar un novo sistema de colaboración entre os tecores e a Administración que permita a coexistencia da actividade agraria coa fauna cinexética e salvaxe, xa que actualmente todas as perdas son para os mesmos, para os agrarios e gandeiros. Con esta medida, a Xunta deixa en mans dos tecores a captura do xabaril, co que a Consellería de Medio Ambiente quere solucionar o problema pero non quere gastar; é dicir, convidar e non pagar.

A maiores dos danos aos gandeiros e agricultores, o xabaril pode ser unha gran vía de propagación da peste porcina africana, xa que os xabarís son potenciais transmisores desta enfermidade que ameazaría o sector da carne de porco, un sector importante para a nosa comunidade.

Tamén cabe destacar os danos que producen en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas, e incluso problemas de seguridade viaria, con aproximadamente 1.100 atropelos ao ano en Galicia, pois atravesan as estradas e camiños rurais, cuns 4 millóns de euros en danos a vehículos, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.

Esta realidade non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces controis que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais no noso contorno, polo que se fai necesario que a Consellería do Medio Ambiente, como ente competente na materia, elabore un plan de xestión do xabaril.

En definitiva, tanto o rural como o urbano de Galicia son conscientes do fracaso total do actual modelo de xestión das poboacións de xabarís descontroladas e sen previsións de mellora.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario Popular, señor Prado Patiño.



**O señor PRADO PATIÑO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Despois de escoitar detidamente os grupos da oposición, eu case me quedaría cun titular: O xabaryl vaise á civilización e a oposición tírase ao monte. A verdade non ten outra explicación. *(Risos.) (Aplausos.)*

Nesta PNL do Grupo do BNG, señor Rivas, na súa exposición de motivos *(Murmurios.)* o que pretende é retirar este decreto de emerxencia cinexética. Isto leva 4 comarcas, 3 concellos, 76 tecores, 10 zonas libres. ¿Por que se fai isto? Eu creo que vostedes na exposición de motivos recoñecen que hai exceso de xabaryl. Despois explicareino, porque vostede di con base en que se fixo iso.

Eu penso que todo o mundo estamos de acordo en que hai unha superpoboación de xabaryl, non só en Galicia, senón en toda España e en Europa. ¿Que fixo a Xunta? Pois a Xunta fixo os seus deberes, tomou todas as medidas ao seu alcance a través de dúas consellerías, como é a Consellería do Medio Rural. O outro día vostede, señor Rivas, fixo unha pregunta ao Goberno, eu creo que moi ben contestada polo director xeral, e expúxolle que se estaba controlando —resumo— o da peste porcina, despois, se me queda tempo, resumo os cinco puntos.

Concretamente, a protección de medio ambiente, agricultura, gandería e caza está claro que son competencias da Xunta de Galicia. ¿Que fixo a Xunta de Galicia? Reclamou ao Estado a elaboración dun censo nacional de xabaryl por comunidades autónomas. ¿Por que? Por ser da súa competencia. Houbo un acordo de todas as comunidades autónomas co Ministerio de Transición Ecolóxica, para que con base nese censo, cando estea feito, se deseñe un plan de xestión do xabaryl.

A Consellería de Medio Ambiente —contéstolle á súa exposición de motivos—, acertadamente, saca este decreto de emerxencia cinexética dado o aumento da especie do xabaryl. No caso concreto das comarcas declaradas, tense producido un incremento do número de avisos por danos aos cultivos e as afeccións ocasionadas nos mesmos.

Con respecto a que non hai censos por comarcas, á inexistencia dun plan de xestión, que non hai protocolos nin medidas de seguridade, no ano 2014 encargouse á Universidade de Vigo un estudo de estima da distribución da especie con base nas capturas, nos accidentes de tráfico e os danos nos cultivos.

Ao mellor, os datos que teño poden variar. Concretamente, no ano 2018 houbo 16.000 capturas, nese ano había catro avisos por día, houbo 2.300 accidentes e vén sendo o 25 % dos accidentes de tráfico. Non imos facer mención a iso porque aquí xa houbo outro debate concretamente das axudas, pero recordo que por danos hai 811.000 euros por parte da Consellería e por prevención 300.000.

A caza en Galicia, señores, é un deporte. É un deporte, recórdollelo, é sostible, ambiental e social. Eu diría máis, é dos veciños do medio rural. Non lle quitemos ao medio rural o que é



del. ¿Entenden? É algo tradicional. Hoxe non imos entrar nese debate, pero cando queiran entramos nese debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Podemos discutir que a caza sexa a única solución. A día de hoxe, o medio máis eficaz para diminuír o xabaril é a caza. É así.

Por outro lado, os grupos da oposición non argumentan que haxa outras comarcas con máis censo de xabaril nin outros medios máis eficaces. Eu escoiteinos a vostedes nos seus argumentos pero non dixeron, ¡joia!, imos ir a outras comarcas ou imos... En Cataluña, por exemplo, o que se fixo foi castrar as femias do xabaril. ¿Deulles resultado iso? E non sei canto presuposto destinaron para iso. Entón, alegremente, señores, cinexeticamente non empecemos a destruír o que é a natureza.

Eu, señor Pérez Seco, pensei que ía intervir a señora Patricia Vilán —dígollo con todo respecto— porque nisto, algunhas veces que a teño escoitado, quizás fose un pouco máis dura. Eu vou repetir unhas palabras do seu ministro a un diario, que di: *La caza crea riqueza. Asegura que el gobierno defenderá a los cazadores y la actividad cinegética. Es un instrumento de gestión muy importante, la caza proporciona empleo y riqueza a nuestros pueblos y zonas rurales.* (Murmurios.)

Quero dicir que este é un traballo que temos que... Pode haber dúbidas, pódese facer noutras comarcas... Vexamos o que pasa este ano. ¿Quédame aínda un...? Non me queda nada xa, ¿non, señor presidente? Non me queda nada. (Risos.) Ben, pois se non me queda nada...

Votamos en contra, por suposto, desta proposición non de lei. Grazas. Verémonos noutra. (Risos.) (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu non sei se atreverme a dicilo así, un pouco ao estilo de campo: a oposición ao monte e o Goberno nas verzas, nos cultivos, nas verzas. (Aplausos.)

Vamos ver, o BNG non falou para nada da caza. É máis, sen que sirva de precedente, non nos metemos cos cazadores. Ao contrario, estamos defendendo os tecores. Veciños seus e meus non teñen por que apandar cos danos que se ocasionan pola ineptitude da Consellería de Medio Ambiente. Non pode ser, ¡caramba! (Aplausos.) E xa está ben, ¡deixemos as cousas así! É dicir, caza todos os días, os xabarís saen por onde poden, saen á carretera e vanse multiplicar por moito os accidentes. Iso está aí, e iso sabémolo todos. Si, si, si. ¡Xa veremos! ¡Ao tempo!

Miren, vostedes saben que cometeron unha imprudencia grandísima, grave, e agora é difícil sacar a pata. ¡Claro! Cando se meteu a pata é difícil sacala, pero sáquena, ¡sáquena! Porque o problema do xabaril pode dar para algo máis que para a dimisión dunha conselleira, e iso é o grave. O grave é iso, o grave é que a alarma está sonada, e todos os que vivimos no campo, vostede incluído, sabemos o que é pasear polo campo un día de caza. É perigoso. É perigoso ¡caramba! Con perdigóns non é perigoso, pero con bala é moito máis, ¡caramba! ¡Vamos! Señor Prado Patiño, ¡deixémonos de historias!





Van precisar fortes sumas de carto público para taparen esta barbaridade... e o que poida acontecer, ¡Dios o queira que non! Han ter que poñer a pleno rendemento a propaganda: artigos de opinión sisuda, noticias paralelas inventadas ou agrandadas, tensar máis as cadeas que apresan os medios públicos nun estertor final. Máis aínda, aínda así, non poderán tapar o dano feito e a inseguridade dese «¡están tolos, non saben que facer!>» que está na boca de todo Dios, que todos e todas pronunciamos cando vemos estas medidas erráticas, descabe-lladas, para lle dar un xeito ao xabaril. ¡E fora soamente o xabaril, eu dábame por contento!

Miren, no século XXI, no que se poden fertilizar patacas con drones. No século XXI, no que podemos facer marabillas, tamén pode haber solucións moito mellores que andar a lazo e a tiro, indiscriminadamente, sen organización ningunha, detrás dunha especie. Xestionemos a especie ao século XXI, que é no que estamos, aínda que algúns procedamos do XX moi longo, e fagámolo ben. Vostedes teñen esa responsabilidade, non a furten, porque o asunto vai ser moi duro.

Unha cousa, vostedes están pedindo un plan de xestión ao Goberno central, están pedindo un censo ao Goberno central, todo vai para o Goberno central, ¡fágano vostedes! Pero para iso, para empezar a facelo ben, teñen que dinamitar —falando en linguaxe bélica— esta orde de emerxencia cinexética, teñen que sacala, porque é perigosa e vaise volver non contra vostedes, senón contra todos nós, e ese é o gran problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, iniciativa que defendeu a señora Quinteiro.

Aceptan a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Martín Fernández Prado.

Non se acepta a emenda do Grupo parlamentario Socialista.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 70 votos a favor.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Común da Esquerda por iniciativa de don Antón Sánchez.

Acepta as emendas do Grupo Parlamentario Mixto e Bloque Nacionalista Galego.

¿Acepta vostede, señor Sánchez, a votación por puntos? (Asentimento.) ¿Si? Quedou claro. ¿Que puntos quere separar? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 1.

*Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora os puntos 2 e 3 desta proposición.

*Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 13*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2 e 3 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Noa Presas.

A ponente, xa desde a tribuna, ofertou a votación por puntos. Se alguén quere... Parece que non llo compran.

¿Quere votar por puntos? ¡Perdón! ¡Perdón!

Déanlle voz ao escano do señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Dende a tribuna pedimos a votación separada do punto 4.

**O señor PRESIDENTE:** O punto 4, vale. Entón, votamos o punto 4. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Perdón! Solicitan que se vote o punto 3 por separado. Ou sexa, o 4 por separado e o 3 por separado tamén.

Empezamos votando o punto 4.

*Votación do punto 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 51; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto 3.

*Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre a estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 51.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 desta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto dos puntos da proposición.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico, agás os puntos 3 e 4, xa votados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 51; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as proposicións que foron debatidas de xeito conxunto. Entón, comezamos votando a do Grupo Parlamentario Mixto, que dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga, que estaba pendente dunha transacción, ¿non? Aquí falou dunha transacción que ao mellor facía... ¿Teñen todos os grupos esa transacción? (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

Déanlle voz ao escano do señor Casal, que non o escoito.

**O señor CASAL VIDAL:** Pedimos a votación por puntos, separando os puntos 4a) e 4b) por unha parte, e despois o resto completo.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta? ¿Esa é a transacción?

Ou sexa, hai unha transacción que ten vostede co Grupo Popular que si que a coñezo.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Hai unha transacción cos grupos Mixto e BNG sobre a miña iniciativa e despois hai unha transacción co Grupo Popular sobre a iniciativa do Grupo Popular. Na miña iniciativa hai unha transacción cos grupos emendantes, que foron o Mixto e o BNG, e se a pesar de todo o Grupo Mixto quere votar por puntos dous puntos, acepto.



**O señor PRESIDENTE:** ¡Perfecto!

Pois votamos a transacción separando o punto 4, apartados a) e b). ¿Votamos isto?

*Votación do texto transaccionado do punto 4, apartados a) e b), da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a descontinuidade da produción na central térmica das Pontes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 4, apartados a) e b), desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Agora non temos que votar nada máis?

¡Perdón!, preguntaba. Faltábame algo a min aquí.

Votamos o resto da proposición non de lei.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a descontinuidade da produción na central térmica das Pontes, agás o punto 4, apartados a) e b), xa votado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa do señor Diego Calvo, na que hai unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista que xa coñecen.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*



*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Voltamos para atrás e votamos agora a proposición número 6, que é a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga. Non hai emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis. sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o brexit nos ámbitos da súa competencia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Rivas Cruz.

Non hai emendas. *(O señor Pérez Seco pide a palabra.)* ¿Si, señor Pérez Seco?

Déanlle voz ao escano do señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Queremos solicitar a votación por puntos.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede señor Rivas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que puntos quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Só hai dous?

Punto primeiro, votamos.

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto número 2.

*Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Go-*



*berno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabril anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Poden abrir as portas.

Antes de entrar nas interpelacións, quería comunicar que hoxe é un día triste para a xente do mar de Galicia, especialmente en Bueu, polo falecemento dun mozo mariñeiro, en concreto un mozo que ía no pesqueiro *Novo Cristo da Laxe*. Polo tanto, trasladamos as nosas condolencias, a solidariedade e afecto para a familia e os amigos do falecido. Que descanse en paz. (*Aplausos.*)

E agora retomamos a orde do día. Pasamos ás interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** En primeiro lugar, eu mesma, e dende o noso grupo tamén, queremos transmitir as nosas condolencias e o noso afecto á familia e lembrarnos da persoa falecida, esa persoa do mar que, como tantas, desafortunadamente, seguen engrosando a lista negra dos traballadores do mar que falecen nas nosas costas. Por iso, aínda que non é en concreto dos mariñeiros e das traballadoras do mar do que imos falar nesta interpelación (*Murmurios.*) —se pode haber un pouco de silencio, por favor...— co vicepresidente da Xunta, co señor Rueda, como responsable máximo das emerxencias de Galicia, queremos falar un pouco tamén de algo moi semellante.

Como vostede sabe, e todas as que estamos aquí, Galicia ten 1.500 quilómetros de costa, é unha potencia turística, temos a sorte de ter un mar fermoso, maravilloso e grandes espazos acuáticos, non soamente no litoral senón por toda a nosa terra. É a segunda ou terceira comunidade —segundo o ano ou segundo o mes— que ten máis persoas que engrosan as listas de falecidos e falecidas por afogamento. Só nos atopamos por detrás das illas Canarias ou de Andalucía —segundo o momento, repito—, e estes son datos do último informe nacional de afogamentos da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo. E, de feito, todos os anos se repite a mesma situación, con cifras de afogados e afogadas que se aproximan nin máis nin menos —e moita xente non o sabe— ao número de mortos nas estradas. Están case no mesmo número os falecidos nas nosas augas que nas estradas galegas.



Por iso, señor Rueda, como pregunta inicial gustaríanos saber que pensa vostede con respecto aos mortos por afogamento nas praias, ríos ou piscinas. ¿Pensa vostede que hai que darlles a mesma importancia que aos que morren nas estradas ou cre que hai que darlles menos importancia por parte dos poderes públicos? Neste caso —repítollo— preguntollo a vostede por ser o superior xerárquico do Sistema galego de emerxencias.

No mes de xullo, nesta Cámara, na Comisión 1ª e antes de que acabara o período de sesións, a parada do verán, nós advertiamos de que desde as institucións non se poñen os medios suficientes. E temiamos que neste verán do ano 2019 non se ían poñer, de novo, os medios suficientes por parte das institucións, vendo as novas que se achegaban. E, en setembro, de feito, volvemos levar outra iniciativa. E as novas que nos chegaban xa en xuño eran que un gran número de concellos eran incapaces de cubrir as prazas de socorristas por mor das elevadas exixencias da Xunta. E coñeciamos despois, no mes de xullo, que praias como Baiona, Foz, O Vicedo, Cabana de Bergantiños, Muxía, Rianxo, Porto do Son, Muros, Laxe, Fisterra, Cee, Carballo, Ribadeo, Nigrán ou Barreiros non podían cubrir os postos de socorrismo ou só podían cubrilos en parte.

Para nós é algo que hai que ter moi en conta porque cremos que é un tema de extrema gravidade. E non soamente as novas que nos viñan de parte dos xornais eran o que nos preocupaba, porque tamén os profesionais do socorrismo, e mesmo a Fegamp, advertían de que esta situación podía empeorar este verán. Vostede mesmo reuniuse con profesionais do socorrismo meses antes de que comezara o período estival, e, como vostede sabe tamén, estiveron a punto de convocar unha folga no sector pola extrema precariedade no desempeño das súas atribucións, que non se corresponde coa gran responsabilidade que levan ás súas costas.

De paso, quero darlles as grazas —hoxe acompañánnos aquí— a dous representantes dos que puideron asistir a este pleno —falta xente, por mor do horario, que quería asistir—. Acompañánnos na tribuna e quero darlles as grazas, primeiro, por axudar a visibilizar esta cuestión, por axudar a concienciar, a moverse e por estar aquí representando a profesión e poñendo en valor a importancia que ten o seu traballo. Leva pasando demasiados anos esta mesma problemática; 2019 parecía que non ía ser diferente e, por desgraza, non foi diferente.

De feito, froito desta xuntanza tanto coa Fegamp como co sector dos socorristas, vostedes propuxeron a creación de bolsas de socorristas —centralizadas na Estrada—, que poderían utilizar os concellos para cubrir vacantes no verán. Era unha medida que vostedes tomaron xunto coa Fegamp, e recoñecían a escaseza de socorristas a pesar de que o número de titulados excedía a oferta das prazas.

Entón quérolle preguntar, señor Rueda, por que cre que pasa iso. ¿Vostede é consciente de que o número de socorristas inscritos no rexistro da Estrada non se corresponde co número de candidatos reais? ¿Pode ter que ver a falla dun salario digno, a falla de recoñecemento da profesión de socorrista, a excepcionalidade da profesión, que moitas veces se limita a dous meses no verán, unido á falla de medios que choca, repito, co desproporcionado nivel de responsabilidade en función do número de bañistas, lonxitude das praias, o seu nivel de pe-





rigo e as distancias dos lugares de residencia no referente ás ofertas de prazas que hai que cubrir? ¿Pode ter que ver con esta situación? ¿Considera vostede o socorrismo como unha profesión, como unha forma de cubrir o trámite no período estival nos meses de xullo e agosto ou como un trámite que hai que cubrir para poder presumir de récord de bandeiras azuis —porque vostede sabe que é obrigatorio ter servizo de socorrismo para ter bandeiras azuis, e, entón, hai que ter moitos titulares nas praias galegas—? ¿Considera vostede a profesionalización do socorrismo como un valor engadido para a calidade turística ou non? ¿Cre que pode ser unha escusa esa bolsa de socorristas que xa vimos que non funcionou para non tomar novas medidas ou outras medidas? ¿Cre —repito— que isto sería admisible no referente ao tratamento dos accidentes e falecidos nas estradas, onde si existe información e concienciación?

Mire, isto para nós é moi grave. Non queremos ser alarmistas pero é moi grave, porque as cifras son moi elevadas. E repetimos que falta moita concienciación e información. De feito, non hai tanta xente que sabe que dende 2015 morreron 247 persoas en Galicia, case todas en zonas onde non existía servizo de socorrismo —o 80 % en praias ou espazos acuáticos nos que non existía servizo de socorrismo—, e a maioría dos falecidos eran varóns maiores de 55 anos.

En 2018, xa máis de vinte concellos, unha vintena, non puideron contratar o número de socorristas que precisaban. Sabendo esta situación, cando nós levamos á Comisión unha proposta para atallar isto neste ano, non se quixo facer nada, porque a proposta do Partido Popular —que estaban preocupadísimo— era seguir facendo o mesmo que se viña facendo, ou dicían que a culpa era dos concellos e que a Xunta non podía facer absolutamente nada. Eu preguntolle: entón, ¿iso inclúe Porto do Son? É onde eu nacín e vén ser o Sanxenxo da Coruña. Alí goberna o Partido Popular, o señor Luís Oujo, con maioría absoluta, e o ano pasado tiveron só dous socorristas por 600 euros cada un. E neste ano, 2019, ningún socorrista. E sabe vostede as cifras de falecidos nas praias de Porto do Son e do perigo na metade das súas praias.

Tal e como advertiu a presidenta da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, tal e como alertou xa antes do verán, había unha situación que non podía volver repetirse este verán, porque diminuíron o número de persoas interesadas en realizar os cursos de capacitación que habilitan para exercer de socorrista polo caros que eran e polos horarios. E esta é unha medida da Xunta, unha medida que adopta a Xunta. Porque hai moitas razóns polas cales se explica que cada vez menos persoas teñan interese en traballar no socorrismo. Voulle citar algunhas, que xa están na exposición de motivos e das que xa falamos na Comisión.

En primeiro lugar, como xa lle dicía, é un traballo moi estacional, moi precario, con salarios moi baixos. A contratación só está asegurada nos meses de xullo e agosto. En segundo lugar, o curso de capacitación, que antes custaba 400 euros, agora custa 1.300, polo que moitas persoas non poden facer fronte a ese prezo da matrícula, e exíxese que o curso, ademais, sexa presencial, de 420 horas, na Estrada. É unha medida que só se exige en Galicia, é unha medida da Xunta, e non existe ese requirimento tan alto noutras comunidades autónomas. Entón, a moitos traballadores non lles merece a pena facer o curso, porque, para traballar dous meses e co salario que perciben, consideran que non merece a pena dedicarse a esta profesión.



Entón, por iso lle preguntamos: ¿queren que o socorrismo sexa un trámite para cubrir con persoas que non teñan outro traballo, exixíndolles unha formación carísima, presencial e cunha exixencia que non existe no resto do Estado ou queren profesionalizar o socorrismo, xa que nos recintos privados si é obrigatorio contar con este servizo?

Estamos a finais de outubro e en pleno proceso orzamentario. É o momento de facer balance, de ver a que se dedican os esforzos, os recursos, onde están as responsabilidades e as prioridades. Por iso, ¿son estes falecidos —repito— tan importantes como os falecidos en tráfico para telos en conta nos orzamentos e poñer recursos, eses recursos sobre os que todos coincidimos en que faltan, para buscar unha solución con carácter preventivo e que en 2020 baixen as estatísticas? Porque, mire, en setembro sabíamos que eramos a terceira comunidade de España con máis afogados, que en agosto morreron 10 persoas nos espazos acuáticos. Sabíamos xa a principios deste mes que 29 afogados eran o balance de Galicia —entre os máis altos de España— e que aumentarán, con respecto ao ano anterior, un 25 % os falecidos. E, ademais coñecemos outro dato importante: que a maioría das praias galegas non teñen servizo de salvamento nin de socorrismo.

Non o dicimos nós. Por iso —e xa para finalizar—, tendo os datos enriba da mesa, ¿que avaliación fai a Xunta de Galicia da cifra de afogados e afogadas no noso territorio —tanto dos datos desde 2015 como deste ano actual, de 2019—? ¿Que pensan facer ao respecto? ¿Pensan que no ano 2020 imos ter un novo déficit de socorristas? ¿Como cre que pode afectar isto á seguridade nas praias, ás bandeiras azuis e mesmo ao turismo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Señora Santos, por responderlle xa directamente á pregunta que vostede me fixo —que tamén me fixo varias veces— sobre se son máis importantes para a Xunta de Galicia os mortos nas estradas ou os mortos por afogamento, oia, todos os mortos son igual de importantes cando se pode facer algo para evitalo. E agora imos falar diso, porque supoño que o obxecto desta interpelación —polo menos vai ser a miña resposta— vai ser intentar atopar solucións, e contarlle o que estamos facendo. Creo que a vostede lle falta bastante información, non só do que estamos facendo senón de por que o estamos facendo e de con quen o estamos falando. E despois hai que intentar atopar solucións. Estou de acordo con vostede en que probablemente sexa inevitable que haxa algún morto por afogamento, que sexa imposible chegar á cifra cero. Pero claro que podemos traballar na comunidade autónoma, que, por certo, é a que ten máis quilómetros de costa, con moita diferenza con outras comunidades



autónomas. E a cifra que vostede me dá —e insisto en que cunha soa morte por afogamento sería suficiente para estar preocupados— sabe que non só son os mortos en praias ou en ríos, que inclúe calquera morte por causa de afogamento físico e en calquera época do ano, e mesmo mortes en praias onde había un servizo de socorrismo perfectamente dotado. Dígoo porque hai que contar as cousas como son, e non tirar das estatísticas na parte que lle interesa para centrar o problema.

E, dito isto, e como vostede supoño que non fai esta interpelación para intentar dicir que a culpa é da Xunta de Galicia —dende logo non é da Xunta de Galicia, será das administracións en xeral pero non dunha administración concreta, e voulle dicir por que—, imos intentar encontrar solucións.

Mire, o primeiro para encontrar solucións é saber quen se ten que ocupar. Estará de acordo comigo tamén en que isto non é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia. A min non me gusta demasiado, máis ben gústame moi pouco, para falar dun problema tan serio coma este, empezar a falar do tema competencial. Pero haberá que facelo para saber quen se ten que ocupar ou, polo menos, quen non pode dicir que isto non é da súa competencia. Sabe vostede que tanto a Lei de costas como a Lei de bases de réxime local din que todo o que ten que ver con salvamento —e, polo tanto, tamén con salvamento en praias— é cuestión de competencia municipal, o cal non quere dicir que a Xunta de Galicia, por suposto, non se teña que ocupar —e ocúpase— de axudar en todo o que estea na nosa man.

Desde logo, os socorristas prestan un servizo público esencial, estamos de acordo. E por iso nos metemos de cheo en intentar solucionar unha situación que, loxicamente, á vista destas cifras, a día de hoxe non está solucionada, nin moito menos. Fixémolo hai tempo, dende o ano 2012. Saberá vostede tamén que ata o ano 2012, como, por certo, pasa en moitas comunidades autónomas, para ser socorrista cada un pedía —vouno dicir de forma que me entendan— o que lle petaba. Ata o ano 2012 pedíase, dende unha cualificación moi alta —dependendo de quen o pedira—, ata practicamente ningunha cualificación. Isto é o que había e isto é o que hai aínda nalgunhas comunidades autónomas. Eu supoño que vostede non o estará dicindo, porque dende logo non é o que nos din os profesionais —e supoño que os que están aí enriba, que non sei exactamente quen son—. Temos falado cos profesionais do salvamento, e, por suposto, con moitas entidades que teñen que ver con isto, que nos din que con esta situación había que acabar. ¡Oia!, o fácil sería —e aínda estamos a tempo, aínda que, desde logo, nós non o imos a facer, e quero pensar que non é o que está propoñendo vostede— que volvamos á situación de antes, á situación que teñen comunidades autónomas onde a formación que se exige é mínima ou practicamente ningunha, na que o importante é cubrir a praza, dá igual a formación que se teña, e non hai que facer unha formación que garanta que, cando se dá unha situación de risco real para a vida das persoas —como se dá, por desgraza, en moitas ocasións—, a persoa que vaia acudir a salvar teña a máxima capacidade. Dende logo a min interesaríame, se se trata de min, de alguén da miña familia ou de calquera persoa cercana, como lle interesará a vostede, como lle interesará a calquera que se vexa ou se poida ver nesa situación.

Por iso, no ano 2012, falando con todos os que deste tema entenden de verdade e con todos os concernidos, quedamos en que había que homoxeneizar —e para iso había que subir o



nivel— a formación dos socorristas e das socorristas. Había varios xeitos de facelo, nós acudimos ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, que ademais permitía a mobilidade dos socorristas non só dentro do Estado español senón tamén en toda a Unión Europea.

Polo tanto, decidimos —e joia! non só a Xunta de Galicia, que alí estaba a Federación Galega de Municipios e Provincias, a Federación de Socorrismo, estaban as universidades, que teñen moito que ver tamén ao final coas cualificacións, e unha serie de entidades— e quedamos en que se pedirían dous títulos, que eran o certificado de profesionalidade de socorrismo e o título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo. Isto foi o que pensamos —e dende logo non só a Xunta de Galicia— que tiña que ter unha persoa para ter esa cualificación. Xa digo, non foi unha decisión adoptada pola Xunta de Galicia ao seu libre albedrío, sen falar e sen ter antes o acordo de moitísima xente. Aprobamos o decreto, que vostede seguro que o coñece, o decreto do ano 2012, fixamos unha formación mínima e puxémonos a traballar para implementalo. Porque eu sei perfectamente que, cando se dá un cambio radical nestas situacións, hai que ter un período transitorio. Dixemos que todos aqueles que estiveran traballando nese momento en tarefas de socorrismo, cando saíu o decreto, había que pensar que tiñan unha formación, a que fora, minimamente axeitada para desenvolver esa actividade. E de aí saíu ese rexistro ao que vostede se referiu antes. Pero tamén seguimos traballando para facer cursos para obter o certificado de profesionalidade e concedemos axudas a diferentes entidades que podían impartir estes cursos —1.600.000 euros nestes anos—, o cal deu lugar a que 800 socorristas puideran obter este título. Fixémolo na Academia de Seguridade Pública ata que non houbo máis demanda. Podemos analizar as causas e estamos dispostos a, se hai demanda, seguir impartindo esta formación, pero o certo é que no ano 2017 esa demanda baixou moitísimo. E tamén fixemos os procedementos para acreditar a competencia a través da experiencia, o que se chama «acreditación da formación non regradada». Case dúas mil persoas conseguiron tamén a acreditación por este sistema.

Por suposto concedemos axudas anuais aos concellos para que poidan contratar socorristas; neste último ano, a 169 concellos de todas as cores políticas. Para que non mo diga vostede, xa llo digo eu: máis do Partido Socialista que do Partido Popular. Porque haberá máis concellos que teñan costa ou que necesiten máis. E aquí pódolle asegurar que neste caso —e eu quero pensar que en todos— quen pensara que isto se decide por cores políticas estase equivocando, a Xunta de Galicia non o fai. Foron 1.500.000 euros para contratar a case cinco-centos socorristas.

Creamos o Rexistro de Socorristas de Galicia, e no ano 2017, cando acabou ese período de cinco anos iniciais que nos demos, démonos conta de que había que seguir analizando e volveremos reunirnos con todo o mundo. E seguimos aquí, ninguén está en posesión da verdade. A situación seguía demandando seguir tomando medidas, e, polo tanto, fixémolo cos mesmos cos que no ano 2012 acordamos pegarlle un cambio a esta situación.

A primeira decisión foi manter o nivel de exixencia na formación. E volvo dicir que, joia!, cando os que entenden de verdade nisto nos digan que hai que baixalo e volver ao sistema dalgunhas comunidades autónomas, ao sistema do ano 2012, no que non hai que acreditar practicamente ningunha formación... Eu creo que sería un erro, dende logo, e non sei se é o que vostede me suxeriu. Quero pensar que non, pero estame criticando dicindo que exiximos



unha formación moi elevada. Outra cousa é o xeito de chegar ata esa formación. Pero dicir que hai que baixar o nivel de exixencia para poder cubrir as prazas, señora Santos, sinceramente creo que é un erro. E non o creo eu. Teño moitos menos datos que a xente que realmente entende disto e que nos di que non se nos ocorra tomar esa decisión.

A segunda é facilitar o acceso a este rexistro e, polo tanto, o acceso a cubrir estas prazas. ¡Oia!, pois estamos falando de todos os licenciados ou graduados en ciencias da actividade física ou do deporte, e dos técnicos e técnicas superiores en animación de actividades físicas e deportivas, de facerlles un curso ponte ao que poidan acceder, e mesmo de que poidan acceder a este rexistro sen ter acabada a titulación, simplemente cunha serie de créditos que teñan feitos e que xa os capaciten. A min paréceme unha medida absolutamente lóxica. E garantindo que haxa formación axeitada ábrese a porta a que poida acceder máis xente.

Por darlle un dato, desde estas primeiras decisións do ano 2017 incorporáronse case 400 novos profesionais ao rexistro, e agora hai 571 persoas rexistradas máis das que había hai dous anos. Se vai vostede ao número bruto, son moitos máis dos socorristas que se necesitan en termos abstractos para cubrir todas as prazas. Agora, sabemos perfectamente que estar inscrito neste rexistro non quere dicir que haxa dispoñibilidade —ou que haxa disposición, máis ben— para poder acceder a ese rexistro.

Podemos analizar cales son as razóns, e podemos analizar o que se pode seguir facendo. Pero se o que me di vostede é que o que hai facer é baixar o nivel de titulación e que isto é unha cuestión da Xunta de Galicia, que non ten nada que ver —e perdoe que llo diga de novo— coa competencia municipal e con que os concellos, que son os que teñen que contratar, non se dean conta de que non se pode contratar exclusivamente coa subvención da Xunta de Galicia e sen poñer un euro máis, e de que non se pode esperar a que estea empezada a temporada de verán para empezar a contratar socorristas... E haberá que falar —e eu espero que, agora que se vai renovar a Fegamp, sexa plantexado novamente— de aspirar a un convenio marco único para que, con independencia do lugar onde decida exercer o profesional do socorrismo a súa tarefa durante os meses que sexa, teña un salario parecido e que non haxa as grandes diferenzas que agora se dan. Sabe vostede perfectamente que se dan. E, se non, vaia vostede á experiencia de ver as prazas que se cobren antes, que son aquelas que teñen unha mellor remuneración, aquelas que ofrecen máis tempo de duración e aquelas que empezan nun período axeitado coincidindo co principio da época estival.

Isto non vai solucionar o problema en absoluto, e non espere vostede que sexa a Xunta de Galicia aínda quen o teña que solucionar. Agora, sinceramente lle digo que todo o que fixemos durante estes anos, todo o que estamos falando cos que de verdade entenden deste tema e todos os acordos aos que estamos chegando creo que está servindo para intentar abordar un problema moi serio que seguimos tendo enriba da mesa.

A Xunta de Galicia está facendo bastantes cousas, está falando con quen realmente sabe. E vostede non pense que a solución de todo este problema está simplemente en mans da Administración autonómica, porque estará politizando o asunto, probablemente, pero non encontrando ningunha solución.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica da señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas, señor Rueda.

En primeiro lugar, eu creo que ou non o informan a vostede dos debates da Comisión ou non escoitou ben o que eu expliquei.

En primeiro lugar, concordo con vostede en que soamente un morto xa sería un motivo suficiente para que esteamos falando disto aquí e buscando solucións. Pero o que non pode vostede é escorrer o vulto e dicir que a máxima responsabilidade non é súa. E por distintos motivos, non soamente por ser o superior xerárquico máximo das emerxencias de Galicia —e voulle explicar onde tamén está a súa responsabilidade—, senón porque tamén ten unha parte que lle corresponde como membro do Goberno galego, na parte orzamentaria, da que tamén falou aquí, pero falou do que lle interesou.

Entón, sobre os datos dos mortos, xa sabía que me ía dar ese argumento. Porque, precisamente, como nós non falamos soamente con que a vostede lle interesa, ou con quen vostede presupón, as persoas que están aquí sentadas representan ou forman parte de axentes sociais, de sindicatos. E por suposto que, tal e como falan con vostede, a nós tamén nos contan o que falan, o que reclaman. E, se está todo tan ben, ¿por que case estiveron de folga? Porque iso omíteo. Case hai unha folga este verán polas súas precarias condicións de traballo e non tomalos en serio como profesionais. Porque isto non é unha cousa exótica a modo *Vixilantes da praia*. Estes son profesionais que salvan vidas, que salvan vidas nos espazos acuáticos galegos.

Entón, eu en ningún caso dixen que había que rebaixar o nivel de formación. Non, o que lle dixen é que os cursos eran moi caros, moi caros, que duraban moitas horas para o caros que eran, moitas horas e centralizados na Estrada —que vostede tamén terá que explicar esa centralización na Estrada— e que lle pediron que foran semipresenciais. E nós levamos unha iniciativa en setembro que recollía as denuncias e peticións das asociacións e dos colectivos profesionais dos socorristas. Pedimos a gratuidade do curso, non que non se imparta o curso, que son cousas moi distintas. E, por suposto, todos votamos a favor menos vostedes.

Ademais, ¿que quere dicir entón?, ¿quere dicir que nas outras comunidades que teñen menor número de afogados e que teñen unha formación distinta —que tamén a teñen distinta porque lles peta— son uns negligentes e deben de ser unhas persoas que non se preocupan polos bañistas das súas praias? E son comunidades que teñen uns niveis de turismo, por sorte ou por desgraza, moito máis elevados que Galicia. Entón ¿quere dicir que son negligentes? Pois teñen menor número de mortos ca nós, menos falecidos por afogamento. Entón, ¿de que estamos a falar?

E vostede ten responsabilidade cando, dende esta comunidade autónoma, dende o noso país, se exige unha formación que é tan cara e non queren facerse corresponsables. Se tan seguros están de que esa formación obrigatoria é tan necesaria, pois axuden a que os socorristas



poidan tela. Porque o que está claro é que ese rexistro desa bolsa da Estrada non cobre as vacantes. Entón, se lle están dicindo os sectores afectados, por unha parte, que é por este curso e, por outra parte, porque teñen uns salarios tan baixos —salvo concellos como pode ser o de Barreiros, que ofrecen uns salarios máis altos polo perigo das súas praias e porque ninguén quere asumir a responsabilidade de coidar e de exercer o servizo de socorrismo en praias tan perigosas—, dígame entón vostede cal é a solución.

Non, vostede do que non quere falar é do estrangulamento dos concellos grazas ao señor Montoro, de que os concellos non teñen recursos suficientes. Incluso Porto do Son. Porto do Son gobernao o Partido Popular, o señor Oujo, por maioría absoluta por segunda vez. Entón, ¿é un incompetente o señor Oujo, que o ano pasado tivo dous socorristas —a 600 euros cada un— e este ano ningún?

Ademais que non nos preocupa soamente a nós, non soamente á xente que vai ás praias, non soamente ás familias que van cos seus nenos ou cos seus maiores, e eles mesmos, ás praias. É que a nós trasladounolo Protección Civil, a Policía Local, a Garda Civil... Porque ao final, cando non hai servizo de socorrismo, ¿a quen acode a xente? ¿A quen acode, señor Rueda?

Pero non ten nada que ver vostede. Que o 80 % dos falecidos se produza en espazos nos que non hai servizo de socorrismo é unha anécdota. ¡O 80 %, o 80 %, señor Rueda! Vostede ten familia tamén. ¿Quere ir a praias onde sabe que vai haber servizos de socorrismo en caso de que pase algo? Porque eu si quero ir a praias que teñan un servizo de socorrismo, a onde eu vaia cos meus amigos e os meus familiares, e teñan profesionais do socorrismo para que poidan axudarnos en caso de que pase algo. Eu, por desgraza, vin, na praia de onde eu nacín, morrer xente afogada. Vin morrer rapaces por ir axudar a outras persoas que estaban sen poder volver á terra, por axudalas; vinos falecer a eles por salvar a outra persoa, porque non había persoal.

Pois dígame vostede, entón, se non queren poñer cartos, se non queren axudar a financiar o curso... Porque repito que queremos que fagan o curso pero non nos parece aceptable ese prezo nin que sexan tantas horas e na Estrada, senón que debería de ser descentralizado por todo o territorio para que a xente poida asistir. ¿Ou ten algún interese vostede na Estrada para que sexa aí cando lle están pedindo que sexa semipresencial? Porque non llo pedimos nós, pedíronllo eles.

De todos modos, pola nosa proposta non se preocupe, que lla traeremos na moción. Porque, dende logo, hai modelos que funcionan, como o asturiano. Ao mellor deberían vostedes falar máis con outras comunidades autónomas onde teñen maior número de socorristas, menos mortos e que, polo tanto, está claro que o fan bastante mellor ca vostedes e que toman máis en serio a profesionalización do socorrismo, á diferenza do que pasa en Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Peche desta interpelación polo señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Santos, a ameaza de folga, ata onde eu sei —e creo que sei o que hai que saber aquí—, foi polas condicións de contratación de quen ten que contratar, que son os concellos. O que pasa é que, claro, vostede ten a interpelación formulada para dicir que a Xunta de Galicia é a culpable de todo, incluído das condicións de contratación dos concellos, nos que, como lle dixen, este mesmo ano hai 1.500.000 euros da Xunta de Galicia para axudar os concellos. E vólvolle dicir que aqueles concellos que ofrecen condicións atractivas para os socorristas que queren traballar no verán cobren todas as prazas sen ningún problema, os que ofrecen condicións atractivas.

A min ponme un exemplo concreto e, ¡oia! Pois, sexa do meu partido ou non, eu o que quero é que todos os alcaldes e alcadesas se dean conta de que isto é algo fundamental e que, polo tanto, non poden depender só da Xunta de Galicia —que bota unha man moi grande nunha competencia municipal— para ter ou non ter socorristas.

Claro, se vostede dá por bo que hai que estar de brazos cruzados e, se me chegan os cartos da Xunta, eu contrato e, se non, non contrato absolutamente nada, estarase equivocando gravemente. Pero a ameaza de folga non foi polo que está facendo a Xunta de Galicia, que está facendo moito —falando, insisto, con aqueles que realmente saben—.

¡Oia!, é moi difícil isto sen facer demagogia, porque, claro, facendo demagogia é moi fácil dicir: Non, eu non quero que se rebaixe a formación, pero é que exixen vostedes moitas horas. ¡Oia!, pois son as horas necesarias para impartir esa formación. É que os cursos non os deseñamos nós, señora Santos, deséñanos os profesionais. E non ten por que sabelo, non ten por que ter a mesma información ca min, pero eses cursos non se fan na Estrada, fanse descentralizados, con subvención da Xunta de Galicia, en entidades que teñen a capacitación para facelo. ¡Entérese vostede ben! Non están centralizados todos na Estrada. Na Estrada está o rexistro deses socorristas. E na Estrada estará —se o novo órgano de goberno da Fegamp está disposto— o sistema centralizado, loxicamente cunha serie de condicións. Pedirémolles aos concellos que se comprometan a facer un marco homoxéneo de contratación e que todos os fondos sexan, se non iguais, si moi parecidos para que os socorristas que estean nesa bolsa —igual que o están os policías locais— poidan ter unhas condicións homoxéneas cando vaian traballar. Se están dispostos a iso, centralizaremos a formación sen ningún problema, señora Santos, sen ningún problema.

E volve vostede á teima do modelo asturiano. ¡Oia!, o modelo asturiano é o que tiñamos nós antes aquí. ¿Dáse conta da contradición que é? En Asturias hai moitos menos quilómetros de costa que aquí. E non imos ir ás proporcións, que a min dedicar unha intervención parlamentaria, tanto pola miña parte como —perdoe que llo diga— pola súa—, a ver o número de mortos e onde é maior ou menor... Aquí temos moitas máis praias e exiximos máis formación aos socorristas. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Temos magníficos profesionais do socorrismo. ¿Ou vostede me esta dicindo que, se afoga moita xente, é porque os profesionais non traballan ben? *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Será porque, efectivamente, hai moitísimas máis praias en Ga-





licia. E facemos o posible, dando moitas máis subvencións que noutras comunidades autónomas para axudar os... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor, señora Santos! *(Murmurios.) (Protestas.)* ¡Non interrompa, por favor! *(Murmurios.)* ¡Silencio!

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señora Santos, si, hai cousas nas que non vai ter razón por moito que me queira interromper. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu estou de acordo en que vostede non ten toda a información... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Señora Santos, por favor, silencio! *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Santos, houbo un pacto co vicepresidente. A ver se o cumprimos. É o chamado «pacto de silencio», non se pode interromper a quen está no uso da palabra. Vostede aplaudiu ese pacto, vamos cumprilo. Agora estábo incumprindo.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Mire, vamos intentar chegar a solucións nisto, porque, se non... *(Murmurios.)*

Primeiro, estamos de acordo en que hai que escoitar os que saben. Nós estámolo facendo. Vostede dime: Non, é que fai escoitas parciais. Non, non, escoitas de todo. E hai decisións que eu xa sabía que podían traer unha serie de consecuencias. Creo que ao final son boas. Estamos acertando. Pero xa digo que a decisión máis fácil era seguir como ata agora, *(Murmurios.)* que —perdoe que lle diga— do seu discurso o que eu entendo —e creo que é o que pode entender quen o escoite neutralmente— é que é mellor volver ao de antes, cando se cubrían todas as prazas porque non se exixía formación para os socorristas.

Non imos volver a iso, imos ser responsables, imos seguir financiando a formación deses cursos, imos dar facilidades. E xa lle dixen antes que unha proposta que a min me parece axeitada é que, en certas titulacións, cunha serie de créditos xa se poida acceder. Imos seguir subvencionando os cursos ponte, imos seguir subvencionando as entidades que facilitan eses cursos, imos seguir intentando centralizar a formación se a nova Fegamp está de acordo, imos profundar nesa figura do auxiliar para que os socorristas que se dedican só ás tarefas de socorrismo non teñan que facer tarefas auxiliares sanitarias que poden facer outros. Todo iso podémolo facer. Desde logo, non imos dicir que a formación ten que ser moi estrita, que non pode baixar nada, pero que botemos menos horas porque é que é unha formación moi tal... ¡Non podemos facer iso, señora Santos! ¡Non podemos facer iso! Esas son as solucións fáciles.

Imos dicirlles aos concellos que non poden facer depender a existencia do socorrismo simplemente da subvención da Xunta de Galicia, que se benefician moitísimo da xente que vai ás súas praias e, polo tanto, teñen que traballar. Imos dicirlles ás deputacións, á maioría —que cren que non teñen que ver con isto—, que isto é unha tarefa de todos. Oia, ¿por que os cursos teñen que ser subvencionados só pola Administración autonómica? ¿Por que ten que



subvencionar as contratacións dos concellos só a Xunta de Galicia e as deputacións e os propios concellos —algúns con moitos recursos— non teñen que poñer absolutamente nada? Pensemos que isto é unha tarefa de todos, pensemos que un só morto nos debería facer colaborar, e pensemos que nestes temas, canta máis demagogia e canto máis utilizar o de botarlle a culpa á Xunta de Galicia, menos solucións. E, dende logo, este tema é un tema moi serio para intentar non encontrar solucións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte interpelación, que é a que corresponde despois da alteración da orde do día.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Creo que o pacto era entre vostede e eu. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero facémolo relativamente extensivo.

Conselleira, isto que está aquí é un cómic distribuído por Greenpeace. É cómic por fóra pero con cousas moi serias por dentro. Chámase *Villanos del clima* —en galego sería «viláns do clima», pero eu non estou no cómic—. *(Murmurios.)* E hai dúas persoas e dous personaxes que destrúen planetas, que destrúen enerxías renovables, que apostan polo diésel e que contaminan a auga. Son Darth Vader, o Joker, Mariano Rajoy e Donald Trump. Non é que o digamos nós, é que o di Greenpeace. De feito, Mariano Rajoy está incluso ampliado neste cómic. *(Murmurios.)* E estes villanos, ademais, son letais para a democracia, exactamente igual que ocorre coa crise climática. E eu vou poñer catro exemplos. Tres son estudos, experimentos. E hai un que non é un exemplo, que é a pura realidade.

Dende o punto de vista médico, a partir dos 26 graos o sono é de moita peor calidade. E, se non durmimos ben, pois durante o día non somos capaces de traballar ben. Hai un estudo da Universidade de Cambridge, feito sobre case uns tres mil condados de Estados Unidos durante cincuenta anos, que concluíu que a crise climática vai impactar tanto que en Estados Unidos vai incrementarse o número de delitos. Fixo un cálculo, e entre o 2010 e o 2099 provocará 30.000 asasinatos máis, 200.000 violacións máis, 400.000 roubos máis, e así sucesivamente. *(Murmurios.)* Non sei se lles fai moita graza, pero é un estudo universitario auspiciado por Cambridge. Debe de ser que vostedes teñen a este señor que era un absoluto xenio en crise climática, que tiña un primo que era unha máquina e que acertou efectivamente na súa visión a través da súa bóla de cristal. Pero hai xente que está estudando a crise climática de verdade. *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora VILÁN LORENZO:** E, ademais, fíxose hai pouco en Kenya e en Estados Unidos un experimento. En dúas habitacións distintas, durante seis meses, dous grupos de seis persoas elixidas de maneira aleatoria, e que foron rotando, foron metidos —cada grupo de seis— nunha habitación. As regras eran as mesmas, os xogos eran os mesmos, as preguntas que resolver e os problemas que resolver eran os mesmos, pero a temperatura era diferente. Unha habitación estaba a 22 graos e a outra estaba a 30 graos. O resultado foi que as persoas sometidas a esa temperatura de 30 graos reaccionaban de maneira moito máis violenta e cunha capacidade destrutiva, en relación coas outras persoas que estaban nesa mesma habitación, moi superior. E dese estudo a dedución foi que a frecuencia de violencia entre individuos vai aumentar, máis ou menos, un 4 % —ao redor dun 4 %— e as disputas entre grupos nun 14 %. E, ademais, que o cambio vai ser tan gradual —non vai ser inmediato, evidentemente, porque a temperatura vaise ir incrementando pouco a pouco— que non o imos percibir.

Estes son estudos. Son, polo tanto, cuestións para abordar dentro de experimentos feitos. Pero agora vén a realidade.

Polo cambio climático, no ano 2018 foron asasinadas, cando menos, 164 persoas que defendían o medio ambiente. A maioría —máis da metade— en América latina. Case todos relacionados coa minaría, pero algúns incluso relacionados coa protección da auga. E eses asasinatos cada vez increméntanse máis.

Claro, con esta situación é difícil entender que se veña a este Parlamento defender o carbón, defender o diésel, de maneira indefinida. Nós cremos que é necesario apostar xa, desbotar estes personaxes, estes villanos. Isto vai moi rápido, o cambio é moi rápido, e a crise climática, o cambio climático, vai despacio pero vai chegar. Xa está, ¡xa está aquí! Vostede díxoo unha vez: xa está aquí e chegou para quedar. E nós desconfiamos. Non estamos moi seguros de que vostedes se estean a adaptar o suficiente para darlle unha volta a esta situación en Galicia. Ás veces, cando os cambios van moi rápido, pois a adaptación intelectual e social ten que ir rápido, porque, se non, quedamos atrás.

Somos aínda unha das poucas rexións, un dos poucos territorios en España, unha das poucas comunidades en España, que somos reserva verde. E cremos nós que podemos actuar con urxencia, ou debemos actuar con urxencia. Debemos loitar contra o cambio climático pero tamén mitigar o cambio e adaptarnos, porque non nos queda máis remedio. E, sobre todo, o que necesitamos, ademais de medidas urxentes, son orzamentos. No orzamento do ano pasado escasamente había medidas na loita contra a crise climática. Neste hai algunha máis —analizarémola polo miúdo cando sexa a comparecencia—, pero case todo é pura maqui-llaxe.

A Comisión Europea estanos dicindo que o que se acordou no Acordo de París é insuficiente, que hai que innovar, que necesitamos unha nova forma de vivir, un novo pacto social, un novo modelo económico e unha nova normativa; unha nova forma de vida que reduza as emisións de CO<sub>2</sub>. E hai uns días o socialista holandés Timmermans comparecía no Parla-



mento Europeo e dicía que el apostaba pola redución do CO2 non nun 50 % senón nun 55 % no ano 2050, e que ía intentar que a Comisión Europea aceptase esa redución. Falaba tamén da necesidade de impulsar proxectos de renovación en relación coas familias. Aquí nós propuxémoslles un «plan renove de electrodomésticos». Votaron en contra en Comisión e logo trouxérono vostedes como proposta de resolución —e, por suposto, aprobárono, porque era seu—. Pero é bastante menos ambicioso do que se lles propoñía dende o noso grupo en Comisión nunha proposición non de lei. E incluso ten que haber novas formas de financiamento para as familias, para as súas vivendas —vivendas sociais, bonos sociais—; por exemplo, a través do aforro en enerxía, o que aforren en enerxía que se utilice para empregar en renovación. E o mesmo cos edificios públicos.

Precisamos o novo pacto social —Timmermans falaba de pacto ecolóxico—, un novo modelo económico. Ata os responsables de Abanca están a falar da necesidade de que as empresas inclúan a sustentabilidade na súa xestión e de que van apoiar todo proxecto empresarial que incorpore criterios de sustentabilidade, incluso proxectos vinculados coas enerxías renovables —realmente case todas as entidades financeiras están facendo isto—. E incluso se atrevían —creo que era o señor Escotet o que deu esta nova— a ter como obxectivo contribuír a conservar e ao uso sustentable dos recursos oceánicos. Vostedes aínda non.

E necesitamos un marco normativo que inclúa o sector enerxético, a agricultura, os residuos, a industria e o turismo, porque isto é algo transversal, non é algo meramente puntual.

Tamén, mirando ao que temos máis cerca, tamén mirando a esas rexións mineiras —hoxe aprobamos unha iniciativa nese senso—, hai que axudar no financiamento, ter un fondo de transición e tamén reciclar as persoas que alí traballan. Nós cremos que é necesario que vostedes adopten xa medidas reais, que teñan orzamento para que esas medidas sexan de verdade, sexan reais. E damos como pincelada a necesidade ou a posibilidade de que exista un plan autonómico de descarbonización —que vostedes non teñen—; que nas obras públicas se comece a utilizar materiais reciclados —achegándose ao 40 %, se é posible—; que se promovan acordos ou convenios con outras administracións —cos concellos, coas deputacións— para cofinanciar actuacións de loita contra a crise climática; ou que —isto é só unha mostra— se aprobe un plan de fomento das enerxías renovables e do autoconsumo enerxético no sector público galego.

Ten vostede as preguntas por escrito. Son seis preguntas desta interpelación. Non llas vou ler porque non é necesario. O que si lle pido é que sexa vostede concreta e que nos responda a todas elas.

E, de momento, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.



**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Vilán, a verdade é que, como vostede comezou cun cómic e eu teño a gran sorte de ter dous fillos, un de 11 anos e outro de 17, trasladareilles dous cómics adaptados ás distintas idades. Pero son cómics científicos que non utilizan políticos, simplemente conciencian, que é o que temos que facer polos nosos xoves. *(Aplausos.)*

A partir de aí direille que, efectivamente, vostede fai unha serie de preguntas que eu vou procurar responderlle, pero a resposta está xa no que foi a aprobación da Estratexia de cambio climático e enerxía 2050, que, como saben, hai escasamente dúas ou tres semanas se aprobou no Consello da Xunta. Algúns de vostedes incluso chegaron a dicir, como estaba aí o peche das Pontes, pois que casualidade que presentáramos nós a Estratexia de cambio climático, unha estratexia na que se leva traballando dous anos. Polo tanto, sobre o que vostede me pregunta, a resposta xa a ten aí.

De todas formas, eu creo que é bo poñer datos enriba da mesa. Todos sabemos, ou deberiamos saber, en canto a emisións de CO<sub>2</sub>, que en España se incrementaron desde o ano 1990 ata agora; en Galicia, diminuíron. Tamén é bo que se saiba que Galicia é das poucas rexións —é dicir, catro rexións— que temos a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050; e, polo tanto, é bo que se poña en valor. E é bo que se poña en valor porque hoxe mesmo se está a celebrar en Santiago, en concreto en San Martiño Pinario, un evento internacional no que sete rexións, rexións dos Países Baixos, Bélxica, Polonia, Romanía, Bulgaria, Eslovenia e Suecia, se trasladan a Galicia para coñecer de primeira man o que está facendo Galicia para conservar e preservar a biodiversidade, para manter esa Galicia verde, para que a paisaxe sexa un activo, un activo a nivel medioambiental pero tamén un activo económico; e, sobre todo, para coñecer o que estamos facendo, porque eles entenden que Galicia está sendo unha solución ao cambio climático e non sempre un problema.

Pois aí están, destas distintas rexións, traballando. Lévano facendo ao longo de toda a semana. Hai xente que vai permanecer a vindeira semana. Polo tanto, é un traballo moi interesante, un traballo no campo da biodiversidade que debería poñerse en valor, porque somos un referente a nivel nacional.

Eu teño que dicir que a loita contra o cambio climático é unha prioridade. É unha prioridade na cal a Xunta de Galicia está totalmente implicada. E estamos implicados de cara a unha transición xusta, por iso non entendemos que esta comunidade sexa castigada. E en realidade está sendo castigada. Está sendo castigada, señora Vilán, por alguén que é o Goberno central, por alguén que é o presidente Sánchez e alguén que é a ministra de Transición. Porque non mira por nós, porque non están ao noso carón e porque nos utilizan para que lles dean ben os cálculos para presentar en Europa; pero, pola contra, despístanse á hora de facer incentivos. E, polo tanto, fanse actuacións bruscas, como as que estamos vivindo agora mesmo.

E quen a escoite falar a vostede agora ou quen a escoite falar cando están enfronte os traballadores das Pontes botará as mans á cabeza. Primeiro porque, efectivamente, o carbón



non é eterno e o diésel non é eterno. Pero o que non podemos facer é que, dun día para outro, sen facer unha transición xusta, determinemos que hai que pechar sen máis, señora Vilán; e, ademais, que Galicia poña enriba da mesa a solución.

É que Galicia ten a solución enriba da mesa. E dígolle que Galicia utiliza o 66 % da potencia eléctrica xa como renovable, xa é renovable. E ¿sabe vostede canto é a media a nivel nacional? Pois é o 38 %. Pero ¿sabe vostede quen nos supera a nivel europeo? Pois tan só Dinamarca, cun 68,4 %, e Croacia, cun 73,6 %. Esa é a realidade. Pero este non é un traballo que se fixera de onte para hoxe senón que é un traballo continuado.

Polo tanto, o 86 % da enerxía que consumimos en Galicia procede de fontes renovables, catro veces máis que en Cataluña, señora Vilán. ¿Sabe canto é en Cataluña? Un 19 %. ¿E sabe canto é, por exemplo, en Asturias? Un 44 %. É dicir, que Galicia utiliza xa o dobre en renovables. Pero ben, o señor Sánchez sempre castiga os mesmos, é dicir, a aqueles que cumpren, a aqueles que cumpren coas directrices europeas, a aqueles que cumpren coas regras de gasto, a aqueles que contribúen á estabilidade financeira en España. Ao final é un castigo máis, e continuamos con eses castigos; castigos nos que, ao final, as repercusións son máis que importantes. E Galicia é unha das comunidades máis activas, máis proactivas, das que contribúen ás porcentaxes de enerxías renovables en España, das que despois a ministra vai presumindo en Europa. ¿E sabe grazas a quen? Grazas a Galicia. Pero, a pesar disto, decidimos peches bruscos de centrais, que se acometen a pesar de facer investimentos de máis de 230 millóns de euros para adaptarse e para ser menos contaminantes.

Ao final, as conclusións do comportamento do goberno de Sánchez son as seguintes: por unha banda, o goberno de Sánchez estalles dicindo ás comunidades autónomas que hai que ser leais, que hai que cumprir cos compromisos, pero o resultado é que non hai ningún incentivo. Pero a pesar diso, Galicia vai continuar pola mesma senda, vai continuar pola mesma liña e, por suposto, vai asesorar a outros países —como o está facendo agora mesmo—, aos Países Baixos, a Bélxica, a Polonia, a Romanía, a Bulgaria, a Eslovenia, que hoxe mesmo se atopan aquí en Galicia con ese obxectivo. Polo tanto, pouca axuda nos dá o Goberno central para que sigamos traballando a prol do cambio climático as distintas comunidades autónomas. Pero nós seguiremos impulsando accións, seguiremos impulsando accións e seguiremos ao carón deses xoves, deses xoves que son o noso futuro. Pero non o faremos con cómics, que ao final a deriva é falar dun político ou doutro. Non, temos que falar de técnicos, temos que falar de estudos, temos que falar de científicos.

E aí temos, señora Vilán, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. E foi unha pena que vostedes non participaran. Non participaron en absoluto nesa estratexia, a pesar de que levamos dous anos e a pesar de que aí estiveron todo tipo de organizacións. Houbo partidos políticos, houbo organizacións sindicais, estivo a universidade, foron moitas as mesas. Ao final foron 690 persoas as que participaron. Pero a verdade é que o PSOE e, en concreto vostede, señora Vilán, non a vimos por ningún lado.

O dobre obxectivo desta estratexia é, por un lado, facer de Galicia un referente no proceso de cambio cara a un modelo económico e de consumo baixo en emisións; e, por outro lado, converter Galicia nunha parte activa da solución do problema. Para logralo naceu a Estratexia



de cambio climático e enerxía. Fomos das primeiras comunidades. Tan só a ten Cantabria, Navarra e o País Vasco. E Galicia aspira a liderar a transición necesaria para mitigar e adaptarnos. E ademais faino con orzamento, faino con 170 medidas e faino con 1.250 millóns de euros.

E, efectivamente, non só se trata do orzamento da Consellería de Medio Ambiente, porque, se alguén cre que o cambio climático e se alguén cre que a biodiversidade son só dunha consellería, equívocase moito. O cambio climático, a biodiversidade, a paisaxe, o clima, son un papel de todos, de todas as administracións. E con todas as administracións estamos traballando.

Onte mesmo celebrábase unha xuntanza, neste caso en Marín —e estanse celebrando xuntanzas continuamente—. E aí estaban 35 alcaldes de distintas ideoloxías. ¿Por que? Porque eles tamén están preocupados. E hai algo que se chama «Pacto polo clima», dos concellos. E aí están máis que involucrados, e ademais son das distintas ideoloxías. ¿De cara a que? A conseguir marcarnos o reto de que no ano 2030 se reduzan como mínimo un 40 % as emisións de gases de efecto invernadoiro respecto do ano 1990.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

E acadar o 32 % de produción de enerxía renovable e mellorar nun 32,5 % a eficiencia enerxética. E para iso hai orzamento, para iso hai unha estratexia e para iso se leva traballando durante dous anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Conselleira, falou vostede de tantas cousas, algunhas tan inverosímiles e outras que non teñen absolutamente nada que ver con este asunto, que de verdade que non sei case nin por onde empezar. Pero vou empezar polo principio. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora VILÁN LORENZO:** Vou empezar polo principio, polos villanos, efectivamente. Non é necesario ter fillos, ou ter familia ou ter adolescentes, para que nos gusten os cómics. Pero ademais dos que temos tamén adolescentes, ademais dos cómics, está o mundo real. E no mundo real viven Donald Trump e Mariano Rajoy. (*Aplausos.*) E é necesario que saiban, é necesario que saiban. Non se pode vivir na inopia durante toda a vida... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...nin nun mundo absolutamente irreal de cómic. É necesario vivir cos pés na terra, e moito máis se tes 11, 17, 16 ou non sei cantos anos dixo vostede. Aínda máis.

E creo que Donald Trump non é de esquerdas e creo que Mariano Rajoy segue sendo militante do Partido Popular e foi presidente do Goberno de España durante sete anos. E algo fixo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora VILÁN LORENZO:** É máis, foi un señor que eliminou o imposto ao sol... Non o eliminou, instaurou o imposto ao sol, instaurou o imposto ao sol. Había outros países da Unión Europea que non tiñan. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Señor Trenor, señor Trenor, silencio!

**A señora VILÁN LORENZO:** Señor Trenor, o presidente e eu temos un pacto. É mellor que vostede cumpra ese pacto.

É máis, instaurou ese imposto ao sol cando na Unión Europea non todos os países o fixeron. Vostede citou ao señor Pedro Sánchez. Pois tivo que chegar Pedro Sánchez... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Trenor...

**A señora VILÁN LORENZO:** ...e a ministra —non de Transición, a Transición foi outra cousa— de Transición Ecolóxica para cargarse o imposto ao sol. É máis, e dentro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe, perdoe un segundo.

Señor Trenor, chámoo á orde. ¿Era o que buscaba, non? *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Xa está!

**A señora VILÁN LORENZO:** Creo que si.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pero saiba que están limitadas as chamadas, jeh! Se non, hai problemas.

**A señora VILÁN LORENZO:** Fíxese, conselleira, en que as renovables que tiñan que ver con ese imposto ao sol tiveron un montón de perdas, perdas multimillonarias. E hai un despacho de avogados moi importante, que non vou citar, no que hai unha ex-vicepresidenta do Goberno que agora está reclamando para que o Estado español lles aboe a esas empresas eléctricas que perderon millóns e millóns de euros. Está reclamando que llelos devolvan e está gañando preitos. E esa señora era vicepresidenta do Goberno con Mariano Rajoy. ¡Ah, casualidade! Cada un retrátase como pode.





Señora conselleira, vén falar vostede aquí de biodiversidade cando nós lle falamos de crise climática. Non falou nada vostede nin de residuos, nin de turismo, nin de agricultura, que si son sectores que teñen relación coa necesaria loita contra a crise climática.

Galicia, por un lado, di vostede que está a funcionar cun 86 % de renovables, pero á vez, antes do verán, dixéronnos aquí que, se se pechaba a central térmica das Pontes, iamos ter un déficit enerxético e que tiñamos que comprar enerxía de fóra. Logo dixo vostede que Galicia está por debaixo das emisións de CO<sub>2</sub>. Temos a fábrica máis contaminante do país, a que máis emite CO<sub>2</sub> en todo o país, a terceira que máis emite CO<sub>2</sub> en toda a Unión Europea, e dixo que Galicia está sendo unha solución fronte ao cambio climático. Ben, de verdade que fixo unhas afirmacións que son absolutamente inauditas.

As térmicas pechan en todos os países, teñen que pechar en todos os países da Unión Europea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todos menos en Polonia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora VILÁN LORENZO:** En Polonia, Alemaña e Chequia teñen unha data diferente posterior porque teñen as minas de lignito pegadas alí. Non importan o carbón, téñeno eles.

Por certo, non estivo vostede cando falou o vicepresidente, porque el explicou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non me meta a min no debate.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...— non vou a ese debate— que pasaba coas Pontes. Vostede non o entendeu, pero tampouco estivo vostede cando eu fun á Consellería de Medio Ambiente e era conselleira a señora Beatriz Mato xusto a ver o borrador da Estratexia do cambio climático, pero xa hai bastante tempo diso. Vostede non era conselleira e estaba vostede en Medio Rural e por iso non tivemos a sorte de cruzarnos na consellería. Pero ¡dicir que non sabemos nada! Levan vostedes bastante máis de dous anos con esa estratexia e sacárona porque España obriga a todas as comunidades autónomas a ter unha estratexia que ten que presentar na Unión Europea, non porque saíse do seu corazón. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Por último, conselleira —e remato xa—, sobre esa Estratexia de loita contra o cambio climático 2050, os grupos parlamentarios non participamos dela porque non é un proxecto de lei. Claro, se vostede tivese...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...— remato— a valentía de traer esa estratexia en forma de proxecto de lei, que a puidésemos debater no Parlamento de Galicia, poderíamos facer aportacións; así é imposible.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**A señora VILÁN LORENZO:** Incluso ten vostede a posibilidade de facelo a través de modificacións da Lei de orzamentos, a través desa lei que utilizan como cazo un montón de veces, a través da Lei de acompañamento. Tampouco o fixeron. Pois é unha tristeza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Falaba vostede de vida. Longa vida a Mariano Rajoy, sen dúbida, e longa vida (*Aplausos.*), como persoa, tamén a Sánchez, pero esperemos que politicamente non, porque é un auténtico desastre. (*Aplausos.*) E ese desastre estase traducindo en peches reiterados. Despois, cando xa pecha, poñémonos ao lado dos empregados e dicimos: é que estamos con vós, pero politicamente non facemos absolutamente nada. Falamos do 2050, non estamos falando do ano 2019. Esa é a realidade.

Cando dicía a señora Vilán: é que vostedes presentan a estratexia porque os obrigan, pois efectivamente, obrígnanos a todas as comunidades autónomas, señora Vilán. Do único que se esqueceu dicir é que somos a cuarta, señora Vilán, en presentala. Pero é que, encima, adiantámonos tanto nesta estratexia como en economía circular ao Estado, porque non está facendo absolutamente nada, porque están enrocados en elección tras elección e, en vez de facer a presentación en Europa, ¿sabe?, ao final, imos as distintas rexións, as distintas comunidades autónomas. Pero é que o país a nivel estatal e como ministerio non existe representado en Europa. E ese é un grave problema, señora Vilán.

Polo tanto, falábase de orzamentos na pregunta, e eu respóndolle: 1.250 millóns de euros, que, ademais, están perfectamente distribuídos na estratexia e que vostede poderá visualizar.

Di que hai dous anos que foi ver a estratexia. Eu alégrome. A contribución non sería mala, porque parece que ou ben aquí ou se non vostedes non poden dicir absolutamente nada, é dicir, vaise aprobando pero non traballan, é dicir, non forman parte da sociedade, simplemente están aquí, única e exclusivamente, pero tampouco pertencen a ningún partido político e tampouco fan alegacións; é dicir, ben, que se vaia presentando.

E sígolle dicindo: nós continuamos, e onte mesmo saía publicada no DOG, señora Vilán, a Comisión interdepartamental de coordinación desta estratexia para facer o seguimento, seguimento que se vai facer anual, porque cando se realiza un traballo, un traballo serio, non estamos sós os políticos, senón que están técnicos, científicos, universidade, sindicatos e partidos políticos —os que quixeron estar; outros pois dedícanse a outro tipo de cousas—.

Medidas concretas son moitas as que levamos nesa estratexia. Son dende medidas para o sector residencial, para mellorar a súa eficiencia enerxética, porque aquí cando falamos de



cambio climático parece que só existen as industrias; é moito máis, señora Vilán, moito máis, non son só as industrias. Polo tanto, axudas para o sector residencial, para mellorar as condicións de illamento, eficiencia, do parque de vivendas protexidas, pero tamén non só das protexidas; hai que empezar primeiro as administracións e é bo que se involucren os concellos, é moi bo que se involucren as deputacións.

Estamos desenvolvendo o rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios co fin de obter unha fotografía en situación de todos os inmobles existentes en Galicia.

Incentivos fiscais fundamentais —que xa temos—, que serán unha realidade para o vindeiro ano, cando entren en vigor os nosos orzamentos, para actuacións de melloras relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética.

Medidas tendentes a reducir as emisións de CO<sub>2</sub>, primeiro nos vehículos, no párking, nos vehículos da Xunta de Galicia, pero tamén imos ter incentivos para o resto daqueles que queiran facer o seu cambio. E un plan de mellora progresiva de eficiencia enerxética das depuradoras de augas residuais. Seguiremos, ademais, co desenvolvemento da estratexia térmica, cunha aposta polas enerxías renovables, e o desenvolvemento dun plan de incentivos para instalación de caldeiras e fontes renovables, que, ademais, está a funcionar moi ben noutros lugares do mundo, como son redes de calor e de frío centralizadas e moi eficientes.

Ademais, outro paquete de medidas complementarias ás xa mencionadas e a Estratexia de economía circular 2019-2030. E aí pois efectivamente haberíalle que dicir ao Goberno central que fixera algo, que espabilara, porque ao final somos as distintas comunidades autónomas as que estamos nutrindo o Estado para que despois nos vaia dicindo que queremos facer ao respecto. É un instrumento de planificación polo cal apostou a Xunta de Galicia de cara a un modelo produtivo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...onde tamén están os residuos; xa só faltaba que non estiveran os residuos, señora Vilán.

Polo tanto, son eixos de actuación.

E, a modo de conclusión, dicirlle que hai grandes ameazas a nivel internacional, pero no caso de Galicia imos polo camiño correcto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Vázquez Verao.



**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Boa tarde, señor conselleiro, aínda que neste pleno case se perde un pouco a noción do tempo e mesmo do día no que vivimos.

Hoxe a pregunta que lle queremos trasladar podíamola resumir en por que a Xunta, habendo necesidades sociais, educativas e sanitarias non cubertas, non recuperou o investimento social previo á crise, durante a década en que o Goberno de Feijóo, ademais, engádelle na súa —digamos— traca final agasallos fiscais a quen máis ten.

Presentamos esta interpelación con motivo do informe que presentou a Asociación Estatal de Directores e Xerentes en Servizos Sociais, correspondente a 2018, sobre o gasto social autonómico, tanto en sanidade como en educación como en servizos sociais, e o resultado final que ofrecía o dito informe pois sinalaba a nosa como unha das comunidades que non recuperaran nas ditas áreas o gasto previo que había antes de que se produciran os recortes. Isto para nós era un novo estudo que confirmaba que, dende 2016, como vimos sinalando nos debates orzamentarios, pese á mellora do cadro macroeconómico dende 2014, non se traduce nunha recuperación de investimento social público. Polo tanto, a Xunta reduce o seu papel no conxunto da economía e cos novos agasallos fiscais —engadimos— reduce ademais a capacidade propia do investimento a conta de favorecer minorías privilegiadas.

Os datos deste informe son moi ilustrativos en relación coa forte redución do gasto público que levou a cabo a Xunta a partir do ano 2009 —vexo que me comeza agora mesmo o tempo, así que...—. Neste ano —falamos de 2009— o gasto en servizos públicos fundamentais —creo que non vou utilizar os dez minutos— acadou un total de 7.106 millóns de euros, mentres que en 2018 o gasto nestas funcións situábase nun 3,75 % por debaixo, é dicir, case 6.840 millóns de euros, 266 millóns de euros menos entre 2009 e 2018.

Pero é que, ademais, vendo o gasto público por habitante, o nivel de gasto por habitante, tendo en conta que a poboación galega non medra, pois tamén se reduciu. En 2009 o gasto por habitante en servizos públicos fundamentais era de 2.567,69 euros e en 2018 2.531,14 % menos. Todo isto pois ao final viña levando a que nunha década, practicamente, o gasto orzamentario en sanidade, educación e servizos sociais se reducira nun 2,6 %. Así pois, ese informe colocaba a nosa comunidade autónoma como unha das que se atopaba máis alonxada do gasto previo aos recortes realizados.

Cómpre dicir que neste informe se analizan os resultados de execución orzamentaria, e agora podemos analizar os orzamentos 2020, que, cando presentamos a interpelación, loxicamente non estaban presentados. Pero é que, ademais, nos gustaría descender a maior detalle na evolución do gasto.

En sanidade, o orzamento —que agora xa coñecemos— de 2020, si, pasa dos 4.000 millóns de euros: 4.107,3 millóns de euros. O orzamento en 2009 era de 3.766,8 millóns de euros. Iso si, ¿que supón, a respecto do PIB, tendo en conta as estimacións que do crecemento do PIB fai o Instituto Galego de Estatística? O 6,28 % do PIB de investimento en sanidade. No conxunto da Unión Europea, dos vinte e oito —e son datos de Eurostat—, o gasto sanitario medio é do 7 % do PIB. Non falemos de estados onde está no 8 % ou mesmo superior.



Pero é que, analizando os programas que agora xa podemos ver e comparar, a atención primaria —que para nós debe ser o centro do sistema para garantir precisamente a prevención e educación en saúde—, vemos que ese investimento cae un 9,88 %; é o programa que máis cae dos de sanidade a respecto de 2009. Polo tanto, aínda estamos nuns niveis en que o conxunto da atención primaria no orzamento da Xunta representa o 12,7 %.

Para nós a atención primaria, que concentra unha gran parte das necesidades do país, que concentra unha gran parte das mobilizacións e protestas da cidadanía, precisa, sobre todo, persoal. Pois preguntámoslle a razón deste recorte.

Do mesmo xeito, tamén vemos que unha das áreas que descenden no orzamento sanitario é protección e promoción da saúde, que vén incidir pois no mesmo eido desa prevención.

En educación, o orzamento no ano 2018 foi de 2.280,6 millóns, 124 practicamente millóns de euros por baixo do orzado en 2009; é dicir, houbo unha década de recortes educativos. Indo a 2020, aínda seguimos nun 3,8 % do PIB. Deberíamos chegar ao 5 % ou canto menos, pois vendo eses datos de Eurostat, a un 4,6 % de media da UE, para axeitalo a un adecuado investimento.

Pero, novamente, descendendo a programas, pois vemos a caída en educación infantil, primaria e ESO, igual que a redución en formación do profesorado, que era algo que debatíamos onte como algo fundamental para impulsar, pero vemos que esta partida ten un estancamento crónico.

Indo a servizos sociais, vendo a función en conxunto da acción social e promoción social, si é certo que foi unha das que no orzamento da Xunta foi das primeiras que se empezou a recuperar, pero, claro, nun contexto de enormes necesidades sociais non atendidas. A respecto do PIB, vendo o que hai en 2020, apenas representaría un 1,2 %, e indo ao detalle, pois segue habendo programas e partidas que caen, como a de atención a persoas maiores e discapacidade, e continúaase constatando un recorte nos programas de solidariedade e mocidade, que é unha constante de toda a evolución do orzamento nesta década.

Pero, indo ademais —e tendo en conta que comezabamos a interpelación con ese informe dos directores xerentes— á cuestión da dependencia, vemos que en 2018 o gasto promedio por persoa dependente atendida no noso país se situaba aínda en 932 euros menos que a media estatal. E, tendo en conta a poboación total, o promedio do gasto público do sistema de atención a dependencia por habitante en 2018 era de 120,02 euros, que aínda estaba 20,16 euros menos que a media estatal.

Deste xeito constatamos, unha vez máis, nun indicador máis, o agrandamento da diferenza co resto do Estado, neste caso en dependencia.

Nun sector no que, ademais, estabamos falando agora de cambio climático, da necesaria transición enerxética e social, que implica outro modelo económico e social no que se poderían crear ben empregos dignos con políticas axeitadas. Pero, dende logo, aí si que seguramente coincidimos, pero igual non en como vai ser esa reivindicación. Pero hai que apelar a



que o Estado asuma ese 50 % do gasto en dependencia, como é de lei, e que compense eses case 200 millóns de euros, que adebeda o Estado á Comunidade Autónoma en relación cos conceptos non ingresados por dependencia. Pero hai que lembrar que isto se fai en virtude dunhas leis aprobadas polo Partido Popular, dunhas reformas de austeridade en 2012. Polo tanto, estamos, seguramente, aí nun punto no que non coincidimos.

E é que para nós as políticas orzamentarias da Xunta —esta década perdida— representan a aposta do dogma da austeridade. E ¿cal é o resultado? Situarnos lonxe das medias europeas en investimento social. A realidade é que o crecemento do PIB estes anos foi débil, foi menor que a media española, ao tempo que os recortes eran maiores —estou falando do conxunto da década—. Porque isto é unha constante en toda Europa. Quen máis se sumou ao dogma da austeridade é o Goberno de Feijóo. Fíxoo dende o inicio, pois foron tamén os estados que menos medraron na fase expansiva do ciclo. E para nós, dende logo —xa llelo adiantamos o noso grupo no debate sobre o teito de gasto—, isto é ir en contra pois mesmo das institucións do propio capitalismo, que se deron conta de que este dogma fracasara.

Pero, ademais, hai que ter en conta que esta redución do gasto que expuxemos —creo que si vou utilizar o tempo— está amosada en termos nominais, de xeito que, se foramos ter en conta a inflación, pois nós consideramos que precisaríamos un aumento moito maior dos orzamentos para poder compensar o recorte, máis, dende logo, do que hai nestes orzamentos de 2020.

Nós o que propoñemos é que, canto menos, de media no vindeiro quinquenio se eleve o investimento da Xunta en 450 millóns de euros. ¿Por que? Diciámolo moi claramente, dicímolo en todas as nosas intervencións: hai unhas necesidades sociais non atendidas, cómpre que o gasto público se recupere en toda a súa dimensión, e, por suposto, o que non toleramos é que haxa eses agasallos fiscais aos ricos cando hai estas necesidades sociais non atendidas.

En fin, si hai unha función orzamentaria que non se viu recortada e que mesmo se viu exponencialmente impulsada, que é a amortización da débeda, case 320 puntos porcentuais máis que en 2009, o 16,2 % do orzamento da Xunta, que xa é moito máis que o que representa o orzamento para a atención primaria.

E aí temos a arquitectura da austeridade, esa arquitectura que sumiu non só o noso país, senón parte de Europa, en ruínas. E, por certo, esa arquitectura da austeridade está na base de moitos deses conflitos políticos e mesmo xeopolíticos actuais, e foi asumido este dogma prematuramente e entusiasticamente por Feijóo e o seu Goberno.

Así pois, por resumir as preguntas que lle trasladamos...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...queríamos volver ao inicio. ¿Por que fai agasallos fiscais aos máis ricos, cando aínda hai necesidades non cubertas? ¿Por que abrazaron a doutrina de austeridade abandonando as necesidades sociais da cidadanía? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señora Verao.



Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señora presidenta en funcións.

Señorías, boas tardes.

O primeiro que me gustaría salientar ao respecto é que o gasto social nos orzamentos é a marca deste Goberno galego, que non só os priorizou durante a crise, senón que se reforzan ano a ano desde que se recuperaron os ingresos. E o mellor exemplo da aposta polo gasto social son os orzamentos de 2020, que acabamos de entregar á Cámara e que vostede parece ser que xa empezou a ler e aos que xa se referiu varias veces, do cal me alegro profundamente.

Pero, antes de referirme aos números, permítame contextualizar a súa intervención. Porque, señores do Grupo Mixto, sorpréndenme moito as preguntas coas que remataban, polo menos a parte escrita desta interpelación, en relación coa exposición de motivos previa que nela se facía. Explicareime.

O primeiro que fan vostedes na súa iniciativa é citar un estudo da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Non obstante, paréceme que os catro deputados que asinan esta interpelación non deberon de ler de maneira completa o dito informe. Digo isto porque tan só con ler as notas metodolóxicas do mesmo xa comprobarían que a propia asociación advirte que as comparacións entre orzamentos liquidados 2008 con orzamentos iniciais 2018 levan á conclusión de que non poden ser homoxéneas e moito menos para logo establecer ránkings entre comunidades autónomas.

E non se poden facer estas comparacións de datos non homoxéneos, porque se terxiversa o resultado final, fundamentalmente no que se refire á sanidade. E, señoría, reitérolle que esta comparación se advirte no propio informe, indicando que en sanidade é onde se producen con máis frecuencia as desviacións orzamentarias.

Polo tanto, para poder debater en serio sobre esta cuestión, ou comparamos orzamentos liquidados ou comparamos orzamentos iniciais, pero mesturar ámbalas dúas cousas é facer trampa.

Señoría, se vostede ou alguén do seu grupo quixese ter información homoxénea, podería ter mirado o orzamento liquidado do ano 2018, e xa estaría en disposición de poder facer unha comparación homoxénea para o dito período. Dado que entendo que non o fixeron, tratarei eu —que si o fixen— de dar algúns datos.

E, como é medible, voulle dar as cifras correctas, homoxéneas, sobre as preguntas que se me formulaban na interpelación, e obviamente xa lle avanzo que as conclusións ás que chega non son correctas, parten de comparacións incorrectas e faltas de rigor e non son homoxéneas. Vaíamos por partes.

Primeiro. Pregunta vostede como explica a Xunta de Galicia que aínda non recuperásemos o gasto en servizos públicos fundamentais previos á crise. Pois ben, a resposta é moi doada:



porque é falso que Galicia non recuperase o nivel de gasto en servizos fundamentais previos a crise; é máis, estamos xa por riba dos niveis precrise. Dareille os datos.

O gasto social en 2008, segundo se recolle no informe, foi de 6.683 millóns de euros, e, como tamén figura no informe —e que, por tanto, desmente a súa afirmación—, en 2017 xa foi superior, en concreto 6.764 millóns; e nos gastos liquidados 2018, aínda máis elevado —ese dato doullo eu—: 7.094 millóns de euros.

En segundo lugar, segunda pregunta, fai unha batería sobre a sanidade, a educación e servizos sociais, na que cuestiona que teñan orzamentos inferiores aos que había antes da crise. De novo reitérolle: non son correctas as afirmacións.

O orzamento para servizos sociais en 2016, con 588,9 millóns de euros, xa superou o de 2009, que era de 547,7 millóns de euros. O orzamento para sanidade en 2017, con 3.728,9 millóns, tamén supera o de 2009, que foi de 3.593 millóns de euros. E nos orzamentos para 2020 os créditos en educación ascenden a 2.465 millóns de euros, contía superior á do ano 2009.

En terceiro lugar, pregunta vostede como explica a Xunta que o gasto por habitante en servizos públicos fundamentais sexa inferior no ano 2018 ao que había antes da crise. Outra vez reitérolle: isto é falso. E mesmo antes. Xa no 2017 o gasto real por habitante en servizos públicos foi de 2.496 euros, cifra que é superior aos 2.426 que había no ano 2008.

Cuarta pregunta. Refírese a como explica a Xunta que o gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais sexa un 2,6 % inferior ao que había antes dos recortes. Comprenderá, cos datos que lle levo apuntado anteriormente, que queda constatado que esta nova afirmación tamén é falsa. Pero é que, ademais, neste caso, a pregunta está mal formulada, porque non collen ben os datos. Os 2,6 puntos do informe refírense á diferenza entre o 2009 liquidado e o peso dos gastos sociais no total do orzamento de 2018; non é que o gasto sexa un 2,6 % inferior. Se analizamos o peso do gasto social sobre os gastos non financeiros —que é como se debe de comparar—, no orzamento liquidado 2018 xa eran 8,1 puntos superiores aos liquidados en 2009.

E, finalmente, pregunta se ten a Xunta establecido algún plan para recuperar o gasto en termos reais en servizos públicos fundamentais anterior á crise. Obviamente a resposta é moi sinxela: xa o recuperamos, e ademais empregamos para iso o instrumento máis valioso da política económica que temos: a aprobación do orzamento cada ano, e cada ano con máis recursos dedicados á sanidade, á educación e aos servizos sociais; de feito, destinamos tres de cada catro euros a este tipo de políticas.

Por tanto, señoría —e para rematar a miña primeira intervención—, quero dicirlle que informes sobre cuestións orzamentarias existen moitos, e moi variados; que cada un deses informes ten a súa importancia e relevancia —non serei eu quen llela negue—, pero hai que analizalos en función do rigor, da seriedade, da metodoloxía na que se basean.

E, en concreto, ao que se refire na súa interpelación, nin sequera procederei a cuestionalo, senón que tan só hai que ler a ficha metodolóxica que acompaña para darnos conta de que





os datos e as conclusións que extrae para logo facer un ránking de comunidades autónomas non poden ser tidos en conta, posto que xa o mesmo informe advirte de que non traballa con datos homoxéneos.

Lamento que desde o Grupo Mixto vostedes non fagan o esforzo de traer unhas cifras homoxéneas que nos permitan debater en serio e con rigor o máis importante que temos como sociedade, que non é outra cousa que a sanidade, a educación e os servizos sociais públicos.

Pero tamén agradezo a oportunidade que me dá para expoñer no Parlamento o enorme esforzo que fixo, fai e fará este goberno a prol da sanidade pública, da educación pública e dos servizos sociais públicos. (*Aplausos.*) Porque así como tivemos claro que a prioridade nos anos de recesión foi blindar as prestacións públicas do gasto social, tamén temos moi claro que cando se comezou a recuperar os ingresos ano a ano priorizamos tamén os servizos públicos fundamentais, ata chegar ao ano que vén, co maior gasto social na historia da Autonomía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, xa avanzamos que iamos utilizar datos do orzamento para poder comparar magnitudes homoxéneas e que os do informe xa tiñan esas cautelas. Pero é que hai tamén outro detalle que esqueceu, que tamén é quizais o máis importante: é que os datos —como xa explicamos na exposición— estaban expresados en termos nominais, non co IPC acumulado en termos reais. E, polo tanto, ese gasto social si que sería en 2018 inferior ao de 2009. Tendo en conta a inflación, ese gasto social tería que chegar aos 7.438 millóns de euros, se non calculamos mal. En todo caso, nos debates orzamentarios das ponencias que imos ter —a partir penso que de mañá xa— poderemos analizar con detalle como foi a evolución do gasto en termos reais, porque existe unha cousa que se chama IPC. E xa avanzamos iso na exposición, que iamos tomar os datos orzamentarios, pero é que, vendo a evolución dos orzamentos da Xunta, simplemente vendo o orzado pola Xunta, vense caídas das partidas dende o 2009 que non se empezan a recuperar. Como xa avancei, si é certo que hai algunha que comeza timidamente no 2016, pero é que hai algunha que aínda hoxe, no 2020, nalgún programa concreto, está por baixo mesmo en termos nominais do 2009.

Pero é que estamos a falar, ademais, de que houbo unha década perdida de recortes. ¿Por que? Porque a Xunta sistematicamente se negaba a elevar o orzamento canto menos no que medraba o PIB, cunha excepción —é certo—: nos anos nos que hai eleccións, 2016 e 2020, si que elevaron o teito de gasto por riba do que medra o PIB; ¡que casualidade!

Pero unha das cuestións que xa avanzamos no debate do teito de gasto, e no que imos ademais seguir insistindo nela neste debate de orzamentos, é preguntarlle se están as necesidades sociais cubertas, se as necesidades educativas, sanitarias e sociais están cubertas, porque acaban de presentar unhas contas nas que están facendo agasallos fiscais, e nós en-



tendemos que precisamente a xustiza fiscal é necesaria para atender esas emerxencias sociais, sanitarias e educativas.

Vemos que aínda hai un cuarto da poboación que está en risco de exclusión social, hai menos poboación ocupada, e un goberno ocupado —valla a redundancia— polo ben común debería de aplicar unha política de xustiza tributaria, pero vostedes presentan un conxunto de rebaixas fiscais; se vemos dende 2014 as rebaixas fiscais que vostedes presentan, acumulan 2.500 millóns de euros. 2.500 millóns de euros é todo o orzamento adicado á educación no 2020.

Iso inclúe tamén a rebaixa do imposto de patrimonio ás seis mil persoas máis ricas. Agora tamén se vai perdoar a quen herde por cabeza ata un millón de euros ou a quen teña cartos suficientes para comprar unha segunda vivenda en primeira liña de praia, porque xa vimos o que eran algunhas das parroquias rurais onde van facer eses agasallos fiscais ás persoas que adquiran segunda vivenda.

Pero unha cuestión máis. Toda a política de transición industrial da que falamos neste pleno require investimentos. Polo tanto, para nós a pregunta fundamental destes orzamentos é se están cubertas as necesidades cando se aplican eses agasallos fiscais e cando se segue co dogma do teito de gasto e da austeridade. Supoño que unha das razóns de facer esas rebaixas fiscais, con necesidades —repito— sociais non cubertas, é pola cuestión de pensar que así Galicia é máis competitiva. Non sei, quizais pode ser en aras da competitividade, pero é que o informe que coñecemos sobre a evolución da competitividade das rexións da UE pois deixaba Galicia nun lugar bastante malo.

Galicia perde puntos en competitividade. Polo tanto, esa política de rebaixas fiscais non funciona, ao contrario, pois estamos nun contexto no que en toda a Unión Europea se acentúan esas desigualdades norte-sur, se acrecenta mesmo esa división internacional do traballo.

E unha cuestión máis: o contexto de redución de rebaixas fiscais, dos tributos propios, lévanos a unha dependencia maior dos ingresos do Estado; cada vez dependemos máis desas transferencias estatais que da capacidade recadatoria propia. Xa non entramos na necesidade dun novo modelo de financiamento, pero, en fin, é o que lle queremos recalcar.

Trasladaremos as magnitudes en relación co IPC, en relación cos termos reais. Non fagamos esa trampa. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señora presidenta en funcións.

Señoría, volve vostede cunha certa falta de rigor —con todos os meus respectos—, e mire que estou utilizando un ton tamén moi semellante ao que vostede emprega. Insisto: as comparacións hai que facelas de maneira homoxénea.



Na miña primeira intervención fíxese vostede que nin sequera lle citei —porque é algo que sabe todo o mundo, aínda que alguén non queira enterarse— que para comparar os anos 2008 e 2009 habería que ter tamén moi en conta que os orzamentos do Goberno bipartito estaban inflados en 2.200 millóns de euros (600 no ano 2008, 1.600 no ano 2009). A consecuencia é que a día de hoxe estamos a pagar as liquidacións negativas (85 millóns de euros cada ano) e que para o ano que vén xa supoñen 1.243 millóns de euros.

É dicir, que cando se elabora un orzamento, antes de decidir se lles imos regalar determinadas cuestións tributarias aos ricos, como di vostede, ou ao gasto, o primeiro que hai que facer é pagar 85 millóns de euros que quedaron a deber. (*Aplausos.*) ¡Figúrese vostede!

Tamén, de novo, nesta carencia de rigor, hai que ter moi en conta que no famoso ano de vacas gordas, 2009 —tamén daquela era un ano electoral, non se equivoque, non se equivoque—, habería que ter en conta como se financiaba, con case 600 millóns de euros, 598 millóns de euros, de acceso á débeda; débeda, tan demonizada por algúns. E resulta que no 2018, se quixeramos facer comparacións, os recursos á débeda foi de só 190 millóns de euros. Imaxinen vostedes o que se podería facer con eses 85 millóns de euros cada ano, ¡imaxinen vostedes!

A pesar de todo isto, repito que xa levamos, en serio, seis anos aumentando os recursos para gasto social, e o mellor exemplo son estes orzamentos do 2020 que temos na Cámara e aos que vostede fixo referencia e que debullaremos polo miúdo a partir de mañá.

Para o vindeiro ano, o que temos son 7.401 millóns de euros, que son 1.100 millóns de euros máis, para dedicar á sanidade, educación e servizos sociais, dos que tiñamos cando comezara esta lexislatura no 2016.

Polo tanto, eu creo que os orzamentos son o mellor informe que se pode consultar sobre os recursos que se poñen á disposición da nosa cidadanía.

Este informe o que conclúe é que no 2020 haberá 4.106 millóns de euros para sanidade, máis recursos que nunca; 2.465 millóns de euros para educación, máis recursos que nunca; e 830 millóns de euros para políticas sociais, máis recursos que nunca. Nos tres casos temos maiores recursos que no 2009. Queda desmentida, na miña interpretación homoxénea, toda a súa argumentación.

E o máis importante —e do que sempre se esquecen vostedes—: señoría, detrás destas cifras están persoas; por iso os 4.000 millóns de euros para a sanidade tradúcense en máis prazas de médicos, máis prazas de enfermeiros, mellores hospitais, mellores centros de saúde.

Os máis de 2.400 millóns de euros para educación tradúcense, como mínimo, en dúas cuestións moi significativas: máis colexios públicos, pero sobre todo máis coidadores para alumnos con necesidades especiais ou máis orientadores.

E nos 830 de políticas sociais, en máis garderías gratuítas para nenos de 0 a 3, como simple exemplo, ou máis cartos para dependencia.



E para finalizar, no medio minuto que me queda, unha cuestión. Non vou rehuir o debate, nunca xamais, do PIB en termos nominais ou en termos reais, pero hai unha cuestión da que sempre se esquecen vostedes; todos creo que nos debemos lembrar. Se queremos a igualdade, non descoidemos a eficiencia. É algo que non está no seu catecismo. Non descoidemos a eficiencia nunca, e a eficiencia durante estes anos, predicado dende o primeiro momento en abril do 2009 por este goberno, foi total, absoluta, e todos teremos que seguir profundando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, conselleiro.

Continuamos coa orde do día, coa quenda de preguntas ao Goberno, e pregaría que, como levamos corenta minutos de atraso, os intervinientes se ativeran ao tempo estipulado.

**Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millóns de euros que debe a Galicia**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Puy Fraga.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, presidenta.

Como sabemos todos —mesmo debatemos esta mañá sobre isto—, estamos a vivir un episodio inédito, porque nunca aconteceu antes no Estado autonómico, polo cal o Goberno do Estado, despois de comprometer unhas entregas a conta que se incorporan aos orzamentos das comunidades autónomas, que o aprobaron no seu momento cumprindo a lei, ese goberno non transfire esas cantidades.

A débeda con Galicia ascende a 700 millóns. Recentemente aprobáronse os 330 correspondentes ás entregas a conta; faltan os 200 dunha mensuralidade do IVE e os 170 que lle corresponderían a Galicia por cuestión da compensación polo cumprimento da débeda.

Isto chegou mesmo a territorios onde normalmente non se fala de facenda. Esta fin de semana o periodista Álex Grijelmo —creo que unha referencia no mundo do periodismo de suficiente autoridade— escribía: «*El poder engaña al poder. La sensación de que se dispone de los resortes necesarios para cumplir una voluntad política hace que el gobernante experimente la singular sensación de que pensar es hacer. Si Hacienda no piensa transferir 4.600 millones a las autonomías, porque eso conviene políticamente para forzar la formación de gobierno, se usan los argumentos que lo impiden. Si al cabo de dos meses sí piensa aplicar ese traspaso, porque conviene electoralmente, se buscan argumentos que lo permitan, aunque se contradigan entre sí. La Abogacía del Estado en Hacienda entendió que un gobierno provisional no puede disponer de 4.600 millones que no figuran en las cuentas vigentes de este año, porque, según ella, eso compromete la libertad de decisión del futuro gobierno de pleno derecho. De ese modo, el verbo «comprometer» se erige en una barrera que impide al poder el ejercicio del poder, y como el poder cree que lo puede todo, se ha aplicado a cambiar el sig-*



nificado de «comprometer» con la ayuda de la abogada general del Estado, que por algo fue nombrada como cargo de confianza.» E conclúe Álex Grijelmo con: «¡Cuánto sufren las palabras!, porque aquí no solo se compromete al nuevo Gobierno, sino al idioma, y eso no nos sale a cuenta ni con las entregas a cuenta. Lo urgente sería acabar con estas manipulaciones, porque el verdadero interés general suele consistir en comprometerse con las leyes y con todos sus vocablos.»

E por iso, señor conselleiro, ante este episodio inédito, pois a nós gustaríanos coñecer cal é a valoración do Goberno, unha vez que se anuncia o pago parcial e tarde desa débeda de 700 millóns, por importe de 330 millóns de euros.

Grazas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señor Puy.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo.

Tres cuestións sobre esta materia nesta primeira intervención.

O Goberno galego foi o primeiro goberno autonómico que veu vir este abuso. Advertimos e formulamos solucións, cando tivemos a constancia, logo do informe da Axencia Tributaria Estatal, sobre a incidencia da famosa mensualidade do IVE 2017. Sobre o sistema de financiamento autonómico puxémonos en contacto co Ministerio de Facenda, en xullo do 2018. A primeiros de agosto do 2018, o presidente da Xunta de Galicia e este que lles fala reunímonos no ministerio coa actual ministra, e díxosenos que orzásenos a anualidade do IVE 2017. Así o fixemos. Polo tanto, que quede clara esta primeira situación.

Entramos despois, no que vai do período de febreiro deste ano ata moi recentemente, nunha etapa que eu tildaría de chantaxe infantil, con ese famoso informe pantasma que primeiro non aparecía, que despois aparecía, non temos comunicación oficial, etc., etc.

Desde a Xunta de Galicia o que fixemos foi contrapoñer o informe xurídico elaborado pola nosa Asesoría Xurídica Xeral, onde si se confirmaba que era posible a transferencia das cantidades adebedadas a Galicia.

Como solución aos tres ítems fundamentais —non caíamos en tecnicismos nesta etapa—, entregamos a conta, liquidación do IVE e cumprimento fiscal, ofrecémoslles a posibilidade do decreto lei, que se argumentaba en dúas situacións. En primeiro lugar, a situación era urgente, como se recoñece na actualidade, e estíbese afectando o interese xeral. Esas son as argumentacións fundamentais. E, no tema do IVE, precisamente non debemos de facer ningún tipo de alharaca legal, como se dixo hoxe á mañá aquí na mesma pregunta. E todo isto sen confrontar, e non quixeron.

Creo que tiñamos razón, e ningunha comunidade autónoma aceptou a chantaxe que se nos propoñía.



A conclusión é que se pretende quedar cos recursos que son dos galegos. E ata o momento non levamos recadado nada, non transferiron nada. E que quede unha cousa moi clara: en ningún caso renunciaremos aos 370 millóns; se se pode transferir unha parte, pódese con todo. Reclamaremos ata o último día do ano, sen renunciar obviamente a ningunha vía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Puy Fraga.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas.

Señor conselleiro, agradezo a resposta, a claridade, especialmente cando afirma que non renuncia a ningunha vía para reivindicar algo que os galegos xa pagaron e que por lei lles corresponde, que é a mensualidade do IVE do ano 2017, unha vez que se pecha o exercicio e se liquida no ano 2019.

A explicación disto, por outra parte, pensándoo ben —que se podería pensar mal pero imos pensar ben—, dánola hoxe Bruxelas cando lle di ao Goberno que se está excedendo no déficit moi por riba do que xa o propio Goberno ampliara o déficit para este ano. E o que fai é transferirles o déficit ás comunidades autónomas, que son as que xestionan o gasto social, e despois aínda por riba pois vístense de persoas preocupadas polo gasto social. En todo caso, unha vez que sabemos isto, eu o que lle agradecería é que nos dixese que pasos ou que accións pensa dar nas vindeiras semanas se esta situación segue a prolongarse.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señor Puy.

Para réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** De novo reitero: en ningún caso aceptaremos que o Goberno central queira saldar a débeda con Galicia pagando menos da metade. Plantexamos unha reunión urxente do Consello de Política Financeira e Fiscal. A solución debe ser multilateral, dialogada e común. Levamos quince meses sen reunirnos e agora a mesma ministra, que negaba a mesma posibilidade estando igualmente en funcións, di que se reunirá pasadas as eleccións. Non aceptamos prazos electorais para os nosos servizos públicos.

Todo isto ao que nos leva é a unha conclusión: engano e chantaxe do Goberno central. Xunto co que acaba de adiantar o portavoz do Partido Popular, esta é unha cortina de fume a maiores sobre a non asunción de responsabilidades do ministerio no que lle é propio á Administración central, enganando cos números que se dan traslado a Bruxelas.

Pero engado máis: ás comunidades autónomas estásenos sometendo a un acoso financeiro, a un *bullying* financeiro. Pero, ademais, engado máis: tamén ás entidades locais. A propia



Federación Española de Municipios e Provincias estimaba 1.203 millóns de euros que se lle adebedaban; agora parece ser que con 821 millóns de euros todos estamos calados. Nós non nos damos por satisfeitos.

Ante un problema común —Xunta, deputacións, concellos— fago un chamamento formal á Fegamp. Creo que debemos de ir da man na reclamación da famosa incidencia do IVE. (*Murmurios.*) Debemos de darnos conta de que son recursos de todos os galegos. Insisto: non nos resistimos a non recibir os 700 millóns de euros neste ano 2019. Seguiremos reclamando o mesmo que en tres veces se tratou e se asumiu maioritariamente neste parlamento. Non aceptamos outro escenario.

E agora que comeza dentro de pouco a campaña electoral esperemos que os líderes que veñan por aquí confirmen se van devolver e entregar o que é noso, 700 millóns de euros, ou se van pasar de soslaio, caladiños, como nesta etapa preelectoral ten acontecido.

Por certo, ante algunha afirmación que se fixo hoxe pola mañá, non nos equivoquemos, non confundamos a magnitude e a débeda; a unidade de medida son os euros, a dignidade é a mesma; non nos equivoquemos, porque os cartos son das galegas e dos galegos. A Xunta, as deputacións e algún concello...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ... todos os concellos, somos meros intermediarios. O que predicamos de palabra prediquémolo co exemplo. Calquera euro vale o mesmo, porque é dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Xan Xosé Jove González, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na resolución dos expedientes para a declaración como espazo natural de interese local as illas de San Pedro e o contorno da Torre de Hércules**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Jove González.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

Falamos hoxe das illas de San Pedro, a illa do Vendaval, a illa do Pé, as Tres Illas, a illa do Aguillón, situadas en fronte ao que a xente do mar chama o mar de María Antonia, diante mesmo do Portiño de Visma. Non, non estamos a falar dunha idílica paraxe nun lugar remoto mariño, estamos a falar dun verdadeiro anaco da Costa da Morte, na cidade da Coruña; unha saída a un Atlántico case virxe nunha cidade que nas últimas décadas de descontrol urba-



nístico sen fin deu as costas ao mar como espazo natural, un mar que deu orixe á propia cidade.

Permítanme, antes de comezar, render dúas homenaxes. A primeira, aos dezanove homes e mulleres que no 3 de marzo de 1937, tentando fuxir da barbarie fascista do xeneral Franco en dúas embarcacións do veciño barrio de San Roque de Afora, foron vilmente asasinados ou afogados nese mesmo lugar, ou fusilados na mañá seguinte no contorno da torre de Hércules. Entre eles, por certo, José Boedo, veciño da Silva, pai do eternamente proscrito e estigmatizado cantante de, entre outras orquestras, Os Satélites e Os Tamara, Pucho Boedo. Vai por el esta homenaxe.

A segunda, para os meus compañeiros e compañeiras do ecoloxismo coruñés, que desde os anos noventa levan reivindicando ese espazo, esa área natural esquecida, diante da refinería e a depuradora de auga, o que naquel tempo era o vertedoiro de lixo e as vivendas sociais de Labañou. Hoxe, por sorte, trinta anos despois, aínda podemos gozar dese lugar nun contorno realmente paradisíaco. Calquera coruñés e coruñesa sabemos do que falamos. Alí podemos ver algunha das máis de corenta especies de aves que se poden observar (pardelas, mascatos, paíños, araos...), observar os restos da duna fósil e pasear polas súas furnas, cantís e praias.

E para os protexer, o Concello da Coruña, vendo a inacción da Xunta de Galicia —que é, de feito, a Administración competente nesta área—, decide en xuño de 2017 dar un paso a adiante e solicitar que o lugar sexa declarado espazo natural de interese local. Solicita así o Concello pasar a protexer medioambientalmente o lugar.

O 17 de novembro no DOG declárase a declaración provisional de espazo de interese local, e inmediatamente en menos de dous meses despois —en xaneiro de 2018— o Concello presenta o plan de conservación do espazo necesario para a declaración definitiva. ¿Que pasou desde ese momento? Este plan que lles mostro (*O señor Jove González mostra un documento.*) é o que se presentou, falta unicamente o último paso ou trámite da Xunta de declarar definitivamente o ENIL, e ata o día de hoxe sen resposta.

No mesmo ano tamén, 2018, e tamén baixo o goberno da Marea Atlántica, búscase tamén a protección do contorno da torre de Hércules, presentando este proxecto no ano 2018, onde a única resposta da Xunta é reclamar, solicitar que sexa remitido en castelán, tal como fixo o concello quince días despois. E aquí o teño (*O señor Jove González mostra un documento.*); se non o teñen, entrégollelo.

A nosa pregunta é moi clara: dígnanos dunha vez cando van xa non protexer senón permitir definitivamente que a cidadanía da Coruña, por medio das súas institucións, protexa este pequeno paraíso. Fagan o seu traballo.

Desde logo, o concello non ficou parado naquel momento e xa puxo en marcha medidas para protexer a biodiversidade deses lugares: plan de segas, eliminación de tratamentos con biocidas tóxicos —como o cancerixeno glifosato—, prevención de incendios forestais...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.





**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...impulso de actividades de concienciación etc.

¡Fagan o seu traballo! Declaren dunha vez, definitivamente, este lugar, porque é realmente un lugar de interese local natural. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Ten outro turno de intervención.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Señor Jove, a verdade é que é unha tarde chea de sorpresas. Primeiro, tiven que escoitar que a biodiversidade non ten nada que ver co cambio climático ou polo menos temos que aparcalo a un lado. E agora, no seu caso, rexistra unha pregunta pola vía de urxencia para responder neste pleno. E cando falei cos técnicos, a verdade é que botaron as mans á cabeza, e non me estraña, porque vostede obviou algo fundamental, que é a lei e os trámites administrativos e os tempos, e ademais o cumprimento dos mesmos. (*O señor Jove González pronuncia palabras que non se perciben.*) E é que que o pidamos en castelán non é casualidade, é que o ministerio o pide en castelán e, se non, non lles informa, (*O señor Jove González pronuncia palabras que non se perciben.*) motivo polo cal, se vostedes tardaron un ano en envialo en castelán, pois comprenderá que o atraso está máis que xustificado.

Pero, aínda así, os técnicos da consellería, cuxo interese é sacar estes dous ENIL, que son espazos de interese local —como ben dicía vostede: local—, e onde ademais son os concellos os responsables —e é bo que sexan os concellos, porque é esa administración a que o ten máis de preto, xunto con outros— e non lles gustan nada os atrasos, sobre todo cando están propiciados porque a outra administración non responde, pois prefiren que se deixe claro.

E voullo deixar claro. Primeiro, efectivamente, solicítanse os dous ENIL: illas de San Pedro e torre de Hércules. Faise ademais antes da entrada en vigor da nova Lei de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia. Polo tanto, os trámites son pola anterior lei. En concreto, o ENIL illas de San Pedro declarouse provisionalmente por orde o 17 de novembro de 2017. A partir desa data de publicación da orde declarativa, o Concello da Coruña tiña dous anos para presentar a súa proposta; tardou cinco meses —a verdade é que puido tardar un pouco menos, pero tardou cinco meses—. Este plan de conservación presentado polo Concello da Coruña, nese momento en mans do Grupo de En Marea —por iso sorprende—, era un documento xenérico, totalmente xenérico —vostede levántao e seguro que se podería analizar, pero os técnicos así o din—, dende o punto de vista técnico, moi pobre. E, ademais, efectivamente, carecía da versión en castelán, que era necesaria para remitir á Dirección Xeral de Sostibilidade de Costa e do Mar, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, e que non informa se non vai en castelán. A pesar diso, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural considerou que era posible avanzar na tramitación aquí en Galicia e fixo a tramitación inicial de consultas previas, polo que en novembro de 2018 se asinou o acordo de inicio para dar comezo ao trámite de participación pública deste plan de conservación, que finalizou o



pasado mes de febreiro, pero porque o di así a lei, non por outra cousa; se son tres meses, son tres meses.

Esa mesma semana requiríuselle de novo ao Concello da Coruña que completase o dito plan de conservación, indicando a necesidade de contar coa versión en castelán unha vez máis. Dúas semanas despois o concello remitiu...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...esa versión en castelán e, ben...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...entre unha cousa e outra, neste ENIL pasou un ano. E despois dígolle o que aconteceu no outro ENIL. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira. Ten vostede outro turno despois.

Eu pídolles aos deputados e aos conselleiros, que respostan tamén, que saben que no tempo nas preguntas non hai prolongación. Así que, por favor, adáptense ao tempo no que poidan, e se non, pois xa llelo recordaremos.

Para réplica, ten a palabra o señor Jove González.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Ben, como sabe, esta é a memoria inicial e é xenérica, porque primeiro ten que ter a declaración provisional para enviar o plan de conservación. E deberíao saber, porque non é que sexa un ano de atraso, ¡é que levamos dez anos de atraso! ¿E sabe por que? Porque no 2009 xa se propuxo un ENIL, ¿e sabe quen o deixou caducar?, o alcalde da Coruña, Carlos Negreira. ¿E saben quen participou en deixalo caducar? Pois o famoso *influencer* Agustín Hernández, co seu famoso vídeo contaminando o río Sarela, que naquel momento era o conselleiro de Medio Ambiente. (*Murmurios.*) ¿E sabe quen veu despois e non amañou ese asunto que levaba desde o 2009 rexistrado e esperando o PP, que tiña maioría no Concello da Coruña e tiña maioría na Xunta de Galicia, e tiña a Consellería de Medio Ambiente, e deixou que esmorecera nun caixón? ¿Sabe quen estaba despois na Consellería de Medio Ambiente? ¡Por suposto que o sabe! A imparabile Bea Mato, que para iso si estaba moi parada; non estaba parada para ir ao Consello de Administración do Porto da Coruña para recualificar os terreos. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Os coruñeses e as coruñesas non levamos un ano esperando por un trámite administrativo, levamos como mínimo vinte e cinco anos, e, sobre todo, dez anos (*Murmurios.*), porque Carlos Negreira Souto deixou esmorecer o proxecto que había de con-



servación das illas de San Pedro. Así o fixo, e gustaríame que me dera a explicación de por que aconteceu así.

E a miña pregunta vouna refacer:... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...¿ten pensado a Xunta de Galicia... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...deixar caducar, por segunda vez, a petición do Concello da Coruña, xa que non o fai? Porque é certo o que di: os espazos naturais de interese local, por suposto, forman parte das responsabilidades do concello, pero é que o concello o fai porque a Xunta de Galicia é a responsable —segundo a Lei de conservación da natureza, do ano 2001— de garantir a protección deses lugares. Por suposto —xa o sabemos—, os concellos de Galicia son os que acaban apandando as súas leis, como a Lei da seca e moitas outras.

Voulle dar máis exemplos. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Chissst! Silencio.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Mire, o ENIL do río Gafos, en Pontevedra, seis anos estivo esperando a súa declaración, pero é que aínda estamos esperando polas ribeiras do río Mero, en Mabegondo...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...polo río Barcés, no concello de Carral.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. (*O señor Jove González pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas, señor Jove. Xa rematou o seu tempo. (*O señor Jove González pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Xa rematou o seu tempo! Moitas grazas. (*Murmurios.*) ¡Silencio, silencio! (*Aplausos.*)

Ten a palabra por parte do Goberno, para o turno de réplica, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

¿Escóitase ou non? Se non, berro e xa está. (*Murmurios.*)

Agora si. Grazas, señor presidente. Tres segundos máis.



Comprenderá que hai un lugar para falar de política local. Igual que antes se nomeou a Mariano Rajoy, pois longa vida tamén a Carlos Negreira, ¡faltaría máis! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Antes falaba dun ENIL, e agora voulle falar do seguinte, que é o da Torre de Hércules. Para empezar, cómpre indicar que a solicitude de declaración deste espazo presentouse a finais de xaneiro do ano 2018, independentemente de que vostede di que foi en xuño do ano 2017. ¿Sabe por que non foi en xuño do ano 2017? Porque non estaba normalizada nin se formalizou polos medios electrónicos como pedía a lei. *(Murmurios.)* É dicir, se presentamos un papel pero non cumpre, despois non poden dicir que non se está facendo o seu traballo. Porque o traballo fano os técnicos, señor Jove, vólvollo repetir unha vez máis. Non é que de repente unha conselleira como a imparabile Beatriz Mato diga: mire é que non quero isto para A Coruña. Non, non, ¡as cousas non se fan así! *(Murmurios.)*

E sigo avanzando. A finais do mes de febreiro de 2018 —falamos do ENIL Torre de Hércules— fíxose un requirimento de emenda para completar a documentación, recibindo en abril, por parte do Concello, unha memoria complementaria na que se subsanaban as deficiencias, tal e como lle fora solicitado ao Concello. Pero é que, se hai deficiencias, como en todo, hai que subsanalas.

En xuño do ano 2018, notifícase que se suspende o transcurso do prazo máximo para resolver a petición de informes preceptivos, porque así o hai que facer, aos distintos organismos e administracións. A finais de xullo dese mesmo ano, a Dirección Xeral de Sostibilidade de Costa e Mar devolve a documentación remitida —estamos falando do Estado, xa non falamos da Xunta de Galicia— e solicita un novo envío coa documentación debidamente dilixenciada e ademais en castelán. Volvemos outra vez ao castelán. Ao mes seguinte, solicítaselle ao Concello a memoria técnica e complementaria en castelán e non se recibe ata o mes de outubro. É dicir, moita présa a verdade é que non tiñan.

Nese mesmo mes remíteselle á Dirección Xeral de Sostibilidade e tardou ata o 30 de xaneiro do ano 2019 en informar. Pois teralle que preguntar vostede ao Estado por que non quería informar. Costas, ademais, evidencia que a documentación presentada polo Concello difire da aportada no seu día pola Cconsellería, posto que presenta unha documentación en castelán que nada ten que ver coa versión en galego. Para facerse unha idea, a versión en galego tiña 114 páxinas e a versión en castelán 19. *(Murmurios.)* Eu non sabía que cambiaban tanto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Ben, esta é a realidade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...do ENIL Torre de Hércules.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.



**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Aínda así, teño que dicirlle que antes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rematou o seu tempo.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...de que remate o ano terán...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...boas novas, pero o Concello... *(A señora conselleira pronuncia palabras que non se perciben.)*  
*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira, xa rematou o seu tempo.

**Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Vega Pérez.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moitas grazas, presidente.

Imos pasar destas preguntas con certo carácter mitinero a preguntas serias e rigorosas.  
*(Murmurios.)*

Certamente, sorpréndenos a actitude do Partido Socialista e a actitude de varios membros do Partido Socialista e de toda a oposición coa Mariña. O ataque é directo, e certamente non pensan nos traballadores.

É verdade que poden estar dicindo e presumindo todos os días con pancartas, pero tamén é verdade que estes días non saen vostedes coas pancartas. Só había que facer unha reflexión e só hai que facer unha reflexión: se o Goberno do Partido Popular estivera hoxe en Madrid, ¿cal sería a súa actitude? ¿Cal sería a súa actitude hoxe? Seguramente que lle preguntarían vostedes ao conselleiro. Non sei por que non lle preguntan vostedes á ministra por que non actúa na Mariña e por que non toma ningunha decisión nesta comarca no referente á Alcoa.

Como saben todos vostedes, Alcoa representa moito no produto interior bruto da provincia. Saben vostedes que representa 2.000 postos de traballo directos e 6.000 indirectos. Isto o que quere dicir é que A Mariña vive de Alcoa e que A Mariña ten importancia no conxunto industrial de Galicia. Se isto é importante, todos os membros deste grupo parlamentario estamos preocupados e preocupándonos pola Mariña, por Alcoa. Non sei que fan vostedes na



oposición. Vexo que se mofan, vexo que hai moita risa. Saben vostedes que pode haber moita risa nesa parte do Parlamento, o que non pode haber é nin un sorriso mentres que 2.000 postos directos de traballadores poden irse para a casa. Porque se non se actúa, se non se actúa baixo un real decreto que aprobe un estatuto electrointensivo... Xa sei que algún membro do Partido Socialista está todos os días dicíndonos que iso non se pode facer. Entón ¿vostedes están sen funcións? Un goberno en funcións si que ten funcións, polo tanto, teñen que actuar. E nós dicimos con claridade que poden ir sacar fotos, poden acudir a pancartas, pero o que teñen é que ensinar o estatuto electrointensivo. Non se pode permitir que unha empresa pague 53 euros o megavatio.

Polo tanto, a pregunta, señor conselleiro, é moi clara: ¿Que está a facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que rectifique a súa falta de solucións —e engadiría, de compromiso— para a industria electrointensiva e manteña a súa actividade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...moi especialmente no referente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...á planta de Alcoa de San Cibrao. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vega, efectivamente, estamos ante un tema importante, un tema que vertebra unha comarca, que vertebra unha provincia, que vertebra un país como é Galicia, porque estamos falando da capacidade que podemos ter entre todos de que Galicia poida seguir producindo aluminio primario.

Lamentablemente, as decisións do Ggobierno, a falta de concreción e de ofrecer un prezo eléctrico, que foi o compromiso que adoptou dende o primeiro momento, levou a que Alcoa Coruña pechase o conflito en falso e, polo tanto, nestes momentos non temos un prezo eléctrico. Iso, loxicamente, é un lastre importante, e o importante sería que todos xuntos, todos os grupos políticos e o Goberno, puideramos traballar precisamente para defender os intereses dos nosos traballadores, os intereses dos traballadores, neste caso, vinculados ás industrias electrointensivas e, nomeadamente, a Alcoa-San Cibrao.

En Galicia, dende o primeiro momento, este goberno optou por estar na solución e non ser unha parte do problema, por iso, dende o primeiro momento nos puxemos a traballar. Puxémonos de inmediato á disposición dos traballadores, porque entendemos que este goberno ten que ter como aliados aos traballadores para defender e manter o emprego e a industria.



Puxémonos de inmediato á disposición tamén das empresas electrointensivas galegas, que son as grandes damnificadas neste caso, para poder manter a súa competitividade. E puxémonos tamén, de inmediato, á disposición do Goberno central, porque era a nosa obriga, precisamente, para intentar dar unha resposta.

Lamentablemente, esa resposta non se está a producir, e nestes momentos non temos un prezo eléctrico, que é o que precisamos para que Alcoa-San Cibrao poida manter a súa produción. O que fixo a Xunta de Galicia onte foi tomar a iniciativa. Levamos un ano esperando que o Goberno concrete o contido dese Estatuto de consumidores electrointensivos. Levamos un ano esperando que o Goberno concrete un prezo eléctrico, por iso tomamos a iniciativa e presentamos unha proposta concreta que permitiría que as empresas electrointensivas tiveran un prezo eléctrico na *horquilla* dos 35-45 euros/megavatio. Se se adoptan todas as medidas que contén a proposta da Xunta de Galicia, xunto coa poxa de interrompibilidade, Alcoa-San Cibrao tería un prezo competitivo e os traballadores poderían durmir tranquilos, que é precisamente o compromiso e o obxectivo que ten o presidente do Goberno.

Señores do Partido Socialista, para durmir tranquilos, en Alcoa-San Cibrao precisamos un prezo eléctrico competitivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Vega Pérez.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, conselleiro, pola resposta.

Quedounos bastante claro, entón, o que hai que facer.

Creo que se a Xunta adopta medidas é que escoita os traballadores e, en consecuencia, escoita o comité de empresa. Ese comité de empresa ao que vostedes se abrazaban moito hai uns anos, cando gobernaba o Partido Popular, e agora parece que non queren relacionarse con el, porque lles está dicindo con moita claridade que vostedes son os inimigos públicos da comarca. Iso téñollelo que dicir, sinceramente. Como veciño da comarca, téñolles que dicir que vostedes son inimigos públicos da nosa comarca porque non están defendendo os traballadores.

Vostedes agora priorizan a campaña electoral. Van cunha ministra e din que van facer, pero non concretan as medidas, e a Xunta de Galicia toma a iniciativa. Toma a iniciativa, e iso que a Xunta de Galicia abrazou constantemente ao Goberno. ¿Para que? Para que o Goberno do Estado tomara unha decisión en beneficio dos traballadores. ¿Cal é esa? Aprobar o real decreto que garanta a viabilidade da empresa. Non pagar nin seguir pagando 53 euros o megavatio, ter unha *horquilla* —como dixo o conselleiro— de entre 35 e 40 euros, e iso faría rendible a empresa.



Ben, pois isto é moi fácil. ¿Por que escollen unha actitude de render *pleitesía* ao amado líder Pedro Sánchez e non acudir a abrazar sistematicamente unha comarca e tamén uns veciños que demandan que vostedes actúen de inmediato? Actuar de inmediato significa que vostedes teñen que loitar e defender a Galicia e defender os traballadores. E eu, dende aquí, dígolles con moita claridade a eses 2.000 postos de traballo directos e a eses 6.000 postos de traballo indirectos que este grupo do Partido Popular nunca, nunca, os vai abandonar.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vega, rematou o seu tempo.

**O señor VEGA PÉREZ:** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Réplica do Goberno. Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vega, efectivamente, a un goberno responsable ténselle que pedir que aporte tan só dúas cousas: estabilidade e confianza. Porque a economía precisa de estabilidade, de confianza e, sobre todo, tamén de seguridade xurídica. E o Goberno nestes momentos, o Goberno socialista, non está aportando nin estabilidade nin tampouco confianza.

Leva un ano anunciando un estatuto para os consumidores electrointensivos que permita fixar ese prezo eléctrico competitivo para as empresas electrointensivas e para Alcoa. Se recordan, o Goberno asegurou que a principios de ano ía contestar as propostas presentadas pola Xunta de Galicia para ese estatuto, e incumpriu a súa palabra. O presidente Sánchez garantiu unha solución antes das pasadas eleccións de abril, e volveu incumplir a súa palabra. E, recentemente, a ministra de Industria, na súa visita a San Cibrao, afirmou que tiña un estatuto, que non presentou, pero comprometeuse a dúas cousas. Primeiro, que ía manter unha reunión na Delegación do Goberno xunto co Comité de empresa e a Xunta de Galicia, reunión que non se produciu. Ademais, comprometeuse a que o Consello de Ministros desa mesma semana ía aprobar a ampliación da compensación dos gastos de CO<sub>2</sub>. Unha vez máis, un ministro deste goberno incumpré a súa palabra con Galicia, con Alcoa e cos seus traballadores.

Con ese contexto, nós non podemos estar calados, non podemos estar inactivos, por iso presentamos unha proposta que permitiría ter —como dixen na primeira intervención— un prezo competitivo a través de diferentes medidas.

En primeiro lugar, medidas de carácter fiscal, suprimindo para todos os consumidores, tamén para as pequenas e medianas empresas, o imposto do 7 % da xeración eléctrica; suprimindo tamén o céntimo verde ao carbón; reducindo as cargas e peaxes recollidas nas tarifas de acceso ata un 80 %; ampliando as axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO<sub>2</sub> e tamén fomentando a contratación a longo prazo da enerxía eléctrica. Son cinco medidas moi concretas que, unidas á diferenciación e á incorporación dos consumidores hiperelectrointensivos e á compensación das poxas de interrompibilidade, permitirían, con todo este conxunto de medidas, que as empresas electrointensivas tiveran un prezo competitivo para poder competir a nivel europeo.





Ese é o compromiso da Xunta de Galicia. Esta é a proposta que lles trasladamos aos partidos políticos. Esperamos que haxa unha reacción por parte do Goberno e que, polo tanto, en Galicia as empresas electrointensivas teñan de forma inmediata ese estatuto e ese prezo eléctrico competitivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da venda da sociedade Ferroatlántica SAU**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Boas tardes, señor conselleiro.

No ano 1992, a COTOP outorgou unha autorización administrativa previa, para a transferencia da concesión dos aproveitamentos hidroeléctricos a favor de Ferroatlántica SL e Bannesto Leasing SAF, baixo unha serie de condicións que tiñan que ser cumpridas polos cotitulares. No ano 1994, dítase resolución definitiva aprobando a dita transferencia, e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Augas de Galicia baixo unha serie de condicións.

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa; non poderán segregarse de Ferroatlántica SL as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións; e como causa de extinción recóllese a perda, por parte de Ferroatlántica SL, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Contra esta resolución definitiva, Ferroatlántica presentou recurso contencioso-administrativo, que foi desestimado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e confirmado por sentenza do Tribunal Supremo. A fundamentación xurídica da sentenza di que Ferroatlántica SL aceptou, coa resolución previa, as condicións impostas ao non recorrer a dita resolución. Que a finalidade da autorización definitiva é a comprobación do cumprimento das ditas condicións. E que a empresa ten a obriga de presentar un plan de viabilidade que garanta a actividade das ferroaleacións, xa que as actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha única unidade produtiva.

En xuño deste ano, o Grupo Ferroatlántica SAU, filial de Ferroglobe, acordou a venda do cen por cento das accións de Ferroatlántica SAU ao fondo estadounidense Partners e, á súa vez, encomenda a xestión dos activos á empresa Itaca. Ao mesmo tempo, Ferroglobe presentou ante a Xunta de Galicia a documentación que acredita esta venda, entendendo a empresa que chegaba coa comunicación, non precisando a autorización administrativa previa regulada na lexislación hidráulica, amparándose en que non existía unha transmisión do título concesional, senón só un cambio accionarial no seo da sociedade.

Señor conselleiro, vostede mesmo, en declaracións a diversos medios o mesmo día do anuncio da venda, manifestaba: A empresa sabe que imos exixir con contundencia os condicio-



nantes que se marcan na concesión hidráulica, e a partir de aí, a Administración actuará con responsabilidade, garantindo os dereitos dos traballadores e a actividade industrial. Polo que, señor conselleiro, ¿que avaliación fai a Xunta de Galicia sobre a venda da sociedade Ferroatlántica SAU? ¿A Xunta de Galicia vai tramitar a comunicación da empresa da venda accionarial como o inicio do expediente de autorización administrativa previa, tal e como está regulado na lexislación hidráulica?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ¿A Xunta de Galicia vaille exixir...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...á empresa o plan de viabilidade? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez, non desvirtúe o relato. É curioso que o Partido Socialista veña facer aquí unha pregunta sobre un tema no que coñece perfectamente a posición do Goberno, no que coñece perfectamente que o Goberno está actuando conforme a dereito, e non se preocupe o propio Partido Socialista do que lles está a pasar aos traballadores de Naturgy en Meirama, aos traballadores de Endesa nas Pontes, aos traballadores de Partner na Coruña, aos traballadores de Alcoa en San Cibrao ou aos propios traballadores de Ence. Curioso este desvío de relato que o Partido Socialista trae hoxe a esta Cámara, 5.000 empregos en perigo por falta de vontade política do Goberno de Pedro Sánchez precisamente para traballar por unha transición enerxética ordenada e xusta e para un prezo competitivo.

Curiosamente, se realmente o Partido Socialista de Galicia está ao lado dos traballadores de Cee e Dumbría, debería asumir este tipo de posicionamento porque tamén os traballadores de Cee e Dumbría dependen desta política enerxética. Lamentablemente, vostede vén aquí cun relato para chamar á confusión e non para preocuparse, realmente, da industria en Galicia, do emprego en Galicia, porque, lamentablemente, hoxe o Partido Socialista de Galicia é un partido político anti industria en Galicia.

Sabe que non é certo que a operación de venda das accións de Ferroatlántica precise dunha autorización administrativa, sábeo perfectamente, porque, se non, tería que repasar o dereito administrativo. Sabe que esa operación non afecta á titularidade das concesións hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande e sabe perfectamente que esa titularidade a segue ostentando Ferroatlántica, igual que o negocio de ferroalixes, e que, polo tanto, non hai ningún tipo de segregación. Se iso é así, creo que non debería vir aquí intentar confundir.



O que si afecta á titularidade e, polo tanto, si precisa de autorización administrativa é a operación de compra inherente ao contrato de arrendemento financeiro, que foi precisamente o que exerceu Ferroatlántica. Esa autorización previa sabe que foi emitida en agosto, e Augas de Galicia acaba de notificar a resolución final que aproba a transferencia da titularidade, que é o que lle corresponde nestes momentos. Nesa resolución, xa lle adianto que se inclúe a exigencia á empresa de presentar o plan de viabilidade a dez anos que garanta a actividade de ferroaleacións na fábrica de Cee e Dumbría. Polo tanto, unha vez máis, este goberno cumpre con Ferroatlántica e cumpre cos traballadores de Cee-Dumbría, e, lamentablemente, o Partido Socialista o que quere é confundir e desviar o relato.

Nada máis e moita grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señor conselleiro, quero aproveitar para saudar os alcaldes e alcaldesas da Costa da Morte que hoxe nos acompañan. Alcaldes e alcaldesas que solicitaron o día 12 de agosto pasado unha entrevista co presidente da Xunta de Galicia, sen que de momento tiveran noticia diso. Pode aproveitar vostede hoxe aquí para comunicarlles unha data e para darlles cumprida resposta ás lóxicas dúbidas sobre a continuidade dunha empresa que é fundamental para a Costa da Morte.

Señor conselleiro, a Xunta de Galicia ten a obriga de garantir o cumprimento das condicións exigidas para que a empresa obtivera a resolución definitiva para a concesión dos aproveitamentos hidroeléctricos. Xa que logo, a venda debe ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia, non basta cunha comunicación á Administración galega.

Augas de Galicia ten a obriga de pronunciarse sobre se o negocio xurídico que pretende re-alizar Ferroatlántica está suxeito a autorización previa do referido organismo, e a dita autorización conleva a presentación dun plan de viabilidade que garanta a actividade de ferroalixes e que especifique cal vai ser o funcionamento da empresa. ¿Vanse manter en funcionamento todos os fornos? ¿Vaise manter o emprego? O Goberno galego non pode obviar que a empresa Ferroatlántica se beneficia de concesións públicas para explotar recursos naturais que son de todos os galegos e de todas as galegas que están supeditadas ao mantemento e á creación de postos de traballo. Xa que logo, é competencia da Xunta de Galicia asegurar a actividade produtiva das ferroalixes nas fábricas de Cee e Dumbría.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señor presidente.



Señora Rodríguez, loxicamente, alégrome de que nos acompañen esta tarde os alcaldes de Cee e Dumbría, da comarca. Voullo volver dicir máis despacio, pero voulle dicir o mesmo, porque vostede non cambia o seu relato ante o que lle traslada ao Goberno.

A operación de venda de accións de Ferroatlántica non precisa autorización administrativa, non a precisa, porque, sinxelamente, non afecta á titularidade das concesións, polo tanto, esa titularidade segue ostentándoa Ferroaltántica.

A partir de aí, loxicamente, o Goberno o que vai facer é o que ten feito dende o primeiro momento, que é exixir que Ferroalántica cumpra estritamente o que marca a lei, por iso non se permitirá en ningún momento a segregación das actividades hidroeléctricas das actividades industriais. *(Aplausos.)* Polo tanto, señora Rodríguez, nós seguiremos velando polo interese público das concesións, seguiremos velando polo futuro das instalacións de Cee e Dumbría, e iso pasa, irremediamente, por manter a actividade industrial, que —como ben sabe vostede— na actualidade se está desenvolvendo con total normalidade porque están funcionando todos os fornos, tanto de Cee como de Dumbría. Polo tanto, señora Rodríguez, non veña aquí onfundir, non enganen os traballadores, non enganen as autoridades locais.

A operación de venda de accións non precisa de autorización administrativa porque non afecta á titularidade. Por iso, este goberno o que si tivo que facer foi autorizar a opción de compra inherente ao contrato de arrendamento financeiro que exerceu Ferroatlántica. Díxenllo na primeira intervención, esta autorización previa foi emitida en agosto, acábaselle de comunicar oficialmente a resolución final que aproba a transferencia de titularidade, e nesa resolución inclúese expresamente a exixencia á empresa de que presente un plan de viabilidade que garanta a actividade de ferroaleacións.

Ese era o compromiso do Goberno, cumprimos o noso compromiso, e non se preocupe o Partido Socialista que seguiremos cumprindo o compromiso con Cee e Dumbría, exixindo que non se segreguen as actividades e que se manteña a actividade industrial, que é precisamente o que exixe a concesión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.



Boa tarde, señora conselleira.

Para poñer en marcha a transición ecolóxica de Galicia, o primeiro é coñecer cal é a situación e a súas interrelacións, para poder planificar o que se debe facer. Para iso, as directivas europeas marcan que o instrumento fundamental son os mapas para a transición sostible. Moitas das rexións europeas xa os están desenvolvendo. É un documento absolutamente transversal que analiza todas as actividades humanas —como vostede saberá—, sexan industriais, extractivas, agrogandeiras, pesqueiras, urbanas etc., e, posteriormente, desenvolve estratexias para facer todas esas actividades máis sostibles.

Como dicía, moitas rexións de Europa xa están traballando niso, e algunhas incluso xa os teñen rematados, xa que serán imprescindibles para conseguir fondos europeos e estatais e determinar que actividades actuais poden considerarse sustentables e cales non, nas que, efectivamente, habería que actuar nos diferentes plans que se desenvolvan a partir destes mapas.

Pola información que recabamos, poderíase ter unha versión cero destes mapas coa aplicación piloto, que é o que sería máis urxente nas comarcas e nas hipercomarcas no contorno das centrais de Meirama e As Pontes, e en nove meses poderían estar listos. Por iso, tendo en conta que é un documento imprescindible para desenvolver todo o resto das políticas de transición ecolóxica, queríamos preguntarlles se teñen pensado poñer en marcha o grupo de traballo para desenvolver estes mapas, cando o pensan presentar na Unión Europea e que actuacións pensan desenvolver a partir de que os teñan redactados.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

Para contestar por parte do Goberno, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Señor Casal, teño que dicirlle que nas preguntas se fala continuamente de previsión e planificación. Sabe vostede que hai dous anos comezamos a traballar na Estratexia de cambio climático. Foi un proceso baseado na participación democrática. Houbo distintas mesas, e hai que dicir que a mesa máis enérxica foi a de enerxía, a que tivo unha maior participación.

Nas mesas, todos os axentes relacionados con cada un dos sectores contaron cun espazo común para identificar os retos contra o cambio climático. Hai que dicir que logra Galicia a neutralidade climática no ano 2050 sen necesidade de pechar As Pontes, non había necesidade de pechar As Pontes. Neste proceso estivo representada toda a sociedade, a Administración pública, autonómica, local, universidades, centros de investigación, empresas e asociacións. Todo aquel que quixo participar, fíxoo.

Hai menos dun ano puxemos en información pública o borrador da estratexia. O día 3 deste mesmo mes foi aprobada por parte do Consello da Xunta. A Xunta actuou en todo momento



no exercicio das súas competencias, tramitando todas as solicitudes presentadas por Endesa para que esta central térmica da Pontes mantivera a súa actividade; hoxe mesmo poñíanse medidas enriba da mesa.

Pero se queremos falar en concreto do mapa e de se estamos traballando nel, ¿como non imos recoñecer, se é público e notorio, que Galicia está traballando para ter o Mapa de transición sostible en Galicia e que terá o borrador no primeiro trimestre do vindeiro ano? Estao facendo, ademais, con quen debe de facelo, que é coas universidades, e é un traballo que non é silencioso, senón un traballo moi arduo, un traballo constante. Polo tanto, non é que lles deamos unha boa nova, é que hai planificación e organización.

Houbo planificación e organización para a Estratexia de cambio climático. Concluíase que podíamos chegar a esa neutralidade climática, que é o obxectivo que perseguimos, sen ter que tocar As Pontes. Cremos nunha transición ordenada, e ao final o resultado dun traballo ben feito é o que temos enriba da mesa.

Polo tanto, hai que dicir que actualmente hai un equipo técnico, conformado por diferentes departamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Está a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio climático —que ten que estar— traballando conxuntamente con grupos especializados da Universidade.

Por outro lado, se tivéssemos que falar de mapas, dicir que conta con mapas de transición sostible Nixeria, Madagascar, Ecuador, Perú. Na Unión Europea, ¿quen conta con estes mapas en Europa? Alemaña, Noruega, Francia, pero non é o caso de España. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Alégrome de que vostedes rectificaran, porque a estratexia non era a adecuada. Empezaron desenvolvendo a Estratexia e, por certo, unha vez que pasou o período da exposición pública, retirárona da web, non sei por que. Agora, hai dúas ou tres semanas, presentaron en rolda de prensa que xa estaba o definitivo coas alegacións, pero o definitivo eu non o encontro por ningún lado. A ver se o colgan na web da Consellería ou o poñen á disposición deste Parlamento, porque de momento eu non o encontro por ningún lado.

O primeiro que tiñan que facer era o Mapa de transición sostible, e a partir de aí, a Estratexia. Xa sei, xa sei, porque este grupo traballaba tamén coa Universidade nestes mapas, que hai tres semanas precisamente, unha semana despois de que rexistráramos esta pregunta, vostedes se puxeron en contacto coas universidades para poñer en marcha o traballo. Perfecto, iso era o que queríamos, que se puxeran en marcha para facer este traballo.

Vostede di que no primeiro trimestre do 2020 estará rematado. Perfecto, parécenos fenomenal. As iniciativas que presentamos son precisamente para isto, para que o Goberno actúe, e se o Goberno actúa antes incluso de que poidamos traer a pregunta ao Pleno, fenomenal, para iso está este Parlamento e así deberían de ser sempre as cousas.



Pero de verdade, non o consideren un trámite, non o consideren un papel que hai que mandar a Europa porque se poñen pesados os señores de Bruxelas. Non, isto é fundamental. Para poder saber a estratexia e a planificación dos traballos a realizar, primeiro hai que saber cal é a situación, cales son as interrelacións entre as actividades humanas e industriais que afectan ao medio ambiente, e a partir de aí, facer o traballo.

Ao mellor, cando teñan as conclusións destes mapas, van ter que refacer todo ese traballo que levan facendo dous anos por non seguir un procedemento máis axeitado, como vostede di que se fixo en varios países sudamericanos e en moitos países de Europa, e, efectivamente, de momento en ningunha autonomía de España.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** A ver se a partir de aí o aplican e aplican tamén as propostas que estamos desenvolvendo para As Pontes e para Meirama, en vez de pedir que unha central como a das Pontes siga funcionando hasta o ano 2045... *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal. Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Bueno, a verdade é que hai que escoitar. O día 3 ou días posteriores, despois de aprobar no Consello da Xunta a Estratexia, había que escoitar que era unha casualidade. Todo o mundo sabía que levabamos traballando dous anos, todo o mundo sabía que participaran 690 persoas, todo o mundo sabía que había mesas sectoriais, que unha das máis enérxicas foi a de enerxía, onde estaban —díxeno antes— grupos políticos, había sindicatos, estaba a universidade, había técnicos.

Non era casualidade, había un traballo, un traballo de fondo. Un traballo que moitas veces é silencioso, pero ese traballo deberíámolo facer todos, tamén os grupos parlamentarios. E cando hai unha exposición pública, non hai que agardar a que alguén traia algo, senón que se pode participar, e houbo grupos políticos que participaron. Polo tanto, non é froito da casualidade, e dicir iso sería un grave erro porque sería insultar a moitísimas persoas que son coñecedoras de primeira man, e son estudosas de primeira man, dos temas relacionados co cambio climático e coas distintas estratexias.

Somos a cuarta comunidade que temos estratexia de cambio climático. Non é agardar ata o 2050, é simplemente ir paulatinamente facendo unha transición ordenada. Non o facemos porque nolo mande ninguén, é que temos iniciativa propia. Ben é certo que en Europa a consideración que teñen da rexión é moi alta, algo que moitas veces aquí queremos defenestrar,



por iso eu, anteriormente, falaba dese comité internacional e dese traballo que se estaba levando a cabo estes días en Galicia, onde se fala de biodiversidade pero tamén de cambio climático, independentemente de que haxa algúns que crean que a biodiversidade é outra cousa e que temos que falar de residuos.

Ao final, non é: sigamos ou non con carbón. Ao final é: fagámolo de maneira que non sexan os traballadores os que paguen as consecuencias dunha decisión demasiado precipitada. A partir de aí —diciállo anteriormente—, aquí traballamos dun xeito ordenado. Agora di vostede: puxéronse en contacto coa universidade grazas a nós. Ogallá traian moitas iniciativas, ogallá traian moitas preguntas e ogallá sexan consecuentes tamén cos seus feitos. Non pidan unha cousa e a contraria dependendo do escenario no que nos atopemos.

A realidade é unha, e é que, efectivamente, hai diversos países que o teñen, que en Europa hai uns que van máis adiantados que outros, que España non está facendo nada. ¡É que non está facendo nada, nin no mapa de transición, nin na estratexia, nin en economía circular, esa é a gran realidade! Temos o ministerio totalmente parado, dámos un paso adiante e dámos dous para atrás, as consecuencias sempre son para os mesmos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. Rematou o seu tempo.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Agora estamos no bo camiño. Agardemos que no próximo trimestre teñamos o borrador e vostedes poidan participar.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das súas actuacións respecto da crise xerada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da central térmica**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, antes dicía que levaba un ano esperando respecto de Alcoa e que onte decidira tomar a iniciativa. Espero que coa cuestión das Pontes non agarden tanto tempo, porque, como sigan esperando de ano en ano, (*Aplausos.*) vains dar aquí a extinción mentres vostedes aínda non fixeron nada.

Pasou xa case un mes desde que se anunciara a intención por parte de Endesa de consumir antes de tempo o peche da central térmica das Pontes, e desde o BNG pensamos que é hora de que abandonen vostedes o seu pim, pam, pum permanente entre Partido Popular e Partido





Socialista, entre Xunta e Goberno central, e de que estean, dunha vez por todas, por riba, porque o certo é que iso é o que exixen as circunstancias neste momento, xa non só porque lles esteamos pagando un salario, senón porque a emerxencia industrial que vive este país vai moito máis alá das Pontes. O certo é que o que pase, o que sexamos capaces de condicionar coa realidade das Pontes, non vai ser indiferente para arreglar o demais.

Eu quero recordarlle que, ademais, estamos aquí como estamos polo fracaso político e polo fracaso do modelo enerxético tamén do Partido Popular, que nos levou a privatizar sectores enerxéticos e estratéxicos coma este. Hoxe As Pontes —quero recordalo aquí unha vez máis esta tarde— está explotada por unha empresa pública, pero por unha empresa pública italiana, á que lle importa un pemento o que pase coa comarca das Pontes e o que pase con este país.

Saben vostedes tamén que a chegada do carbón, que é un material finito, non é unha realidade nova que acaben de descubrir recentemente, neste pasado verán, senón que é algo que sabemos desde hai tempo. E que non haxa, que non exista, que non pareza que teñan plan para desenvolver un plan galego de transición enerxética é outra mostra tamén do seu fracaso, señor conselleiro. Habería que recordar tamén —estaría ben— neste Parlamento cantas veces votaron vostedes en contra de constituír unha folla de ruta para este asunto.

En todo caso, é hora de que abandonen vostedes o curtopracismo, de que abandonen tamén o conformismo cun modelo enerxético que é lesivo para a clase traballadora galega e que actúen. Por iso, nós hoxe queremos traerlles unha serie de propostas, agardando que saian dese pim, pam, pum.

En primeiro lugar —insistimos—, é hora de que vostedes se comprometan e impulsen unha mesa galega de traballo, unha mesa que desde As Pontes deseñe unha alternativa pensada para esta poboación, na que vostedes sumen, o Goberno central sume, se intente sentar a propia empresa e participen tamén os axentes sociais, económicos e políticos desta zona do noso país.

En segundo lugar, que tamén exixan de forma firme que Galiza teña igualdade de condicións, tanto para os fondos do Estado, compensándose a débeda histórica do Goberno Rajoy con noso, como para os fondo europeos.

Polo tanto, tendo en conta como está esta situación, señor Conde, nós preguntámonos se vostedes consideran suficientes as actuacións que levaron a cabo, e espero non ter que lerlle outra vez o Estatuto de autonomía e recordarlle que tamén teñen competencias en materia industrial. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas, rematou o seu turno.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ¡Que prudencia, señora Presas, cos seus socios do Partido Socialista! ¡Que prudencia! Sorpréndeme. Iso si que é un pim, pam, pum. Un pim, pam, pum de alianzas.



Fala vostede de Alcoa. Entendo que non quere molestar os seus socios, pero recórdolle que, con respecto a Alcoa, este Goberno, no primeiro momento en que se puxo enriba da mesa o borrador do Estatuto de empresas electrointensivas, plantexoulle propostas concretas ao Goberno, propostas que o Partido Socialista nunca contestou. Dende o primeiro momento, este Goberno puxo solucións, e é a primeira vez, despois de dez anos, que en Galicia unha planta de aluminio primario deixa de producir aluminio primario, e iso foi porque o Partido Socialista non puxo solucións, non porque este Goberno non tomara a iniciativa.

E con respecto a Endesa, ¡home, volva á realidade! Eu creo que é bo que veña á realidade. Sabe perfectamente que estamos nunha transición enerxética en toda Europa, e sabe perfectamente que todos os países europeos están traballando cun obxectivo común. E o que non acepta este Goberno é que o Partido Socialista pretenda traer aquí, a Galicia, unha ruptura enerxética. Ese é un contexto totalmente distinto, e sorpréndeme que o Bloque Nacionalista Galego siga esa posición de servilismo cara ao Partido Socialista Obreiro Español. É sorprendente.

Fala vostede de iniciativas. Debería saber vostede que nós claro que tomamos a iniciativa, e xa lle solicitamos ao Goberno central que constituía esa mesa técnica para buscar alternativas para a planta das Pontes. Deberían saber, porque xa se ten dito por parte deste Goberno, que lle solicitamos ao Goberno que se asinen coa comunidade autónoma os convenios de transición que se recollen na Estratexia de transición xusta do Goberno. Debería saber que este Goberno xa lle ten trasladado tamén ao Goberno central que Galicia participe no Equipo país da Plataforma europea de rexións mineiras en transición, porque cumprimos con todos os obxectivos e non sabemos por que o Partido Socialista ten fóra a Galicia.

Debería saber que tamén este Goberno estivo traballando coa Comisión Europea para planificar a posibilidade de que Galicia estea —que estará— participando nos fondos de transición xusta que a Unión Europea porá á disposición dos estados membros a partir do ano 2021, señora Presas. Volva á realidade.

Este Goberno claro que traballou e está traballando na transición enerxética, e o que precisa é que haxa colaboración, non unha visión independentista desde o punto de vista enerxético, que iso, desde logo, a Galicia non a leva a ningunha parte.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Conde, eu xa non lle vou dicir que volva a este planeta, pero polo menos volva a este Parlamento e ao que votou hoxe, xa non sei se era pola mañá ou pola tarde.

¡Claro!, vostede véndeme aquí que vostedes propuxeron unha mesa técnica. Pero nós xa non sei cantas veces propuxemos, en iniciativas propias e dos demais partidos políticos, esa mesa que eu lle proponho aquí, en Galiza, nas Pontes, dende a realidade do territorio, con todas as



administracións e con todos os axentes implicados, (*Aplausos.*) e vostedes votaron en contra. Vostede tamén, que é deputado. Nesta bancada votamos a favor desa formulación, e vostedes votaron en contra. Aclárense un pouco, ¡non lle tomen o pelo á xente!

Despois, sobre a cuestión da nosa política independentista enerxética, eu insístolle unha vez máis en que nós non pretendemos coller unha serra e fender á altura do Padornelo os tendidos eléctricos. Non se trata diso, señor Conde. Nós o que propuxemos é o que acaba de propoñer vostede hai uns minutos, unha rebaixa vía peaxes do transporte, porque ¡claro! vostedes tamén votaron en contra diso. Incluso cando o Bloque Nacionalista Galego trouxo unha proposta para aplicar iso exclusivamente á industria, co fin de buscar un punto de acordo, xa que vostedes, na tarifa dos consumidores, o que nos aplican é a tarifa dependente, esa de ter que pagar 38 millóns de euros máis entre todos os galegos e galegas polo canon eólico. (*Aplausos.*) Entón, paren de xogar á confusión errática unha e outra vez.

Nós, o mesmo que lles esiximos a vostedes exixímosllo ao Partido Socialista. Non se preocupe, que a partir do 10 de novembro, cando os deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego poidan condicionar a política estatal, farán valer os seus votos no Goberno central, non como fixeron vostedes, que estiveron ausentes deste debate cando gobernaba o Partido Socialista e cando gobernaban vostedes. Porque a min paréceme estupendo que agora se sumen ao carro de pedir que o Partido Socialista nos inclúa no Plan carbón, ¡estupendo! Pero non esquezamos o que vostedes deben a Cerceda e ás Pontes dende 2011, porque foi o señor Rajoy, o señor M. Rajoy, o que incumpriu eses compromisos.

Polo tanto, menos lerias señor conselleiro, e un pouco máis de seriedade. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou a súa intervención.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Señora Presas, fáleme vostede de coherencia, pero este dobre xogo do Bloque Nacionalista Galego, que por un lado quere a transición enerxética e por outro o que quere é non molestar o socio do Partido Socialista, ¿iso como hai que interpretalo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu doulle a benvinda porque, por primeira vez, esta mañá vostedes votaron xunto co Partido Popular... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, salvo que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Queda xa pouco da orde do día, de verdade... Fáganme caso, queda pouco.

Continúe.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** O Bloque Nacionalista Galego votou a favor, precisamente, de que a planta das Pontes poida ter con-



tinuidade ata que haxa unha alternativa. ¿Votaron a favor ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, moi ben! Grazas, grazas. Espero que retire ese atributo que me traslada de que eu minto aquí, porque eu non minto, señora Presas.

Polo tanto, ¡benvida! Benvida, por primeira vez, á defensa dos traballadores das Pontes. Eu o que espero é que vostedes se manteñan nesa posición.

Fálame vostede... Non faga trampas, non faga trampas, Non queiran enganar a xente. Eu entendo que a súa visión de país queda dentro do Padornelo, non pasa, pero a transición xusta pasa por Madrid, porque hai unha estratexia de transición xusta, e a transición xusta, señora Presas, pasa por Europa, por Bruxelas. Xa sei que vostedes non queren ir nunca a Bruxelas, pero pasa por Bruxelas, onde a Comisión Europea está establecendo e vai crear un fondo de transición xusta. Polo tanto, darlle futuro a Meirama, darlle futuro ás Pontes, pasa necesariamente por Madrid e por Bruxelas, e para defender os intereses hai que facer unha actuación conxunta, coordinada e coherente co resto das administracións.

Nós xa lle temos solicitado á ministra que cree unha mesa técnica entre as administracións e a empresa, porque entendemos que esa é a iniciativa que ten que ter o ministerio. Que se incorpore Galicia aos fondos europeos, a partir do ano 2021, que imos garantir no próximo marco financeiro. E, por suposto, xa lle temos solicitado tamén á ministra que haxa un plan de acción urxente, dentro da Estratexia de transición xusta, para que se poidan asegurar a transformación e a recuperación económica das comarcas de Cerceda e das Pontes. Tamén solicitamos a participación no Equipo país da Plataforma europea de rexións mineiras, e tamén se contempla unha estratexia específica para as rexións que poidan acudir aos fondos europeos.

Polo tanto, señora Presas, benvida á alianza cos traballadores. Agora o que esperamos é que tamén apoiem a este Goberno na Estratexia de transición xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do estaleiro Barreras de Vigo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Boa tarde, señor presidente.

A política de publicidade e propaganda do Goberno Feijóo nestes dez anos ten un dos seus exemplos máis ilustrativos no asunto de Pemex e o estaleiro vigués Hijos de J. Barreras. Na primavera de 2012, o presidente Feijóo regresou dunha viaxe a México con Mariano Rajoy avanzando unha oportunidade histórica para o sector naval galego da man da empresa me-



xicana Pemex, facendo unha serie de anuncios: construción de buques, base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto Punta Langosteira, 2 floteis, 3 buques-tanque, 1 atuneiro, 1 barco de apoio a plataformas petrolíferas, 1 buque hotel, a renovación de parte da frota, 2 quimiqueiros e varios remolcadores.

A única realidade, señor conselleiro, de todas estas promesas foi que a finais de 2012, a poucas semanas das eleccións autonómicas, o presidente Núñez Feijóo, bordeando a Lei electoral, solemnizou no pazo de Raxoi o encargo dos dous floteis de Pemex para os estaleiros galegos. Acordo con sinatura e retransmisión televisiva en directo, formalizando esa alianza estratéxica que o presidente da Xunta de Galicia definiu como unha das melloras noticias de economía e emprego dos últimos tempos, pois estes contratos están avalados non só financeiramente, senón que tamén están avalados pola convicción e o realismo.

Dous floteis, o Cerro de la Pez, construído en Navantia. A Xunta falou de 2.000 postos de traballo para a comarca con este encargo, pero a cifra máxima foi de 500 empregos a pleno rendemento. Foi o único encargo en Ferrolterra daquela alianza estratéxica.

O outro flotel foi construído en Barreras, estaleiro do que Pemex posúe o 51 % dende abril de 2013, e nese momento o presidente Feijóo presumía de que era un movemento positivo para os traballadores, para o sector e para toda Galicia.

Sete anos despois daqueles anuncios, o conto Pemex rematou. Pemex decidiu abandonar Barreras e Galicia, logo de moreas de proxectos anunciados por Feijóo. Así, o maior estaleiro de España en capacidade e carga de traballo, neste mes solicitou o precurso de acredores, tras a destitución da súa cúpula directiva, fixando un marco temporal de negociación e es-treitando as marxes de manobra.

Tendo en conta a importancia estratéxica do sector naval, ¿que valoración fai o Goberno galego da situación actual de Barreras? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, recoñezo certo estupor escoitar ao Partido Socialista falar do sector naval. Como vostede sabe, foi un goberno socialista o que desmantelou os estaleiros públicos da ría de Ferrol como moeda de cambio para entrar á Unión Europea, sábeo perfectamente. E sabe vostede perfectamente que foi a decisión dun comisario socialista solicitar a devolución das axudas do *tax lease* recibidas polo sector, restándolle competitividade e poñendo contra as cordas todo o sector naval galego. Dúas decisións do Partido Socialista que levaron á perda de milleiros de empregos, levaron a un sector a languidecer durante moitos anos, e, sobre todo, levaron a unha discriminación continua do Partido Socialista a Galicia. Esa é a realidade.



Por certo, discriminación que segue, segue esa discriminación do Partido Socialista ao sector naval. Deberían de preocuparse de por que hoxe as gradas de Ferrol están baleiras, precisamente porque o Partido Socialista non pon carga de traballo e está demorando a entrada en execución das fragatas. Polo tanto, imos ter dous anos nos que, lamentablemente, as decisións do Partido Socialista nos levan a esta situación.

Fronte a iso, señora Rodríguez Rumbo, nós propuxemos solucións. Efectivamente, hai un novo sistema de *Tax lease*, que foi defendido por este Goberno e avaliado pola Unión Europea; colaboramos na busca de carga de traballo, claro si —agora falarei, loxicamente, de Barreras—, e destinamos máis de 50 millóns de euros para consolidar o crecemento. Polo tanto, nós sempre estivemos aí, sempre estivemos defendendo o sector naval, dándolle viabilidade.

E aí, efectivamente, no 2012, Pemex xogou un papel determinante para a recuperación de Barreras, dando carga de traballo cando poucos —moi poucos, por non dicir practicamente ninguén— apostaban polo naval galego. Barreras, a través de Pemex, fixo posible a súa diversificación e, ademais da carga de traballo do flotel, conseguiu unha carteira de pedidos de 900 millóns de euros, cunha participación activa por parte de Pemex.

Polo tanto, a Xunta de Galicia está tomando a iniciativa. É certo que Barreras neste momentos ten unha situación accionarial que ten que resolver, pero, loxicamente, a Xunta de Galicia está traballando para poder ofrecer solucións e, polo tanto, que haxa unha situación de continuidade, non só do estaleiro, senón tamén da propia industria auxiliar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señor conselleiro, a verdade é que vostede emprega bastante a demagogia. O estaleiro, con fortes tensións de tesourería, unha estrutura deficitaria de capital e o accionariado en guerra, afronta millónarios sobrecostos nos tres barcos que xa ten en construción, dos cinco que ten formalmente contratados, cunha carteira de pedidos que ascende aos 950 millóns de euros.

Señor conselleiro, vostede, en declaracións aos medios neste mes de outubro, manifestou que, se a Xunta de Galicia apoia economicamente a operación de compra de Barreras de Ritz Carlton, debería asumir toda a carga de traballo asinada polo estaleiro e o pago das débedas coa industria auxiliar.

No mesmo sentido se ten manifestado o vicepresidente Alfonso Rueda, quen considera a Barreras un activo moi importante, tanto polo tamaño como pola carga de traballo vixente e os centos de empregos directos, indirectos e na empresa auxiliar, polo que manifesta tamén o señor Rueda que o Executivo galego podería axudar a atopar solucións que sexan viables e garantas do futuro. A implicación da Xunta de Galicia dependerá da información que obteña sobre as necesidades de Barreras, para así procurar unha solución integral tanto para o estaleiro como para as auxiliares.



Polo tanto, señor conselleiro, despois destas manifestacións feitas por vostede e polo señor vicepresidente, o señor Alfonso Rueda, logo dos anuncios fraudulentos e das falsas promesas que se teñen feito dende a Xunta de Galicia, dígame, ¿onde está a Xunta de Galicia? ¿Cales foron os acordos da reunión que tiveron onte con sindicatos, Igape e Pymar? ¿Cal é a folla de ruta que vai seguir a partir deste momento a Xunta de Galicia? ¿Van abrir unha mesa de traballo entre a empresa, os acredores e a Xunta para intentar chegar a un acordo antes de que remate o prazo... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ¡Falsas promesas! Pero, señora Rodríguez Rumbo, ¿falsas promesas onde? Nós somos absolutamente transparentes, somos absolutamente claros, e en todo momento nós estamos co sector naval. Estivemos con Vulcano. Nós en Vulcano trasladamos dende o primeiro momento que estaríamos actuando con responsabilidade, e no momento no que Vulcano tivo necesidade de axuda, estivo a Xunta de Galicia. E seguiremos tamén axudando dende a Xunta de Galicia, pero cando haxa un proxecto concreto e, loxicamente, que sexa realista.

Con respecto a Barreras, ¿que pretende o Partido Socialista? Vostedes saben perfectamente que en Barreras, nestes momentos, hai un consello de administración que ten que resolver un conflito accionarial, sábeno perfectamente. E correspóndelles aos membros dese consello de administración, porque, como ben sabe, a Xunta de Galicia non xestiona ningún estaleiro. E a partir de aí, loxicamente, os propios membros dese consello de administración terán que dar solucións a ese conflito accionarial.

A Xunta de Galicia está dialogando con todas as partes para identificar solucións, e, loxicamente, trasladando que a Xunta de Galicia estará nesa solución na medida en que haxa unha proposta concreta por parte do estaleiro e por parte dos diferentes armadores. Estamos a falar cos accionistas, trasladando a importancia de que se chegue a un acordo rápido. Estamos falando tamén cos clientes, nomeadamente con Ritz-Carlton, para que tamén se poidan tomar decisións. E, por suposto, estamos falando coa industria auxiliar. E á industria auxiliar xa lle trasladamos que avaliaremos cal é a súa situación e traballaremos para facilitar a súa capacidade de resposta ante esta continxencia. Pero farémolo dende un punto de vista realista, porque nós manexamos fondos públicos. E, señora Rodríguez, isto non é Alfageme. ¿Recorda Alfageme? ¿Onde vostedes dilapidaron 30 millóns de euros do erario da Xunta de Galicia, de todos os galegos? Isto non é Alfageme. Nós actuaremos con responsabilidade; traballaremos para defender a viabilidade de Vulcano; traballaremos para defender os intereses da industria auxiliar; e traballaremos para defender os intereses do sector naval, pero farémolo con responsabilidade. Polo tanto, claro que precisamos a información do estaleiro; claro que precisamos a información do armador; claro que precisamos a información da industria auxiliar, precisamente para avaliar onde a Xunta de Galicia pode estar na solución. E a Xunta de Galicia, na medida en que se lle presente un proxecto que teña viabilidade, es-



tará na solución porque a nosa responsabilidade é estar cos traballadores do sector naval, cos traballadores de Barreras e cos traballadores da industria auxiliar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, unha vez máis temos que traer a situación da cociña do hospital de Ourense a este Parlamento. E, máis concretamente, a situación dos seus traballadores e traballadoras; que, por certo, esta mañá estiveron concentrados diante deste Parlamento e algúns deles acompañánnos agora na tribuna.

Mire, se repasamos o historial de agravios que teñen con Ourense, con este hospital e máis concretamente coa cociña, a lista sería interminable para os tres minutos que teño. Pero poderíamos recordar, por exemplo, que abriron o novo edificio de hospitalización con máis de dous anos de atraso; podemos recordar que estes traballadores e traballadoras estiveron meses, ¡meses!, facendo ata 12 quilómetros diarios cuns carros inadecuados, nos que chegaba a comida fría, porque, por suposto, abriron ese novo edificio sen a nova cociña prometida. E así seguimos, esperando. A día de hoxe —non sei se hoxe nos vai dar algún titular— non sabemos cando farán efectivo o traslado. E a cociña nova, señor Almuíña, non é un antollo. Moitas veces, cando estamos enfermos ou enfermas, os propios médicos e médicas dinnos que a alimentación é parte do tratamento.

E ademais sabe vostede que chegan cos deberes sen facer, porque a cociña actual é máis propia dun hospital de guerra que dun hospital civilizado dunha sociedade civilizada. Sábeo porque mesmo en 2018 tiveron que actuar pola presión da Inspección Laboral despois dunha denuncia da CIG.

En todo caso, o que hoxe si sabemos non é nada positivo, non é nada esperanzador; é algo moi grave. É que realmente vostedes teñen unha axenda de redución do persoal desta cociña. Iso foi o que comentou a Xerencia na reunión que tiveron en agosto cos traballadores e traballadoras. Porque, por certo, desde agosto deberon estar moi ocupados enviando notas de prensa, porque temos aquí a solicitude de novas reunións asinadas polos traballadores e traballadoras e seguen esperando. Hoxe vostede podería aproveitar, subir á tribuna e falar directamente con eles, xa que se ve que o novo xerente de Ourense está moi atarefado.

En todo caso, a cuestión que queremos que hoxe nos aclare, señor Almuíña, é o que van facer cos postos de traballo. Porque, mire, é complexo para explicalo en tres minutos, pero aquí





teño o plan funcional, a previsión orzamentaria da Xunta de 2019 e de 2020, e a información que trae o propio persoal. E o certo é que vostedes teñen previsto reducir, con base no plan funcional, o número de pinches e o número de cociñeiros e cociñeiras. Por exemplo, respecto de pinches, na teoría dos orzamentos había, en 2019, 126; agora, en 2020, xa pasamos a 120. Pero, en todo caso, sabe vostede que a trampa é que hoxe só hai 96 traballadores e traballadoras desta categoría; que xa faltarían 17, ou, se vostede quere, 11. Pero, en todo caso, están a xogar vostedes entre os que están estabilizados e os que non, e por iso vostedes fan unha trampa numérica cando explican cara á opinión pública o que está acontecendo. Pero o certo é que, coas cifras na man...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...a súa intención é reducir o persoal. Polo tanto, pídlle que simplemente conteste si ou non. ¿Vai rectificar respecto das intencións...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...de reducir o persoal? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boa tarde, señor presidente, señorías.

Levamos tempo traballando no novo hospital de Ourense. Cando finalicemos o plan director, constituirá un dos mellores complexos hospitalarios de España.

Hoxe falamos dun servizo fundamental para a atención hospitalaria aos nosos pacientes: a cociña. O Complexo Hospitalario de Ourense vai contar cunha cociña na que investimos na súa obra e equipamento un total de 5,2 millóns de euros. Curiosamente, non fala para nada dese investimento. É unha cociña moderna, eficiente e segura, cos últimos avances do sector da restauración. As novas instalacións, de máis de 1.400 metros cadrados, están situadas no centro do hospital, na planta 2 do novo edificio de hospitalización, e contarán cun equipamento que se adapta aos últimos avances do sector na mellora da trazabilidade e seguridade alimentaria, ademais da operatividade e condicións de traballo do persoal da sección de cociña e alimentación, que continuará asumindo e xestionando este servizo —por certo, moi ben valorado polos usuarios do hospital de Ourense—.

A nova cociña conta con luz natural, circulacións separadas por estacións de traballo e con climatización en todas as áreas. Distribúese en cinco grandes zonas: recepción e almacenamento, preparación, elaboración, distribución e lavado. A zona de elaboración estará dotada con maquinaria de última tecnoloxía para os diferentes sistemas de cocción, ademais dun avanzado sistema de ventilación. Ampliarase igualmente o número de cámaras frigoríficas, con 10 cámaras e 90 metros cadrados de superficie, ao igual que a área de preparación, o cuarto frío. A zona de distribución disporá de dúas cintas de empratamento, que permitirán



o servizo de menús individuais en diferido polo sistema de liña fría, e o empratamento en sistema de liña quente; en zonas diferenciadas e con temperatura regulada. A zona de lavado de vaixela tamén terá dous túneles de lavado.

Canto á seguridade, hixiene e ergonomía, en aspectos de seguridade alimentaria, a cociña permitirá fluxos de traballo estancos, e evitará así riscos de contacto. Todo o proxecto está baseado no principio de marcha adiante dos alimentos e adáptase á máis recente lexislación alimentaria. A seguridade é un elemento irrenunciable —insistimos— por ser loxicamente a poboación atendida a máis vulnerable e de alto risco. A seguridade e concienciación medioambiental pasa tamén por unha mellor xestión dos residuos, polo que contamos cun sistema centralizado que diminúe nun 80 % o volume xerado en toda a cociña, o que reduce o compost. En canto á ergonomía, nas instalacións prima a operatividade e seguridade dos traballadores. A zona de recepción e almacenamento disporá de andeis deslizantes, aumentando ademais a capacidade de accesibilidade.

E a liña de cociña que eliximos é unha liña mixta —como saben— con liña fría e liña quente de forma alterna.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Creo que seguimos mellorando o servizo e as instalacións...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro. Xa terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e, desde logo, vai ser moi moi positivo para pacientes e traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, con todos os respectos, podía aforrar lerre o plan funcional e contestarme cun adverbio de afirmación ou de negación se vai rectificar ou non a súa intención de reducir o persoal. (*Aplausos.*) Porque é que xa non é que non estea traballando actualmente o persoal que aparece orzado para o 2019; é que nos orzamentos que vostede vai defender o próximo martes na Cámara diminúen o persoal. Nas declaracións que fai a propia Xerencia asumen que reducen persoal e por iso agora non queren recibir os traballadores e traballadoras; entón, non sei que tomadura de pelo é esta.

As condicións da nova cociña xa as lin no prego de contratación e xa as lin no *post* que pu-xeron no Facebook cando a foron anunciar —que fixeron iso antes de falar cos traballadores e traballadoras de que condicións ían ter—.



Señor conselleiro, eu non sei como van facer máis con menos, porque teoricamente imos ter ata 900 comensais —como hai nalgún momento nos picos do hospital de Ourense— e vostedes cren que vai cociñar para esa xente, e mais para os de Verín, menos persoal do que hai actualmente traballando na cociña do CHUO. Xa me dirá como se explica iso, como se explica que con menos persoal estas persoas teñan que facer máis traballo. Porque a día de hoxe xa fan máis traballo. Xa fan máis traballo porque hai incluso persoas que entran a traballar antes para que os almozos das e dos doentes estean listos, e iso é unha vergonza.

Non me veña vostede aquí pedir que lle dea as grazas —pouco menos— porque agora Ourense vaia ter unha cociña do século XXI —veremos se do século XXI— cando levamos anos cunha cociña que cae a cachos, con fornos que non funcionan, con placas que se levantan. Eu mesma teño traído fotografías, igual ca outras deputadas da oposición, a este Parlamento. A propia Inspección Laboral —recordeillo antes— actuou. Polo tanto, basta xa de vergonza. Diga: ¿si ou non?, ¿van rectificar a súa intención de recortar persoal da cociña? Señor conselleiro, ¿si ou non?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Nós, desde logo, traballaremos para que non o fagan. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente.

Evidentemente, señora deputada, contestarei o que creo que teño que contestar, *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* non o que me diga vostede. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, contestarei o que crea que teño que contestar. *(Murmurios.)*

Mire, como digo, dentro das liñas, hai liña fría e liña quente, e a utilizada, que ía ser a liña mixta; que, por certo, foi comunicada como plan funcional á Xunta de Persoal de Ourense —dinme que non se fala cos profesionais; falouse— o 16 e 29 de xullo, e o 5 e 14 de agosto; así como tamén ao persoal da cociña directamente, para explicarlles exactamente o que se quere facer, como imos funcionar.

Este modelo —que hoxe non se atreven a dicilo pero soltaron por aí que queríamos privatizar a cociña de Ourense— vai ser un modelo de xestión por parte do Sergas como ata o momento, e, desde logo, sen diminución, nunca, de persoal, claramente. É máis, vanse crear novos postos de traballo, como profesionais titulados en dietética e nutrición, que aportarán garantía, seguridade e calidade a este servizo. E tamén haberá incorporación dun cociñeiro a esta dotación a maiores do que temos neste momento.



Polo tanto, a súa pregunta —para contestarlle exactamente— é: ¿vai rectificar a Xunta de Galicia respecto das súas intencións de reducir o persoal da cociña do complexo? A Xunta de Galicia non vai recortar o persoal, vai mellorar de forma moi importante as condicións actuais da cociña de Ourense e vai prestar un servizo de calidade, que é o que queremos: un servizo de calidade no servizo hospitalario de Ourense, que xa era bo e que, desde logo, vai mellorar con estas novas instalacións e co incremento da dotación de persoal con categorías profesionais que ata o día de hoxe non estaban traballando no complexo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, ou máis ben boa noite, señor conselleiro.

O pasado mes de xullo a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Salud confirmou a oferta de formación sanitaria especializada correspondente ao exercicio 2019-2020, cun total para todo o Estado de 7.512 prazas para médicos; delas 2.205 para a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria. A Consellería de Sanidade —e nomeadamente vostede mesmo, señor conselleiro— ten solicitado xa no pasado ano e para a anterior convocatoria o incremento de prazas en especialidades deficitarias, como poden ser algunhas hospitalarias e fundamentalmente as prazas de médico de familia e pediatra.

Chegou vostede, xunto con outras comunidades autónomas, a reclamar unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR para a formación de profesionais necesarios para poder prestar unha mellor asistencia sanitaria en atención primaria. Todo iso foi rexeitado polo Goberno socialista, limitando a posibilidade de formación de máis médicos nesas especialidades. Ademais, vostedes solicitaron tamén a axilización dos procesos de acreditación de novas unidades docentes.

Todos coñecemos a escaseza actual de facultativos para distintas especialidades de primaria e hospitalaria. Destacan os problemas en Medicina Familiar e Pediatría; especialidades nas que a Consellería de Sanidade leva tempo solicitando incrementos de prazas nas convocatorias de MIR e a axilización de procedementos de acreditación de novas unidades docentes. Este incremento cumpriría un dos compromisos do Plan galego de atención primaria, axudando a medio prazo a paliar a escaseza de facultativos que se manifesta na inexistencia de profesionais nas listas de contratación.



Así mesmo, tamén se ten reclamado dende o pasado ano no Consello Interterritorial a resolución de solicitudes de homologación de profesionais extracomunitarios, preferentemente nesas especialidades deficitarias.

Polo exposto, señor conselleiro, queremos preguntar: ¿cal é a oferta de prazas MIR para o próximo ano 2020 en Galicia?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Núñez Centeno.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señora presidenta, señorías.

O Servizo Galego de Saúde, señor Núñez, trasladou este ano a maior oferta da súa historia en prazas de formación de profesionais especialistas de atención primaria. A oferta total —falo agora de total— de prazas previstas para a convocatoria 2019-2020 supón un incremento do 13,1 %, cando a nivel estatal é de arredor dun 10 %.

Por certo, a ministra hoxe acaba de declarar que ela está contenta porque se incrementan nun 10 % as prazas de médicos de familia na convocatoria. En Galicia, con todo, pasamos a ofertar en médicos de familia 129 prazas, un 22,8 %; fronte ao que di a ministra a nivel nacional, do 10 %, nós o, 22,8 %. Son tamén 24 prazas máis que en 2018, o que supón un incremento.

En pediatría estamos falando dunha oferta de 27 prazas. Esta oferta incrementaríase nun 35 % con relación á do ano anterior, con 7 prazas máis. Xa levamos tempo reclamando que estas prazas fosen acreditadas para poder facer esta formación. Pero tamén en enfermaría familiar e comunitaria rexistramos un aumento moi importante. Solicitamos a formación de 34 profesionais, o que significa un crecemento de 61,9 % con respecto ao ano anterior. Ofrecéronse ese ano 21 prazas.

Con respecto ao total de prazas ofertadas na proposta, que depende da aprobación do Ministerio de Sanidade, o Sergas tamén prevé a maior oferta total de prazas dos últimos dez anos. Como dicíamos, 457 prazas de formación sanitaria especializada para este curso. Se comparamos esta cifra coa do ano 2009, isto supón un incremento do 24,2 %. O Sergas oferta neste 2019 un total de 53 prazas máis que na convocatoria do ano pasado; é dicir, un 13,1 % de incremento con relación ao 2018.

Con este aumento de prazas da convocatoria MIR para o 2019-2020, o Servizo Galego de Saúde está non só cumprindo, senón superando amplamente, o Plan galego de atención primaria, tanto en médicos de familia —falabamos do incremento de 10 prazas e van ser 24— como tamén en pediatría —falabamos de 6 e conseguimos incrementar a 7—.

Con estas prazas de oferta MIR —a maior realizada pola nosa comunidade na súa historia no que se refire a profesionais especialistas en atención primaria—, o Sergas dá un paso



máis na procura de solucións ante a falta de facultativos. Entendemos que esta é a maior oferta da historia, con máis prazas e máis calidade de formación. Desde logo, estamos construíndo o futuro do sistema sanitario galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas pola resposta, señor conselleiro.

A verdade é que semellan cifras importantes para a formación de médicos e persoal de enfermaría especialista no Sistema sanitario galego. Nós sabemos que pode haber problemas cos titores de medicina de familia. A facilidade que hai para os concursos de traslado, e inclusive o amago por parte dalgúns médicos de familia que titorizan residentes de non asumir esa responsabilidade, poden, evidentemente, xerar dificultades. Nós, neste grupo, confiamos no sentido común deses profesionais para non xerar problemas adicionais na formación dunha das especialidades máis necesarias, como é a dos médicos de familia.

O que resulta evidente —aínda que algún grupo da oposición non o entenda— é que sen formadores non se pode formar. Dende aquí queremos felicitar o Colexio Médico da Coruña pola organización dun curso de formación para futuros titores de médicos de familia, pois pensamos que neste momento son necesarios para acreditar esas prazas.

Tamén me gustaría que os grupos da oposición revisasen as ordes do día dos últimos consellos interterritoriais e as comparasen. De todas as medidas aprobadas no último interterritorial do Goberno de Mariano Rajoy, na época da ministra Monserrat, aprobáronse unha serie de medidas en relación coa atención primaria, e desas medidas non se volveu falar. Recentemente —vostede participou— convocouse unha interterritorial en Madrid na que non se falou para nada —había vinte e cinco puntos na orde do día— dos problemas da atención primaria en España nin do déficit de profesionais de atención primaria en España.

Dende logo, desde este grupo, señor conselleiro, agradecemos o traballo da Consellería e o de todos e cada un dos hospitais da rede galega para acadar a acreditación daquelas prazas de especialidades deficitarias. Todos coñecemos os atrancos postos polo Goberno do Estado para tomar as medidas precisas co fin de paliar ese déficit. Nesta segunda quenda, gustaríanos que nos informase das peticións feitas ao Goberno central en relación coa situación deficitaria destas especialidades, e tamén daquelas medidas que tomou a propia Consellería para corrixir este problema.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Núñez Centeno.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas.

Como todos vostedes saben, desde a Consellería de Sanidade levamos tempo insistindo na necesidade de que o Ministerio adopte con urxencia medidas de carácter extraordinario para afrontar a carencia de especialistas no conxunto do Sistema nacional de saúde. De feito, esa convocatoria extraordinaria, que non era a primeira vez que se formulaba, foi negada desde o principio, e podía ser importante.

Reclamámolo dentro dese grupo de traballo que —como ben di— se constituíu coa ministra Dolores Monserrat e que non se volveu reunir, e tomáronse unha serie de iniciativas como a dotación dos medios necesarios para reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialistas extracomunitarios. Tamén insistimos na necesidade de poñer en marcha o rexistro total de profesionais sanitarios, que estaba anunciado xa para o ano 2018 e seguimos sen el.

Continuamos pedindo a eliminación das limitacións que aínda existen á taxa de reposición. En Galicia está no 108 %, polo tanto, por enriba doutras comunidades autónomas, para o cumprimento do déficit. Pero necesitaríamos eliminala para tratar de recuperar os anos da recesión económica.

Como novidade na OPE de 2019, fronte a anteriores ofertas, a taxa de reposición que se aplica é do 108 %, mais o 8 % que Educación e Función Pública nos deron para tratar de chegar a unha estabilización maior dentro do Servizo Galego de Saúde.

Desde logo, no Plan de estabilidade de emprego e previsión de prazas de persoal estatutario do Sergas estamos falando de 5.000 prazas ata 2020. Ou sexa, que poucas comunidades autónomas teñen un plan de estabilidade tan importante en número e en proporción do noso persoal.

O recoñecemento da carreira profesional foi algo que mellorou, certamente, as condicións laborais dos nosos profesionais, o mesmo que o concurso de traslados aberto e permanente. Todo isto é tras unha negociación importante cos principais organizacións sindicais. Chegamos a moitos acordos e iso permitiunos avanzar. E aquí quero agradecer o traballo que fan os formadores, os titores, todos os profesionais que están implicados na formación, porque isto fai que teñamos uns especialistas cunha formación do mellor nivel que podemos pedir para dar un moi bo servizo sanitario.

Como xa dixeran, no último Consello Interterritorial falouse nalgún momento da atención primaria, pero sen facer o que levamos pedindo ao ministerio, que é, fundamentalmente, falar de financiamento. Porque todo isto, loxicamente, se fai con financiamento; un financiamento que en parte non é respondido por parte do Goberno.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Eses 700 millóns que non chegan. E de cara á mellora dos servizos...



**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...sanitarios, necesítase unha revisión do financiamento, como lle pedimos ao Goberno de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto das ratios de persoal existentes nas residencias de persoas maiores**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.

Vimos preguntarlle pola situación de explotación laboral e de sobrecarga que teñen as traballadoras das residencias de persoas maiores noso país, tanto das de xestión pública como das concertadas e das privadas.

É unha situación que veñen denunciando dende hai moito tempo, provocada polos baixos ratios que se estipulan para este tipo de traballo; ratios que non se corresponden en absoluto coas tarefas que hai que realizar nestes centros. Situación que ademais se ve agravada en moitas ocasións porque non se cobren as baixas ou non se cobren as vacacións. A propia Xunta de Galicia fixo isto en reiteradas ocasións, denunciouno o Consello de Contas, algo que na nosa opinión é totalmente inaceptable, porque os ratios son para cumprilos tamén os días festivos, tamén cando hai vacacións e tamén, por suposto, cando unha traballadora colle unha baixa.

Esta situación está traendo consecuencias moi graves tanto para as persoas usuarias, que ven mermada a súa calidade asistencial e que moitas veces teñen horarios absolutamente descontrolados —hai xente que está sendo levantada incluso ás 6 da mañá por non poder facerse máis tarde—, como tamén para as traballadoras. Neste sector hai unha elevada sinistralidade laboral, hai moitísimos accidentes laborais, moitísimas baixas. De feito, a súa é a Consellería que ten o índice de sinistralidade laboral máis alto de toda a Xunta de Galicia.

Estes datos parécennos verdadeiramente preocupantes, e queremos preguntarlle que van facer para rematar con esta situación. Sabe que moitas traballadoras teñen que tomar analxésicos para poder soportar unha xornada laboral normal, e na nosa opinión é inadmisíbel que unha administración como é a Xunta de Galicia manteña nesta situación de explotación as súas traballadoras.





A situación leva moitos anos indo a peor. De feito, a suspensión do artigo 19 do V Convenio único para o persoal laboral supuxo que se eliminaran aínda máis os descansos, desapareceron das carteleiras os descansos por días festivos ou por traballo a quendas. Para a Xunta de Galicia dá igual, todos os días do ano son o mesmo e todos os modelos de traballo son exactamente iguais. E sabe que os problemas que está xerando é que hai residencias que teñen ata o 20 % do cadro de persoal de baixa, jata o 20 %! E moitas traballadoras —como dicía— teñen que ir medicadas para poder manter unha xornada laboral.

Aproveito esta iniciativa para preguntarlle cando vai comparecer para dar cumprimento ao acordo que tomamos na Comisión 5ª, co fin de que explicara esta situación e esta falta de persoal que hai nas residencias dependentes directamente da Xunta de Galicia, porque na nosa opinión é urxente. Espero que a comparecencia sexa canto antes, porque con este tema estamos acostumadas a que moitas veces vendan propaganda. Anunciaron unhas inspeccións nas residencias este verán, e a nós o que nos parece alarmante é ¿que facían ata este verán? ¿Non facían as inspeccións necesarias? Porque se o anuncian agora como unha medida estrela, eu preguntome que pasaba...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...ata o de agora.

A pregunta é clara, señora conselleira, que van facer para acabar con esta explotación laboral. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Quinteiro.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Política Social, señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidenta.

Deputados e deputadas, moi boas tardes a todos.

Señora Quinteiro, alégrome de verdade que compartan coa Xunta de Galicia a preocupación polo coidado das persoas maiores nos nosos centros de atención á dependencia, e que se preocupen tamén polo benestar de todos os traballadores e de todas as traballadoras, que se esforzan e moito cada día para ofrecerlles a mellor das atencións e garantirlles aos nosos maiores que se sintan nas residencias como nas súas propias casas.

En primeiro lugar, é preciso aclarar que non existe unha ratio estática que calcule o volume de persoal por residentes, senón que se trata dunha cifra dinámica que se vai modificando segundo o número de residentes e segundo o seu nivel de dependencia, xa que as necesidades asistenciais evolucionan en función das persoas usuarias de cada un dos centros. Estas ratios fíxanse para garantir o benestar das persoas usuarias, pero tamén para que haxa unha carga de traballo razoable para as profesionais que coidan de todos eles. Non se trata, polo tanto, dunha cifra escollida ao chou nin dunha cifra fixada arbitrariamente, senón que é unha cifra que responde ás necesidades do centro en cuestión e vén dada pola normativa en vigor.



Como saben, entre as competencias da Consellería de Política Social está a inspección dos servizos sociais, e todos os técnicos da Consellería de Política Social velan cada día para que os centros de atención aos nosos maiores, tanto os privados como, por suposto, os públicos, cumpran a ratio de persoal que marca a normativa e ofrezan unha atención de máxima calidade, como non podería ser doutro xeito. E isto non o digo eu, isto dino as inspeccións que realizan anualmente os nosos inspectores dos servizos sociais.

Señoría, a campaña que di vostede e á que alude na súa pregunta non é un feito excepcional, senón que é o funcionamento ordinario, o funcionamento cotián, da Consellería de Política Social. O noso compromiso é seguir traballando sempre pola mellora da atención e de máxima calidade para todas as persoas maiores, co noso obxectivo de poñer sempre ao seu alcance todos os recursos que sexan necesarios para garantir o seu benestar. E isto facémolo a través da promoción da autonomía persoal e tamén da atención das persoas que se atopan nunha situación de dependencia.

No ámbito residencial é onde a Xunta de Galicia quere poñer aínda máis o acento. Efectivamente, nos vindeiros meses vanse crear sete novos centros integrais de atención ás persoas maiores nas sete principais cidades galegas, que incrementarán a oferta...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** ...con 900 prazas públicas.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para a réplica, ten a palabra a señora Quintero Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Coma sempre, ningunha autocrítica.

Comezo polo final, xa que fala destas sete residencias públicas. ¿Vostede pode comprometerse agora, publicamente, a que estas residencias van ser de xestión cen por cento pública? Porque sempre xogan coas palabras. Nós queremos que as prazas sexan públicas, pero que tamén o sexa o funcionamento e a xestión directa, porque sabe tamén que os ratios son diferentes nas de xestión privada ou concertada e nas públicas cen por cento.

A Xunta non amosa preocupación polo coidado das persoas maiores, por moito que o diga verbalmente. E non a amosa porque mantén unha realidade de explotación e sobrecarga laboral que está facendo que moitas traballadoras enfermen.

Non dixo absolutamente nada destes elevados índices de sinistralidade laboral que hai na súa consellería. Pode preguntarlle a calquera traballadora de calquera residencia deste país como é unha xornada laboral diaria, se teñen un minuto para descansar e se cren que teñen o tempo necesario para realizar todos os coidados que teñen que realizar, que calquera lle vai dicir que non, porque llelo están dicindo sistematicamente de moitas residencias, públicas e privadas.



Eu quero preguntarlle por que manteñen a suspensión do artigo 19 do V Convenio para o persoal laboral, ¿cal é a razón? Porque están condenando á explotación e á precariedade máis absoluta ás traballadoras que dependen directamente da Xunta de Galicia.

O seu modelo é o de ir privatizando progresivamente todos os servizos sociais, tamén os centros e as residencias de persoas maiores. A verdade é que o tema das inspeccións a nós parécenos moi alarmante, e non o dicimos nós, denunciárono moitas veces os sindicatos. Vaian comprobar os ratios que se teñen en días festivos. Vaian analizar os ratios separando o persoal de atención directa, porque moitas veces tamén fan trampas falando dos ratios. ¡Claro que non son estáticos! Pero vostede tamén sabe que o perfil de paciente que está ingresando nas residencias da terceira idade é cada vez máis dependente, e moitas veces iso non vai acompañado de máis persoal. Na maior parte dos casos, as traballadoras están...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...que non poden máis. Esa é a realidade, por moito que pretendan negala. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Quinteiro.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, presidenta.

Deputada Quinteiro, o Goberno galego leva máis dunha década traballando moi duro para mellorar a calidade de vida das persoas que se atopan en situación de dependencia: mellorando a atención nas residencias, nas que se incrementaron as prazas nun 42 %, ata superar a día de hoxe as oito mil; multiplicando por tres as prazas nos nosos centros de día; e tamén mellorando a atención a domicilio para todas as persoas maiores. Con máis servizo de axuda no fogar, da que hoxe se benefician vinte e catro mil persoas maiores, dez veces máis que no ano 2009; a través do servizo Xantar na casa, que ofrece máis de corenta mil menús ao mes; a través do impulso da teleasistencia avanzada; a través do impulso do servizo de coitados porta a porta, con servizos gratuítos de podoloxía, de optometría, de tratamento dos maiores e tamén de estimulación da memoria; e tamén a través da posta en marcha das trinta primeiras casas niño, que imos duplicar no vindeiro ano.

Señora Quinteiro, se vostede mirase máis cara atrás, vería como avanzou Galicia en materia de atención aos nosos maiores. Por suposto que hai que recoñecer que aínda queda moito por facer, pero todos os feitos apuntan a que as galegas e os galegos teñen hoxe máis opcións para conciliar e para facerse maiores como libremente desexen.

Vostede tamén me apunta que aínda non comparecín con este asunto. É certo, e a verdade é que me apena, porque creo que é unha boa oportunidade para analizar os avances que se rexistraron neste campo nos últimos anos. E aínda non puideron comparecer porque o Parlamento acaba de asistir a un mes intenso, protagonizado polo inicio do curso escolar, polo debate do estado da Autonomía, polos orzamentos e polo conflito laboral das Pontes. Pero, con todo isto, podo anunciarlles que a semana pasada rexistramos unha petición propia de



comparecencia para volver falar neste Parlamento sobre a situación das residencias dos nosos maiores. Unha vez máis, será unha grande ocasión para agradecerlles a todos os excelentes profesionais das residencias públicas da Xunta de Galicia e dos centros de día públicos do Consorcio todo o que fan por mellorar cada día a calidade de vida das persoas maiores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa orde do día.

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para mellorar as cotas de participación feminina nas organizacións agrarias e gandeiras**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidenta.

As mulleres do rural raramente son o foco de atención, polo que os desafíos aos que se enfrontan non soen ser tidos en conta, xa que non soen ser escoitadas as súas opinións nin, en moitas ocasións, valoradas.

É primordial que se recoñeza non só a gran contribución das mulleres no campo, na produción agrícola, senón tamén que ese recoñecemento se traduza en políticas que transformen a realidade do rural coa presenza e coa participación activa das mulleres.

As mulleres do medio rural enfróntanse a grandes desafíos, como son as dificultades de acceso aos diferentes recursos ou a propia invisibilización do seu traballo, xa que gran parte das actividades produtivas que realizan están ligadas ao ámbito doméstico, menos valorado socialmente que outros ámbitos.

Son moitas as tarefas habituais que realizan maioritariamente as mulleres, carecendo en moitas ocasións de vacacións e do máis mínimo recoñecemento polo seu labor.

A continuidade de determinados ecosistemas e formas de produción e vida no rural dependen do mantemento dunha estrutura social mínima, e os seus cimentos básicos son as persoas, nomeadamente son as mulleres, que queren ter os mesmos dereitos polo mesmo traballo, queren protagonizar a súa vida sen depender de ninguén, queren acceder ao mercado laboral, queren ocupar postos de representación, queren formarse ou queren informarse.

A modo de exemplo, a titularidade compartida é un primeiro paso para a visibilización do traballo de agricultoras e gandeiras nas explotacións familiares, titularidade que ata non hai tanto tempo era case exclusiva dos homes, alcanzando estes, aproximadamente, o 72 %.



Pero a burocracia, a desidia por parte das administracións e a falta de información para as mulleres fixo que o seu espazo figurativo fose ínfimo.

Para fixar poboación no rural, é preciso facer unha análise de cada contexto concreto e é preciso adecuar as medidas á realidade social de cada unha, aínda que haxa eixos comúns. É fundamental a procura, o estímulo e o impulso de novos xacementos de emprego; é fundamental a atención ás aspiracións e expectativas das mulleres xoves que seguen no medio rural; é fundamental a apertura á participación das mulleres en todos os aspectos da vida local, non só en actividades agrícolas, senón buscando fórmulas innovadoras, sen esquecer necesidades sociais que teñen metas sen cubrir, como pode ser a ampliación de recursos de servizos sociais en servizos de proximidade, fomento do cooperativismo, economía social no sector dos coidados, do fomento do turismo social, etc.

Para que estas potenciais propostas teñan sentido pleno, é fundamental traballar e pór en valor, no canto de dismantelar —como se tenta facer dun tempo a esta parte—, a descentralización de certos servizos, recursos e equipamentos. Un axeitado transporte público no rural, a conexión coas vilas e cidades próximas, é algo esencial. Todas as políticas públicas teñen que abordar e teñen que buscar solucións ás especificacións do medio rural, que son moitas e que son diversas. E unha cousa é segura: se perdemos de vista a perspectiva de xénero, as desigualdades seguirán producíndose, de aí a nosa pregunta: ¿Ten pensado a Xunta...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...adoptar medidas tendentes a mellorar as cotas femininas...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...nas organizacións agrarias e gandeiras no noso país?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Para responder, ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, señor González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Presidenta, señorías, aínda que hai menos dunha semana que a secretaria xeral técnica da miña consellería respondeu a esta mesma pregunta feita polo seu grupo na Comisión 7ª, eu, por suposto, non teño ningún problema en volverlles responder, xa que para nós este tema é prioritario.

Imaxino que tamén todas as súas señorías saberán que o pasado 15 de outubro celebrabamos o Día da muller rural; unha efeméride que trata de poñer no foco o importante labor que fan as mulleres no ámbito rural. Eu tiven ocasión de desfrutar dunha xornada moi interesante para min, con máis de trescentas mulleres, nas bodegas de Martín Códax ese mesmo día.



so apoio á muller conforma un eixo transversal por parte do Executivo galego, que traballa ao unísono para lograr avances neste eido. E non se poden entender estas políticas como medidas estancas por departamentos, ten que ser un traballo conxunto de todas as consellerías e administracións. Por iso, dende Medio Rural, en colaboración con outros departamentos da Xunta, estamos a poñer en marcha diversas medidas que traballan por mellorar a calidade de vida das nosas mulleres, das mulleres afincadas no noso rural.

Teño que dicir tamén algo que xa me escoitaron nesta Cámara en numerosas ocasións: Galicia é rural. Pois hoxe, ademais, quero engadir que o rural galego é maioritariamente feminino. E ademais, completo esta afirmación cun dato que nos enche de orgullo e de ganas de seguir traballando por ese rural maioritariamente feminino. O dato é o seguinte: o número de mulleres que son titulares de explotacións agrogandeiras na nosa autonomía rolda o 50 %, mentres que na media nacional non chega ao 23 %. De novo, Galicia tamén é pioneira nese ámbito grazas ao traballo de todas.

Ese labor da muller no agro, é certo, non sempre foi suficientemente recoñecido, en ocasións nin sequera foi apreciado. Pero é certo tamén que ese labor contribuíu e contribúe decisivamente a protexer a personalidade propia do rural da nosa comunidade autónoma.

Sabemos que cómpre seguir poñendo en valor e recoñecendo a posición das mulleres no medio rural para garantirles a igualdade de oportunidades. E conseguir ese recoñecemento social, económico e institucional que merecen as mulleres do noso rural é unha prioridade para a miña consellería e para a Xunta de Galicia.

Polo tanto, eu remato xa esta primeira parte. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas.

A débeda histórica da sociedade en xeral, e da clase política en particular, coas mulleres do rural é enorme. É tarefa de toda a sociedade, de todas as institucións, garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no medio rural. Porque detrás de cada explotación familiar das que todos e todas coñecemos, e para as que agora mesmo xa non hai relevo, detrás de cada muller que abandona o seu pobo, atopamos graves problemas: avellentamento da poboación, éxodo cara ás cidades, problemáticas que afectan de xeito moi importante ao noso país.

A Xunta de Galicia non está sabendo abordar a fenda de xénero que prexudica as mulleres no noso medio rural, como demostra o fracaso da Lei de titularidade compartida. ¿O obxecto desta lei? Que os dereitos laborais das mulleres traballadoras do rural foran plenamente recoñecidos. Isto é, que as mulleres se deran de alta na Seguridade Social, cotizasen, tiveran dereito a unha pensión e foran titulares tanto das axudas e subvencións que percibe unha explotación como dos seus rendementos. Pero a ineficacia das diferentes administracións non fixo efectiva a norma, facendo que quedase en papel mollado.



Das aproximadamente trinta e cinco mil mulleres que se puideron acoller aos beneficios desta lei, só dezasete mulleres reclamaron os seus dereitos no ano 2017. Pero é que o ano pasado só unha muller máis reclamou esta titularidade compartida. É un fracaso con maiúsculas do Goberno central —a lei é estatal— e é un fracaso con maiúsculas do Goberno da Xunta de Galicia, por non pór enriba da mesa ferramentas para facilitar a aplicación desta lei. Queda claro que o Goberno do Partido Popular non está a facer o seu traballo, incumprindo unha e outra vez os seus compromisos co rural e coa igualdade. A Xunta de Galicia tería que tomarse moito máis en serio este problema, impulsando esta lei, por exemplo.

E agora para rematar, a modo de exemplo, o señor director xeral, o señor Balseiro, recoñeceu na última comisión —díxoo el, sen que ninguén lle preguntara— que das medidas impulsadas pola Xunta de Galicia para a incorporación de mozos e mozas, estas últimas están 15 puntos por debaixo na consecución destas axudas. Entón, non se gaben, non estean satisfeitos, porque os datos están aí para desmentir a súa [...]. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Para a réplica por parte do Goberno, ten a palabra o conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Grazas, presidenta.

Señorías, si, efectivamente, son o do medio rural. Tamén dixo o señor Rodríguez unha cousa que é verdade. Falou da Lei de titularidade compartida e recordounos que é estatal. Fala dos datos da Comunidade Autónoma Galega, pero se lle olvidan os datos do Estado, porque aquí hai dezaoto, pero no conxunto do Estado hai catrocentas, e son dezaseis comunidades autónomas máis. Polo tanto, o que haberá que ver é que é unha lei que ten dificultades, pero —repito— é unha lei estatal, e terá que falar con quen goberna no Estado para que, no seu caso, a cambien.

Mire, nós do que si estamos convencidos é de que hai que mellorar, por suposto, a situación das mulleres rurais, pero para iso temos que entender o seu valor, o valor que ten o traballo desas mulleres, e fomentar a súa visibilidade. E é tamén fundamental incentivar a incorporación das mulleres —e ía nese sentido a súa pregunta— aos órganos de decisión do sector agroalimentario rural.

Nas organizacións agrarias, nas cooperativas, nos grupos de desenvolvemento rural teñen que contar cunha presenza feminina en órganos directivos que sexa acorde coa realidade das mulleres do rural galego. Temos que fomentar e promover o protagonismo feminino na toma de decisións no medio rural, co fin de que as mulleres alcancen a representatividade que equitativamente lles corresponde.

E para impulsar esa igualdade real de oportunidades en materia de acceso e condicións de emprego é necesario impulsar a súa capacidade para emprender e promover as condicións necesarias para facilitarlles a súa conciliación —e isto é moi importante— da vida persoal, familiar e laboral, sempre falando dentro dun escenario de corresponsabilidade entre homes e mulleres.



Miren, hai apenas dous anos a Xunta de Galicia poñía en marcha o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o período 2017-2020. Respecto da muller rural, nese plan recóllense os seguintes obxectivos: desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos nosos municipios; reducir a fenda dixital de xénero no acceso, coñecemento, tipo e intensidade de usos das tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural; apoiar o apoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económicos agrario, gandeiro e pesqueiro. Fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.

Por iso, recollendo estes obxectivos, a aposta da Xunta pola creación de oportunidades e o impulso dunha igualdade real será —xa o é— un eixo primordial en todas as actuacións que levemos a cabo no rural galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

*Remata a sesión ás oito e corenta e oito minutos do serán.*







## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

